


PRÓLOGO JAIME GARCÍA-LOMBARDERO Y VIÑAS
TRADUCCIÓN MANUEL JAIME BARREIRO GIL



JOHN MAYNARD
KEYNES
AS CONSECUENCIAS
ECONÓMICAS
DA PAZ

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FUNDAÇÃO BBVA

AS CONSEQUÊNCIAS
ECONÓMICAS
DA PAZ

CLÁSICOS DO
PENSAMENTO UNIVERSAL

NÚM. 24

Colección dirixida por

DARÍO VILLANUEVA

Comité Científico

CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ

Facultade de Filosofía

LUIS CONCHEIRO CARRO

Facultade de Medicina

RAMÓN MÁIZ SUÁREZ

Facultade de Ciencias Políticas

ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ

Facultade de Filoloxía

JOSÉ SORDO RODRÍGUEZ

Facultade de Farmacia

PRÓLOGO JAIME GARCÍA-LOMBARDEO Y VIÑAS
TRADUCCIÓN MANUEL JAIME BARREIRO GIL

JOHN MAYNARD
KEYNES
AS CONSECUENCIAS
ECONÓMICAS
DA PAZ

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FUNDACION BBVA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>

This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

© DA PRESENTE EDICIÓN
Universidade de Santiago de Compostela, 2015
Fundación BBVA, 2015

DESEÑO DA COLECCIÓN
Barro, Salgado, Santana [Grupo Revisión Deseño]

MAQUETACIÓN
Imprenta Universitaria

EDICIÓN TÉCNICA
Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/pu.2022.912>

ÍNDICE

- 9 PRÓLOGO
por Jaime García-Lombardero y Viñas
- 39 AS CONSECUENCIAS ECONÓMICAS
DA PAZ
Tradución Manuel Jaime Barreiro Gil
- 41 Nota do tradutor
- 45 Prefacio
- 46 1. INTRODUCCIÓN
- 49 2. EUROPA ANTES DA GUERRA
- 52 Poboación
- 54 Organización
- 56 A psicoloxía da sociedade
- 58 A relación do Vello Mundo co Novo
- 61 3. A CONFERENCIA
- 80 4. O TRATADO
- 119 5. REPARACIÓNS
- 119 Compromisos adquiridos antes das negociacións da paz
- 135 A Conferencia e as condicións do Tratado

158	Capacidade de Alemaña para pagar
186	A comisión de reparacións
194	As contrapropostas alemás
198	6. EUROPA DESPOIS DO TRATADO
216	7. OS REMEDIOS
219	A revisión do Tratado
228	O arranxo das débedas entre os aliados
238	Un empréstito internacional
242	As relacións da Europa Central con Rusia

PRÓLOGO

JAIME GARCÍA-LOMBARDO Y VIÑAS

Keynes foi o economista máis influínte do século XX e as súas ensinanzas son hoxe, tamén, fonte de inspiración para o debate sobre a situación económica actual e, particularmente, das políticas económicas que deberían adoptarse para unha saída rápida e non traumática da crise que estamos a vivir.

Naceu en Cambridge en 1883, no seo dunha familia e un medio social e económico burgués e elitista. O seu pai, John Neville Keynes, era o administrador e tesoureiro da Universidade de Cambridge e profesor de Lóxica e Ciencia Moral. A súa nai, Florence Ada Brown, tamén estudou nesa mesma universidade e exerceu un tempo como alcaldesa de Cambridge; inconformista fronte ós canons vitorianos, como outras moitas mulleres inglesas do seu tempo, adicou as súas actividades á política local e á promoción de obras sociais.

A traxectoria educativa de Maynard (como lle chamaban as súas amizades) foi a habitual entre as elites inglesas da época. Foi bolseiro en Eaton, onde cursou os estudos preuniversitarios e onde comezou a forxar o seu carácter intelectual, pragmático e, á vez, polémico, que tan polo miúdo describiu o seu principal biógrafo contemporáneo¹. Cambridge foi a súa universidade, e graduouse no King's College en 1905. Focalizou os seus intereses educativos, alomenos inicialmente, nas matemáticas, na estatística e na moral, para centrarse finalmente na economía. Con todo, amosou unha nidia antipatía pola «economía matemática» (que hoxe denominamos *econometría*). As súas facultades, comenta Schumpeter, foron monopolizadas case por completo polo dilema entre «ciencia pura» e as cuestións prác-

¹ Robert Skidelski (2003): *John Maynard Keynes, 1883-1946. Economist, Philosopher, Statesman*, Penguin Books. Outro magnífico libro sobre Keynes e mais a súa obra é o de Luis Ángel Rojo (2012): *Keynes, su tiempo y el nuestro*, El Hombre del Tres Editores.

ticas, logrando estas máis froitos nos seus escritos: «Sempre que quixo respirar o ar dos altos cumios, non o intentou desde o campo da teoría económica pura. Keynes nunca tivo unha opinión moi elevada das posibilidades propiamente intelectuais da economía».

O verdadeiro legado de Keynes foi o «keynesianismo». «A escola keynesiana constituíu unha verdadeira entidade sociolóxica, é dicir, un grupo que profesa fidelidade a un «mestre» e a unha «fe», e que ten o seu círculo íntimo, os seus propagandistas, as súas consignas, a súa doutrina esotérica e mesmo a súa doutrina popular»; en toda a historia da economía só hai outros dous casos semellantes: o dos fisiócratas e o dos marxistas².

Ante o desconcerto que produciu a crise da economía do *laissez-faire*, aquela na que a iniciativa empresarial, ceibe de ataduras políticas, garantía o éxito tirando proveito do aumento da poboación e as oportunidades de inversión, Keynes e os seus seguidores puxeron ó dispor dos gobernantes o instrumento que lles había permitir xestionar e distribuír acoidadamente os escasos recursos do seu país: a macroeconomía. Na acción política dos gobernantes, as decisións de política económica han tomar o seu tempo. Aínda que n'As *consecuencias económicas da paz* xa se atopa o conxunto dos factores sociais e económicos que servirían de base para desenvolver o complemento teórico e técnico necesario, non será até a publicación de *Teoría xeral do emprego, o interese e o diñeiro* (1936), cando se materialicen os fundamentos da «economía keynesiana». Habería que agardar, porén, a que se desencadease outra guerra para que os gobernantes comezasen a escoitar ós economistas.

Keynes só se interesou pola política como mecanismo para comprender mellor os erros que cometían os dirixentes

² Joseph Schumpeter (1967): *Diez grandes economistas: de Marx a Keynes*, Alianza Editorial, pp. 388-389.



Keynes licenciouse no King's College de Cambridge en 1905

contemporáneos, aínda que o xogo político en si mesmo non lle tivese interese ningún. Colaborou con liberais e laboristas británicos mentres lle permitían poñer en práctica as súas ideas reformadoras, pero non se implicou nin na organización dos partidos nin nos seus proxectos políticos. Como sinala Margaret Macmillan³ na obra *Consecuencias*, Keynes interpretou de maneira persuasiva, tenaz e un chisco arrogante o papel desempeñado polos tres líderes políticos que monopolizaron as discusións na Conferencia de Paz de París. A súa educación e o feito de pertencer á elite burguesa de Inglaterra intensificaron unha propensión a manifestar a súa superioridade moral, como fixo ó describir lucidamente e con espírito crítico as personalidades do presidente americano Woodrow Wilson, do presidente francés Georges Clemenceau e do primeiro ministro británico Lloyd Georges. Keynes estaba dotado de calidades excepcionais para a polémica, así coma dunha aguda percepción dos valores tácticos, pero era absolutamente insensible ó «engado do círculo encantado dos despachos políticos»⁴.

Durante os seus estudos en Cambridge foi discípulo de Alfred Marshall e de Arthur Pigou, dos que recolleu e desenvolveu unha focaxe máis social da economía, distinta da que predominaba entre as escolas do *laissez-faire* da época. Pouco despois de ingresar en dita universidade, foi elixido membro da Cambridge Conversation Society (sociedade máis coñecida coma «Os Apóstolos»), asociación secreta e moi restrinxida de discusión e debate encol de materias moi diversas, á que pertencían as mellores cabezas pensantes do lugar. O obxectivo do grupo era iniciar os seus membros, que aínda eran estudantes, na reflexión filosófica, ética e estética, sen inhibición nin exclusión temática. Entre Os Apóstolos predominaba un sentimento elitista e de superioridade moral no que se afirmaba o dereito á

³ Margaret Macmillan (2001): *Peacemakers. Six months that changed the world*, John Murray. Paperbacks, p. 192.

⁴ Joseph Schumpeter, cit., p. 358.

felicidade individual fronte ó convencionalismo social da época vitoriana⁵.

Ó finalizar os seus estudos, Keynes comezou a traballar na Administración británica. Obtivo un posto no departamento militar da *India Office*, aínda que o seu interese centrábase na evolución do sistema financeiro da India e, en particular, nos cambios producidos na política monetaria da colonia británica. Abandonou logo a carreira administrativa, aborrecido da burocracia e dos labores rutinarios, aínda que deixou o *Foreign Office* cunha boa bagaxe de coñecementos sobre o sistema monetario e bancario da India. En Cambridge, adicouse a ensinar economía e, en 1909, foi elixido membro permanente do King's College. En 1911 foi nomeado editor da revista *Economic Journal* que, pasado o tempo, había chegar a ser un dos medios de transmisión das ensinanzas e reflexións de Keynes, e dos seus seguidores máis asiduos. Varios anos despois, en 1913, publica o seu libro *Indian Currency and Finances*, unha das mellores obras sobre o funcionamento do patrón ouro⁶.

En 1915 colaborou temporalmente co Departamento do Tesouro o que, máis tarde, lle permitiría asistir á Conferencia de Paz de París como conselleiro xefe da delegación do Tesouro Británico. En 1919 abandona a Conferencia de Paz abatido e desilusionado, tanto pola falla de visión dos líderes políticos dos países aliados, como polo feito de que ningún dos seus plans sobre a cuestión das reparacións de guerra foi finalmente incluído no Tratado de Versalles. As súas ideas terían que esperar até a fin da Segunda Guerra Mundial, aínda que o seu temperán pasamento, en 1946, non lle permitiu considerar acidamente o impacto daquelas sobre a orde económica internacional que abrollou da Conferencia de Bretton Woods e

⁵ Luis Ángel Rojo, cit., p. 27.

⁶ Joseph Schumpeter, cit., 361.



Membros da Cambridge Conversation Society (sociedade máis coñecida coma «Os Apóstolos»), da que formou parte Keynes nos seus anos de universidade

que serviría como punto de partida para o desenvolvemento da «Economía do Benestar» en Europa Occidental.

A Conferencia de París e as súas consecuencias

Logo da súa saída dos despachos da Conferencia, Keynes non habería de tardar moito en escribir sobre o que pensaba, tanto dos personaxes políticos máis relevantes e influíntes na Conferencia, como das que el consideraba conclusións dramáticas e contraproducentes do Tratado de Versalles, que arruinaron a recuperación e o desenvolvemento da economía europea.

Cara a finais de 1919 publica o que, para moitos, é o mellor libro de Keynes, *As consecuencias económicas da paz*. Non se trata dun ensaio académico de leccións de economía senón, máis ben, dun alegato ó sentido común, mesturando apaixonamento, erudición, crítica, política e, sobre todo, economía real. Nel reflicte, con elegancia e dominio da lingua e mais da descrición, o seu malestar sobre as duras e, nalgún caso tamén, ambiguas disposicións económicas do Tratado de Versalles, que acabarían, segundo el, «desmantelando a economía de Alemaña e, en derradeira instancia, socavando as perspectivas de paz e de reconciliación»⁷. «En ningún outro libro seu logrou Keynes materializar tan acidamente tódalas habilidades de que dispoñía para atraer a atención sobre o tema que trataba». O libro fala de «como a guerra prexudicou o delicado mecanismo económico en que viviran os pobos europeos antes de 1914, e como o Tratado de Versalles, lonxe de reparar os danos causados (pola guerra), completou a destrución»⁸.

As vendas acadaron os 100.000 exemplares e foi traducido a 11 idiomas. O éxito editorial, non exento tampouco de críticas, como era de esperar dado o seu contido polémico, foi extraordi-

⁷ Paul A. Volker: «Introduction by Paul A. Volker», en John Maynard Keynes, (2007): *The Economic Consequences of the Peace*, Skyhorse Publishing.

⁸ Robert Skidelski, cit., p. 238.

nario para a época en que se produciu. Schumpeter define nidiamente esta circunstancia: «*As consecuencias económicas da paz* tivo unha acollida tal que o termo *éxito* non expresa máis ca un lugar común baleiro e insípido». As razóns dese éxito abraiante resúmeas tamén Schumpeter de maneira precisa: en primeiro lugar, Keynes formulou no seu libro o que xa estaba en boca de calquera persoa informada sobre os sucesos de París, pero cunha focaxe de protesta e rebeldía atractiva para a atención xeral. Ademais, é unha mostra de valor moral, de convicción e de seguridade en si mesmo. En definitiva, Schumpeter defíneo como «unha peza mestra chea de coñecementos prácticos e, ó mesmo tempo, de afondamento; implacablemente lóxico sen ser frío; verdadeiramente humano sen caer no sentimental; e no que se afrontan tódolos feitos sen lamentacións inúteis, pero, á vez, sen desesperanza; nunha palabra: é un ditame correcto unido a unha análise profunda».

A gran vantaxe para o lector menos iniciado na terminoloxía económica é que o contido dos aspectos económicos non esixe, para a súa lectura, coñecementos técnicos sobre a materia⁹. O dominio que Keynes tiña da súa lingua materna fai que este libro, na súa versión orixinal, constituía unha obra maxistral de expresión dos sentimentos máis fondos do autor.

Tres elementos tecen o fío condutor do libro de Keynes: as súas críticas á falla de liderado e visión dos gobernantes dos países aliados, os seus cálculos sobre as dificultades para cuantificar acaidamente o montante e a distribución das reparacións que se lle esixían a Alemaña polos danos causados durante a guerra, e o tratamento das débedas contraídas polos aliados europeos entre eles e tamén cos Estados Unidos.

Porén, de entre estes tres elementos, as actuacións e intervencións de Keynes nos preparativos do Tratado de Paz que había de saír da Conferencia de París, centráronse fundamentalmente no problema da reparación dos danos causados por

⁹ Joseph Schumpeter, cit., p. 363.



Conferencia da Paz de París (1919). Na imaxe están os integrantes do chamado «Consello dos Catro»: de esquerda a dereita, Lloyd George, Vittorio Emanuele Orlando, Georges Clemenceau e Woodrow Wilson

Alemaña ós aliados: a selección dos danos a reparar, a súa cuantificación e mais a capacidade de Alemaña para lle facer fronte ós pagos desas reparacións.

Para definir o contexto económico que arrodeaba a Conferencia, Keynes comeza o libro (*Capítulo II. Europa antes da guerra*), cunha análise dos inestables mecanismos económicos que determinaron o crecemento e posterior declive das economías occidentais até 1914. O continuo aumento da poboación durante o século XIX, o predominio do «librecambio», o libre comercio, a ética capitalista e a estabilidade da propiedade privada eran as pezas chave do motor que lle daba pulo ó crecemento da economía. O crecemento da riqueza e mais a acumulación de capital non tiña precedentes, e a maior parte do crecemento da renda concentrouse en mans dos novos ricos do século XIX. A Keynes producíalle inqueda a desigualdade crecente na distribución da riqueza, situación que hoxe en día, en pleno século XXI, inqueda tamén a moitos economistas e algúns, malia que menos, gobernantes. A inxente acumulación de capital, sinala Keynes, non se tería producido se a riqueza se tivera repartido equitativamente. Esta tendencia á desigualdade persistente na acumulación da riqueza trátaa, con gran detalle, Thomas Piketti na súa recente obra *El capital en el siglo XXI*. Piketti sostén que «cando a taxa de rendemento do capital excede á taxa de crecemento da produción e mais da renda, como sucedeu no século XIX (...), o capitalismo xera automaticamente desigualdades arbitrarias e insostibles, que socavan os valores meritocráticos sobre os que están baseadas as democracias». Máis especificamente, observa que no caso de Francia e do Reino Unido, durante o período 1870-1914, a acumulación de capital estabilizouse a un nivel extremadamente alto, xerando, en certos aspectos, unha espiral de desigualdade sen fin, marcada por unha crecente concentración da riqueza¹⁰.

¹⁰ Thomas Piketti (2014): *Capital in the Twenty-First Century*, Belknao Harvard, p. 1.

Keynes asegura que a economía do *laissez-faire* apousaba sobre un dobre engano. Por unha parte, os traballadores aceptaban beneficiarse dunha pequena parte da riqueza producida pola comparanza entre eles, a natureza e os capitalistas. Por outra, ós capitalistas permitíáselles reter a maior parte da riqueza producida, destinando ó consumo só unha pequena parte dela e o resto ó aforro e á inversión. A estabilidade deste mecanismo de crecemento da riqueza dependía, como sinala Skidelski, «dunha moral compartida na que predominaban as virtudes da abstinencia, a prudencia, o cálculo e a previsión, que constituían as bases da acumulación de capital»¹¹.

Keynes non menosprezaba esas prácticas porque a riqueza acumulada non era tan grande, en comparanza coa propensión ó consumo da época. Se as cousas ían ben, ninguén se beneficiaría a curto prazo dunha distribución máis equitativa desa tal riqueza. Pensaba (se cadra algo inxenuamente, esquecendo o estendido que estaba entre o ser humano o pecado de cobiza) que se se permitise que a riqueza seguira crecendo mediante ese mecanismo, chegaría o momento en que habería abondo para que os traballadores tamén se puidesen beneficiar. Para entón, o exceso de poboación, o excesivo traballo e a subalimentación rematarían.

Para Keynes, o principio de acumulación do capital baseado na desigualdade e na distribución da riqueza constituía unha parte vital da orde social e do crecemento económico da preguerra. Pero tamén consideraba que non podía ser un proceso natural o feito de que só uns poucos gozasen do confort e da acumulación. A guerra freou este proceso e revelou a posibilidade de que todos podían consumir e reclamar a súa parte na distribución da riqueza. Pero, para Keynes, esa orde social, tamén baseada na importación de recursos dos países do Novo Mundo, era inestable e o que a guerra provocou foi a destrución da organización da

¹¹ Robert Skidelski, cit., p. 238.


economía europea, axitando a orde social. O primeiro resultado desta conmoción foi a revolución Rusa¹².

A comezos do século xx, o continente europeo comeza a experimentar a transformación do sistema predominante até entón. Case tódolos países reforzan as súas políticas comerciais proteccionistas, priorizan a intervención do Estado na economía e lánzanse á carreira da regulación do mercado. A economía do *laissez-faire* estíbese esborrallando. En lugar de construír un sistema económico internacional máis xusto, os países fomentaron os nacionalismos e a política de substitución de importacións. A intervención do Estado na economía foise materializando progresivamente, aínda que de xeito defensivo e pouco sistematizado. A guerra e a Gran Depresión dos anos 1930 fixeron o resto. O vello sistema estaba ferido de morte, pero non xurdiran alternativas globais de reorganización do sistema económico internacional. Só a revolución Rusa fixo *tabula rasa* e abandonou todo vestixio da economía de mercado.

Segundo Keynes, os factores que xeraron a inestabilidade en Europa a comezos da guerra foron o exceso dunha poboación cada vez máis dependente dunha organización económica complicada e artificial, a inestabilidade psicolóxica das clases traballadora e capitalista e, por último, a incertidume crecente sobre os subministros de alimentos procedentes do exterior, como consecuencia das necesidades crecentes do Novo Mundo, cuxa poboación tamén estaba en continuo crecemento.

Con ese panorama sobre a economía europea, Keynes preséntase na Conferencia de París para, fundamentalmente, tratar de influír na resolución do problema da reparación dos danos causados ós aliados durante a guerra, así coma no arranxo da débeda inter-aliada. O que subxace nas súas propostas é atopar unha solución que deixe resoltos os revanchismos políticos e territoriais para deixar paso a accións de

¹² Ibid., p. 238.



A complexa xeopolítica de Europa tras a Primeira Guerra Mundial

política económica que permitirán a recuperación e o desenvolvemento económico do continente, baseado nunha alianza entre a acción política e a economía. Aínda que intentando ser neutral nesas materias, as recomendacións de Keynes levan o fío condutor dos intereses do seu país, pois «incluso, cando estaban dirixidas a outras nacións, procedían da consideración dos problemas ingleses»¹³. Xa que logo, mentres recorramos as páxinas deste magnífico libro, non deberemos esquecer as orixes e a educación elitista e intelectual eminentemente inglesa de Keynes. Schumpeter, cun ton irónico, define o *keynesianismo* como «unha semente que non puido ser transplantada nun solo estraño: cando así se fai, morre e antes de morrer vólvese velenosa (...). Se se deixa en solo inglés, emporiso, vólvese vigorosa, prometendo froitos e forraxe. Todo isto pode aplicárselle a cada unha das recomendacións particulares que formulou Keynes»¹⁴.

No que fai ó apartado politicamente máis controvertido do libro (*Capítulo II. A Conferencia*), escribiuse moito sobre o xusto e inxusto dos comentarios de Keynes sobre a personalidade e os principios morais dos tres actores políticos principais da Conferencia: o presidente americano Woodrow Wilson, o primeiro ministro británico Lloyd Georges e o presidente francés Georges Clemenceau. Porén, é comunmente aceptado que os tres dirixentes fracasaron nos seus intentos de atopar unha solución xusta e coherente cos termos do armisticio que estabilizase as relacións políticas entre os Estados europeos, co fin de acordaren solucións para a recuperación económica integral do continente. Foi, máis ben, o ton de superioridade intelectual e, ás veces, revanchista, o que espertou as susceptibilidades dos gobernantes da época: o vingativo e obstinado Clemenceau, o pusilánime e vacilante Lloyd Georges e o paté-

¹³ Joseph Schumpeter, cit., p. 371.

¹⁴ *Ibid.*, p. 373.

tico e abatido Wilson¹⁵. Como escribe Skidelski, «os fracasos de Clemenceau, Wilson e Lloyd Georges exponen Keynes con precisión cruel»¹⁶.

Porén, foi o asunto das reparacións, que Keynes trata no *Capítulo V*, o que envelenou, durante dúas décadas, as relacións entre Alemaña e os aliados, e mesmo entre os propios aliados. Como estes non se poñían de acordo, o Tratado de Versalles non chegou a concretar a cantidade que Alemaña tería que pagar polos danos ocasionados. Apenas se inclúe unha disposición para crear unha Comisión de Reparacións que no prazo de dous anos debería determinar unha cifra e un calendario concretos para impoñerlle a Alemaña.

O certo é que a determinación desta cifra no Tratado era, á vez, un problema simple e complexo. Simple, porque era de recoñecemento xeral que o causante dos danos debía pagar a súa reparación; complexo, porque calcular a cifra da factura implicaba coñecer a cantidade que, realmente, podería pagar Alemaña. Ademais, Estados Unidos, Francia e Reino Unido tiñan diferentes necesidades e distintos puntos de vista.

Os americanos adoptaron unha actitude moral: non querían nada para eles, pero esperaban que os europeos pagasen as débedas contraídas cos Estados Unidos e reconstruísen a súa organización social. Pero, como o problema tamén residía nos conceptos que había que incluír na factura de reparacións, que había de ter implicacións para o seu reparto entre os aliados, Francia, que sufrira os danos máis visibles e directos, non estaba disposta a aceptar que o Reino Unido quedase cunha gran parte da factura por ser o Estado que máis gastou¹⁷.

Por outra parte, para o Reino Unido, a cifra da factura non podía ser moi elevada porque a economía alemá podería colapsar e, como consecuencia, afectar seriamente no futuro

¹⁵ Margaret Macmillan, cit., p. 192.

¹⁶ Robert Skidelski, cit., p. 237

¹⁷ Margaret Macmillan, cit., p. 191-192.

próximo á balanza británica por conta corrente; pero, se a cifra era moi baixa para permitir unha recuperación rápida da economía alemá, Francia opoñeríase con insistencia e preocupación¹⁸.

En consecuencia, no Tratado incluíronse certas disposicións que, realmente, non achegaban ningunha solución concreta. As discusións na Conferencia preparatoria xiraron arredor da proposta que levou o presidente Wilson, coñecida como os *Catorce Puntos*. Non hai nela moita concreción sobre a cifra a reclamar a Alemaña. Porén, é certo que contén unha ringleira de principios nos que fundar unha paz duradeira: autodeterminación dos pobos de Europa e imparcialidade coas súas colonias, supresión de tódalas barreiras ó comercio, igualdade de tratamento entre os países e creación da Liga de Nacións. Tamén contén algúns elementos que axudarían a determinar a clase de danos reparables (as minas de carbón destruídas en Francia, reparacións para os danos causados ós civís e as súas propiedades), pero a súa materialización, en categoría de danos e cifras, constituíu o principal problema.

Keynes trata de achegar concreción á frase contida nos *Catorce Puntos* referente ás compensacións polas perdas da guerra: «Alemaña compensará por tódolos danos causados á poboación civil dos aliados e as súas propiedades, por mor da agresión producida por ela tanto por aire, coma por mar e terra». Esta frase foi obxecto de controversia á hora de discutir sobre a categoría dos danos. Cobre o custo completo da guerra incorrido polos aliados? Constitúen un «dano» os impostos pagados pola poboación civil para financiar os gastos de guerra? Os salarios non percibidos polos soldados e as pensións das viúvas e orfos son, tamén, danos a reparar por Alemaña? Ante semellante ambigüidade, Keynes trata de definir cales son as reclamacións ás que teñen dereito o Reino Unido, Francia e Bélxica. Malia

¹⁸ Ibid., p. 192.



John Maynard Keynes (1883-1946)

non dispoñer de datos cuantitativos concretos sobre posibles categorías de danos, Keynes proporciona unha lista e compáraa coa que, finalmente, se incluíu no Anexo I do Tratado, coa idea de facilitar os traballos da Comisión de Reparacións, encargada de calcular o montante da factura que Alemaña tería que pagar. Crítica con convicción que a inclusión final de certas categorías coma as compensacións por separación familiar, as pensións e outras compensacións a combatentes feridos ou falecidos, non estaban de acordo cos termos do armisticio que puxeron fin á guerra e que, en realidade, non se trataba de danos directos á poboación civil, tal e como se establecía nos *Catorce Puntos* de Wilson. O primeiro ministro británico aceptou os termos do Anexo I, coa condición de que Alemaña se limitase á súa capacidade de pago. Este requisito, a súa interpretación e a carencia de datos reais sobre a «capacidade», constituíu unha das maiores dificultades para os traballos da Comisión de Reparacións. Aínda hoxe, os historiadores non son unánimes no veredito sobre se Alemaña tiña capacidade de pago abondo para facer fronte á cifra e ó calendario que finalmente fixou a devandita Comisión de Reparacións¹⁹. Esta falta de unanimidade sobre a capacidade de pago é relevante para posicionarse sobre as causas do afortalamento e subida ó poder do Nacional Socialismo de Hitler. Foron as dificultades para pagar as reparacións as que suscitaron o malestar e o resentimento da poboación alemá? Ou simplemente o nazismo subiu ó poder como alternativa totalitaria á que representaba a revolución Rusa, cuxos ascensos se viron favorecidos pola falta de acordo sobre unha nova orde democrático-económica internacional substitutiva do *laissez-faire*? Keynes culpa os gobernantes da época por non se deca-

¹⁹ Varios autores examinaron a cuestión da capacidade que tiña Alemaña para lle facer fronte ó pago de reparacións de guerra. Derek H. Alcroft é o que mellor a calcula no seu libro (1985) *Historia Económica Mundial del siglo XX. De Versalles a Wall Street, 1919-1929*, Crítica, pp. 10-120. Outra interesante visión, máis política que económica, dos problemas que Alemaña tiña nesa época é a que ofrece Adam Ferguson en (2010): *When Money Dies. The Nightmare of the Weimar Hyperinflation*, Old Street Publishing.

taren de que o problema esencial da posguerra era financeiro e económico, non político nin territorial. Os perigos do futuro non eran as fronteiras e, tampouco, as soberanías, senón os alimentos, o carbón e o transporte.

Margaret Macmillan resume con claridade as conclusións de Keynes sobre os efectos da estratexia e o método utilizado polos gobernantes durante a Conferencia: lograron unha paz que completou a destrución da economía europea causada pola guerra; debuxaron fronteiras no mapa mentres que o que deberían de discutir era o establecemento dunha área comercial de libre-cambio; relearon sobre as débedas de cada un, cando deberían de telas cancelado e impuxéronlle a Alemaña reparacións agobiantes²⁰. Así mesmo, Macmillan argumenta tamén que é fácil dicir que os países vitoriosos deberían terse preocupado menos en facer pagar a Alemaña, e concentrarse en poñer a Europa en marcha de novo, porque logo dunha guerra que trouxo destrución a gran escala e que sacudiu até o fondo á mesma sociedade europea, como poderían os políticos formularse recorrer ó esquecemento?²¹

A dificultade que atoparon as propostas cuantificadas de Keynes residía en que poñían, case por completo, no deber americano a responsabilidade de financiar a recuperación da economía europea. Pero esas propostas non se limitaron só á cuestión das reparacións e á débeda inter-aliada. Vexamos sucintamente algúns aspectos propostos por Keynes.

As solucións que suxire parten, en primeiro lugar, da necesidade de revisar e modificar os termos do Tratado. A oportunidade perdida de París é a orixe dos problemas, e o único que se pode facer é redirixir as tendencias económicas fundamentais da economía europea para promover o restablecemento da prosperidade e a orde. Había que fuxir da atmosfera e dos métodos

²⁰ Margaret Macmillan, cit., p. 193.

²¹ Ibid., p. 198.



O presidente dos Estados Unidos Woodrow Wilson (1856-1924),
autor dos *Catorce Puntos*

de París, polo que a acción máis urxente era a de reemprazar os gobernantes. Tampouco estaba de acordo Keynes con que a Liga de Nacións, tal e como estaba organizado o seu funcionamento, puidese liderar a revisión do Tratado. Así, se ben o Tratado lle confire á Asemblea da Liga a posibilidade de reconsiderar a súa modificación, os acordos da devandita Asemblea están suxeitos á regra da unanimidade. A isto engade Keynes que a Liga, en mans dos entrenados diplomáticos europeos, pode converterse nun instrumento de obstrución e retraso, cuxa solución sería propoñer que a Liga se encargase dos primeiros esforzos de revisión e, para saír do bloqueo, confiar en que os novos gobernantes amosasen maior sabedoría e magnanimidade que os seus predecesores. Misión imposible, como máis tarde se puido constatar.

Keynes propón que a Liga se ocupe de considerar tres grandes cambios no Tratado: a) as reparacións, b) o problema do carbón e do aceiro, e c) o libre comercio.

Ante a dificultade de concretar cifras de reparacións, Keynes utiliza unha estrataxema. Aмосa a esperanza de que os aliados acepten fixar unha suma total inferior ás expectativas que estaban fundadas nunha interpretación estrita dos compromisos xa adquiridos no Tratado. Así, Keynes evitaría ser excesivamente concreto na selección das categorías de danos e na xustificación das cifras que propón. O resultado é algo así coma a versión moderna das contas do Gran Capitán. Máis tarde, como veremos logo, Keynes revisa as súas predicións, á vista das perspectivas dunha parcial e temporal recuperación da economía europea nos anos 1920, e publícaa no seu libro *A Revision of the Treaty: Being a Sequel to The Economic Consequences of the Peace*²².

²² John Maynard Keynes (1922): *A Revision of the Treaty: Being a Sequel to The Economic Consequences of the Peace*, Macmillan and Co. Limited.

O segundo tema que somete a revisión é o tratamento da orixe do conflito recorrente entre Francia e Alemaña sobre as minas de carbón e de ferro, e a produción de aceiro na conca do Ruhr, Alsacia-Lorena e Nord-Pas de Calais. Alemaña tería que indemnizar a Francia pola destrución das súas minas e, o que é máis importante, ámbolos dous países terían que firmar un acordo para a mutua subministración de carbón e ferro, que debería de ser xestionada por un organismo da Liga coa participación, entre outros, de ámbolos dous estados. Outros xa suxeriran unha idea semellante, que nos anos posteriores á Segunda Guerra Mundial se materializaría no Plan Monet e daría orixe, en 1951, á Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro. Durante a Conferencia de París, coma sinala Ms. Macmillan, unha iniciativa pouco coñecida foi a do ministro de Comercio e Industria do Goberno francés, Etienne Clément (que máis tarde sería asistente de Jean Monnet), que propuxo, sen éxito, unha organización que, mediante a cooperación, reemprazaría a competencia entre os dous Estados, agruparíanse os recursos que serían repartidos segundo as súas necesidades, e o conxunto sería dirixido por tecnócratas intelixentes. Os americanos e os británicos rexeitárono²³.

O terceiro tema de revisión proposto por Keynes centrábase na loita contra as políticas comerciais proteccionistas predominantes, e en establecer unha Unión de Libre Comercio que, baixo os auspicios da Liga, impoñería aranceis comerciais non proteccionistas. Keynes propón o que, despois da Segunda Guerra Mundial, sería o *Acordo Xeral sobre Aranceis e Comercio*, máis coñecido coma GATT: «un sistema económico ó que todos terían a oportunidade de pertencer, que non conceda privilexios a ninguén e que evite o método imperialista de exclusión e de discriminación». Dese xeito, a cooperación comercial serviría para evitar confrontacións políticas.

²³ Margaret Macmillan, cit., p. 194

Keynes era consciente de que estas propostas de revisión do Tratado non serían viables se Francia non aceptaba renunciar a parte das súas reclamacións e converterse en perdedor, alomenos, sobre o papel. Por iso, Keynes suxire tamén un arranxo practicable do problema da débeda inter-aliada que fose satisfactorio para as partes implicadas e, en particular, para Francia, o Reino Unido e Bélxica. Pero como non encontraba unha solución máxica, o seu senso pragmático levouno, primeiro, a apelar ós bos sentimentos das persoas e dos gobernantes. En contra da opinión dos americanos, Keynes mantén que, para solucionar o problema das reparacións, hai que atopar, ó mesmo tempo, un arranxo da débeda inter-aliada porque, malia non incluído no Tratado, constituía un atranco para a recuperación da economía europea.

Para darlle satisfacción a Francia propón que se reduza a débeda entre os aliados e se reaxuste esta rebaixa entre os países damnificados, dando prioridade ás zonas destruídas pola guerra. Iso significaba que o Reino Unido renunciaría a cobrar os préstamos de guerra que fixera a Francia, Bélxica e Serbia. Pero as contas non cadraban porque os aliados europeos estaban, á súa vez, endebedados cos Estados Unidos, e os americanos non desexaban renunciar ó cobro das débedas. Se os americanos condonasen as débedas dos seus aliados, produciríase un importante burato nas súas contas públicas que só podería ser cuberto coa subida de impostos, o que representaba para o Goberno un custo político inasumible. O pobo americano non aceptaría pagar en solitario, e sen contrapartida, os custos dunha guerra que eles non empezaran pero que tiveron que atender para sacarlle as castañas do lume ós rifantes europeos.

Keynes sabía que a mera existencia de débedas de guerra entre os aliados sería un factor de inestabilidade permanente en Europa, e que era indispensable mudar esa situación. Por iso, buscou un camiño viable que favorecese o desenvolvemento a longo prazo e que non danase os intereses lexítimos dos

americanos. Pero, para iniciar ese camiño, habería que atopar diñeiro co que financiarlo e, neses momentos, o único país con capacidade financeira dabondo eran os Estados Unidos. Keynes aboga por unha solución cun triple compromiso: cancelación das débedas entre os aliados, condonación ou arranxo a longo prazo da débeda contraída polo Reino Unido cos americanos, e acordo para a creación dun crédito internacional, tamén a longo prazo, cuxo peso recaería, case exclusivamente, nos Estados Unidos. Consciente de que os americanos non se fiaban de que os aliados europeos fosen utilizar acadamente a asistencia financeira, Keynes esboza as características do crédito internacional coa premisa de que porían condicións para outorgalo. Da lectura da proposta de Keynes, non materializada na práctica, podería pensarse que constitúe un precedente, aínda que máis restritivo, do que despois da Segunda Guerra Mundial había de ser o chamado «Plan Marshall».

Porén, en 1922, Keynes reconece que as expectativas máis catastróficas de *As Consecuencias* non se tiñan materializado. Considera que a paciencia da poboación europea e a estabilidade das institucións sobreviviran malia as dificultades. «Non pasou nada, a non ser a dor e os danos ós individuos, e estamos case preparados para cambiar as nosas intencións dirixidas a evitar as calamidades e orientalas cara á renovación do benestar»²⁴. Pero os obstáculos permanecían. O Tratado nin se aplicou na súa totalidade nin se revisara; a maioría dos países europeos non lograran, aínda, equilibrar os seus orzamentos, a inflación seguía presente e o funcionamento do sistema monetario non impedía a volatilidade dos valores das divisas freando a recuperación do comercio internacional. A todo isto había que engadir que Alemaña non pagaba gran parte das reparacións e, en consecuencia, os aliados europeos tampouco atendían os pagos dos intereses das débedas contraídas cos americanos.

²⁴ John Maynard Keynes, *A Revision...*, p. 168.

THE
TREATY OF PEACE
BETWEEN
THE ALLIED AND ASSOCIATED POWERS
AND
GERMANY,

The Protocol annexed thereto, the Agreement respecting
the military occupation of the territories of the Rhine,

AND THE
TREATY
BETWEEN
FRANCE AND GREAT BRITAIN

RESPECTING
Assistance to France in the event of unprovoked
aggression by Germany.

Signed at Versailles, June 28th, 1919.

(With Maps and Signatures in facsimile.)



LONDON: PRINTED AND PUBLISHED BY HIS MAJESTY'S STATIONERY OFFICE.
To be purchased through any Bookseller or directly from H.M. STATIONERY OFFICE at the
following addresses: IMPERIAL HOUSE, KINGSWAY, LONDON, W.C. 2, and 28, ABINGDON STREET,
LONDON, S.W. 1; 32, PETER STREET, MANCHESTER; 1, 51, ARCADE, GLASGOW; 23, FORTH STREET, EDINBURGH; or from E. PONSONBY, LTD., 116, GRAFTON STREET, DUBLIN.
1919.
Price 21s. Net.

Cuberta da edição inglesa do Tratado de Versalles, 1919

No seu libro *A Revision of the Treaty* Keynes intenta matizar a súa posición sobre o problema das reparacións. Sostén que os problemas que observa na materialización dos acordos do Tratado non se deben tanto á execución dos pagos por reparacións canto á incertidume que se creara polas súas dificultades. Considera que reducir a factura das reparacións ou a débeda inter-aliada non era a mellor solución. En 1922, escribe que a solución «non é tratar de sacar o último penique teórico de cada quen, senón que os ministros de finanzas de tódolos países adopten un acordo sobre un problema que non impida o deseño dunha solución sabia que se aplicará durante os próximos cinco anos»²⁵.

En 1921, o Comité de Reparacións acada un acordo sobre a factura que tería que pagar Alemaña fixando a cifra en 132 mil millóns de marcos de ouro. Esta cantidade nunca foi pagada na súa totalidade e cando Alemaña retrasou os seus pagos, Francia ocupou a conca do Ruhr para se resarcir da débeda coa produción de carbón e de aceiro. Isto foi un grande erro que causou un dano político irreparable e, ademais, non produciu o impacto económico desexado a causa da resistencia pasiva dos traballadores e empresarios alemáns. En canto as débedas inter-aliadas, o Goberno británico atopou unha solución aceptable cos americanos en 1923, o que favoreceu o arranxo da débeda que os aliados continentais tiñan co propio Reino Unido.

Resolto politicamente o problema da débeda inter-aliada, aínda quedaba pendente atopar unha solución estable ó problema dos impagos por parte de Alemaña para crear as condicións que permitisen ós aliados europeos pagar as débedas contraídas cos americanos. O plan, encomendado a unha comisión presidida polo director de oficina do presuposto de Estados Unidos Charles G. Dawes, non sería, xa que logo, unha iniciativa altruísta, coma tería desexado Keynes, senón un deseño dos americanos para poderen cobrar as súas débedas.

²⁵ John Maynard Keynes, *A Revision...*, cit., p. 168.



Charles G. Dawes (1865-1951), director da oficina norteamericana do presuposto,
responsable do plan que leva o seu nome

O plan Dawes baseábase na concesión dun préstamo a Alemaña para pagar as reparacións a Francia e ó Reino Unido e que estes, á súa vez, pagasen as súas débedas cos americanos creando, de tal xeito, un círculo virtuoso que, obviamente, non podería durar moito. As dificultades do plan resúmeas D. Rothermund da seguinte maneira: en primeiro lugar, o fluxo de crédito americano non estaba garantido porque Alemaña tería que cumprir con certas condicións. Ademais, o día de render contas non fixo máis que aprazarse porque Alemaña tería agora que pagar non só as reparacións, senón tamén as débedas cos americanos. Outra complicación do plan era que os créditos non se fixeron de goberno a goberno, senón que se obtiveron no mercado de capitais nos Estados Unidos e beneficiaban a innumerables empresas e municipios alemáns que eran, tamén, responsables de pagar a débeda²⁶.

A curto prazo, o plan funcionou, mellorou a confianza dos inversores e aumentou o fluxo de entrada de capital en Alemaña. Keynes explicou todos estes mecanismos mediante o seu impacto nos tipos de xuro. Mantivo que o pago de reparacións tiña efectos deflacionistas en Alemaña, así coma os altos tipos de xuro, e isto tivo un efecto atractivo para a entrada de capital estranxeiro. Os receptores dos pagos por reparacións experimentaron o efecto contrario: inflación e baixos tipos de xuro; pero como tiñan que pagar as súas débedas cos americanos, este efecto inflacionista trasladouse ós Estados Unidos, onde descenderon os tipos de xuro, o que fomentaba a exportación de capital a Alemaña²⁷.

Porén, o plan Dawes non atraeu o consenso de tódalas partes interesadas. É certo que Francia resultaba favorecida polo fluxo dos pagos por reparacións, pero non estaba de acordo con que o plan reforzase a economía alemá coa afluencia de capital

²⁶ Dietmar Rothermund (1996): *The Global Impact of the Great Depression*, Routledge, pp. 34-35.

²⁷ *Ibid.*, pp. 35-36.

estranxeiro, pois iso, coidaba, faría diminuír a capacidade de influencia francesa. O Reino Unido tampouco era excesivamente favorable a continuar cos pagos por reparacións porque reducían as súas posibilidades de presionar por unha redución ou cancelación da súa débeda de guerra. Francia, ademais, seguía tendo ambicións de someter a Alemaña, aínda que iso se lle volveuse na súa contra.

A crise financeira, que se iniciou en outono de 1929, esperitou de novo as pantasma proteccionistas e aillacionistas americanas. O crédito e o fluxo de capitais cara a Europa secouse, deixando de funcionar o círculo virtuoso. O impacto que tivo a crise dos anos 30 nas economías europeas fomentou de novo os nacionalismos excluñtes, o proteccionismo comercial, o caos monetario e, en definitiva, creouse o caldo de cultivo para unha nova maneira de concibir a solución dos problemas históricos de Europa: o sometemento dos pobos ao totalitarismo fascista.

Considero acaído rematar este limiar coa conclusión de Paul Volker no seu prólogo a unha das reedicións do libro de Keynes: «Coa súa combinación de argumentos apaixonados, elocuencia e análise, *As consecuencias económicas da paz* marca a entrada na escena mundial do máis influñte economista do século XX»²⁸.

²⁸ Paul Volker, cit., p. XIII.

AS CONSEQUENCIAS
ECONÓMICAS DA PAZ

NOTA DO TRADUTOR

John Maynard Keynes (1883-1946) é amplamente considerado o economista máis influente do século XX. As súas ideas, xa ben prendidas as raíces do XXI, aínda seguen servindo de base para excitantes e excitados debates teóricos e prácticos, sobre todo no contexto de crise actual, no que se enfrontan políticas de austeridade e de incentivos. Keynes era partidario das segundas, outorgándolle ó Estado unha función, non só de garda do equilibrio macroeconómico, senón tamén de axente proactivo na promoción do crecemento económico.

A aplicación práctica das propostas de John Maynard Keynes orientan as políticas económicas da maior parte dos países occidentais despois da Segunda Guerra Mundial. Daquela, co apoio inicial nada insignificante dos Estados Unidos (Plan Marshall), o conxunto dos países europeos, moitos dos que constituirán logo a Comunidade Económica Europea, e máis adiante a Unión Europea, coñeceron, entre 1950 e 1970, a fase de crecemento de maior intensidade (en termos de taxa de produción por habitante) rexistrada durante os últimos trescentos anos; tamén a máis alta en comparanza coas que se rexistraron nese período en todo o mundo.

Aquelas taxas de crecemento extraordinario conseguíronse mediante a aplicación de políticas de incentivos, que tiñan a súa forza motriz principal no asentamento do estado de benestar, cuxos alicerces eran, precisamente, a distribución equitativa da riqueza (alimentando a potencia do consumo) e a función do Estado como axente proactivo en materia de organización económica e cohesión social (reforzando a capacidade dos salarios).

A escala mundial, o contexto para esas políticas económicas está definido, por unha banda, pola liberalización e ampliación do comercio e dos fluxos de capital. Unha nova orde financeira

internacional emerxería, institucional e operativamente, sobre ese labor. Unha das principais preocupacións era que na posguerra de 1945 non se repetiran os erros que se cometeran na de 1918, e que Keynes sinalara con tanta énfase e preocupación, precisamente, n'*As consecuencias económicas da paz*. De aí que, polo tránsito temporal en que se desenvolven as súas propostas e mesmo pola transcendencia do tema que expón (a paz, nunha Europa na que no decorrer da primeira metade do século XX morreran, por causa da guerra ou por consecuencia directa dela, máis de setenta e cinco millóns de persoas), *As consecuencias económicas da paz*, malia non tratarse dunha obra central no pensamento teórico de Keynes, sexa unha das súas achegas de maior transcendencia económica, política, literaria e mediática, que sempre resulta oportuno recuperar.

Para a versión galega da obra utilicei o texto da súa primeira edición inglesa, consultando tamén a tradución española de Juan Uña (RBA, 2012), co propósito de non «personalizar» excesivamente a miña propia tradución. O inglés de Keynes, por outra parte, é extraordinariamente correcto e directo, sen artificios literarios, o que facilita o labor dos seus tradutores.

Durante a vida de Keynes fixéronse varias edicións da obra. Para algunhas delas, o autor redactou prólogos diferenciados co obxectivo de achegarse ó destinatario. Pero nunca modificou, nin sequera de maneira formalmente significativa, o texto da primeira, ó que, como dixeran, me atinxo.

Jaime García-Lombardero coñeceu, antes da súa entrega á imprenta, o texto da miña tradución e Antón Santamarina, ademais, revisou o meu galego. A ámbolos dous, exonerándoos, claro está, de calquera responsabilidade, agradézcolles sinceramente a súa dispoñibilidade. Logo, traballou con moito mérito o persoal do Servizo de Publicacións da USC.

THE ECONOMIC
CONSEQUENCES OF
THE PEACE

BY

JOHN MAYNARD KEYNES, C.B.

FELLOW OF KING'S COLLEGE, CAMBRIDGE



NEW YORK

HARCOURT, BRACE AND HOWE

1920

PREFACIO¹

O autor deste libro, agregado temporalmente ó Tesouro británico durante a guerra, foi o seu representante oficial na Conferencia de Paz, de París, até o sete de xuño de 1919; tamén tivo asento, coma mandatario do ministro de Facenda, no Consello Supremo Económico. Dimitiu de ámbolos dous postos cando se fixo evidente que non se podía manter por máis tempo a esperanza dunha modificación substancial dos termos da paz que se proxectaron. Os fundamentos desta oposición ó Tratado, ou máis ben a toda a política da Conferencia con respecto ós problemas económicos de Europa, aparecerán nos capítulos que seguen. Teñen un carácter completamente público, e están baseados en feitos coñecidos por todo o mundo.

J.M. Keynes

King's College, Cambridge
Novembro de 1919

¹ O propio Keynes tivo ocasión de escribir varios outros prefacios para outras varias edicións deste libro, incluída unha versión algo máis ampla deste mesmo, e algúns outros acaídos para edicións nacionais concretas. O tradutor opta, porén, por cingirse, en todo, ó texto orixinal de 1919. [N. do T.].

1. Introducción

A facultade de adaptación é característica da humanidade. Son poucos os que se fan cargo da condición desusada, inestable, complicada, falta de unidade e transitoria da organización económica en que viviu Europa occidental no percorrer do último medio século. Tomamos como naturais, permanentes e de inexcusable subordinación algúns dos nosos últimos adiantos máis particulares e circunstanciais, e, baseándonos neles, trazamos os nosos plans. Sobre esa cimentación falsa e movediza proxectamos a mellora social, erguemos as nosas plataformas políticas, perseguimos as nosas animosidades e ambicións persoais, e sentímonos con medios abondos para atizar, na contra de calmar, o conflito civil na familia europea. Movidado por ilusión insá e egoísmo sen aprensión, o pobo alemán subverteu os alicerces sobre os que todos viviamos e edificabamos. Pero os voceiros dos pobos francés e inglés correron o risco de completar a ruína que Alemaña comezou, querendo impoñer unha paz que, de levarse a feito, destrozará para o sucesivo —podendo tela restaurado— a delicada e complicada organización —xa alterada e rompida pola guerra—, mediante a cal poderían os pobos europeos servir ó seu destino e vivir.

As aparencias da vida en Inglaterra aínda non nos deixan ver nin apreciar en detalle que rematou unha época. Afanámonos en recomezar os fíos da nosa vida alí onde os deixamos, coa única diferenza de que algúns de nós parecemos abondo máis ricos do que eramos antes. Se antes da guerra gastabamos millóns, agora aprendemos que podemos gastar, sen detrimento aparente, centos de millóns; evidentemente, non explotáramos de todo as posibilidades da nosa vida económica. Aspiramos, desde logo, non só a volver a gozar do benestar de 1914, senón á súa maior ampliación e intensificación. Así, de maneira semellante, trazan os seus plans tódalas clases sociais: o rico,

para gastar máis e aforrar menos, e o pobre, para gastar máis e traballar menos.

Aínda que pode que só en Inglaterra (e en América) sexa posible ser tan inconsciente. Na Europa continental, a terra revólvese, aínda que ninguén estea atento ós seus rúidos. O problema non é de extravagancias ou de «turbulencias obreiras»; é unha cuestión de vida ou morte, de esgotamento ou de existencia: trátase das pavorosas convulsións dunha civilización agonizante.

Para quen estivese en París durante a maior parte dos seis meses que sucederon ó armisticio, unha visita ocasional a Londres sería unha experiencia estraña. Inglaterra aínda está fóra de Europa. As queixas apagadas de Europa non chegan alá. Europa é unha cousa á parte. Inglaterra non é carne da súa carne, nin corpo do seu corpo. Pero Europa forma un todo sólido. Francia, Alemaña, Italia, Austria e Holanda, Rusia, Romanía e Polonia latexan a unha, e a súa estrutura e a súa civilización son, con evidencia, unha. Floreceron xuntas, conmovéronse xuntas nunha guerra, na que nós, malia o noso tributo e os nosos enormes sacrificios (coma América, aínda que en menor grao), quedamos economicamente á parte. Elas pódense fundir xuntas. Niso radica o significado destrutivo da Paz de París. Se a guerra civil europea vai acabar con Francia e Italia abusando do seu poder, momentaneamente vitorioso, para destruíren a Alemaña e a Austria-Hungría, arestora prostradas, provocarán a súa propia destrución; a compenetración coas súas vítimas é fonda e inextricable, por mor de moi fondos vencellos psíquicos e económicos.

O inglés que participou na Conferencia de París e foi, durante aqueles meses, membro do Consello Supremo Económico das Potencias Aliadas estaba destinado a converterse (experimento novo para el) nun europeo nas súas inquedanzas e na súa maneira de ver. Alí, no centro nervioso do sistema europeo, tiñan que desaparecer, en gran parte, as súas preocupacións

británicas, e debía de verse acosado por outros e máis terroríficos espectros. París era un pesadelo, e alí todo era un chisco morboso. Peneirábase sobre a escena a sensación dunha catástrofe inminente: insignificancia e cativeza do home diante dos grandes acontecementos que afrontaba; sentido confuso e falta de realismo nas decisións; lixeireza, cegueira, insolencia, gritos confusos de fóra —velaí tódolos elementos da traxedia antiga—. Sentado no medio da decoración teatral dos salóns oficiais franceses, un marabillábase pensando se os rostros extraordinarios de Wilson e Clemenceau, coa súa expresión inalterable, eran realmente caras e non carantas traxicómicas dalgún estraño drama ou dunha exhibición de monecos.

Toda a actuación de París tiña o aire de algo de extraordinaria importancia e de insignificancia ó mesmo tempo. As decisións parecían preñadas de consecuencias para o porvir da sociedade humana e, sen embargo, murmuraba o vento que as palabras non se facían carne, que eran de pouco aprecio, insignificantes, de ningún efecto, dislocadas dos acontecementos; e un sentía, co maior rigor, aquela impresión descrita por Tolstoi en *Guerra e Paz*, ou por Hardy en *The Dinasts*, dos acontecementos marchando cara ó destino fatal, estraño e indiferente ás cavilacións dos estadistas no Consello:

Espírito dos tempos

Observa que toda visión ampla e o dominio de si mesma desertaron destas multitudes, agora dadas ós demos polo abandono inmanente. Nada queda máis que vinganza aquí, entre os fortes, e alí, entre os febles, rabia impotente.

Espírito da piedade

Por que lle dá pulo a vontade a unha acción tan insensata?

Espírito dos tempos

Díxenche que traballa inconscientemente, coma un poseso, non xulgando.

En París, os que estaban en relación co Consello Supremo Económico recibían case a cada hora informes sobre a miseria, a desorde e a ruína da organización de toda Europa central e oriental, aliada e inimiga, ó mesmo tempo que coñecían, de labios dos representantes financeiros de Alemaña e de Austria, as probas incontestables do terrible esgotamento dos seus países. A visita ocasional á sala quente e seca da residencia do presidente, onde os Catro cumprían a súa misión en intriga árida e baldeira, non facía máis que aumentar a sensación de pesadelo. Porén, alí, en París, os problemas de Europa amosábanse terribles e clamorosos, e tiña un efecto desconcertante volver a vista cara á inmensa incompreensión de Londres.

Para Londres, estes asuntos eran cuestións moi distantes; alá só preocupaban os nosos problemas máis insignificantes. Londres cría que París estaba causando unha gran confusión nos seus asuntos; pero continuaba indiferente. Con este espírito, recibiu o pobo británico o Tratado, sen lelo. Pero este libro non se escribiu baixo a influencia de Londres, senón baixo a influencia de París, por alguén que, aínda sendo inglés, séntese tamén europeo e que, por razón dunha recente experiencia demasiado viva, non se pode desinteresar do ulterior desenvolvemento do gran drama histórico destes días, que ha destruír grandes institucións, aínda que tamén pode crear un novo mundo.

2. Europa antes da guerra

Antes de 1870, diferentes partes do pequeno continente europeo especializáranse nos seus produtos propios; pero, considerada no seu conxunto, Europa, substancialmente, abondábase a si mesma. E a súa poboación estaba acomodada nese estado de cousas.

Desde 1870 desenvolveuse en grande escala unha situación sen precedente, e a condición económica de Europa chegou a

ser, durante os cincuenta anos seguintes, insegura e estraña. A relación entre a necesidade de alimentos e a poboación, equilibrada xa grazas á facilidade do aprovisionamento desde América, alterouse por completo por primeira vez na historia. Conforme aumentaban as cifras da poboación, era máis fácil asegurarlle o alimento. Unha escala crecente da produción ofrecía rendementos proporcionalmente maiores na agricultura e na industria. Co aumento da poboación europea houbo, dunha banda, máis emigrantes para labrar o solo dos novos países, e doutra, máis obreiros utilizables en Europa para preparar os produtos industriais e as mercadorías esenciais para manter a poboación emigrante e construír os ferrocarrís e os barcos que haberían de traer a Europa alimentos e produtos en bruto de procedencia distante. Até 1900, aproximadamente, a unidade de traballo aplicada á industria producía de ano en ano un poder adquisitivo crecente para se facer con alimentos. Arredor de 1900 empezou a modificarse esta dinámica e iniciouse un proceso decrecente na compensación que a natureza rendía ó esforzo do home. Pero a tendencia á alza do custo real dos cereais foi contrapesada por outras melloras, e, entre outras moitas novidades, empezaron daquela a utilizárense por primeira vez en grande escala os recursos da África tropical, e un gran tráfico de sementes oleaxinosas empezou a traer á mesa de Europa, de maneira anovada e máis barata, unha das substancias alimenticias esenciais para a humanidade. Moitos de nós coñecemos este Eldorado económico, esta utopía, que soñaran os primeiros economistas.

Aquela época feliz perdeu de vista unha fasquía do mundo que encheu de fonda melancolía ós fundadores da nosa economía política. Antes do século XVIII, a humanidade non albergaba falsas esperanzas. Para botar por terra as ilusións que se fixeran populares a finais daquela época, Malthus ceibou o diaño. Durante medio século, tódolos escritos serios de economía colocaban aquel diaño á vista. Na segunda metade do século

encadeárono, agochárono. Pode que agora estemos ceibándoo outra vez.

Que extraordinario episodio foi, no progreso económico da humanidade, a época que rematou en agosto de 1914! É verdade que a meirande parte da poboación traballaba moito e vivía nas peores condicións; porén, ó ver de tódalas aparencias, estaba sensatamente conforme coa súa sorte. Calquera home con capacidade ou carácter que sobresaíra da medianía, tiña o paso aberto até ás clases medias e superiores, para as que a vida ofrecía, a pouco custo e coa menor molestia, comenencias, comodidades e amenidades iguais ás dos máis ricos e poderosos monarcas doutras épocas. O habitante de Londres podía pedir por teléfono, ó tomar aínda na cama o té da mañá, variados produtos de calquera lugar da terra, na cantidade que o satisfixese, e agardar que llos levaran á súa porta; podía, no mesmo momento e polos mesmos medios, inverter a súa riqueza en recursos naturais e novas empresas en calquera parte do mundo, e participar, sen esforzo nin sequera molestia, nos froitos e vantaxes prometidas; ou podía optar por xunguir a sorte da súa fortuna á boa fe dos veciños de calquera municipio importante, de calquera continente que o capricho ou a información lle suxeriran. Podía lograr, se os desexaba, medios para trasladarse a calquera país ou clima, baratos e cómodos, sen pasaporte nin formalidade ningunha; podía enviar ó seu criado ó despacho ou ó banco máis próximo para proveerse dos metais preciosos que tivera por comenencia, e podía logo saír para terras estranxeiras, sen coñecer a súa relixión, nin a súa lingua, nin os seus costumes, levando enriba riqueza cuñada, e podéndose considerar ofendido e sorprendido diante de calquera interferencia. Pero o máis importante de todo é que el consideraba ese estado de cousas coma normal, certo e permanente, a non ser para que mellorara aínda máis, e toda desviación del, pola contra, considerábaa coma unha aberración, escándalo e cousa intolerable. Os propósitos e a política de militarismo e

imperialismo, as rivalidades de razas e de cultura, os monopolios, as restricións e os privilexios que habían de facer o papel de serpente dese paraíso, eran pouco máis que o entretemento dos seus periódicos, e parecía que case non exercían influencia ningunha no decurso ordinario da vida social e económica, cuxa internacionalización era, na práctica, case completa.

Axudaranos a apreciar o carácter e as consecuencias da paz que impuxemos ós nosos inimigos poñer un pouco máis en claro algúns dos principais elementos alterables da vida económica de Europa, xa existentes canto estalou a guerra.

Poboación

En 1870, Alemaña tiña uns 40 millóns de habitantes. Cara a 1892, esa cifra subira a 56 millóns, e o 30 de xuño de 1914, a 68. Nos anos que precederon inmediatamente á guerra, o aumento anual foi duns 850.000, dos cales emigrou unha proporción insignificante². Este grande aumento só puido facelo posible unha transformación, de moito calado, da estrutura económica do país.

Alemaña, que era agrícola e que en todo o esencial se sustiña por si mesma, transformouse nunha vasta e complicada máquina industrial, que dependía para o seu traballo da combinación de moitos factores, tanto de fóra de Alemaña coma de dentro. O funcionamento desa máquina, continuo e a toda marcha, era indispensable para que tivese ocupación na casa a súa crecente poboación, e para que lograra os medios de facerse coas súas subsistencias no exterior. A máquina alemá era coma unha buxaina que, para manter o seu equilibrio, tiña que xirar máis e máis rápido.

No imperio Austrohúngaro, que aumentara desde uns 40 millóns de habitantes en 1890 até alomenos 50 ó estalar a gue-

² En 1913, houbo 25.843 emigrantes alemáns, dos que 19.124 partiron para os Estados Unidos.

rra, amosouse a mesma tendencia, aínda que en menor grao; sendo o exceso anual de nacementos sobre as mortes de medio millón, aproximadamente, malia que había unha emigración anual dun cuarto de millón.

Para comprender a situación presente, temos que imbuírnos do extraordinario que é o centro demográfico en que se converteu a Europa central por mor do desenvolvemento do sistema alemán. Antes da guerra, a poboación de Alemaña e Austria-Hungría xuntas non só excedía á dos Estados Unidos, senón que era case igual á de toda a América do Norte. Na acumulación de tales cifras dentro dun territorio unido acouga a forza militar das potencias centrais. Pero estas mesmas cifras de poboación, que a guerra non fixo diminuír de maneira apreciable³, agora sen medios de vida, implican un grave perigo para a estabilidade de Europa.

A Rusia europea aumentou a súa poboación en proporcións aínda maiores que Alemaña: de menos de 100 millóns en 1890, chegou a uns 150 millóns ó estalar a guerra⁴, e nos anos que precederon inmediatamente a 1914, o exceso de nacementos sobre as mortes en Rusia chegou en conxunto á prodixiosa proporción de dous millóns por ano. Este desordenado crecemento da poboación de Rusia, que non se apreciara debidamente en Inglaterra, foi, porén, un dos feitos máis significativos nestes anos recentes.

Os grandes acontecementos da historia son debidos frecuentemente a cambios seculares no crecemento da poboación e a outras causas económicas fundamentais, que, ó escaparen, polo seu carácter gradual, do coñecemento dos observadores coetáneos, atribúense ás tolemias dos homes de Estado ou ó fanatismo dos ateos. Así, os acontecementos extraordinarios dos anos pasados en Rusia, nesa inmensa remoción social que

³ O decrecemento neto da poboación alemá a finais de 1918, por diminución de nacementos e exceso de mortes, comparado co principio de 1914, calcúlase en 2.700.000.

⁴ Incluindo Polonia e Finlandia, pero excluindo Siberia, Asia Central e o Cáucaso.

trastornou o que parecía máis estable —a relixión, as bases da propiedade, o dominio da terra, así coma as formas de Goberno e a xerarquía de clases— pode ser debida máis ás fondas influencias do crecemento daqueles cambios que a Lenin ou a Nicolás; e o poder demoleedor da fecundidade nacional excesiva pódelle corresponder en maior parte á creba das ligaduras con todo o convencional, máis, desde logo, que ó poder das ideas ou ós erros da autocracia.

Organización

A delicada organización en que vivían estes pobos dependía, en parte, de factores internos do sistema.

O inconveniente das fronteiras e das aduanas reduciuse a un mínimo, e case uns 300 millóns de homes vivían dentro dos tres imperios de Rusia, Alemaña e Austria-Hungría. Os varios sistemas de circulación, fundados todos sobre a base estable en relación ó ouro, e uns noutros, facilitaban o curso fácil do capital e do comercio en tal extensión que só agora que estamos privados das súas vantaxes, apreciamos todo o seu valor. Sobre toda esa extensa área, a propiedade e as persoas gozaban dunha seguridade practicamente absoluta.

Estes factores de orde, seguridade e uniformidade, dos que até daquela non tiña gozado nunca Europa en tan amplo e poboado territorio, nin durante un período tan longo, preparaban o camiño para a organización dun vasto mecanismo de transportes, distribución de carbón e comercio exterior que posibilitaba unha organización industrial da vida nos densos centros urbanos de poboación nova. Isto é abondo coñecido para requirir máis explicación, detallada con cifras. Pero pode ilustrarse coas relativas ó carbón, que foi a chave do crecemento industrial da Europa central pouco menos que do de Inglaterra; a extracción de carbón alemán aumentou de 30 millóns de toneladas en 1871 a 70 en 1890, 110 en 1900 e 190 en 1913.

Arredor de Alemaña, como eixe central, agrupouse o resto do sistema económico europeo; e da prosperidade e das empresas alemás dependía, de maneira principal, a prosperidade do resto do continente. O desenvolvemento crecente de Alemaña ofrecía ós seus veciños mercados para os seus produtos, a cambio dos que o comerciante alemán satisfacía a baixo prezo os seus principais pedidos.

A estatística da interdependencia económica de Alemaña e os seus veciños chama moito a atención. Alemaña era o mellor cliente de Rusia, Noruega, Bélxica, Suiza, Italia e Austria-Hungría; era o segundo cliente de Gran Bretaña, Suecia e Dinamarca, e o terceiro de Francia. Era a maior fonte de aprovisionamento para Rusia, Noruega, Suecia, Dinamarca, Holanda, Suiza, Italia, Austria-Hungría, Romanía e Bulgaria, e a segunda de Gran Bretaña, Bélxica e Francia.

En Inglaterra exportabamos máis a Alemaña que a ningún outro país do mundo, agás a India, e mercabámoslle máis que a ningún outro país do mundo, agás os Estados Unidos.

Non había país europeo, deixando os do occidente da propia Alemaña, que non fixera con ela máis da cuarta parte do seu comercio total, e no que fai a Rusia, Austria-Hungría e Holanda, a proporción era moito maior.

Alemaña non só daba subministración comercial a estes países, senón que a algúns deles mesmo lles proporcionaba unha gran parte do capital que precisaban para o seu propio desenvolvemento. Das inversións de Alemaña no estranxeiro antes da guerra, que ascendían a un total de 1.250 millóns de libras, aproximadamente, non menos de 500 millóns de libras estaban invertidos en Rusia, Austria-Hungría, Bulgaria, Romanía e Turquía. E polo sistema da *penetración pacífica* dáballes a estes países non só capital, senón tamén algo que precisaban tanto coma o capital: organización. Toda a Europa do leste do Rin caeu así na órbita industrial alemá, e a súa vida axustouse a iso.

Pero estes factores internos non terían sido abondo para poñer á poboación en condicións de se soste a si mesma se non existira ademais a cooperación de factores externos e de certas disposicións xerais comúns a toda Europa. Moitas das circunstancias xa expostas eran certas a respecto de toda ela, e non eran peculiares dos imperios centrais; todo o que segue era común ó sistema europeo no seu conxunto.

A psicoloxía da sociedade

Europa estaba social e economicamente organizada para garantir a máxima acumulación de capital. Porén, aínda que había certa mellora continuada das condicións da vida cotiá da maior parte da poboación, a sociedade estaba organizada de maneira que a maior parte do aumento dos ingresos ía quedar a disposición da clase se cadra menos disposta a consumila. Os novos ricos do século XIX non estaban afeitos a grandes gastos; preferían o poder que lles proporcionaba inverter os seus cartos máis que os praceres do gasto inmediato. Precisamente a desigualdade na distribución da riqueza era a que facía posibles aquelas vastas acumulacións da mesma e os aumentos de capital que distinguían esa época de tódalas demais. Nisto asenta, en realidade, a xustificación fundamental do sistema capitalista. Se os ricos gastaran a súa nova riqueza nos seus propios goces, hai moito tempo que o mundo tería considerado intolerable ese réxime. Pero, coma as abellas, aforraban e acumulaban, con vantaxe non cativa para o resto da comunidade, malia guiados por fins mesquiños.

As inmensas acumulacións de capital fixo que, con gran beneficio para a humanidade, se constituíron durante o medio século anterior á guerra, nunca poderían ter chegado a formarse nunha sociedade na que a riqueza se distribuira equitativamente. Os ferrocarrís do mundo, que se construíron nesa época como un monumento á prosperidade, foron non menos que as pirámides de Exipto, a obra dun traballo que non tiña liberdade

para poder consumir, en goces inmediatos, a remuneración total dos seus esforzos.

Así, este notable sistema dependía para o seu desenvolvemento dun dobre *bluff* ou engano. Dunha banda, as clases traballadoras, por ignorancia ou impotencia, aceptaban ou eran obrigadas a aceptar, persuadidas ou enganadas polo costume, os convencionalismos, a autoridade e a orde ben asentada na sociedade, unha situación na que só podían considerar unha parte moi escasa do «pastel», que eles, a natureza e os capitalistas contribuían a producir. E en troques, ás clases capitalistas permitíaseles quedar coa maior parte do pastel, e ademais, en principio, eran libres para consumilo, coa tácita condición de que, na práctica, consumían moi pouco sobre o total. O deber de «aforrar» constituíu as nove décimas partes da virtude, e o aumento do pastel foi obxecto de verdadeira relixión. Da privación do pastel xurdiron todos aqueles instintos de puritanismo que noutras épocas se arredaban do mundo e abandonaban as artes da produción e do gozo. E así aumentou o pastel; pero sen que se apreciara nidiamente para que fin. Exhortouse ó individuo non tanto a absterse totalmente como a cultivar os praceres da seguridade e da previsión. Aforrábase para a vellez ou para os fillos; aínda que só fora en teoría, a virtude do pastel consistía en que non chegaba a ser consumido de todo nunca, nin por vós nin polos vosos fillos despois de vós.

Isto non significaba reducir as opcións prácticas desa xeración. Na recóndita inconsciencia do seu ser, a sociedade sabía de que ía o asunto. O pastel era realmente moi pequeno en relación co apetito de consumo, e, de dar participación a todo o mundo, ninguén melloraría gran cousa co seu pedazo. A sociedade non traballa polo logro dos pequenos praceres de hoxe, senón pola seguridade futura e polo melloramento da raza; vale dicir: polo progreso. Se non se repartira así o pastel e se deixara que medrase na proporción xeométrica que predicara Malthus para a poboación, pode que chegara un día en que abundase con sentarse a acougar e que a prosperidade viñese de seu. Ese

día acabarían o exceso de traballo, a aglomeración, a escaseza de alimentos e os homes, tendo cubertas as súas necesidades e comodidades corporais, poderían adicarse ó exercicio máis nobre das súas facultades. Unha proporción xeométrica pode contrapesar outra, e dese xeito, o século XIX, na contemplación das virtudes engaiolantes do xuro composto, foi capaz de esquecer a fecundidade das especies.

Esta expectativa ofrecía dous inconvenientes: a nosa abnegación non pode producir felicidade mentres a poboación sobrepase á acumulación, é dicir, mentres que, a fin de contas, o pastel se consuma prematuramente nunha guerra, que de seu é quen de consumir todas aquelas esperanzas.

Estas ideas, porén, lévanme demasiado lonxe do meu propósito. Só trato de facer ver que o principio da acumulación, baseado na desigualdade, era unha parte vital da orde social e do progreso na preguerra, coma nós o entendemos daquela, e é de subliñar que este principio dependía de condicións psicolóxicas inestables que non é posible reproducir. Non era natural que una poboación na que eran tan poucos os que gozaban das comodidades da vida fíxese tan enormes acumulacións. A guerra amosoulles a todos a posibilidade do consumo, e a moitos, a inutilidade da abstinencia. Así queda a farsa ó descuberto; as clases traballadoras pode que non quixesen seguir máis tempo renunciando a tanto, e as clases capitalistas, perdida a confianza no porvir, poderían ter a pretensión de gozar máis plenamente das súas facilidades para consumir mentres duraran e de tal maneira anticiparse á hora da súa confiscación.

A relación do Vello Mundo co Novo

Os hábitos de aforro en Europa, antes da guerra, eran a condición necesaria do maior dos factores externos que sostiñan o equilibrio europeo.

Do excedente de capital en forma de mercadorías acumulado por Europa, exportouse unha gran parte ó estranxeiro, onde o

seu aproveitamento facía posible o desenvolvemento de novos recursos, como alimentos, materiais e transportes, poñendo ó mesmo tempo ó Vello Mundo en condicións de reclamar, fundamentalmente, a súa parte na riqueza natural e na produtividade virxe do Novo. Este último factor chegou a ser da maior importancia. O Vello Mundo empregou, con inmensa prudencia, o tributo que dese xeito tivo dereito a lograr. É certo que se gozaba e non se aprazaba o desfrute dos beneficios dos aprovisionamentos baratos e abondosos, resultado do novo desenvolvemento que facía posible o exceso de capital. Pero a maior parte dos xuros do diñeiro, acrecentando esas inversións estranxeiras, era reinvestida e deixábase acumular, coma unha reserva (tal que así se esperaba), para o día menos feliz en que o traballo industrial en Europa non puidera seguir adquirindo, en condicións tan fáciles, os produtos doutros continentes, e para cando correra perigo o conveniente equilibrio entre a súa civilización histórica e as razas puxantes doutros climas e países. Así, tódalas razas europeas tendían a beneficiarse tamén do crecemento dos novos recursos, mesmo procurando o seu cultivo no país, ou aventurándose no estranxeiro.

De tódolos xeitos, aínda antes da guerra, estaba ameazado o equilibrio, de tal maneira establecido entre as vellas civilizacións e os novos recursos. A prosperidade de Europa baseábase no feito de que, polo grande excedente de provisións alimenticias existente en América, podía adquirir os seus alimentos a un prezo que resultaba moi barato, apreciado en relación co traballo requirido para producir os seus produtos exportables, e que, a consecuencia da inversión previa do seu capital, tiña dereito a facerse anualmente cunha cantidade importante del, sen ningunha compensación. O segundo destes factores parecía, pois, libre de perigo; pero como resultado do crecemento da poboación en ultramar, principalmente nos Estados Unidos, non estaba tan seguro o primeiro.

Cando se puxeron por primeira vez en produción as terras virxes de América, a proporción da poboación deses mesmos

continentes e, xa que logo, das súas propias esixencias locais, eran moi pequenas comparadas coas de Europa. Até 1890, Europa tivo una poboación tres veces maior que a de América do Norte e a do Sur xuntas. Pero, cara a 1914, a demanda interior de trigo nos Estados Unidos aproximábase á súa produción, achegándose a data na que xa non habería sobreprodución exportable máis que nos anos en que a colleita fose excepcionalmente favorable. A demanda interior actual dos Estados Unidos estímase, neste senso, en máis do 90% da produción media dos cinco anos que van de 1909 a 1913⁵. Non obstante, naquela época amosábase a tendencia á restrición, non tanto por escaseza coma polo aumento constante do custo real. É dicir, tomando o mundo nun conxunto, non faltaba trigo; pero para proverse do necesario era preciso ofrecer un prezo efectivo máis alto. O factor máis favorable desta situación había que buscalo na amplitude coa que tiña que ser alimentada a Europa central mediante os sobrantes exportables de Rusia e Romanía.

En resumo: a demanda europea de recursos ó Novo Mundo volvíase precaria; a lei dos rendementos decrecentes volvíaa reafirmarse, de maneira que Europa, cada ano, tiña que ofrecer una maior cantidade doutros produtos para facerse coa mesma cantidade de pan; sen poder, por conseguinte, soportar de ningunha maneira a desorganización de ningunha das súas principais fontes de aprovisionamento.

Poderíase dicir moito máis para tentar describir as particularidades económicas da Europa de 1914. Escollín como característicos os tres factores máis importantes da inestabilidade:

⁵ Aínda desde 1914, a poboación dos Estados Unidos aumentara en sete ou oito millóns. Como o seu consumo anual de trigo, por cabeza, non é de menos de seis *bushels* (36,34 litros, aproximadamente, que vén ser un tercio menos que a fanega española) a escala da produción de antes da guerra nos Estados Unidos soamente será posible un exceso notable da mesma sobre a demanda interior actual un ano de cada cinco. Quedamos salvos de momento polas grandes colleitas de 1918 e 1919, que foron acaparadas, grazas ó prezo de garantía, por Mr. Hoover. Pero non se pode agardar que os Estados Unidos continúen elevando indefinidamente e en contía importante o custo da vida no seu propio país para prover a Europa dun trigo que non pode pagar.

a inestabilidade dunha poboación excesiva, dependente para a súa subsistencia dunha organización complicada e artificial; a inestabilidade psicolóxica das clases traballadoras e capitalistas, e a inestabilidade das esixencias europeas, acompañada da súa total dependencia do Novo Mundo para o seu aprovisionamento.

A guerra estremeceu este sistema até poñer en perigo o modo de vida de Europa. Unha gran parte do continente estaba enferma e moribunda; a súa poboación excedía en moito o número para o que era posible a vida; a súa organización estaba destruída; o seu sistema de transportes, trastornado, e os seus abastecementos, terriblemente diminuídos.

Era misión da Conferencia de Paz honrar os seus compromisos e darlle satisfacción á xustiza, e non menos restablecer a vida e cicatrizar as feridas. Estes deberes viñan ditados tanto pola prudencia coma por aquela magnanimidade que a sabiduría antiga aplicaba ós vencedores. Nos capítulos seguintes examinaremos o carácter efectivo da paz.

3. A Conferencia

Nos capítulos 4 e 5 vou estudar en detalle, as disposicións económicas e financeiras do Tratado de Paz con Alemaña. Pero ha ser máis fácil apreciar a verdadeira orixe de moitas destas condicións se examinamos aquí algún dos factores persoais que influíron na súa preparación. Ó acometer esta empresa, toco inevitablemente cuestións de motivación nas que o espectador está suxeito a erro e carece de títulos para botar enriba del as responsabilidades dun xuízo definitivo. Se neste capítulo parece que, ás veces, tomo liberdades só permitidas ó historiador, que xeralmente non nos atrevemos a usar ó tratar de asuntos contemporáneos, malia o maior coñecemento de causa con que falamos deles, excúseme o lector lembrando que grande é a necesidade que o mundo ten, se ha de ser quen de comprender

o seu destino, de iluminar, aínda que sexa parcial e incertamente, a complexa loita, aínda inconclusa, da vontade e da decisión humana, que, concentrada nas catro individualidades en maneira nunca igualada, fixo delas, nos primeiros meses de 1919, o microcosmos da humanidade.

Nas partes do Tratado ó que aquí me refiro, os franceses asumiron a dirección, posto que foron eles os que, xeralmente, iniciaron as proposicións máis definidas e extremas. Isto foi, en certo xeito, cuestión de táctica. Cando se espera que o resultado final sexa unha transacción, o máis prudente é partir dunha posición extrema; e os franceses anticiparon desde o comezo, coma outros moitos, un dobre xogo de transaccións, primeiro para atender ás opinións dos seus aliados e asociados, e logo, durante o decurso da propia Conferencia de Paz, para cos mesmos alemáns. O sucedido xustificou esta táctica. Clemenceau gañou entre os seus colegas do consello unha reputación de moderación, por abandonar algunhas veces, con aire de intelixente imparcialidade, as proposicións máis extremas dos seus ministros; e outras moitas pasaron porque os críticos americanos e ingleses descoñecían, como era natural, o verdadeiro punto a discutir ou porque a crítica demasiado persistente dos aliados sobre Francia colocábaos nunha situación que os facía semellar cobizosos, até poñerse de parte do inimigo e da defensa da súa causa. Así é que, cando os intereses ingleses e americanos non resultaban seriamente afectados, a súa crítica era débil e deixaban pasar algunhas decisións que os mesmos franceses non terían tomado moi en serio, e para as que logo non habería remedio por mor da cláusula da undécima hora, que non permitía discutir cos alemáns.

Pero ademais da táctica, tiñan unha política. Aínda que Clemenceau abandonase as pretensións dun Klotz ou dun Loucheur, ou pechara os ollos con aire de canseira cando os intereses franceses xa non estaban en litixio, coñecía os puntos vitais para Francia, e con estes cedía pouco. No que fai ás

principais liñas económicas do Tratado, responden a una idea razoada: esta idea é a de Francia e mais a de Clemenceau.

Clemenceau era, con moito, o membro máis eminente do Consello dos Catro, e decatárase do valor dos seus colegas. Era o único capaz de ter unha idea e, ó mesmo tempo, poder facerse cargo de tódalas súas consecuencias. A súa idade, o seu carácter, o seu enxeño e o seu porte sumábanse para lle dar relevo a un perfil definido nun fondo confuso. Non era posible desprezalo nin deixar de amalo. O único que se podía facer era ter ideas diferentes encol da natureza do home civilizado, ou alomenos entregarse a esperanzas distintas das súas.

A cara e o porte de Clemenceau son universalmente familiares. E no Consello dos Catro levaba una chaqueta de bordes cadrados, dun tecido moi bo, negro, e nas súas mans, nunca espidas, luvas de Suecia grises; as súas botas eran de coiro negro, forte, moi bo, pero de tipo rústico, e algunhas veces coidadosamente pechadas por diante cunha fibela, en vez de amallós. O seu sitio na sala da casa presidencial, onde se celebraban as reunións ordinarias do Consello dos Catro (a diferenza das conferencias privadas e inesperadas, que se celebraban nun cuarto máis cativo, abaixo), era un sillón cadrado, de brocatel, colocado no medio do semicírculo, fronte á cheminea, con Orlando á súa esquerda, o presidente a carón do lume, e o primeiro ministro Lloyd George diante, á outra banda da cheminea, á súa dereita. Non levaba papeis nin carteira, e non o acompañaba ningún secretario particular, aínda que varios ministros e funcionarios franceses, convocados segundo o asunto especial de que se tratara, estaban presentes arredor del. O seu porte, a súa man e a súa voz non carecían de vigor; pero, con todo, especialmente despois do atentado cometido contra el, ofrecía o aspecto dun home moi vello que aforraba as súas forzas para as ocasións graves. Falaba pouco, deixándolle a exposición inicial da causa francesa ós seus ministros e funcionarios; con frecuencia, pechaba os ollos e acomodábase

no sillón, cunha impasible cara de pergamiño, e as súas mans, enlucadas, cruzadas diante. Xeralmente, conformábase cunha frase breve, incisiva ou cínica, unha pregunta, a desaprobación non fundada ós seus ministros, sen gardar sequera as aparencias, ou unha exhibición de terquidade reforzada cunhas cantas palabras nun inglés pronunciado con viveza⁶. Pero nunca lle faltaba elocuencia nin paixón cando as necesitaba, nin a rápida expresión da palabra, frecuentemente seguida por unha fonda tose de peito, que producía impresión máis polo vigor e a sorpresa que pola persuasión.

Frecuentemente, Mr. Lloyd George, despois de facer un discurso en inglés, mentres se traducía ó francés, cruzaba a alfombra até o presidente para reforzar a súa causa con algún argumento *ad hominem*, nunha conversa privada, ou para sondar o terreo para unha intelixencia; e esta era, algunhas veces, o sinal para a axitación e a desorde xeral. Os conselleiros do presidente rodeábano; dalí a pouco, os técnicos ingleses cruzaban para saber o resultado, ou ver se todo ía ben, e de contado chegaban os franceses, un pouco receosos de que os outros puideran estar amañando algo ás súas costas, até que toda a sala acababa estando en pé e a conversa xeneralizábase en ámbolos dous idiomas a un tempo. A miña última e máis viva impresión é dunha escena tal ca esta: o presidente e o primeiro ministro, no centro dunha multitude axitada e dun babel de sons; unha mesturanza de compromisos e contracompromisos arelantes e imprevistos; ruídos e rabechas sen significación encol de calquera cuestión sen base real, esquecidos e abandonados xa os grandes enunciados da reunión da mañá... e Clemenceau, silencioso e distante mentres non estivese en litixio nada que atingira á seguridade de Francia, dominando, coma nun trono,

⁶ Era o único que entre os Catro podía falar e comprender ámbalas dúas linguas. Orlando só sabía francés, e o primeiro ministro e mailo presidente, só inglés; sendo de importancia histórica facer notar que Orlando e o presidente non tiveran medio directo de comunicación.

coas súas luvas grises, no sillón de brocatel, coa alma seca e baldeira de esperanzas, ancián e canso, pero vixiando a escena cun aire cínico, case desdeñoso e malicioso; e cando, por fin, se restablecía o silencio e cada quen volvía ó seu sitio, resultaba que el xa desaparecera.

Sentía, a respecto de Francia, o que Pericles de Atenas: o único que pagaba a pena estaba nela; o demais non tiña ningún interese; pero a súa teoría política era a de Bismarck. Tiña unha ilusión: Francia; e unha desilusión: a humanidade, incluídos os franceses, e non menos os seus colegas. Os seus principios, no tocante á paz, poden expresarse sinxelamente. En primeiro lugar, era un crente decidido naquel concepto da psicoloxía alemá, segundo o que o alemán non comprende nin pode comprender nada máis que a intimidación; que non ten xenerosidade nin remordemento nos tratos; que non hai vantaxe que non fora quen de aproveitar, e que polo seu proveito rebaixaríase a todo; que non ten honor, orgullo nin piedade. Xa que logo, non se debe tratar nunca cun alemán, nin conciliarse con el; hai que mandar sobre el. Doutro xeito non vos respectará, nin poderedes impedir que vos engane. Pero non é doado saber até que punto pensaba el que estas características eran exclusivas de Alemaña, ou se a súa candorosa opinión de algunhas outras nacións era, en esencia, diferente. Na súa filosofía non cabía o sentimentalismo nas relacións internacionais. As nacións son cousas reais, das que se ama a unha; polas demais séntese indiferenza ou xenreira. A gloria da nación que se ama é un fin desexable; pero xeralmente hai que logralo á conta do veciño. A política da forza é inevitable, e non hai que esperar nada novo desta guerra nin do fin polo que se loitaba; Inglaterra destruíra, como no século anterior, a un rival comercial, e pechárase un capítulo importante na loita secular da gloria alemá e da gloria francesa. A prudencia esixía que en certa medida se servira de palabra ós ideais dos tontos americanos e dos hipócritas ingleses; pero sería estúpido pen-

sar que hai un lugar no mundo, tal e como é este na realidade, para asuntos tales coma a Sociedade de Nacións, nin que teña sentido ningún o principio de autodeterminación, a non ser como fórmula enxeñosa de empurrar a balanza da forza do lado do noso propio interese.

Porén, isto son xeneralidades. Ó trazar os detalles prácticos da paz que el coidaba necesarios para a influencia e a seguridade de Francia, temos que retroceder ás causas históricas que actuaron durante a súa vida. Antes da guerra franco-alemá, as poboacións de Francia e Alemaña eran iguais, aproximadamente; pero o carbón, o ferro e a Mariña de Alemaña estaban na súa infancia, e a riqueza de Francia era moi superior. Aínda despois da perda de Alsacia-Lorena non había gran diferenza entre os recursos efectivos dos dous países; pero no período seguinte, a posición relativa tiña mudado por completo. Cara a 1914, a poboación de Alemaña excedía nun 70% á de Francia; chegara a ser unha das primeiras nacións industriais e comerciais do mundo; a súa habilidade técnica e os seus medios de produción de futura riqueza non tiñan igual. Francia, en troques, tiña unha poboación estacionaria e mesmo decrecente, e quedara seriamente por debaixo en riqueza e en poder para producila.

Malia, porén, que Francia saíra vitoriosa da loita presente (coa axuda, esta vez, de Inglaterra e América), a súa posición futura seguía a ser precaria a ollos de quen considerase que a guerra civil europea debería ollarse coma cousa normal, ou alomenos coma un estado de cousas que se habería de repetir no futuro, e que a mesma clase de conflitos entre as grandes potencias organizadas que se viñeran reproducindo nos cen anos anteriores volverían a producirse nos vindeiros. Segundo esta versión do porvir, a historia europea consiste nunha loita perpetua, na que Francia gañou esta partida, que non ha de ser de certo a última. A política de Francia e de Clemenceau son consecuencia lóxica da crenza de que a vella orde de cousas

non muda esencialmente: está baseada na natureza humana, que é sempre a mesma, e, xa que logo, persiste o escepticismo sobre a doutrina defensora da Sociedade de Nacións. Unha paz magnánima, ou de trato nobre e equitativo, baseada na ideoloxía dos *Catorce Puntos* do presidente, non podería dar máis resultado que o acurtamento do período de convalecencia alemá, e precipitar o día en que volvera a arrebolarse sobre Francia as súas masas maiores, os seus recursos superiores e a súa habilidade técnica. De aí a necesidade das garantías; e cada garantía que se tomaba, aumentando a xenreira, e, xa que logo, a posibilidade da subseguinte desquite de Alemaña, facía necesarias novas precaucións para aplastala. Así é que, adoptando esta idea do mundo e rexeitando a outra, é consecuencia ineludible que se ha de pedir unha paz cartaxinesa, con ánimo de impoñela con toda a forza do poder actual. Clemenceau non fixo ningún aceno de que se considerara obrigado polos *Catorce Puntos*, e deixoulles a outros o coidado de preparar as fórmulas que, de vez en cando, eran necesarias para salvar os escrúpulos do presidente.

A política de Francia, pois, até onde fora posible, consistía en parar o reloxo e desfacer o que desde 1870 se lograra polo progreso de Alemaña. Había que diminuír a súa poboación pola perda de territorio e outros medios; pero principalmente había que destruír o seu sistema económico, do que dependía a súa nova forza; a súa vasta organización, fundada sobre o ferro, o carbón e os transportes. E se Francia podía adquirir, aínda que só fora en parte, o que Alemaña se vía obrigada a abandonar, o desequilibrio de forzas entre os dous rivais para o logro da hexemonía europea podía remediarse durante varias xeracións.

De aquí xorden as múltiples decisións que tenden á destrución da vida económica, tan altamente organizada, que examinaremos no próximo capítulo.

Esta é a política dun vello cuxas sensacións e imaxes máis vivas pertencen ó pasado e non ó porvir. El non ve nesta

empresa máis que o que lle atingue a Francia e Alemaña, non á humanidade e nin tan sequera á civilización europea, en loita por unha nova orde de cousas. A guerra mordeu na súa conciencia en forma diferente que na nosa: el non se apercibe, nin desexa, que esteamos no limiar dunha nova era.

Pero acontece, ademais, que a cuestión que está enriba do tapete non é unha cuestión puramente ideal. Teño o propósito de amosar neste libro que a paz cartaxinesa non é *prácticamente* xusta nin posible. Aínda que a escola douctinal da que provén preocupábase polo factor económico, prescinde, malia tal, das tendencias económicas máis profundas que han de rexer o porvir. O reloxero non se pode parar. Non se pode reinstaurar a Europa central de 1870 sen causar tales esgazaduras na estrutura europea e sen ceibar tales forzas humanas e espirituais que, pasando sobre razas e fronteiras, non só vos pillarán a vós, senón a todo o que constitúe as nosas garantías, e as vosas institucións e a toda a orde existente da vosa sociedade.

Por que arte de prestidixitación foron substituídos os *Catorce Puntos* por esta política, e como chegou o presidente a aceptala? A contestación a esa pregunta é difícil, e baséase en circunstancias de carácter, en elementos psicolóxicos e en sutís influencias do medio, difíciles de descubrir e máis difíciles aínda de escribir. Pero se, algunha vez, a acción dun só individuo pode contar para algo, a defección do presidente foi un dos acontecementos morais decisivos na historia; teño que tratar de explicalo. Que lugar ocupaba o presidente no corazón e nas esperanzas do mundo cando embarcou no *George Washington*! Que gran home veu a Europa nos primeiros días da nosa vitoria!

En novembro de 1918, os exércitos de Foch e as palabras de Wilson arrincáranos de súpeto daquel remuíño que tragaba todo o que máis nos importaba. As condicións parecían máis favorables do que se esperaba. A vitoria foi tan completa que o temor non tiña importancia ningunha no convenio. O inimigo entregara as armas confiando nun entendemento solemne sobre

o carácter xeral da paz, cuxos termos semellaban garantir unha solución xusta e magnánime, e unha esperanza leal para a restauración da interrompida corrente da vida. Para facer da probabilidade certeza, o presidente mesmo viñera para poñerlle o seu selo á obra.

Cando o presidente Wilson saíu de Washington, gozaba dun prestixio e mais dunha influencia moral en todo o mundo endexamais igualados na historia. As súas palabras firmes e atemperadas chegaban ós pobos de Europa por enriba das voces dos seus propios políticos. Os pobos inimigos fiaban nel para levar adiante o compromiso que se pactara, e os pobos aliados acataban a súa condición non só coma a de vencedor, senón tamén de profeta. Ademais desa influencia moral, tiña nas súas mans a realidade do poder. Os exércitos americanos estaban no apoxeo polo seu número, disciplina e avituallamento. Europa dependía completamente das provisións de alimentos enviadas polos Estados Unidos, e aínda era máis absolutamente dependente en aspectos financeiros. Non só lle debía ós Estados Unidos máis do que lle podía pagar, senón que precisaba un auxilio eficaz engadido para salvarse da fame e da creba. Endexamais un filósofo posuíra armas semellantes para someter ós príncipes deste mundo. Como se amoreaban as multitudes das capitais europeas arredor da carruaxe do presidente! Con que curiosidade, con que ansiedade e con que esperanza tratamos de verlle a mirada e o porte ó home do destino, que, chegado de Occidente, viña traer alivio para as feridas da vella nai da civilización e a botar os alicerces do noso porvir!

A desilusión foi tan completa que os máis confiados apenas se atrevían a falalo. Podía ser certo? Preguntábanlles ós que volvían a París. Era o Tratado realmente tan malo como parecía? Que lle pasaba ó presidente? Que debilidade ou desgraza levara a tan extraordinaria e imprevista traizón?

Porén, as causas eran moi vulgares e humanas. O presidente non era nin un heroe nin un profeta; nin sequera era un filósofo;

non era máis que un home de intención xenerosa, con moitas debilidades coma as dos demais seres humanos e carente da preparación intelectual dominadora que tería sido precisa para loitar fronte a fronte no consello cos magos, sutís e perigosos, que chegaran ó cumio por causa dunha tremenda colisión de forzas e persoas, coma mestres triunfantes no rápido xogo do *toma e daca*, no que el carecía de experiencia.

Realmente, tiñamos unha idea completamente equivocada do presidente. Sabiamos que era un solitario retraído; pensabamos que tiña unha gran forza de vontade e que era obstinado. Non o imaxinabamos coma un home detallista; pero críamos que a claridade con que se fixera con certas ideas substanciais, en combinación coa súa tenacidade, capacitábao para arredar calquera clase de arañeiras. Ademais destas cualidades, debía ter a obxectividade, a cultura e o coñecemento abondoso dun home de estudos. A linguaxe selecta que se apreciaba nas súas notas parecía indicar que podía ser un home de imaxinación elevada e poderosa. Os seus retratos amosaban unha presenza fermosa e unha expresión imperativa. E, para máis aínda, tiña acadado e ostentado cunha autoridade en aumento a primeira maxistratura dun país no que non se menosprezan as artes do político. Todo iso, sen agardar o imposible, parecía unha preciosa combinación de cualidades para o asunto a tratar.

A primeira impresión que producía de preto Mr. Wilson rebaixaba algunha aínda que non todas estas ilusións. A súa cabeza e as súas faccións estaban finamente trazadas, mesmo coma nas súas fotos, e o seu pescozo e o porte da súa testa eran distinguidos. Mais, coma Ulises, o presidente parecía máis grave cando estaba sentado, e as súas mans, aínda que mañosas e abondo fortes, carecían de sensibilidade e delicadeza. A primeira ollada non só suxería que, polo que fora, o seu temperamento non era substancialmente o dun sabio ou o dun home de estudos, senón que non tiña sequera aquel coñecemento do mundo que distingue a M. Clemenceau e a Mr. Balfour, como

cabaleiros tan exquisitamente cultivados da súa clase e xeración. Pero, o que aínda era máis grave, non só era insensible ó medio externo, senón que tamén o era totalmente ó seu séquito. Que vantaxe podería ter un home así, fronte á sensibilidade infalible, case dun médium, para todo o que o arrodeaba, de Mr. Lloyd George? Vendo ó primeiro ministro británico vixiando ós presentes, con seis ou sete sentidos, que non teñen os homes vulgares, xulgando o carácter, os motivos, o pulo subconsciente, penetrando no que cada un está pensando e até no que cada un vai dicir, e ordenando, con instinto telepático, o argumento ou a excitación máis acaída á vaidade, á debilidade ou ó egoísmo do seu auditor, comprobábase que o pobre presidente ía xogar o papel de cego nesta partida. Non había vítima máis perfecta e predestinada para as puídas artes do primeiro ministro.

En calquera caso, o Vello Mundo era tenaz na súa perversidade; o seu corazón de pedra podía esportelar a folla mellor afiada do máis bravo dos cabaleiros andantes. Pero este Don Quixote, cego e xordo, entraba nunha caverna onde o aceiro rápido e faiscante estaba na man do adversario.

Mais, se o presidente non era o rei dos filósofos, que era? Despois de todo, era un home que pasara gran parte da súa vida na universidade. Non era, de ningún xeito, un home de negocios nin un vulgar político de partido, senón un home de forza, de personalidade e de importancia. Cal era, pois, o seu temperamento?

Unha vez que se atopou a explicación, todo ficou claro. O presidente era algo así coma un ministro «non conformista», acaso un presbiteriano. O seu pensamento e o seu temperamento eran esencialmente teolóxicos e non intelectuais, con toda a forza e toda a debilidade de tal maneira de pensar, sentir e expresarse. É un tipo dos que xa non quedan exemplares tan bos coma antes houbera en Inglaterra nin en Escocia; pero esta descrición, sen dúbida, halle dar a un inglés unha idea máis exacta do presidente.

Conservemos no noso espírito este retrato e volvamos ó curso dos acontecementos. O programa que o presidente lle tiña dado ó mundo, presentado nos seus discursos e notas, amosara un espírito e uns propósitos tan admirables que os seus simpatizantes nin se ocuparan de enxuizar os detalles; detalles que, segundo eles mesmos, se omitiran con razón polo momento, pero que se explicitarían ó seu debido tempo. A xeneralidade, ó comezo da Conferencia de París, cría que o presidente, auxiliado polos seus conselleiros, tiña pensado un plan que non só abranguía a vida das nacións, senón tamén a incorporación dos *Catorce Puntos* ó Tratado de Paz actual. Pero o presidente, en realidade, non tiña trazado nada, e cando chegou á práctica, as súas propostas eran neboentas e incompletas. Non tiña plan, nin proxecto, nin ideas construtivas para vestir con carne viva os mandamentos fulminados desde a Casa Branca. Podería ter predicado un sermón sobre calquera deles, ou dirixir un rezo erguido ó Todopoderoso para a súa execución; pero o que non podía era encaixar a súa aplicación concreta no actual estado de Europa.

Non só non tiña proposicións detalladas, senón que en moitos aspectos estaba incluso mal informado sobre as circunstancias europeas. Tamén estaba mal informado, certamente, sobre Mr. Lloyd George, e o seu espírito era pousón e inadaptable. A lentitude do presidente entre os europeos era de notar. Non podía entender no mesmo instante o que os demais estaban dicindo, abranguer a situación cunha ollada, preparar unha resposta nin evitar unha pregunta inoportuna, e estaba exposto a ser derrotado, xa que logo, tan só por mor da rapidez, da facilidade de comprensión e da axilidade que si tiña Lloyd George.

Poucas veces terá existido un home de Estado de primeira fila máis incompetente que o presidente para as axilidades da discusión dun consello. Frecuentemente, presentábase un momento no que se podía acadar unha vitoria importante se, cunha concesión aparente, se puidera eludir a oposición, ou

fora posible conciliála reformando a súa proposición en xeito favorable para os contrarios e sen prexudicarse a un mesmo de maneira esencial. O presidente non posuía esta arte sinxela e corrente. O seu espírito era demasiado lento e carente de recursos para estar preparado diante de calquera evento. Era capaz de chantar os seus calcaños e non moverse, como fixera en Fiume. Pero non tiña máis defensa, e, por regra xeral, os seus contraditores precisaban facer moi pouco para impedir que as cousas chegaran a tal estado antes de que fora demasiado tarde. Con amabilidade e aparencias de concesión, era posible sacar ó presidente do seu terreo e facerlle perder ese momento de chantar os calcaños, e cando se decataba de a onde os levaran era xa demasiado tarde. Ademais, é imposible fincar os calcaños a cada momento cando se está un e outro mes en íntima e ostensible amizade con socios próximos. A vitoria non era posible máis que para o que tivera en cada intre unha percepción abondo viva da situación no seu conxunto, para reservar a súa paixón, para actuar de xeito decisivo nos momentos precisos, e para iso o presidente era excesivamente pousón e vacilante.

Non remediaba estes defectos acudindo á axuda da sabedoría colectiva dos seus auxiliares. Tiña ó seu arredor, para as materias económicas do Tratado, un grupo moi capaz de homes de negocios; pero eran inexpertos en asuntos públicos, e sabían (cunha ou dúas excepcións) tan pouco de Europa coma el, e só os chamaba cando os necesitaba para un asunto particular. Así mantivo aquel illamento que en Washington lle resultara eficaz, e pola súa reserva anormal non admitiu preto del a ninguén que aspirara á igualdade moral ou ó exercicio continuo de influencia. Os seus plenipotenciarios eran mudos, e até o leal coronel House, con moitos máis coñecementos dos homes e de Europa que Wilson, grazas a cuxa perspicacia se compensara moito a lentitude do presidente, ficou relegado, andando o tempo, a segundo lugar. Todo isto foi fomentado polos seus colegas do Consello dos Catro, que, pola disolución

do Consello dos Dez, completaron o illamento propiciado xa polo propio temperamento do presidente. Así, día tras día, e semana tras semana, consentiu en ser encerrado, abandonado, sen consello nin auxilio, cuns homes moito máis perspicaces ca el, en situacións de suprema dificultade, e precisamente cando necesitaba para o éxito toda clase de recursos, imaxinación e coñecemento. Deixouse envelenar pola súa atmosfera; tolerou a discusión sobre o fundamento dos seus propósitos e principios, e deixouse levar ó terreo deles.

Estas e outras causas combináronse para producir a seguinte situación. O lector debe ter presente que o proceso que aquí se recolle só nunhas cantas páxinas, desenvolveuse lenta, gradual e insidiosamente durante un período de cinco meses.

Como o presidente non tiña preparado nada, o consello traballaba, xeralmente, sobre a base dun plan francés ou inglés. E por iso, se vía obrigado a adoptar unha actitude persistente de obstrución, de crítica e de negación, se o proxecto se tiña que poñer de algunha maneira en liña coas súas propias ideas e propósitos. Se en algúns puntos se lle daba un trato aparentemente xeneroso (pois sempre habería unha marxe segura para ceder sobre proposicións absurdas que ninguén tomaba en serio), era difícil que el non o compensara doutro xeito. O compromiso era inevitable, e moi difícil non comprometerse nunca no esencial. Ademais, fixérono aparecer como defensor da causa alemá, expoñéndoo á insinuación (á que el mesmo era necia e desgraciadamente sensible) de estar ó seu favor.

Logo dun alarde de principios e de dignidade nos primeiros días do Consello dos Dez, descubriu que había certos puntos moi importantes no programa dos seus colegas franceses, ingleses e italianos (segundo o caso), cuxo sometemento era incapaz de lograr polos métodos da diplomacia secreta. Que ía facer el, pois, en último termo? Podía deixar que a conferencia

devalara sen finalidade interpoñendo a súa obstinación. Nun intre de rabia, podía interrumpila e volver a América, sen arranxar nada. Podía tentar chamar ó mundo por enriba dos membros da conferencia. Todas eran alternativas desgrazadas, contra cada unha das cales habería moito que decidir. Eran, ademais, moi arriscadas, sobre todo para un político. A política equivocada do presidente na elección do Congreso tiña debilitado a súa posición persoal no seu propio país, e non era, en ningunha maneira, seguro que o público americano o apoiara nunha posición intransixente. Iso significaría unha campaña cuxas consecuencias se anularían por toda clase de consideracións persoais e de partido, e quen podería dicir que o Dereito triunfaría nunha loita que non se habería de decidir, certamente, polos seus méritos? Ademais, calquera fenda aberta cos seus colegas atraería sobre a súa cabeza a paixón cega dos antialemáns, sentimento que aínda inspiraba ó público de todas as nacións aliadas. Non lle prestarían oído ós seus argumentos. Non terían a frialdade abondo para considerar a súa iniciativa como caso de moralidade internacional ou de bo goberno para Europa. O berro sería, sinxelamente, que por varias razóns reviradas e egoístas, o presidente desexaba «non deixar que se meteran cos hunos». Podíase pronosticar cal sería a voz unánime das prensas francesa e inglesa. Dese xeito, se arrebolaba a luva publicamente, podería saír derrotado. E se o era, non sería a paz definitiva moito peor que se el estaba alí sostendo o seu prestixio e tratanto de facela todo o boa que as limitadas condicións da política europea permitiran? Pero, sobre todo, se era derrotado, non se botaría a perder a Sociedade de Nacións? E non era ese, despois de todo, e con moito, o resultado máis importante para a futura felicidade do mundo? O Tratado podía alterarse e dulcificarse co tempo. Moito do que para el parecía vital, agora podería chegar a volverse insignificante, e outro tanto, era impracticable, non acontecería nunca. Mentres que a Sociedade, aínda que fora de forma imperfecta, era permanente; era o comezo dun novo

principio de goberno do mundo; a verdade e a xustiza nas relacións internacionais non se podían establecer nuns cantos meses; debían nacer no seu tempo pola lenta aceptación da Sociedade. Clemenceau amosara talento abondo para deixar ver que acataría a Sociedade a certo prezo.

Nese momento crítico da súa sorte, o presidente era un home abandonado. Collido nos lazos do Vello Mundo, tiña gran necesidade de simpatía, de auxilio moral, do entusiasmo das masas. Pero soterrado na conferencia, afogado na calurosa e envenenada atmosfera de París, non lle chegaba ningún eco do mundo exterior, nin un latexo de paixón, simpatía ou alento dos seus silenciosos representados de tódolos países. Sentía que a lapa da popularidade con que foi ovacionado á súa chegada a Europa xa estaba debilitada; a prensa de París escarnecía abertamente; os seus contrarios políticos, no seu país, aproveitábanse da súa ausencia para crear atmosfera contra del; Inglaterra, fría, censora, non lle respostaba. Constituía de tal xeito o seu *entourage*, que tampouco lle chegaba por condutos privados a corrente de confianza e entusiasmo de que estaban colmadas as fontes populares. Necesitaba a forza acumulada da fe colectiva; pero faltáballe. O terror alemán aínda pesaba sobre nós, e o público simpatizante tamén estaba aínda moi en prevención; non se lle podía dar alento ó enemigo; os nosos amigos debían ser auxiliados; non era ese o momento para discordias e axitacións; había que ter confianza no presidente para que fixera o mellor que puidera. E nesa sequidade, a flor da fe do presidente murchou e secou. E chegou a ocorrer que o presidente deu contraorde ó *George Washington*, ó que nun momento de cólera, abondo motivada, ordenara estar disposto para levalo desde as traidoras estancias de París até a sé da súa autoridade, onde se puidera reatopar consigo mesmo. Pero en canto que tomaba o camiño dos compromisos, os defectos devanditos do seu temperamento e da súa preparación reaparecían fatalmente. Podía tomar un camiño elevado; podía ter obstinación, podía lanzar notas desde o Sinaí ou desde o Olimpo; podía ser inabordable

na Casa Branca ou no Consello dos Dez, e estaba seguro. Pero se chegaba a descender á íntima igualdade dos Catro, a partida estaba perdida.

E foi entón cando o que eu chamei o seu temperamento teolóxico se volveu perigoso. Tendo decidido que era inevitable facer algunhas concesións, podía tentar, con firmeza e habilidade, utilizando o poder financeiro dos Estados Unidos, asegurar canto puidera do espírito, aínda que fora con certo sacrificio da letra. Pero o presidente era incapaz dunha transacción tan nidia consigo mesmo como iso supoñía. Era demasiado concienzudo. Aínda que as transaccións foran necesarias nese momento, el seguía sendo un home de principios e, os *Catorce Puntos*, un contrato que o ligaba absolutamente. Nunca faría nada que non fose honorable, nada que non fora xusto nin recto, nada que fora contrario a súa profesión de fe. Así, sen perder nada da súa verbal inspiración, os *Catorce Puntos* convertéronse nun documento de glosas e interpretacións con todo o aparello intelectual da propia decepción, polo que, atévome a asegurar, os antepasados do presidente se tiñan persuadido a si mesmos de que o camiño que consideraban preciso seguir dependía de cada sílaba do *Pentateuco*.

Daquela, a actitude do presidente, fronte a fronte dos seus colegas, chegou a ser a seguinte: teño que coincidir convosco no que poida; vexo as vosas dificultades, e desexaría ser quen de acceder ó que me propoñedes; pero eu non podo facer nada que non sexa recto e xusto, e vós, sobre todo, téndesme que amosar que o que ansiades cabe realmente dentro das palabras das declaracións que me obrigan.

E entón comezou a tecer aquela regra de eséxese e sofisma xesuítico que acabaría revestindo de insinceridade a linguaxe e a substancia de todo o Tratado. A palabra foi lanzada ós bruxos de todo París:

O bo é malo, e o malo é bo, remouqueando ó través da néboa e do aire impuro.

Os sofistas máis sutís e os proxectistas máis hipócritas puxéronse á obra, e produciron moitos traballos enxeñosos, que enganarían durante máis dunha hora a un home máis intelixente que o presidente.

Así, en vez de dicir que á Austria alemá prohibíasele integrarse en Alemaña, a non ser coa autorización de Francia (o que non tiña acomodo co principio de libre determinación), o Tratado, con delicada habilidade, afirma que «Alemaña reconece e respetará de maneira estrita a independencia de Austria dentro das fronteiras que se han de fixar nun tratado entre aquel Estado e as principais potencias aliadas e asociadas; reconece que esta independencia ha de ser inalienable, a non ser co consentimento do Consello da Sociedade de Nacións», o que soa completamente diferente dicindo o mesmo. Pero, quen sabe que o presidente olvidou que outra parte do Tratado dispón que para este propósito o Consello de Seguridade ha de decidir por unanimidade!

En lugar de darlle Dantzig a Polonia, o Tratado establece que sexa unha cidade libre; pero inclúea dentro das fronteiras de aduanas polacas, confiando a Polonia o control do sistema de ríos e ferrocarrís, e ordena que «o Goberno polaco dirixirá as relacións estranxeiras da cidade libre de Dantzig, así coma a protección diplomática dos seus cidadáns no estranxeiro».

Ó colocar o sistema fluvial de Alemaña baixo control estranxeiro, o Tratado fala de declarar internacionais aqueles «sistemas fluviais que serven naturalmente como acceso ó mar a máis dun Estado, con transbordo ou sen el dun barco a outro».

Tales exemplos pódense multiplicar. O propósito honrado e comprensible da política francesa, de limitar a poboación de Alemaña e debilitar o seu sistema económico, revestiuse, en obsequio do presidente, coa augusta linguaxe da liberdade e da igualdade internacionais.

Pero pode que o momento máis decisivo da desintegración da situación moral do presidente e do aneboamento do seu espí-

rito fora cando, ó remate, co desánimo dos seus conselleiros, se deixou persuadir sobre que o gasto feito polos Gobernos aliados para pagar pensións e compensacións ós internados podía considerarse xustamente como «dano causado á poboación civil das potencias aliadas e asociadas por causa da agresión de Alemaña por terra, mar e aire», nun senso no que non se podían considerar os outros gastos de guerra. Houbo unha longa disputa teolóxica na que, logo de rexeitar moitos argumentos diferentes, o presidente acabou por capitular diante da obra mestra da arte dos sofistas.

Por fin acabouse a obra, e a conciencia do presidente ficaba intacta. Malia todo, eu creo que o seu temperamento lle permitiu deixar París sendo realmente un home sincero, e é posible que hoxe aínda estea fondamente convencido de que o Tratado non contén realmente nada discordante coas súas primeiras declaracións.

A obra era demasiado completa, e a iso se debeu o derradeiro episodio trágico do drama. A réplica de Brockdorff-Rantzau non podía por menos de tomar o argumento de que Alemaña depuxera as armas sobre a base de certas garantías, e que o Tratado, en moitos puntos, non as respectaba. Pero iso era precisamente o que o presidente non podía admitir; na penosa contemplación solitaria, e coas súas oracións a Deus, non fixera nada que non fora xusto e bo; admitir que a réplica alemá puidera ter algún valor, para el representaba destruír o respecto de si mesmo, e crebar o equilibrio interno da súa alma, e tódolos instintos da súa natureza obstinada alzábanse en defensa propia. En termos de psicoloxía médica, suxerirlle ó presidente que o Tratado era un abandono das súas promesas era tocar en vivo un complexo freudiano. Non era materia discutible, e os instintos subconscientes conspiraban todos para evitar novas exploracións.

E así foi como Clemenceau logrou o éxito da proposta, que só uns meses antes parecera extraordinaria e imposible, de que os alemáns non foran escoitados. Só con que o presidente non

fora tan concienzudo; só con que non agochara para si mesmo a súa propia obra, aínda que fora no último momento podería ter estado en situación de recobrar o terreo perdido e lograr un éxito moi considerable. Pero o presidente ficaba inmóbil. Os seus brazos e pernas foran suxeitados polos cirurxiáns nunha postura fixa, e romperían antes de moverse. Mr. Lloyd George, desexando no último momento actuar con maior moderación, descubriu horrorizado que en cinco días non podía persuadir ó presidente de que era un erro aquilo que tardara cinco meses en demostrarlle que era xusto e recto. Despois de todo, era máis difícil sacar do engano a este vello presbiteriano do que fora enganalo, porque no seu engano xa ía envolta a súa fe e o respecto de si mesmo.

Dese xeito, no último acto, o presidente mantívose testán e rexeitou toda conciliación.

4. O Tratado

As ideas que veño de expoñer no capítulo 2 non estaban presentes no espírito da Conferencia de París. Non lles interesaba a vida futura de Europa; non estaban inquedados polos seus medios de vida. As súas preocupacións, boas e malas, referíanse ás fronteiras e ás nacionalidades, ó equilibrio das potencias, ós engrandecementos imperiais, ó logro do debilitamento para o futuro dun inimigo forte e perigoso, á vinganza, e a botar sobre as costas do vencido a carga financeira insoportable dos vencedores.

Presentábanse dous proxectos rivais para a futura política do mundo: os *Catorce Puntos* do presidente e a paz cartaxinesa de M. Clemenceau. Só un deles podía prevalecer, porque o inimigo non se rendera incondicionalmente, senón en condicións acordadas a respecto do carácter xeral da paz.

Desgraciadamente, non se pode pasar sobre esta fasquía do que aconteceu sen dicir algunha palabra, porque no espírito de

moitos ingleses, alomenos, foi un asunto moi mal comprendido. Moitas persoas cren que as cláusulas do armisticio constituían o primeiro contrato concluído entre as potencias aliadas e asociadas e o Goberno alemán, e que entrabamos na conferencia coas mans libres, tan só naquilo que os termos do armisticio non nos podían comprometer. Pero non era ese o caso. Para simplificar a situación é preciso revisar aínda que sea brevemente a historia das negociacións, que empezaron coa nota alemá de 5 de outubro de 1918, e que concluíron coa nota do presidente Wilson do 5 de novembro de 1918. O 5 de outubro de 1918, o Goberno alemán dirixiulle unha breve nota ó presidente aceptando os *Catorce Puntos* e pedíndolle negociacións de paz. Na resposta do presidente, do 8 de outubro, preguntábase se se debía entender de xeito terminante que o Goberno alemán aceptaba os «termos fixados» nos *Catorce Puntos* e as súas mensaxes subseguintes, e «que o seu obxecto ó entrar en discusión sería só o de chegar á conformidade nos detalles prácticos da súa aplicación». Engadía que a evacuación do territorio invadido tiña que ser unha condición previa do armisticio. O 14 de outubro, tendo recibido esta resposta afirmativa, o presidente deu unha nova comunicación aclarando os seguintes puntos: 1º, que a determinación dos detalles do armisticio quedaría a cargo dos conselleiros militares dos Estados Unidos e dos aliados, e que debería dar seguridade absoluta contra a posibilidade de que Alemaña reanudara as hostilidades; 2º, que para que continuaran as conversas tería que cesar a guerra submarina, e 3º, que esixía novas garantías do carácter representativo do Goberno con quen tería que entenderse. O 20 de outubro, Alemaña aceptou os puntos 1º e 2º, e indicou, no que atinguía ó 3º, que tiña unha Constitución e un Goberno cuxa autoridade dependía do Reichstag. O 23 de outubro, o presidente anunciou que

tendo recibido do Goberno alemán a solemne e explícita seguridade de que aceptaba sen reserva os termos da paz fixados na súa comunicación ó Congreso dos

Estados Unidos o 8 de xaneiro de 1918 (os *Catorce Puntos*), e os principios de arranxo enunciados nas súas mensaxes subseguintes, particularmente na de 27 de setembro, e que está disposto a discutir os detalles da súa aplicación,

deu noticia desta comunicación ós Gobiernos das potencias aliadas, «coa indicación de que se estes Gobiernos estaban dispostos a levar a feito a paz sobre os termos e principios indicados», deberían pedírselles ós seus conselleiros militares que formularasen as condicións do armisticio, con tal espírito que «aseguraran ós Gobiernos asociados poder ilimitado para salvagardar e reforzar os detalles da paz, ós que xa prestara a súa conformidade o Goberno alemán». Ó remate desta nota, o presidente aludía, máis claramente que na do 14 de outubro, á abdicación do káiser. Isto completaba as negociacións preliminares, nas que só era parte o presidente, actuando sen os Gobiernos das potencias aliadas.

O 5 de novembro de 1918, o presidente transmitíalle a Alemaña a resposta que recibira dos Gobiernos asociados, e engadía que o mariscal Foch fora autorizado para comunicar os termos dun armisticio ós representantes acaidamente acreditados. E nesta resposta, os Gobiernos aliados,

aténdose ás condicións que seguen, declaran a súa vontade de facer a paz co Goberno de Alemaña, nos termos establecidos na comunicación do presidente ó Congreso, do 8 de xaneiro de 1918, e segundo os principios de arranxo enunciados nas mensaxes posteriores.

As condicións en cuestión eran dúas. A primeira, relativa á liberdade dos mares, na que se reservaban «liberdade completa». A segunda referíase ás reparacións, e dicía así: «Ademais, nas condicións de paz fixadas na súa mensaxe ó Congreso do 8 de xaneiro de 1918, o presidente declaraba que os territorios invadidos debían de ser restaurados, evacuados e liberados».

Os Gobernos aliados pensaban que non se podía permitir que existise dúbida algunha a respecto do que implicaba esta condición: entendían que Alemaña debería compensar por tódolos danos causados á poboación civil dos países aliados, e á súa propiedade, pola agresión que lles fixera por terra, mar e aire⁷.

A natureza do contrato celebrado entre Alemaña e os aliados, resultante deste intercambio de documentos, é sinxela e inequívoca. Os termos da paz terían que estar de acordo coas mensaxes do presidente, e o propósito da Conferencia de Paz é «discutir os detalles da súa aplicación». As circunstancias do contrato tiveron un carácter desusadamente solemne e obrigado, xa que unha das condicións era que Alemaña tería que conformarse cos termos do armisticio, que fan ser de tal maneira que ficaría indefensa. E tendo quedado Alemaña indefensa polo contrato, a honra dos aliados estaba especialmente comprometida en cumprir a súa parte e, se había ambigüidades, en non facer uso da súa posición para aproveitarse delas.

Cal era, xa que logo, a substancia deste contrato a que se obrigaban os aliados? Un exame dos documentos amosa que, aínda que unha gran parte das mensaxes fora tratada con habilidade, con propósito e con intención, se ben non con solucións concretas, e que moitas cuestións que requirían unha solución, nin sequera estaban tocadas no Tratado de Paz, outras, empurro, resolvíanse definitivamente. É verdade que dentro de certos límites, amplos, os aliados aínda quedaban coas mans libres. Ademais, podería ser difícil aplicar, coa base dun compromiso, calquera daquelas pasaxes tratadas con tanta habilidade e intención; todo home debe xulgar por si mesmo, ténndoos á vista, se se practicou mentira ou hipocrísía. Pero quedan, como se verá máis adiante, certas conclusións importantes nas que o convenio é inequívoco.

⁷ O valor exacto desta reserva discútese con detalle no capítulo 5.

Ademais dos *Catorce Puntos* do 8 de xaneiro de 1918, as mensaxes do presidente que forman parte da materia do convenio son catro: diante do Congreso o 11 de febreiro, en Baltimore o 6 de abril, en Monte-Vernon o 4 de xullo, e en Nova Iork o 27 de setembro, facéndose especial referencia a estes últimos no convenio. Atrévome a entresacar desas mensaxes os compromisos substanciais, evitando repeticións, que son máis pertinentes ó tratado alemán. O que omito confirma máis que desvirtúa o que acouto; pero refírese principalmente á intención, e até pode que sexa demasiado vago e xenérico para ser interpretado contractualmente⁸.

Os Catorce Puntos:

3. «A eliminación, tan pronto coma sexa posible, de tódalas barreiras económicas, e o establecemento dunha igualdade de condicións comerciais entre *todas* as nacións adheridas á paz e asociadas para o seu mantemento».

4. «Garantías acaídas, *dadas e recibidas*, de que os armamentos nacionais se reducirán ó mínimo que consinta a súa seguridade interior».

5. «Arranxo libre, feito con espírito aberto e absolutamente imparcial, de tódalas arelas coloniais», tendo en conta os intereses das poboacións atingidas.

6,7,8 e 11. A evacuación e «restauración de tódolos territorios invadidos, especialmente de Bélxica». A isto pódese engadir a compensación que pide o conxunto dos aliados por todo o dano causado ós civís e a súa propiedade por terra, mar e aire.

8. A reparación «do dano feito a Francia por Prusia en 1871 co asunto de Alsacia-Lorena».

⁸ Omito tamén aquilo que non fai especial referencia ó arranxo alemán. O segundo dos *Catorce Puntos*, que se refire á liberdade dos mares, omítese porque os aliados non o aceptan. A cursiva é miña.

13. Unha Polonia independente, incluíndo «os territorios habitados por poboacións indiscutiblemente polacas», e «asegurándolles un acceso ó mar libre e seguro».

14. A Sociedade de Nacións.

Ante o Congreso, 11 de febreiro:

«Non haberá anexións, nin contribucións, nin indemnizacións punitivas. [...] A libre determinación dos pobos non é unha mera frase. É un principio imperativo de acción que os homes de Estado só poden ignorar en diante con perigo para eles [...] Todo arranxo territorial derivado desta guerra débese facer en interese e beneficio das poboacións atinguidas, e non como un simple trato ou compromiso de aspiracións entre Estados rivais».

Nova Iork, 27 de setembro:

1. «A xustiza imparcial aplicada non ha de facer distincións entre aqueles con quen queremos ser xustos».

2. «Ningún interese especial ou illado de ningunha nación soa, e de ningún grupo de nacións, pode servir de base a unha parte de arranxo que non estea conforme co interese común a todas».

3. «Non pode haber ligas nin alianzas ou estipulacións especiais e compromisos dentro da familia xeral e común da Sociedade de Nacións».

4. «Non pode haber combinacións económicas especiais e egoístas dentro da Sociedade, nin empregarse ningunha forma de boicot económico ou de exclusión, excepto a facultade, como penalidade económica, de excluír dos mercados do mundo, que pode establecerse na mesma Sociedade de Nacións como un medio de disciplina e control».

5. «Tódolos mercados internacionais e tratados de calquera índole débense de poñer, na súa totalidade, en coñecemento do resto do mundo».

Este programa, sabio e magnánimo para o mundo, fíxose o 5 de novembro de 1918, na rexión do idealismo e das aspiracións, e converteuse en parte dun contrato solemne, no que tódalas grandes potencias do mundo estamparon a súa firma. Sen embargo, na lameira de París perdeuse de todo o seu espírito; a súa letra foi nunha parte descoñecida e noutra deformada.

As observacións alemás sobre o proxecto de Tratado de Paz foron, ante todo, unha comparación entre os termos deste acordo, en virtude da que a nación alemá se conformaba con depoñer as armas, e as decisións posteriores asinadas no documento. Os comentaristas alemáns non tiñan gran dificultade para demostrar que o proxecto de tratado constituía unha infracción dos compromisos e da moralidade internacionais, comparable coa deles mesmos cando invadiran Bélxica. Porén, a réplica alemá non foi en tódalas súas partes un documento completamente digno da ocasión, porque, malia a inxustiza e a importancia de gran parte do seu contido, carecían daquel vagantío, alteza e dignidade de miras, e daquela forma sinxela, obxectiva e desapaixoadada que os profundos sentimentos do momento deberían ter evocado. Os Gobernos aliados non lle prestaron, en ningún caso, unha consideración seria, e dubido que a delegación alemá puidera dicir naquela situación nada que puidera influír gran cousa no resultado.

As virtudes máis comúns dos individuos non se ven, con frecuencia, nos representantes das nacións. Un home de Estado que non se representa a si mesmo, senón ó seu país, pode amosarse, sen merecer unha censura extrema —como se ve a miúdo na historia-, vingativo, pérfido e egoísta. Estas calidades son correntes nos tratados que impoñen os vencedores. Pero a delegación alemá non foi quen de subliñar, con palabras ardentes e proféticas, a calidade que distingue de maneira fundamental este convenio de tódolos precedentes na historia: a insinceridade.

Este tema, malia todo, debe quedar para outra pluma distinta da miña. Eu voume referir, no que segue, non á xustiza do Tratado, nin á demanda de castigo para o inimigo, nin á obriga- ción de xustiza contractual para o vencedor, senón á sensatez e ás consecuencias do Tratado mesmo.

Propóño-me, xa que logo, neste capítulo, expoñer espida- mente os principais preceptos económicos do Tratado, reser- vando, para o seguinte, os meus comentarios sobre as repara- cións e a capacidade de Alemaña para facerlles fronte ós pagos que se lle esixen.

O sistema económico alemán, tal e como existía antes da guerra, dependía de tres factores principais: 1º. Comercio marí- timo, representado pola súa mariña mercante, as súas colonias, as súas inversións no estranxeiro, as súas exportacións e as relacións marítimas dos seus comerciantes. 2º. A explotación do seu carbón e do seu ferro, e as industrias que se basearan neles. 3º. Os seus transportes e o seu sistema aduaneiro. Destes, o primeiro era certamente o máis vulnerable, aínda que non o menos importante. O Tratado aspira á destrución sistemática dos tres, pero sobre todo, dos dous primeiros.

— I —

1. Alemaña cedeulles ós aliados *todos* os barcos da súa mariña mercante que excedían de 1.600 toneladas en bruto, a metade dos barcos de entre 1.000 e 1.600 toneladas, e a cuarta parte dos seus barcos de pesca con rede e outros botes de pesca⁹. A cesión é ampla, e incluía non só os barcos que enarbo- raban a bandeira alemá, senón tamén todos aqueles que lle pertencían, aínda que levasen outras bandeiras, e tódolos que estaban aínda en construción, e mesmo os que aínda non

⁹ Parte 8ª, anexo 3º (1).

foran fretados¹⁰. Ademais, Alemaña comprometéase, se se lle esixía, a construír, para os aliados, barcos dos tipos que se lle puideran sinalar até 200.000 toneladas ó ano durante cinco anos¹¹, cuxo valor contaría como abono de Alemaña na súa débeda por reparacións¹².

Dese xeito, a mariña mercante alemá quedaba borrada dos mares, e tardaría moitos anos en volver a acadar as proporcións acaídas ó seu propio comercio. Xa que logo, non sairá de Hamburgo liña ningunha, agás aquelas que as nacións estranxeiras consideraran da súa comenencia para empregar o seu exceso de tonelaxe. Así, polo transporte do seu comercio, Alemaña tiña que pagar ós estranxeiros o que lle pedisen, e só tería as vantaxes que eles mesmos lle quixeran conceder. A prosperidade dos portos e do comercio alemán só podería revivir, e só en certa medida, se lograsede poñer baixo a súa influencia efectiva ás mariñas mercantes de Escandinavia e Holanda.

2. Alemaña cedíalles ós aliados «tódolos dereitos e títulos sobre as súas posesións ultramariñas»¹³. E esta cesión non se refería só á soberanía, senón tamén, e de maneira prexudicial, á propiedade do Goberno que, incluíndo os ferrocarrís, sería entregada sen pago. Porén, en troques, o Goberno alemán seguiría sendo responsable de toda a débeda que puidera contraerse para a adquisición ou construción desa propiedade, ou para o desenvolvemento xeral das colonias¹⁴.

A diferenza da práctica seguida nas cesións máis semellantes producidas na historia recente, neste caso tamén se interviña na propiedade e dereitos dos cidadáns particulares alemáns. Os Gobernos aliados, exercendo a súa autoridade

¹⁰ Idem. (3).

¹¹ Nos anos previos á guerra, a construción dos barcos alemáns, sen contar os de guerra, era de 350.000 toneladas anuais.

¹² Parte 8ª, anexo 3º (5).

¹³ Artigo 119.

¹⁴ Artigos 120 e 257.

sobre calquera colonia que antes fora alemá, «podían adoptar as disposicións que consideraran necesarias a respecto da repatriación dos cidadáns alemáns, ou das condicións en que se lles permitiría ou non ós súbditos alemáns de orixe europea residir, ter propiedades, comerciar ou exercer nelas unha profesión»¹⁵. Tódolos contratos e acordos en favor dos súbditos alemáns, para a construción ou explotación das obras públicas, pasaban ós Gobernos aliados como parte do pago debido en concepto de reparacións.

Pero estas condicións non teñen importancia comparadas con outra máis ampla segundo a que «as potencias aliadas e asociadas resérvanse o dereito a reter e liquidar calquera propiedade, dereitos e intereses que pertenceran, na data de entrada en vigor do presente Tratado, a nacionais alemás ou a compañías que eles controlasen», dentro das antigas colonias alemás¹⁶. Esta expropiación da propiedade privada, ademais, terá lugar sen que os aliados deban recoñecer ningunha compensación ós individuos expropiados, e os seus produtos empregaranse, primeiro, en atender as débedas privadas que tiveran os súbditos alemáns a favor dos aliados, e segundo, en atender as reclamacións contra súbditos de Austria, Hungría, Bulgaria ou Turquía. Todo saldo pode ser pagado ou retido pola potencia liquidadora directamente en Alemaña. Se fora retido, debe ser transferido á Comisión de Reparacións para que llo acredite a Alemaña na conta de reparacións¹⁷.

Nunha palabra: non só ficaban extirpadas a soberanía e a influencia alemá sobre tódalas súas antigas posesións ultramaríñas, senón que tamén se privaba ós seus súbditos, residentes

¹⁵ Artigo 122.

¹⁶ Artigos 121 e 197 b). Exercitar ou non esta opción de expropiación parece que depende, non da Comisión de Reparacións, senón da potencia particular en cuxo territorio ficara ubicada a propiedade por cesión ou mandato.

¹⁷ Artigo 297 A e parágrafo 4 do anexo á parte 10, sección 4ª.

ou posuidores de bens neses sitios, da súa propiedade e do seu estatuto legal e de seguridade.

3. As disposicións que veñen de ser sinaladas, referentes á propiedade privada dos alemáns nas colonias que foran alemás, aplícanse tamén á propiedade privada alemá en Alsacia-Lorena, agás as excepcións que queira establecer o Goberno francés¹⁸. Isto ten maior importancia práctica que a expropiación ultramariña, por mor do maior valor da propiedade atinguida, no contexto do gran desenvolvemento da riqueza mineral destas provincias desde 1871, formando parte dos intereses de Alemaña. Alsacia-Lorena era parte do imperio alemán desde había preto de cincuenta anos —unha parte moi maioritaria da súa poboación fala alemán-, e fora asento dalgunhas das máis importantes empresas alemás. Porén, a propiedade dos alemáns que residen alí ou que tiñan alí colocadas as súas industrias, queda agora a disposición plena do Goberno francés, sen compensación ningunha, a non ser que llela quixera recoñecer o Goberno alemán. O Goberno francés, pois, queda autorizado para expropiar, sen compensación, a propiedade persoal dos cidadáns alemáns e das compañías alemás residentes ou localizadas en Alsacia-Lorena, aboándose os produtos para satisfacer, asemade, reclamacións francesas de calquera índole. A severidade desta disposición só se dulcifica un chisco ó aceptar que o propio Goberno francés puidera permitir expresamente ós nacionais alemáns que conservaran a residencia. Por outra banda, tamén as propiedades do Goberno, do Estado e dos municipios tiñan que serlles cedidas a Francia sen compensación ningunha, incluíndo o sistema ferroviario das dúas provincias, co seu respectivo material móbil¹⁹. Pero aínda que

¹⁸ Artigos 53 e 54.

¹⁹ En 1871, Alemaña concedeulle a Francia crédito para os ferrocarrís de Alsacia-Lorena, pero non para a propiedade do Estado. Daquela, os ferrocarrís eran de propiedade privada. Como logo se converteron en propiedade do Goberno alemán, o francés sostíña agora que, malia o gran capital adicional que Alemaña invertera neles, o seu trato debía seguir o precedente da propiedade do Estado en xeral.

se adxudica a propiedade, as obrigacións contraídas por causa dela, en forma de débeda pública ou de calquera outra especie, seguen a cargo de Alemaña²⁰. As provincias, asemade, retornaban á soberanía francesa, ceibes da súa parte de débeda alemá da guerra e mesmo da preguerra, sen que Alemaña reciba por isto aboamento ningún na conta de reparacións.

4. Pero a expropiación da propiedade privada alemá non está limitada ás colonias que foran alemás e a Alsacia-Lorena. O trato dado a tal propiedade constitúe, en verdade, unha sección moi significativa e importante do Tratado, que non recibiu toda a atención que merece, aínda que fora obxecto de oposición excepcionalmente violenta por parte dos delegados alemáns en Versalles. Que eu saiba, non hai precedente en ningún Tratado de Paz da historia recente dun xeito de tratar a propiedade privada como aquí se fixo, e os representantes alemáns subliñaron insistentemente que o precedente que se sentaba agora infrinxía un golpe perigoso e immoral á seguridade da propiedade privada, aquí ou en calquera outra parte. Isto é unha esaxeración, pois a distinción formada entre a propiedade e os dereitos dun Estado, e a propiedade e os dereitos dos seus nacionais, formada polo costume e os convenios no decorrer dos últimos séculos, é artificial, e mesmo foi rexeitada a causa doutras moitas influencias que non son o Tratado de Paz; nin sequera é acaída ás concepcións modernas das relacións entre o Estado e os cidadáns. É certo, porén, que o tratado infrinxe un golpe grave ó sistema baseado no chamado dereito internacional, tal e como este veu sendo considerado até agora.

As principais disposicións referentes á expropiación da propiedade privada alemá situada fora das fronteiras de Alemaña, tal e como se determinaron até agora, son redundantes, facendo, as máis decisivas nalgúns casos, unhas innecesarias ás outras. Malia todo, en xeral, estas disposicións máis decisivas e amplas

²⁰ Artigos 55 e 255; este segue o precedente de 1871.

non están elaboradas con tanta precisión coma as de aplicación particular e limitada. Son as seguintes:

a) Os aliados «resérvanse o dereito a reter e liquidar toda propiedade, dereitos e intereses pertencentes ós nacionais alemáns ou ás compañías que eles dirixan, na data de poñerse en vigor o presente Tratado, dentro dos seus territorios, colonias, posesións e protectorados, incluíndo mesmo os territorios que se lle cedan no presente Tratado»²¹.

Esta é a interpretación extensiva da disposición que xa se discutiu para o caso das colonias e de Alsacia-Lorena. O valor da propiedade expropiada deste xeito aplicarase, en primeiro lugar, á satisfacción das débedas privadas de Alemaña cos nacionais dos Gobernos aliados, dentro de cuxa xurisdición teña lugar a liquidación, e en segundo lugar, á satisfacción das reclamacións que xurdan por mor de actos dos aliados de Alemaña. Todo saldo, se o Goberno liquidador decide retelo, debe ser acreditado na conta de reparacións²². Resulta, porén, punto de considerable importancia que o Goberno liquidador non estea obrigado a transferir o saldo á Comisión de Reparacións; pero pode, se así o decide, devolverlle o produto directamente a Alemaña. E isto pode dar capacidade ós Estados Unidos, se a quere, para utilizar os saldos, moi grandes, que están en mans dos depositarios da propiedade inimiga, para pagar o aprovisionamento de Alemaña, sen ter en conta os propósitos da Comisión de Reparacións.

Estas disposicións teñen a súa orixe no proxecto para a distribución recíproca das débedas do inimigo, mediante unha cámara de compensación. Con esta proposición agardábase evitar moitas perturbacións e litixios, facendo a cada un dos Gobernos belixerantes responsable da recadación das débedas privadas dos demais Gobernos a favor dos seus nacionais (o uso

²¹ Artigo 297, b.

²² Parte 10, seccións 3ª e 4ª, e artigo 243.

normal da recadación suspendérase por razón da guerra), e da distribución dos fondos así cobrados entre os seus nacionais que tivesen reclamacións contra os doutros Gobernos, sendo todo saldo final liquidado en diñeiro. Tal proxecto tería sido totalmente bilateral e recíproco. E así é en parte, porque o proxecto é recíproco, principalmente no que se refire á recadación das débedas comerciais. Pero a plenitude da súa vitoria permitiu ós Gobernos aliados introducir, na súa propia vantaxe, moitas desviacións da reciprocidade, entre as que resultan principalmente as seguintes: mentres que a propiedade dos nacionais aliados dentro da xurisdición alemá reverte, segundo o tratado, á posesión aliada coa conclusión da paz, a propiedade dos alemáns dentro da xurisdición aliada quedará retida e vixiada como se vén de dicir, de maneira que a propiedade alemá, existente en gran parte do mundo, pode ser expropiada, e as grandes propiedades, que agora están baixo a custodia dos depositarios públicos e de outros funcionarios semellantes, nos países aliados, poden ser retidas de xeito permanente. En segundo lugar, eses bens alemáns soportarán non só as responsabilidades dos alemáns, senón tamén, se abundan, «o pago das sumas debidas polas súas reclamacións ós nacionais das potencias aliadas ou asociadas, en relación coa súa propiedade, dereitos e intereses no territorio doutras potencias inimigas», como, por exemplo, Turquía, Bulgaria e Austria²³. Esta é unha disposición notable que, naturalmente, non é recíproca. En terceiro lugar, todo saldo final debido a Alemaña en conta privada non ten por que pagarse necesariamente, senón que pode ser aplicado a calquera das varias responsabilidades do Goberno alemán²⁴. A aplicación efectiva destes artigos está

²³ A interpretación das palabras entre comiñas é un pouco dubidosa. A frase é tan ampla que parece incluír as débedas privadas. Pero o texto definitivo do Tratado non se refire explicitamente ás débedas privadas.

²⁴ Esta disposición está mitigada no caso da propiedade alemá, en Polonia e nos outros Estados novos, en cuxas áreas os produtos da liquidación pódense pagar directamente ó propietario (Artigo 92).

garantida pola expedición de actas, títulos e informacións²⁵. En cuarto lugar, os contratos suscritos antes da guerra entre nacionais aliados e alemáns, poden ser cancelados ou renovados a vontade dos primeiros; dese xeito, tódolos contratos en favor de Alemaña serán cancelados mentres que, pola contra, obrigáraselle a cumprir tódolos que lle sean prexudiciais.

b) Até agora referímonos á propiedade alemá, dentro da xurisdición aliada. A disposición seguinte propón a eliminación dos intereses alemáns no territorio dos seus veciños e antigos aliados e dalgúns outros países. Baixo o artigo 260 das cláusulas financeiras dispónse que a Comisión de Reparacións dentro do primeiro ano de vixencia do Tratado, pode pedir que o Goberno alemán expropie ós seus nacionais e entregue á Comisión de Reparacións

tódolos dereitos e intereses dos nacionais alemáns en toda empresa de utilidade pública ou en toda concesión²⁶ en Rusia, China, Turquía, Austria, Hungría e Bulgaria, ou nas posesións ou dependencias deses Estados, ou mesmo en calquera territorio que antes lles pertencera ós alemáns ou ós seus aliados e que teña que ser cedido por Alemaña ou os seus aliados a calquera potencia ou pase a ser administrado por un mandatario baixo o presente Tratado.

Esta é unha enumeración ampla, parcialmente redundante coas disposicións sinaladas denantes no apartado a), pero incluíndo, que se ha de considerar, ós novos Estados e territorios forma-

²⁵ Parte 10, sección 4ª, anexo parágrafo 10: «Alemaña, dentro de seis meses a partires da vixencia do presente Tratado, entregará a cada potencia aliada ou asociada tódolos compromisos, certificados, actas ou outros documentos de propiedade (títulos) que teñan os seus nacionais e que se refiran a propiedades, dereitos ou intereses situados no territorio daquela potencia aliada ou asociada (...) Alemaña, en todo momento, a petición de calquera potencia aliada ou asociada, proporcionará toda a información que se lle requira a respecto da propiedade, dereitos e intereses dos nacionais alemáns dentro do territorio desas potencias aliadas ou asociadas, que teña que ver con calquera transacción relativa a tal propiedade, dereitos ou intereses, efectuada desde o 1 de xullo de 1914».

²⁶ «Toda empresa ou concesión de utilidade pública» é unha frase vaga, cuxa interpretación exacta non se precisou.

dos desde os antigos imperios ruso, austro-húngaro e turco. Así, elimínase a influencia de Alemaña e confíscase o capital en todos aqueles países veciños cara ós que se puidera volver naturalmente á procura de sostén no futuro, e mesmo nos que puidera atopar saída para ós seus produtos, empresas e habilidade técnica.

A execución deste programa, en detalle, botará sobre a Comisión de Reparacións unha tarefa especial, xa que terá nas súas mans gran número de dereitos e intereses sobre un vasto territorio de dubidosa sumisión, desorganizado por mor da guerra, as perturbacións e o bolxevismo. O reparto dos despozos entre os vencedores tamén dará ocupación a unha grande oficina cuxas portas asaltarán os aventureiros rapineiros e os ambiciosos cazadores de concesións de vinte ou trinta nacións.

Para que a Comisión de Reparacións, por ignorancia, non deixe de exercitar plenamente os seus dereitos, dispónse máis adiante que o Goberno alemán teña que comunicarlle, ós seis meses da entrada en vigor do Tratado, unha lista de tódolos dereitos e intereses en cuestión, «estean xa concedidos, sexan continxentes ou aínda non se teñan exercitados»; e tódolos que non foran comunicados durante este período decaerían automaticamente en favor dos Gobernos aliados²⁷. Non é cuestión resolta saber até que punto se pode ditar un mandato deste carácter obrigando a un súbdito alemán, cuxas persoa e propiedade estean fóra da xurisdición do seu propio Goberno; pero tódolos países enumerados na lista anterior están sometidos á presión das autoridades aliadas, ben sexa por imposición dunha cláusula especial do Tratado, ben doutro xeito.

c) Queda unha terceira disposición máis atronadora que as anteriores, ningunha das cales afecta ós intereses alemáns en países *neutrais*. A Comisión de Reparacións está autorizada, desde o primeiro de maio de 1921, a pedir o pago de

²⁷ Artigo 260.

1.000 millóns de libras *na forma en que o queira establecer*, «en ouro, mercadorías, barcos, valores ou de calquera outra maneira»²⁸. Esta disposición vén ser como confiarlle á Comisión de Reparacións, durante ese período, poderes ditatoriais sobre toda propiedade alemá, de calquera clase que sexa. Pode, segundo este artigo, sinalar calquera negocio especial, empresa ou propiedade, xa sexa dentro ou fóra de Alemaña, e pedir a súa entrega, e a súa autoridade aparecerá estendida, non só á propiedade existente na data da paz, senón tamén a toda a que poida ser creada ou adquirida en calquera outro tempo no decurso dos primeiros dezaioito meses. Por exemplo, poden escoller —como é de presumir que o fagan en canto se organicen— a magnífica e poderosa empresa alemá de Sudamérica coñecida coma *Deutsche Überseeische Elektrizitätsgesellschaft* (DUEG) e dispoñer dela para interese dos aliados. A cláusula é inequívoca e abrángueo todo. É digno de salientar, de pasada, que introduce un principio completamente novo na recadación de indemnizacións: até aquí fixébase unha cantidade, e a nación multada ficaba libre de buscar e escoller os medios de pago; pero neste caso os acredores poden, alomenos durante certo período, non só pedir a tal suma, senón tamén especificar a clase especial de propiedade ou valores na que se teña que efectuar o pago. Así é como os poderes da Comisión de Reparacións, dos que voverei a tratar con máis vagar no próximo capítulo, poden ser utilizados tanto para destruír a organización económica e comercial de Alemaña coma para esixir pagos.

O efecto coincidente de a), b) e c) (así como o de outras disposicións menos importantes, das que non considerei oportuno ocuparme) é privar a Alemaña (ou, máis ben, dar poderes ós aliados para privala, á súa vontade) de todo o que posúa fóra das súas fronteiras, tal e como fica establecido no tratado. Non só se apropián das súas inversións en ultramar e destrúen as

²⁸ Artigo 235.

súas relacións, senón que se aplica o mesmo proceso de extirpación ós territorios dos seus antigos aliados e dos seus veciños colindantes.

5. Ante a posibilidade de que as devanditas disposicións desatendan calquera continxencia, figuran no Tratado outros artigos que, probablemente, non engadan moito ó efecto práctico dos sinalados, pero que merecen breve mención, xa que poñen de manifesto o espírito mesquiño con que as potencias vitoriosas interviñeron no asoballamento económico do seu inimigo vencido.

Ante todo, hai unha cláusula xeral de varrido e de renunciación: «Nos territorios fóra das súas fronteiras europeas, tal e como quedan sinalados no presente Tratado, Alemaña renuncia a tódolos seus dereitos, títulos e privilexios, de calquera natureza, sobre territorio que lle pertencera a ela ou ós seus aliados, e a tódolos dereitos, títulos e privilexios, calquera que fora a súa orixe, que tivera contra os aliados e potencias asociadas...»²⁹.

Seguen certas disposicións máis especiais. Alemaña renuncia a tódolos dereitos e privilexios que puidera ter adquirido en China³⁰. Hai disposicións semellantes para Siam³¹, para Liberia³², para Marrocos³³ e para Exipto³⁴. No caso de Exipto non só renuncia Alemaña a privilexios especiais, senón que, polo artigo 150, tamén son suprimidos os dereitos comúns, outorgándosele ó Goberno exipcio plena liberdade de acción para regular o estatuto dos nacionais alemáns e as condicións nas que se poidan establecer en Exipto.

²⁹ Artigo 118.

³⁰ Artigos 129 e 132.

³¹ Artigos 135 e 137.

³² Artigos 135 e 140.

³³ Artigo 141: «Alemaña renuncia a tódolos dereitos, títulos e privilexios que lle conferiron a Acta Xeral de Alxeciras do 7 de abril de 1906, e os convenios franco-alemáns do 9 de febreiro de 1909 e do 4 de novembro de 1911...».

³⁴ Artigo 148: «Tódolos tratados, acordos, arranxos e contratos concluídos por Alemaña con Exipto consideraranse derogados desde agosto de 1914». Artigo 153: «Tódalas propiedades e posesións do Imperio alemán e dos Estados alemáns en Exipto pasan ó Goberno de Exipto sen pago ningún».

Polo artigo 158, Alemaña renuncia ó seu dereito a toda participación en calquera organización económica ou financeira de carácter internacional «que opere en calquera dos Estados aliados ou asociados, ou en Austria, Hungría, Bulgaria ou Turquía, nas dependencias destes Estados ou no antigo Imperio ruso».

En termos xerais, só se manteñen en vigor aqueles tratados e convenios de preguerra que ós aliados lles convén manter, podendo, pola contra, ser anulados tódolos que favorezan a Alemaña³⁵.

É evidente, porén, que ningunha destas disposicións ten importancia real, comparadas coas examinadas previamente. Representan o complemento lóxico da exclusión da lei de Alemaña e do seu sometemento á conveniencia dos aliados; pero non engaden nada substancial á súa importancia.

— II —

As disposicións relativas ó carbón e ó ferro son importantes para a economía industrial interior de Alemaña máis polas súas consecuencias que polo valor en diñeiro que puideran supoñer de inmediato. O Imperio alemán, en realidade, edificouse máis con carbón e con ferro que con sangue e aceiro. O desenvolvemento das industrias do aceiro, químicas e eléctricas, que fixeron de Alemaña a primeira nación industrial da Europa continental, só foi posible grazas á hábil explotación dos grandes campos carboníferos do Ruhr, da Alta Silesia e do Sarre.

Unha terceira parte da poboación alemá vive en cidades de máis de 20.000 habitantes, concentración industrial que só é posible sobre unha base de carbón e ferro. Así pois, ó atacar as súas fontes de carbón, os políticos franceses non erraban no seu obxectivo. Somenta a esaxerada falta de moderación e a imposi-

³⁵ Artigo 279.

bilidade técnica efectiva das esixencias do Tratado poden salvar a situación á larga.

I. O Tratado ataca o aprovisionamento de carbón de Alemaña de catro modos:

1º. Na compensación pola destrución das minas de carbón do norte de Francia, e como parte do pago da reparación total debida por Alemaña a causa dos danos causados pola guerra, Alemaña cede a Francia, en plena e absoluta posesión, con dereitos exclusivos de explotación, desgravados e libres de toda clase de débedas e cargas, as minas de carbón situadas na conca do Sarre³⁶. E aínda que a administración deste distrito se lle confire por quince anos á Sociedade de Nacións, é de notar que as minas sonlle cedidas a Francia na súa totalidade. Ó cabo deses quince anos, a poboación do distrito será convocada para amosar, en plebiscito, os seus desexos encol da futura soberanía do territorio, e, na eventualidade de que optara pola unión con Alemaña, esta quedaría autorizada para volver a mercar as minas por un prezo pagadeiro en ouro³⁷.

O mundo xa xulgoa a transacción do Sarre como un acto de expoliación e de mentira. Todo o que se refire á compensación pola destrución das minas de carbón de Francia está previsto, como veremos de seguido, noutro lugar do Tratado. «Non hai rexión industrial en Alemaña —dixeron os representantes alemáns, sen que ninguén falara en contra— cuxa poboación sexa tan permanente, tan homoxénea e tan pouco mesturada coma a do distrito do Sarre». Entre máis de 650.000 habitantes, en 1918, había menos de 100 franceses. O distrito do Sarre foi alemán durante máis de mil anos. A ocupación temporal, como resultado das operacións de guerra, por parte dos franceses, rematou sempre ó pouco tempo, restituíndose ó país na conclusión da paz. Durante un período de mil corenta e oito

³⁶ Artigo 45.

³⁷ Parte 4ª, sección 4ª, anexo, capítulo 3º.

anos, Francia foi posuidora da bisbarra menos de sesenta e oito. Cando, con ocasión do primeiro Tratado de París, en 1814, unha pequena parte do territorio, agora cobizada, foi retida por Francia, a poboación protestou enerxicamente reclamando «a unión coa súa patria alemá», á que estaba «unida por lingua, costumes e relixión». Logo dunha ocupación de ano e cuarto, esta reclamación foi recollida no segundo Tratado de París, de 1815. E desde aquela e sen interrupción, o país seguiu unido a Alemaña, e mesmo lle debe o seu desenvolvemento económico a esa unión.

Os franceses necesitaban o carbón para traballar os xacementos de ferro de Lorena, e obrando co mesmo espírito de Bismark, collérono. Os precedentes, e mesmo as declaracións dos aliados, fan isto indefendible³⁸.

2º. A Alta Silesia, que é unha bisbarra sen grandes cidades, pero na que está un dos maiores campos carboníferos de Alemaña, cunha produción aproximada do 23% da produción total alemá de carbón, ha de ser sometida a plebiscito³⁹ para

³⁸ «Apoderámonos da propiedade das minas do Sarre e, para non sermos molestados na explotación destes depósitos de carbón, constituímos un pequeno Estado diferenciado para os 600.000 alemáns que habitan nesta conca carbonífera, e dalí a quince anos lograremos, por plebiscito, que declaren que queren ser franceses. Xa sabemos o que iso significa. Durante quince anos imos actuar sobre eles, a atacalos por tódolos lados, até que conquiramos a súa declaración de «amor». Trátase, sen dúbida, dun procedemento menos brutal que o golpe de forza con que a nós nos arrincaron ós alsacianos e loreseses; pero se é menos brutal, é máis hipócrita. Sabemos moi ben, entre nós, que é un intento de anexión deses 600.000 habitantes. Compréndense ben as razóns de índole económica que lle abondaron a Clemenceau para nos ceder o carbón do Sarre; pero para adquirilos, debemos aparecer nós como se quixeramos escamotear a 600.000 alemáns para convertellos en franceses en quince anos?». (Hervé, en *La Victoire*, do 31 de maio de 1919).

³⁹ Este plebiscito é a máis importante das concesións feitas a Alemaña na nota final dos aliados, pola que lle corresponde honra principal a Mr. Lloyd George, que nunca aprobou a política dos aliados nas fronteiras orientais de Alemaña. A votación non se producirá antes da primavera de 1920, e aínda se pode retrasar até 1921. Mentres, a provincia pode ser gobernada por unha comisión aliada. A votación farase por concellos, e os aliados determinarán as fronteiras definitivas, que han de ter en conta, dunha parte, os resultados da votación en cada concello, e, doutra, «as condicións xeográficas e económicas da localidade». Requírese gran coñecemento da tal localidade para predicir o resultado. Votando por Polonia, en vez de por Alemaña, unha localidade pode escapar á obrigación da indemnización e do imposto abafador consecuintes, cousa que non é de desprezar. Por outra banda, a creba e a incompetencia do novo Estado polaco poden conter ós que estiveran dispostos

ser cedida a Polonia. A Alta Silesia nunca na historia foi parte de Polonia; pero a súa poboación é unha mestura de polacos, alemáns e checoslovacos, en proporción discutida⁴⁰. Economicamente é intensamente alemá: as industrias da Alemaña oriental dependen dela polo seu carbón, e a súa perda sería un golpe mortal para a estrutura económica do Estado alemán⁴¹.

Coa perda dos campos mineiros da Alta Silesia e do Sarre, o aprovisionamento de carbón alemán diminúe, alomenos, nun terzo.

a votar por razóns económicas máis que de raza. Estableceuse tamén que as condicións debidas en materia de lexislación social e sanitaria son incomparablemente mellores na Alta Silesia que nos distritos colindantes de Polonia, onde semellante lexislación aínda está na infancia. O argumento do texto significa que a Alta Silesia deixará de ser alemá. Pero nun ano poden ocorrer moitas cousas, e a presunción non é segura. E se fora errada, habería que modificar a conclusión.

⁴⁰ As autoridades alemás afirman non sen seren contraditas que, á vista das votacións emitidas nas eleccións, un terzo da poboación votaría polos intereses polacos, e dous terzos, polos alemáns.

⁴¹ Non se debe prescindir, porén, de que entre as concesións relativas a Silesia, acordadas na nota final dos aliados, incluíuse o artigo 90, polo que Polonia se compromete a autorizar, durante un período de quince anos, a exportación a Alemaña dos produtos das minas de calquera parte da Alta Silesia, transferida a Polonia de acordo co presente Tratado. Tales produtos estarán libres de todo dereito de exportación ou de calquera outra carga ou restrición sobre ela. «Polonia comprométese a tomar as medidas necesarias para garantir que tales produtos se lles venderán en Alemaña ós compradores alemáns en termos tan favorables coma os que se lles tiveran aplicado a produtos semellantes vendidos baixo semellantes condicións ós compradores en Polonia ou en calquera outro país». Aparentemente isto non equivale a un dereito de opción, e non é fácil apreciar cales puideran ser as súas consecuencias prácticas efectivas. É evidente, porén, que mentres as minas se manteñan na súa produción anterior, e mentres que Alemaña estea en situación de seguir logrando as súas anteriores provisións desta fonte, a perda está limitada ó efecto sobre a súa balanza comercial e non terá repercusións na súa vida económica máis serias que as que se prevén no texto. Velai unha oportunidade para os aliados de facer máis tolerable o actual arranxo. Debe engadirse que os alemáns fixeron notar que o mesmo argumento económico que agrega os campos do Sarre a Francia, entrega a Alta Silesia a Alemaña. Porque mentres que as minas de Silesia son esenciais para a vida económica de Alemaña, Polonia non as precisa. Da demanda anual anterior á guerra por parte de Polonia, de 10.500.000 toneladas, 6.800.000 eran proporcionadas polos indiscutibles distritos polacos colindantes coa Alta Silesia; 1.500.000 toneladas, pola Alta Silesia (dunha produción total da Alta Silesia de 43.500.000 toneladas), e a diferenza, polo que agora é Checoslovaquia. Aínda sen ningunha provisión da Alta Silesia nin de Checoslovaquia, Polonia podería, probablemente, atender as súas necesidades coa explotación plena dos seus propios campos de carbón, que aínda non está cientificamente desenvoltoa, ou por depósitos da Galicia oriental, que agora están anexionados a ela.

3º. Do carbón que lle queda, Alemaña está obrigada a satisfacer, cada ano, a perda calculada para Francia pola destrución e os danos de guerra nas concas carboníferas das súas provincias do norte. No parágrafo 2º do anexo 5º, referido ó capítulo das reparacións, dise que «Alemaña comprométese a entregarlle a Francia, anualmente, durante un período que non exceda os dez anos, unha cantidade de carbón igual á diferenza entre a produción anual anterior á guerra das minas de carbón do norte e do Paso de Calais, destruídas a consecuencia da guerra, e a produción das minas da mesma área, durante o ano en cuestión, non excedendo esta entrega de 20 millóns de toneladas en ningún dos primeiros cinco anos, nin de oito millóns de toneladas en ningún dos outros cinco sucesivos».

Esta é unha disposición razoable, se estivera soa, e Alemaña sería capaz de cumprila, se se lle deran outros recursos con que facelo.

4º. A disposición última referente ó carbón é parte do plan xeral do capítulo de reparacións, polo que as súas débedas por reparacións han de pagarse, en parte, en especie, en lugar de con diñeiro. Como parte do pago debido por reparacións, Alemaña ten que facer as seguintes entregas de carbón ou a súa equivalencia en coque (as entregas a Francia engádense ás sumas outorgadas pola cesión do Sarre ou en compensación por destrucións no norte de Francia):

1. A Francia, 7.000.000 de toneladas ó ano durante dez anos⁴².

2. A Bélxica, 8.000.000 de toneladas anuais durante dez anos.

3. A Italia, unha cantidade anual, que se irá elevando gradualmente, de 4.500.000 toneladas en 1919-1920, até 8.500.000 toneladas cada ano dos seis que van de 1923 a 1929.

⁴² Francia ten que recibir, tamén anualmente, durante tres anos, 35.000 toneladas de benzol, 50.000 toneladas de alcatrán e 30.000 de sulfato de amoníaco.

4. A Luxemburgo, se o pide, unha cantidade de carbón equivalente ó seu consumo anual de carbón alemán antes da guerra.

Todo isto ascende a un termo medio de uns 25.000.000 de toneladas.

Estas cifras deben ser examinadas en relación coa produción probable de Alemaña. A cifra maior, anterior á guerra, acadouse en 1913, cun total de 191.500.000 toneladas. Delas, 19.000.000 consumíronse nas mesmas minas, e como media (exportacións menos importacións) exportáronse 33.500.000, quedando 139.000.000 para o consumo doméstico. E este outro total empregouse da seguinte maneira:

	Toneladas
Ferrocarrís	18.000.000
Gas, auga e electricidade	12.500.000
Consumo marítimo	6.500.000
Combustible doméstico, pequena industria e agricultura	24.000.000
Industria	78.000.000
TOTAL	139.000.000

A diminución da produción debida á perda de territorio é:

	Toneladas
Alsacia-Lorena	3.800.000
Conca do Sarre	13.200.000
Alta Silesia	43.800.000
TOTAL	60.800.000

Partindo da produción de 1913, quedan, xa que logo, 130.700.000 toneladas, e deducindo o consumo das propias minas, 118 millóns. E agora, durante algúns anos alomenos, dese resto terán que exportarse a Francia 20 millóns de toneladas, como compensación polo dano causado ás minas

francesas, e outros 25 millóns de toneladas á mesma Francia, Bélxica, Italia e Luxemburgo⁴³; e como a cifra anterior é un máximo e a última ha de ser moi pouco menor durante os primeiros anos, podemos concluír que a exportación total comprometida desde Alemaña ós países aliados chegará ós 40 millóns de toneladas, quedando con 78 millóns de toneladas para o seu propio uso, contra un consumo de preguerra de 139 millóns de toneladas.

Porén, esta comparación require unha modificación substancial para ser exacta. Dunha banda, é certo que as cifras de produción de preguerra non se poden tomar como base da produción actual. Durante 1918, a produción foi de 161.500.000 toneladas, mentres que a de 1913 fora de 191.500.000, e durante a primeira metade de 1919 foi de menos de 50 millóns, excluindo Alsacia-Lorena e o Sarre, pero incluíndo a Alta Silesia, de maneira que todo correspondía a unha produción anual de arredor de 100 millóns de toneladas⁴⁴. As causas dunha produción tan baixa foron en parte temporais e excepcionais; pero as autoridades alemás afirman, e non foron refutadas, que algunhas delas persistirán durante algún tempo. Son, en parte, as mesmas que en tódolos lados: a xornada diaria fixouse en oito horas e media ou sete, e non é probable que os Gobernos das provincias centrais sexan capaces de repoñela na súa cifra primitiva. Ademais, as minas están en malas condicións

⁴³ A Comisión de Reparacións está autorizada polo Tratado (parte 8ª, anexo 5º, parágrafo 10) «a pospoñer ou cancelar as entregas», sen considerar «que o exercicio completo das devanditas opcións pode pesar insoportablemente sobre as necesidades industriais de Alemaña». No caso de tales posposicións ou cancelacións, «o carbón necesario para reempzarar o das minas destruídas terá prioridade sobre as demais entregas». Esta cláusula concluínte é da maior importancia se, como se verá, resulta materialmente imposible para Alemaña proporcionar os 45 millóns de toneladas, porque significa que Francia recibirá 20 millóns de toneladas antes de que Italia reciba ningunha. A Comisión de Reparacións non ten poder para modificar iso. A prensa italiana non deixou de salientar a significación desta disposición, alegando que semellante cláusula fora inserida en ausencia dos representantes italianos en París (*Corriere della Sera*, 19 de xullo de 1919).

⁴⁴ Despréndese, pois, que a proporción corrente da produción en Alemaña baixou un 70% a respecto da de 1913. O efecto sobre as reservas foi naturalmente desastroso, e as perspectivas para o inverno que vén son perigosas.

(debido á falta de certos materiais esenciais durante o bloqueo); a eficiencia física dos homes diminuíu moito pola mala nutrición (que non podía ser paliada se se cubría só a décima parte das esixencias da reparación, en cuxo caso as condicións da vida aínda terían que baixar); e as perdas da guerra reduciron o número de mineiros útiles. A analoxía das condicións inglesas abonda para facernos ver que non se pode esperar que Alemaña logre pronto un nivel de produción de preguerra. As autoridades alemás calculan a perda da produción nun 30%, dividida por igual entre a redución da xornada e as outras influencias económicas. Esta cifra parece, en termos xerais, aceptable; pero non teño bastante coñecemento para aprobala nin para criticala.

A cifra de preguerra de 118 millóns de toneladas netos (é dicir, despois de descontar o consumo das minas e o que se deba ás perdas de territorio), probablemente descenderá a menos de 100 millóns de toneladas⁴⁵, tendo presentes tódolos factores anteriores. Se 40 millóns desas toneladas teñen que ser exportadas para os aliados, quedan 60 millóns para a propia Alemaña, para atender o seu consumo doméstico. A demanda, así coma a oferta, diminuírá pola perda de territorio e, no cálculo máis excesivo, esta perda non se pode estimar en máis de 29 millóns de toneladas⁴⁶. Os nosos cálculos hipotéticos, xa que logo, feitos sobre a base da produción de preguerra dos ferrocarrís e da industria, danos 110 millóns de toneladas para as necesidades domésticas e, para cubrilas, unha produción que non excede de 100 millóns, dos que 40 están hipotecados para os aliados.

A importancia do asunto levoume a unha análise estatística moi longa. É evidente que non se lles pode atribuír unha significación excesiva ás cifras ás que cheguei, que son hipotéticas

⁴⁵ Isto significa unha perda de produción do 15%, fronte ó 30% sinalado antes.

⁴⁶ Isto supón unha perda do 25% nas empresas industriais de Alemaña, e unha diminución do 13% nas outras necesidades.

e dúbidas⁴⁷. Pero o carácter xeral dos feitos amósase irresistible. Debido á perda de territorio e de produción, Alemaña non pode exportar carbón nun futuro inmediato (e até terá que facer uso dos seus dereitos, recoñecidos no Tratado, para mercalo en Alta Silesia), se ha de seguir sendo unha nación industrial. Cada millón de toneladas que exporte ha de ser, obrigadamente, a conta de cerrar unha industria. Cos resultados que logo estudiaremos, isto é *posible* dentro de certos límites. Pero é evidente que Alemaña non pode proporcionar nin proporcionará ós aliados unha contribución de 40 millóns de toneladas ó ano. Os ministros aliados, que lles dixeran ós seus pobos que si que se podía enganáronos, para acalar, momentaneamente, os receos encol do camiño polos que os levan.

A presenza destas disposicións ilusorias (entre outras) nas cláusulas do Tratado de Paz entrañan especial perigo para o futuro. Non se volverán a oír tan esaxeradas esperanzas sobre os pagamentos por reparacións, grazas ós cales os ministros de Facenda enganaron ó seu público, o que lles serviu para retrasar a hora dos impostos e das restricións. Pero non se perderán de vista tan doadamente as cláusulas relativas ó carbón, porque, sendo absolutamente vital para os seus intereses, Francia e Italia farán todo o que estea da súa man para reclamar a súa parte. Como consecuencia da diminución da produción, debida á destrución alemá, en Francia; da diminución das minas no Reino Unido e noutras partes, e de moitas outras causas secundarias, como o entorpecemento dos transportes e da organización, e mesmo da ineficacia dos novos Gobernos, o problema do

⁴⁷ O lector ten que lembrarse, en particular, de que os cálculos non teñen en conta a produción alemá de lignito, que en 1913 era de 13 millóns de toneladas de lignito bruto, ademais de outros 21 millóns de toneladas en briquetas. Esta cantidade, sen embargo, necesitábase en Alemaña antes da guerra, ademais das cantidades de carbón xa sinaladas. Non son competente para falar de en que parte se pode compensar a perda de carbón con lignito ou pola redución do seu consumo presente; pero algunhas autoridades cren que Alemaña pode minguar os efectos da perda de carbón prestando máis atención ós seus depósitos de lignito.

carbón é case desesperado en toda Europa⁴⁸; e Francia e Italia, competindo por certos dereitos recoñecidos no Tratado, non a abandonarían de ningunha maneira.

Como acostuma a suceder nos dilemas reais, a causa francesa e a italiana teñen que ter gran forza, e incontrastable desde certo punto de vista. Pódese presentar esta situación, con certeza, como unha cuestión entre a industria alemá, dunha banda, e a italiana e a francesa, pola outra. Pódese admitir que a entrega do carbón destruírá a industria alemá; pero tamén pode ser igualmente certo que se non se entrega perigarán as industrias francesa e italiana. E en tal caso, ¿non deberían de prevalecer os dereitos dos vencedores, recollidos no Tratado, especialmente cando moito do dano foi debido, en definitiva, ós actos criminais dos agora vencidos? Porén, se se permite que prevalezan estes sentimentos e dereitos sobre o que a razón recomenda, a reacción na vida social e económica da Europa central vai ser excesivamente forte para que se confine dentro dos seus lindes orixinais.

Porén, non é isto todo. Se Francia e Italia han satisfacer as súas propias deficiencias en carbón coa produción de Alemaña, entón a Europa do norte, Suíza e Austria, que antes obtiñan o seu maiormente do exceso de exportación alemá, vanse ver privadas dos seus recursos. Antes da guerra, Alemaña exportaba a Austria-Hungría 13.600.000 toneladas de carbón. E xa que case tódolos xacementos de carbón do antigo Imperio están fóra do que agora é a Austria alemá, a ruína industrial do Estado austríaco será completa se non pode obter carbón de Alemaña. O caso dos veciños neutrais de Alemaña, que antes se aprovisionaban en parte en Inglaterra, pero maiormente en Alemaña,

⁴⁸ Mr. Hoover, en xullo de 1919, calculaba que a produción de carbón en Europa, excluindo Rusia e os Balcáns, baixara de 679.500.000 a 443.000.000 toneladas, como resultado da perda de material e de traballo, pero debido principalmente ó desleixamento do esforzo físico logo das privacións e sufrimentos da guerra, da falta de material móbil e de transportes, e mesmo da situación política inqueda de algúns dos distritos mineiros.

non ha de ser menos grave. Eles tenderán a proporcionar a Alemaña, en grandes cantidades, as materias esenciais para ela, a condición de que as pague en carbón. Realmente xa o están facendo así⁴⁹.

Co afundimento da economía monetaria, a práctica do troco internacional chegou a ser dominante. Agora na Europa central e sudoriental a moeda rara vez é a verdadeira medida do valor no cambio, e seguramente non merque nada, coa consecuencia de que un país que posúe unha mercancía esencial para as necesidades de outro, non a vende por diñeiro, senón só contra un compromiso recíproco, de parte do último, a cambio, en troques, dalgún artículo non menos necesario para o primeiro. Isto é extraordinariamente complicado, comparado coa simplicidade case perfecta con que se practicaba antes o comercio internacional. Pero nas condicións actuais da industria, non pouco extraordinarias, non deixa de ter vantaxes como medio de darlle pulo á produción. As xornadas do Ruhr pagadas en manteiga⁵⁰, amosan canto se retrocedeu na moderna Europa, volviendo ó troco, e ofrecen un exemplo pintoresco da organización económica anterior, á que nos leva rapidamente a organización da circulación e libre comercio entre individuos e nacións. Pero poden producir o carbón alí onde os outros medios fracasen⁵¹.

Non obstante, se Alemaña pode atopar carbón para os veciños neutrais, Francia e Italia poden protestar porque nese caso ela podería e debería cumprir coas súas obrigacións do tratado. Habería niso unha grande aparencia de xustiza, e sería difícil

⁴⁹ Durante a guerra fixéronse numerosos convenios comerciais nestas condicións. Pero só no mes de xuño de 1919 se fixeron convenios menos importantes, acordando o pago en carbón entre Alemaña e Dinamarca, Noruega e Suiza. As cantidades non eran grandes, pero sen elas Alemaña non podería facerse con manteiga de Dinamarca, graxas e arenques de Noruega, nin leite e gando de Suiza.

⁵⁰ Uns 60.000 mineiros do Ruhr aceptaron facer horas extraordinarias, chamadas horas da manteiga, co aquel de prover carbón para exportar a Dinamarca, de onde se importará, a cambio, a manteiga. A manteiga beneficiará, en primeiro lugar, ós propios mineiros, por seren os que traballaron especialmente para lograla.

⁵¹ Que hai dos proxectos das xornadas do whisky en Inglaterra?

contrapesar tales pretensións cos feitos posibles de que, mentres que os obreiros alemáns traballen por manteiga, non haberá maneira de facelos traballar para sacar carbón cuxa venta non lles achegue nada; mentres que se Alemaña non ten carbón para enviar ós seus veciños, non poderá garantir importacións esenciais para a súa existencia económica.

Se a distribución do carbón europeo vai ser unha competencia na que Francia sexa satisfeita primeiro, Italia despois, e na que cada un procure a súa sorte, o porvir industrial de Europa é negro, e son moitas as posibilidades dunha revolución. É un caso no que os intereses e as demandas particulares, aínda que teñan como fundamento o sentimento ou a xustiza, deben renderse á conveniencia pública. Se hai algunha certeza, sequera aproximada, no cálculo de Mr. Hoover sobre que a produción de carbón de Europa xa diminuíu nun terzo, preséntasenos unha situación na que a distribución terá que argallarse con imparcialidade, en relación coas necesidades, sen desatender ningún estímulo para o aumento da produción e dos métodos económicos de transporte. O establecemento por parte do Consello Supremo dos Aliados, en agosto de 1919, dunha comisión europea do carbón, composta por delegados de Gran Bretaña, Francia, Italia, Bélxica, Polonia e Checoslovaquia, foi unha medida de prudencia que, aplicada acaída e extensamente, pode ser de grande utilidade. Pero resérvome os proxectos construtivos para o capítulo seguinte. Aquí limitareime a tratar das consecuencias, *per impossibile*, de levar adiante o Tratado ó pé da letra⁵².

⁵² Desde o 1 de setembro de 1919, a Comisión do Carbón tivo que facer fronte á imposibilidade material de poñer en vigor as esixencias do Tratado, e acordou modificalas coma segue: «Alemaña, nos próximos seis meses, fará entregas correspondentes a unha anual de 20 millóns de toneladas, no canto dos 43 millóns que dispuña o Tratado de Paz. Se a produción total de Alemaña excedera o nivel presente de 108 millóns ó ano, o 60% da sobreprodución até 128 millóns entregaríanselle á Entente, e o 50% de todo suplemento até que se acade a cifra consignada no Tratado. Se a produción total descendera por debaixo deses 108 millóns, a Entente examinará a situación, e despois de escoitar a Alemaña, reconsideraráo».

II. As disposicións relativas ó mineral de ferro esixen menos atención, aínda que o seu efecto sexa destrutivo. Requiren menos atención porque, en gran parte, son inevitables. Case exactamente o 65% do mineral de ferro extraído de Alemaña en 1913 procedía de Alsacia-Lorena⁵³. Nisto consistía a importancia maior das provincias secuestradas.

Non cabe dúbida de que Alemaña perde estes xacementos de ferro. A única cuestión será saber até que punto se lle darán facilidades para adquirir os seus produtos. A delegación alemá fixo grandes esforzos pedindo a inclusión dunha disposición para que o carbón e o coque que eles tiveran que proporcionarlle a Francia se deran a cambio de *minette* de Lorena; pero non o lograron, e o asunto quedou ó arbitrio de Francia.

Os motivos que dirixirá a política eventual de Francia non son enteiramente coherentes. Mentres que Lorena achegaba o 75% do mineral de ferro de Alemaña, somentes o 25% dos altos fornos están dentro de Lorena e na conca do Sarre, levándose a Alemaña unha gran parte dese ferro. Aproximadamente a mesma proporción das fundicións de ferro e aceiro de Alemaña, é dicir, un 25%, estaban situadas en Alsacia-Lorena. Xa que logo, polo momento, o procedemento máis económico e vantaxoso sería exportar a Alemaña, como até agora, unha parte considerable da produción das minas.

Doutro lado, tendo recuperado Francia os depósitos de Lorena, pode aspirar a substituír, en canto sexa posible, as industrias que Alemaña baseara neles por outras situadas dentro das súas fronteiras. Ten que pasar moito tempo antes de que as plantas e o traballo cualificado se poidan desenrolar en Francia, e aínda así, ha de serlle difícil traballar o mineral

⁵³ 21.136.275 dun total de 28.607.903 toneladas. A perda de mineral de ferro, con respecto á Alta Silesia, é insignificante. A exclusión do ferro e do aceiro de Luxemburgo da Unión Aduaneira alemá é, porén, importante, especialmente cando esa perda se engade á de Alsacia-Lorena. De paso, pode engadirse que a Alta Silesia produce o 75% do cinc de Alemaña.

do ferro, a non ser que poida contar con recibir o carbón de Alemaña. A incertidume, ademais, no que fai á sorte definitiva do Sarre, perturbará os cálculos dos capitalistas que aspiren a establecer novas industrias en Francia.

De feito, aquí, como en tódalas partes, as consideracións políticas atrávesanse desastrosamente na economía. Nun réxime de librecambio e de relacións económicas libres tería poucas consecuencias que o ferro estivera nun lado da fronteira política e o traballo, o carbón e os altos fornos no outro. Pero tal e como son as cousas, os homes inventaron medios para empobrecérense a si mesmos e ós demais, e prefiren os odios colectivos á felicidade individual. Semella certo, calculando segundo as paixóns actuais e os impulsos da sociedade capitalista europea, que a produción efectiva de ferro de Europa diminúa por causa dunha nova fronteira política (que o sentimento e a xustiza histórica reclaman), porque así o nacionalismo e o interese privado poderán impoñer unha nova fronteira económica, seguindo as mesmas liñas. Estas últimas consideracións permiten, na actual situación política de Europa, atender á intensa necesidade do continente de dispor dunha produción máis sostida e eficaz para reparar as destrucións da guerra e satisfacer as insistencias de maior recompensa para o traballo⁵⁴.

As mesmas influencias hanse de ver, aínda que en escala menor, na transferencia da Alta Silesia a Polonia. Malia haber na Alta Silesia pouco ferro, a dispoñibilidade de carbón favoreceu que se estableceran alí numerosos altos fornos. Cal será a súa sorte? Se se priva a Alemaña dos seus aprovisionamentos de ferro do Occidente, exportará alén das fronteiras do Este

⁵⁴ En abril de 1919, o Ministerio británico de Municións enviou unha comisión de técnicos a examinar as condicións das fábricas de ferro e aceiro de Lorena e os territorios ocupados de Alemaña. O seu informe afirma que as de Lorena, e en menos extensión as do val do Sarre, dependen para o seu aprovisionamento de carbón e coque de Westfalia. É preciso mesturar o carbón de Westfalia co do Sarre para lograr un bo coque de forno. A completa dependencia de todas as fábricas de ferro e aceiro de Lorena do combustible alemán «colócaas», di o *report*, nunha situación pouco cobizable.

algunha parte do pouco que lle queda? A eficacia e a produción da industria parece seguro que diminuirán.

Dese xeito, o Tratado fire a organización, e destruíndo a organización, diminúe aínda máis a riqueza, xa reducida, de toda a comunidade. As fronteiras económicas que se van establecer entre o ferro e o carbón, sobre os que se funda o industrialismo moderno, non só diminuirán a produción de mercadorías útiles, senón que gastarán, posiblemente, unha cantidade inmensa de traballo humano en transportar o ferro e o carbón, segundo lle cadre, a distancias innecesarias, por satisfacer os ditados dun tratado político e por térense establecido atrancos para a acaída localización da industria.

— III —

Quedan disposicións do Tratado que atinguen ó sistema de transportes e aduanas de Alemaña. Estas partes do Tratado non teñen a importancia nin a significación das que vimos de discutir. Son picadas de alfinete, intervencións e humillacións, non tan rexeitables polas súas consecuencias efectivas coma por deshonrosas para os aliados, tendo en conta os seus compromisos. Considere o lector o que segue á luz das seguridades sinaladas, nas que Alemaña confiou para depoñer as súas armas.

1º. As diversas cláusulas económicas empezan por unha ringleira de disposicións que estaría de acordo co espírito do terceiro dos *Catorce Puntos*, se foran recíprocas. Tanto para as importacións coma para as exportacións, e no que se refire ás tarifas aduaneiras, regulacións e prohibicións, Alemaña obrígase por cinco anos a dar trato de nación máis favorecida ós Estados aliados e asociados⁵⁵. Pero ela non pode recibir o mesmo trato.

⁵⁵ Artigos 264, 265, 266 e 267. O Consello da Sociedade de Nacións non pode estender estas disposicións máis alá deses cinco anos.

Durante cinco anos, Alsacia-Lorena poderá exportar libremente a Alemaña, sen pago de dereitos de aduana, até a cantidade media enviada anualmente a Alemaña entre 1911 e 1913⁵⁶. Pero non hai unha disposición semellante para as exportacións de Alemaña a Alsacia-Lorena.

Durante tres anos, as exportacións polacas a Alemaña, e durante cinco as de Luxemburgo, tamén terán aquel privilexio⁵⁷; pero non as exportacións alemás a Polonia ou Luxemburgo. Luxemburgo, ademais, que durante moitos anos gozou dos beneficios da súa inclusión na Unión Aduaneira Alemá, queda fóra dela para sempre⁵⁸.

Durante seis meses, despois de ser posto en vigor o Tratado, Alemaña non pode impoñer ás importacións dos Estados aliados e asociados dereitos superiores ós máis favorables que rexiran antes da guerra, e durante dous anos e medio despois (tres anos en total), esta prohibición continuará aplicándose a certas mercadorías, especialmente a algunhas daquelas para as que había convenios especiais antes da guerra, e tamén ó viño, aceites vexetais, seda artificial e lá lavada ou desengraxada⁵⁹. Esta é unha disposición ridícula e prexudicial por causa da cal se lle impide a Alemaña que adopte as medidas necesarias para adicar os seus limitados recursos á adquisición de cousas necesarias e a satisfacer as reparacións. De resultas da actual distribución da riqueza en Alemaña, e das licenzas dos individuos, criadeiro da incertidume, Alemaña vese ameazada por un diluvio de obxectos de luxo e de medio luxo do estranxeiro, que non tivo durante anos, e nos que esgotará ou diminuírá agora os

⁵⁶ Artigo 268 a).

⁵⁷ Artigo 268 b) e c).

⁵⁸ O Gran Ducado tamén queda desneutralizado, e Alemaña obrígase a «aceptar por adiantado tódolos arranxos internacionais que puideran acadar as potencias aliadas e asociadas», referidas a el (Artigo 40). A finais de setembro de 1919 tivo lugar un plebiscito para determinar se Luxemburgo tiña que unirse á Unión Aduaneira francesa ou á belga acordando, por gran maioría, que o fixera á primeira. A terceira alternativa, a de manterse dentro da alemá, non se lle ofreceu ó electorado.

⁵⁹ Artigo 269.

seus escasos recursos para o cambio exterior. Estas disposicións danan a autoridade do Goberno alemán para impoñer recortes nesos gastos, ou para subir os impostos nun momento crítico. Que exemplo de avidez insensata, que se supera a si mesma, ó introducir, despois de quitarlle a Alemaña a riqueza líquida que ten e esixirlle pagos imposibles para o porvir, un precepto especial e particularizado, obrigándoa a permitir, como se foran días de bonanza, a importación de champán e seda!

Outro artigo referente ó réxime aduaneiro de Alemaña, se fora aplicado, había de ter graves e extensas consecuencias. Os aliados reserváronse o dereito a aplicar un réxime especial de aduanas ó territorio ocupado na ribeira esquerda do Rin, «en previsión de que tal medida fora necesaria, ó seu xuízo, para salvagardar os intereses económicos da poboación deses territorios»⁶⁰. Esta disposición introduciuse, probablemente, como adición, quizais, útil á política francesa de separar as provincias da beira esquerda de Alemaña, durante os anos da ocupación. Aínda non se abandonou o proxecto de establecer unha república independente, baixo auspicios clericais franceses, que servira de Estado tapón e para a ambición francesa de retraer a Alemaña propiamente dita máis aló do Rin. Algúns cren que se pode lograr moito cun réxime de ameazas, corrupción e adulacións, practicándoo durante un período de máis de quince anos⁶¹. Se se leva a cabo este artigo, e o sistema econó-

⁶⁰ Artigo 270.

⁶¹ As disposicións sobre a ocupación poden resumirse acaidamente neste punto. O territorio alemán situado ó oeste do Rin, coas cabezas de ponte, está suxeito a ocupación por un período de quince anos (Artigo 428). Se, non obstante, «Alemaña cumpre fielmente as condicións do presente Tratado», o distrito de Colonia será evacuado ós cinco anos, e o de Coblenza, ós dez (Artigo 429). Sen embargo, máis adiante dispónse que se ó remate dos quince anos «os Gobernos aliados e asociados non considerasen bastantes as garantías contra unha agresión non provocada por Alemaña, a evacuación das tropas ocupantes pode ser diferida canto se considere necesario até lograr as garantías requiridas» (Artigo 429); e tamén que «no caso de que durante a ocupación ou despois de rematados os quince anos a Comisión de Reparacións atope que Alemaña rexeita observar todas ou parte das obrigacións que se lle sinalan neste Tratado, con respecto ás reparacións, todos ou parte dos territorios especificados no artigo 429 serán inmediatamente reocupados polas potencias aliadas e asociadas» (Artigo 430). Se é imposible para Alemaña cumprir con tódalas obriga-

mico da beira esquerda do Rin queda efectivamente separado do resto de Alemaña, o efecto pode ser de moito alcance. Pero os soños dos diplomáticos non sempre se realizan, e debemos confiar no porvir.

2º. As cláusulas referentes ós ferrocarrís, tal e como as presentou Alemaña orixinariamente, foron substancialmente modificadas no final do Tratado, quedando limitadas a unha disposición segundo a que as mercadorías que veñan de territorio aliado a Alemaña, ou en tránsito por Alemaña, recibirían o trato máis favorecido en portes, tarifas, etc., aplicadas a mercadorías da mesma especie, conducidas por calquera das liñas alemás baixo condicións semellantes de transporte, por exemplo, no que atinxe ó percorrido⁶². Como disposición non recíproca, este é un acto de intervención en asuntos internos difícil de xustificar; pero o seu efecto práctico⁶³ e mais o dunha disposición análoga referida ó transporte de pasaxeiros⁶⁴, dependerán moito da interpretación da expresión «condicións semellantes de transporte»⁶⁵.

O sistema de transportes de Alemaña agora, por causa das disposicións relativas á cesión de material móbil, deteriorarase

cións da súa reparación, o efecto das disposicións expresadas consistirá, na práctica, en que os aliados ocuparán a beira esquerda do Rin, en toda a extensión que queiran. Gobernarano tamén na forma en que determinen (isto é, non só no que atinxe ós costumes, senón tamén en materias como a autoridade dos representantes locais alemáns e da comisión aliada gobernante); xa que logo, «tódalas materias referentes á ocupación e non reguladas polo presente Tratado, regularanse por acordo subseguinte, que Alemaña, desde agora, se compromete a observar» (Artigo 432). O convenio actual, de acordo co que deben ser administrados os territorios ocupados no presente, publicouse no *Libro Branco* (Cd. 222). A autoridade suprema quedará nas mans dunha comisión inter-aliada do Rin, que terá un membro belga, un francés, un inglés e outro americano. Os artigos deste Tratado foron trazados honrada e razoablemente.

⁶² Artigo 365. Logo de pasados cinco anos, este artigo quedará suxeito a revisión polo Consello das Nacións Unidas.

⁶³ O Goberno alemán suprimiu, desde o 1 de setembro de 1919, toda tarifa preferente para a exportación de mercadorías de ferro e aceiro, coa intención de que aqueles privilexios resultaran máis que compensados polos que, segundo este artigo do Tratado, había de verse obrigado a conceder ós comerciantes aliados.

⁶⁴ Artigo 367.

⁶⁵ As cuestións de interpretación e de aplicación lévanse á Sociedade de Nacións (Artigo 376).

gravemente. Segundo o parágrafo 7º das condicións de armisticio, Alemaña tería que entregar 5.000 locomotoras e 15.000 vagóns «en bo estado, e con tódolos útiles correspondentes». Segundo o Tratado, Alemaña está obrigada a confirmar esta entrega e a recoñecer o dereito dos aliados ó material⁶⁶. Ademais, para o caso dos sistemas ferroviarios en territorio cedido, é requirido entregar estes sistemas completos, co seu complemento total de material móbil «nun estado normal de conservación», tal e como se presentaron no seu último inventario do 11 de novembro de 1918⁶⁷. É dicir, os sistemas de ferrocarrís cedidos non poderán levar nada do material móbil deteriorado de Alemaña.

Esta é unha perda que, sen dúbida ningunha, hase de perdoar co tempo. Pero a falta de aceites lubricantes e o asombroso desgaste ocasionado pola guerra, non compensado polas reparacións normais, xa reduciu o sistema ferroviario alemán a un estado deficientísimo. As demais grandes perdas establecidas no Tratado manterán ese estado de cousas durante algún tempo, e son un agravante substancial das dificultades que atinxían ó problema do carbón e, en xeral, da exportación industrial.

3º. Restan as cláusulas referentes ó sistema fluvial de Alemaña. Son, en gran parte, innecesarias e pouco relacionadas cos supostos obxectivos dos aliados, cuxo contido, polo común, é descoñecido. Porén, constitúen unha intromisión sen precedente nos asuntos internos dun país, e mesmo poden actuar en forma que lle arrinquen a Alemaña todo o control efectivo sobre o seu propio sistema de transportes. Na súa forma presente non teñen xustificación posible, pero algúns cambios sinxelos poderían facer deles un instrumento razoable.

Moitos dos ríos principais de Alemaña teñen a súa orixe ou a súa desembocadura en territorio que non é alemán. O Rin nace

⁶⁶ Artigo 250.

⁶⁷ Artigo 371. Esta decisión aplícase incluso ás «liñas da antiga Rusia Polaca, convertida por Alemaña en peñor alemán, e sendo consideradas como disgregadas do sistema de Estado prusiano».

en Suíza, e agora é un río-fronteira nunha parte do seu curso, acabando no mar de Holanda; o Danubio nace en Alemaña, pero a maior parte do seu curso corre por fóra dela; o Elba nace nas montañas de Bohemia, chamada agora Checoslovaquia; o Oder atravesa a Silesia inferior, e o Niemen marca agora a fronteira coa Prusia oriental e nace en Rusia. De todos eles, o Rin e o Niemen son, pois, ríos fronteirizos; o Elba é primeiro alemán, pero na súa parte superior ten moita importancia para Bohemia; o Danubio, na súa parte alemá, parece que teña pouca relación con ningún outro país que non sexa Alemaña, e o Oder é un río case totalmente alemán, a non ser que o resultado do plebiscito separe toda a Alta Silesia.

Os ríos que, segundo a letra do Tratado, «proporcionan a máis dun Estado acceso ó mar», requiren efectivamente algunha medida de regulación internacional e garantías acaídas fronte ás desigualdades. Ese principio sempre foi recoñecido nas comisións internacionais que regularon o Rin e o Danubio. Pero nesas comisións, os Estados interesados estaban representados, máis ou menos, en proporción ós seus intereses. O Tratado, sen embargo, tomou o carácter internacional deses ríos como pretexto para deixar fóra da intervención alemá o sistema fluvial de Alemaña.

Despois de certos artigos, nos que se prové acertadamente contra a desigualdade e as trabas á liberdade de tránsito⁶⁸, o Tratado procede a outorgar a administración do Elba, do Oder, do Danubio e ás do Rin comisións internacionais⁶⁹. Os poderes definitivos destas comisións determinaranse por «un convenio xeral redactado polas potencias aliadas e asociadas, e aprobado

⁶⁸ Artigos 332 e 337. Debe facerse excepción, porén, do parágrafo 2º do artigo 332, que lles permite ós barcos doutras nacións comerciar entre cidades alemás, pero prohibe ós barcos alemáns comerciar entre cidades non alemás, a non ser con permiso especial; e o artigo 333, que lle prohibe a Alemaña facer uso do seu sistema fluvial como fonte de ingresos, debe ser considerado antixurídico.

⁶⁹ O Niemen e o Mosela, se fora preciso, serían tratados dun xeito semellante, nunha data posterior.

pola Sociedade de Nacións»⁷⁰. Mentres, as comisións argallarán os seus propios regulamentos e gozarán aparentemente dos poderes máis amplos, «particularmente no que atinxe á execución de obras de sostén, control e mellora do sistema fluvial, o seu réxime financeiro, establecemento e reposición de dereitos e a regulación da navegación»⁷¹.

Sobre todo iso, en canto ó Tratado, hai moito que dicir. A liberdade de tránsito é unha parte que non carece de importancia na boa práctica internacional e que debe ser establecida en todas partes. O lado criticable das comisións está na súa composición. En cada caso, o voto está contrapesado para colocar a Alemaña en evidente minoría. Na comisión do Elba, Alemaña ten catro votos de dez; na do Oder, tres de nove; na do Rin, catro de dezanove; na do Danubio, que aínda non está definitivamente constituída, estará igualmente en minoría. Francia e Gran Bretaña teñen unha representación en todas elas; e na do Elba, por razóns que descoñezo, tamén están representadas Italia e Bélxica.

Deste xeito, as grandes vías fluviais de Alemaña están en mans de entidades estranxeiras, cos poderes máis amplos; e gran parte do negocio local e interior de Hamburgo, Magdeburgo, Dresde, Stettin, Fancfort, Breslau e Ulm tamén estará sometido a xurisdición estranxeira. É case o mesmo que se as potencias da Europa continental estiveran en maioría no comité para a conservación do Támesis ou do porto de Londres.

Certas disposicións de menor importancia seguen liñas que, no noso exame do Tratado, han de sernos familiares. Baixo o anexo 31º do capítulo de reparacións, Alemaña ten que ceder máis do 20% da tonelaxe da súa navegación interior. E ademais, ten que ceder unha parte da súa escuadrilla fluvial do Elba, do Oder, do Niemen e do Danubio, que ha de determinar un árbitro

⁷⁰ Artigo 338.

⁷¹ Artigo 344. Isto refírese, particularmente ó Elba e ó Oder. As comisións existentes tratarán do Danubio e do Rin.

americano, «tendo en conta as necesidades lexítimas das partes interesadas, e particularmente o trafego naval durante os cinco anos previos á guerra»; os barcos cedidos serán escollidos entre os construídos máis recentemente⁷². E seguiríase o mesmo procedemento cos barcos alemáns e os remolcadores do Rin e coa propiedade alemá do porto de Rotterdam⁷³. Onde o Rin corre entre Francia e Alemaña, Francia ten tódolos dereitos para utilizar a auga para a rega ou a enerxía, e Alemaña non terá ningún⁷⁴, e tódalas pontes serán de propiedade francesa, dunha beira á outra⁷⁵. De remate, a administración do porto de Kehl, que está no Rin puramente alemán, e na beira oriental do río, unírase á de Estrasburgo, e correrá de cargo, durante sete anos, dun francés designado pola nova comisión do Rin.

Resulta, xa que logo, que as cláusulas económicas do Tratado teñen alcance, e que nelas non se prescindiu de nada que de momento poida empobrecer a Alemaña e dificultar logo o seu desenvolvemento futuro. Así as cousas, Alemaña terá que facer pagos en moeda, nunha escala e nunha forma que pasaremos a examinar no seguinte capítulo.

5. Reparacións

Compromisos adquiridos antes das negociacións da paz

A categoría dos danos sobre os que os aliados estaban autorizados a pedir reparacións, réxese polas pasaxes pertinentes dos *Catorce Puntos* do presidente Wilson, do 8 de xaneiro de 1918, incluíndo a modificación que lle fixeran os mesmos aliados nunha nota autorizada, que lle fora comunicada formalmente polo presidente ó Goberno alemán, como base da paz, o 5 de novembro de 1918. Estas pasaxes foron citadas enteiramente ó

⁷² Artigo 339.

⁷³ Artigo 357.

⁷⁴ Artigo 358. Porén, a Alemaña permitiráselle pagar o crédito con cargo á forza motriz adquirida por Francia.

⁷⁵ Artigo 66.

principio do capítulo 4º. Isto é: «Alemaña dará compensación por todo o dano causado á poboación civil dos aliados e a súa propiedade por causa das súas agresións por terra, mar e aire». O carácter restritivo desta frase está reforzado pola pasaxe do discurso do presidente, ante o Congreso, do 11 de febreiro de 1918 (cuxos termos son parte expresa do convenio co inimigo), declarando que non haberá «contribucións» nin «multas de castigo».

Algunhas veces argumentouse que o preámbulo ó parágrafo 19 das disposicións do armisticio⁷⁶, ó efecto de «que toda reclamación futura dos aliados e dos Estados Unidos de América queden íntegras», desvirtuaba tódalas condicións precedentes e deixaba ós aliados libres de facer tódalas peticións que quixeran. Con todo non é posible soste que esta frase casual defensiva, á que ninguén lle dou importancia no seu momento, anulara tódalas comunicacións formais intercambiadas entre o presidente e o Goberno alemán, con base nos termos da paz, durante os días que precederon ó armisticio; abolira os *Catorce Puntos*, e convertira a aceptación alemá dos termos do armisticio nunha rendición incondicional, alomenos no que atinxe ás cláusulas financeiras. Non é máis que unha desas frases usuais de calquera que, ó redactar unha lista de reclamacións, quere poñerse a salvo da suposición de dala por completa. En calquera caso, esta dúbida está resolta pola resposta dos aliados ás acusacións alemás no primeiro proxecto do Tratado, admitindo que os termos do capítulo de reparacións deben ser regulados pola nota do presidente, do 5 de novembro.

⁷⁶ Coa reserva de que toda reclamación e petición futura dos aliados e dos Estados Unidos quede inalterable, esíxense as seguintes condicións financeiras:

– Mentres dure o armisticio, non se prescindirá, por parte do inimigo de ningunha garantía pública que poida servirle como peñor ós aliados para a recuperación de perdas de guerra.

– A inmediata restitución dos depósitos en metálico que houbera no Banco Nacional de Bélxica e, en xeral, a inmediata devolución de tódolos documentos, especies, depósitos, accións, papel moeda, así coma todo plan de emisión posterior, que afecten a intereses públicos ou privados nos países invadidos.

– A restitución do ouro ruso e de Romanía devolto a Alemaña ou collido por ela. Ese ouro será entregado ós aliados en peñor até a firma da paz.

Estimando, pois, que os termos desta nota son obrigatorios, réstanos por dilucidar cal é a forza precisa da frase: «Tódolos danos causados á poboación civil dos aliados e a súa propiedade a causa dunha agresión alemá, por terra, mar e aire». Como veremos na seguinte sección deste capítulo, poucas frases na historia lles deron tanto traballo a sofistas e xuristas coma esta afirmación, aparentemente sinxela e inequívoca. Algúns non vacilaron en afirmar que implicaba todo o custo da guerra, porque, dicían, ó custo enteiro da guerra ten que facérselle fronte cos impostos, e que «tales impostos son un prexuízo para a poboación civil». Admiten que a frase é embarazosa e que tería sido máis sinxelo ter dito «tódalas perdas e gastos de calquera clase»; e admiten tamén que a aparente aclaración sobre o dano ás personas e á propiedade da poboación civil é pouco afortunada; pero, opinan que os erros dos redactores non deben privar ós aliados dos dereitos inherentes ós vencedores.

Pero non é só a limitación da frase, no seu significado natural, e a acentuación dos danos civís a diferenza do gasto militar; en xeral, tamén se debe recordar que o texto da disposición está feito para aclarar o significado do termo *restauración* nos *Catorce Puntos* do presidente. Neles fálase de dano en territorio invadido —Bélxica, Francia, Romanía, Serbia e Montenegro, omitíndose inexplicablemente Italia—; pero non hai referencia ás perdas causadas no mar polos submarinos, ós bombardeos desde o mesmo mar (coma en Scarborough), nin ós danos provocados polos *raids* aéreos. Para reparar estas omisións, nas que se comprendían perdas para a vida e a propiedade dos civís, en realidade non diferenzables cualitativamente das ocorridas en territorio ocupado, o Consello Supremo dos Aliados, en París, propúxolle ó presidente Wilson a devandita puntualización. Naquel momento —últimos días de outubro de 1918—, non creo que ningún estadista responsable tivera no seu espírito a idea de arrincarlle a Alemaña unha indemnización polos gastos xerais da guerra. Só se quería poñer en claro (punto de consi-

derable importancia para Gran Bretaña) que a reparación dos danos causados ós non combatentes e a súa propiedade non ficara limitada ó territorio invadido (como sucedería se non se facía a precisión nos *Catorce Puntos*), senón que se aplicaría tamén a *todo* dano, fora por terra, mar ou aire. Foi máis tarde cando a petición popular dunha indemnización que cubriera tódolos gastos da guerra impuxo, por razóns políticas, o que non era honrado, chegando a querer descubrir na palabra escrita o que non decía.

Que danos, pois, se lle poden reclamar ó inimigo cunha interpretación estrita dos nosos compromisos?⁷⁷ No caso do Reino Unido, a nota abranguería o seguinte:

a) Danos á vida e propiedade civil, causados polos actos dun Goberno inimigo, incluídos os que causaran os *raids* aéreos, bombardeos navais, guerra submarina e minas.

b) Compensación polos malos tratos ós internados civís.

Non comprende os gastos xerais da guerra, é dicir: os danos indirectos debidos á perda do comercio.

A reclamación francesa tamén incluírá, como partidas consecuentes coas anteriores:

c) Dano causado á propiedade e ás persoas civís na área de guerra e pola guerra aérea detrás das liñas inimigas.

d) Compensación por pillaxe de alimentos, materias primas, depósitos de gando vivo, maquinaria, efectos domésticos, madeiras e semellantes, realizado por Gobernos inimigos ou polos seus nacionais nos territorios que ocuparan.

e) Devolución das multas e requisas impostas polos Gobernos inimigos ou polos seus funcionarios sobre municipalidades ou cidadáns franceses.

⁷⁷ É de facer ver, aínda que só sexa de pasada, que non hai neles nada que limite o dano inflixindo contrariamente ás regras recoñecidas da guerra. Vale dicir que é permitido incluír reclamacións que xurdan da captura lexítima dun navío mercante no mar, así como os gastos da guerra submarina ilegal.

f) Compensacións ós cidadáns franceses deportados ou obrigados a traballos forzados.

Como adición a estes puntos hai outro máis dubidoso, que di:

g) Os gastos efectuados pola Comisión de Auxilio para proporcionar alimentación e vestido á poboación civil francesa nos territorios ocupados polo inimigo.

As reclamacións belgas incluírían artigos semellantes⁷⁸. Se se quixera argumentar que no caso de Bélxica podería estar xustificado algo máis parecido a unha indemnización polos gastos xerais da guerra, só podería ser partindo da base da infracción do dereito internacional que implicara a súa invasión, sobre o que, como xa se viu, os *Catorce Puntos* non inclúen ningunha reclamación específica⁷⁹. Como o custo do socorro a Bélxica (segundo g), así coma os seus gastos xerais de guerra, foran satisfeitos con adiantos dos Gobernos inglés e francés e dos Estados Unidos, Bélxica probablemente empregaría calquera pago feito por ese concepto por Alemaña para descargar, en parte, a súa débeda con aqueles Gobernos; así é que tales demandas son, en realidade, unha adición ás reclamacións dos tres Gobernos prestatarios.

As reclamacións dos outros aliados formularíanse tamén en termos semellantes. Pero para eles preséntase, con máis apremio, a cuestión de até que punto se pode facer responsable subsidiaria a Alemaña polos danos causados, non por ela mesma, senón polos seus cobelixerantes: Austria-Hungría, Bulgaria e Turquía. Este é un dos moitos problemas ós que non dan contestación clara os *Catorce Puntos*. Doutro lado, si que lla dá explicitamente, no punto once, ó dano causado a Romanía, Serbia e Montenegro, sen consideración sobre a nacionalidade

⁷⁸ Os billetes ou créditos posuídos en territorio que estivese ocupado antes polos nacionais aliados serán incluídos, en calquera caso, no arranxo de débedas do inimigo, así como outras sumas debidas ós aliados nacionais sen relación coa reparación.

⁷⁹ Unha reclamación especial a favor de Bélxica si que se incluíu entón no Tratado de Paz, e foi aceptada, sen demora polos representantes alemáns.

das tropas que o causaran. Ademais, a nota dos aliados fala de agresión «alemá», cando podería terse referido á «agresión de Alemaña e dos seus aliados». Nunha interpretación estrita e literal, dubido que se poidan facer reclamacións contra Alemaña polo dano causado, por exemplo, polos turcos no Canal de Suez, ou polos submarinos austríacos no Adriático. Pero é un caso no que se os aliados quixeran apurar a materia, podían impoñer unha responsabilidade solidaria a Alemaña, sen terxiversar seriamente a intención xeral dos seus compromisos.

No que fai ós aliados entre si, o caso é completamente diferente. Sería un acto innobre e desleal que Francia e Gran Bretaña quedaran para elas co que Alemaña pague, e que lle deixaran a Italia e a Serbia os despoños que lle puideran arrincar a Austria-Hungría. Os ingresos deben ser distribuídos entre os aliados en proporción as súas propias reclamacións.

Neste caso, e se o meu cálculo se acepta tal e como o fago deseguido, a capacidade de Alemaña para pagar ficará esgotada polas reclamacións directas e lexítimas que os aliados presenten contra ela, e a cuestión das súas responsabilidades subsidiarias tería un carácter meramente académico para os aliados. Todo estadista prudente e honorable debería concederlle o beneficio da dúbida, e non reclamarlle por máis danos dos que ela mesma tivera causado.

A canto ascenderá a petición total con tal base de reclamación? Non existen cifras para basear un cálculo exacto ou científico; dou o meu propio polo que poida valer, anticipando algunha observación.

A suma total do dano material causado nos distritos invadidos foi obxecto de esaxeracións, aínda que naturais, enormes. Unha viaxe polos territorios asolados de Francia impresiona a vista e a imaxinación de maneira indescribible. Durante o inverno de 1918 a 1919, antes de que a natureza recubriera a escena co seu manto, o horror e a desolación da guerra eran visibles en grao extraordinario de terrible grandeza. Era evidente a totalidade

da destrución. En millas e millas non quedaba nada. Non había casa habitable nin campo que se puidera arar. A monotonía era impresionante. Unha rexión devastada era exactamente igual a outra: unha morea de cascallo, as pozas dos foxos de obús, e unha maraña de arame⁸⁰. A cantidade de traballo humano que sería necesaria para restaurar aqueles campos semellaba incalculable; e para o viaxeiro, tódolos millóns de libras parecían poucos para expresar materialmente a enormidade da destrución grabada no seu espírito. E algúns Gobernos, por razóns comprensibles, non sentiron rubor para sacarlle algún partido a eses sentimentos.

Eu penso que o sentimento popular engánase, sobre todo no caso de Bélxica. De calquera xeito, Bélxica é un país pequeno, e a área actual de devastación é unha pequena parte do todo. A primeira avalancha alemá en 1914 causou algún dano local; despois, a liña de batalla de Bélxica non se trasladou, como pasou en Francia, por unha ampla extensión do país. Practicamente estaba fixa, e as hostilidades limitábanse a un cativo curruncho, que en gran parte, en tempos recentes, era atrasado, pobre e estancado, sen ningunha industria activa. Quedan: algún dano na pequena área asolagada e o que causaron deliberadamente os alemáns, ó retirárense, en edificios, plantacións e transportes, así coma a pillaxe de maquinaria, gando e demais propiedades mobles. Pero Bruxelas, Amberes e incluso Ostende, están substancialmente intactos, e gran parte da terra, que constitúe a gran riqueza de Bélxica, está case tan ben cultivada como antes. O viaxeiro pode atravesar en automóbil de parte a parte, a área devastada de Bélxica case sen se

⁸⁰ Para o observador inglés, porén, unha escena sobresaía sobre as demais: o campo de Ypres. Nese curruncho desolado e espectral, a cor natural e o carácter da paisaxe e do clima parecían concibidos para mostrarlle ó viaxeiro as Memorias da Terra. O visitante do saínte, en novembro de 1918, cando algúns cadáveres alemáns lle engadían un toque de realismo e de horror humano, e aínda non rematara a gran loita, podía sentir alí, coma en ningunha outra parte, o presente aldraxe da guerra e ó mesmo tempo a trágica e sentimental purificación que no porvir transformará en certo grao a súa dureza.

percatar. En cambio, a destrución en Francia é doutra índole e a outra escala. Industrialmente, a pillaxe foi grave e, desde logo, paralizadora; pero o custo efectivo para reemprazar a maquinaria sobe lentamente, e con relativamente poucas decenas de millóns poderíase cubrir o valor de toda clase de máquinas que Bélxica tivera. Ademais, a fría estatística non pode deixar de valorar o instinto de protección individual que ten o pobo belga, desenvolto de maneira pouco corrente; e a gran masa de billetes de banco alemáns⁸¹ recollidos no país ó se firmar o armisticio, amosa que certas clases, malia a severidade e barbarie do Goberno alemán, supuxeron atopar un medio de sacar proveito á conta do invasor. As reclamacións belgas contra Alemaña, que eu vin que ascendían a unha suma que excedía da riqueza do país enteiro, calculada nas condicións previas á guerra, non merecen crédito⁸².

Valeranos para encarrear as nosas ideas amosar a avaliación oficial da riqueza belga, publicada en 1913 polo Ministerio de Facenda de Bélxica, que foi como se ve:

⁸¹ Estes billetes, que se calcula que ascenden a non menos de 6.000 millóns de marcos, agora son un motivo de embarazo e de gran perda potencial para o Goberno belga, porque, para alivio do país, recóllellos ós cidadáns a cambio de billetes belgas, ó prezo de 1,20 francos por marco. Este prezo de cambio, que excede con moito o valor do billete-marco, ó prezo corrente (e máis aínda ó dos billetes-marco logo que baixaran, chegando a valer un franco belga máis de tres marcos), dou ocasión ó contrabando de billetes-marco a gran escala en Bélxica, para sacarlle ganancia especulativa. O Goberno belga deu ese importante paso, en parte, porque esperaba persuadir á Conferencia de Paz para que redimira eses billetes de banco ó cambio á par e a cargo de Alemaña. A Conferencia de Paz sostivo, porén, que a reparación, propiamente dita, debía facer o axuste das transaccións bancarias improcedentes feitas a un tipo de cambio excesivo. Que o Goberno belga posuía aquela gran cantidade de moeda alemá, á que habería que engadirle arredor de outros 2.000 millóns de marcos que tiña o Goberno francés, que cambiara de xeito semellante en beneficio da poboación dos territorios invadidos de Alsacia-Lorena, representaba un serio agravamento da situación do cambio do marco. E sería mesmamente desexable, tanto para o Goberno belga coma para o alemán, acadar algún arranxo, no que fai á súa dispoñibilidade, aínda que sexa difícil por mor do privilexio de prioridade que ten a comisión desas reparacións sobre o activo dispoñible que Alemaña poida dispoñer para iso.

⁸² Habería que engadir, nobremente, que as reclamacións moi excesivas formuladas en nome de Bélxica inclúen, xeralmente, non só a devastación propiamente dita, senón tamén toda clase de demandas, como, por exemplo, os beneficios e ganancias que os belgas poderían ter esperado lograr, razoablemente, se non se tivera producido a guerra.

	Millóns de Libras
Terra	264
Construcións	235
Riqueza particular	545
Moeda	17
Mobles e utensilios, etc.	120
TOTAL	1.181

Este total representa un termo medio de 156 libras por habitante, que o doutor Stamp, a maior autoridade na materia, está disposto a considerar como *prima facie*, demasiado baixa (aínda que non acepta algúns outros cálculos moito máis altos que circularon ultimamente), sendo a correspondente riqueza por cabeza (tomando os veciños inmediatos de Bélxica) de 167 libras para Holanda, 244 para Alemaña e 303 para Francia⁸³. Un total de 1.500 millóns de libras, un termo medio dunhas 200 libras por cabeza, que sería moi xeneroso. O cálculo oficial da terra e das construcións probablemente será máis exacto que o resto. E tamén hai que darlle marxe para o aumento do custo da construción.

Tendo en conta todas esas consideracións, non calculo o valor en diñeiro da perda material actual de propiedade de Bélxica, causada pola destrución e a pillaxe, en máis de 150 millóns de libras, como *máximo*, e aínda que vacilo en reducir aínda máis o cálculo, que difire tanto dos habituais, sorprenderíame que resultara posible demostrar a efectividade das reclamacións nin sequera até esa cantidade. As reclamacións con respecto ós impostos, multas, requisas e outras cousas posiblemente puideran elevarse a máis de 100 millóns de libras. Se se comprenden as sumas adiantadas a Bélxica polos seus aliados para atender

⁸³ J.C., Stamp (1919): «The Wealth and Income of the Chief Powers», en *Journal of the Royal Statistical Society*, xullo.

os gastos xerais de guerra, haberá que engadir 250 millóns de libras (nos que se inclúen os gastos de socorro), chegándose a un total de 500 millóns de libras.

En Francia a destrución acadou, desde logo, un grao moito máis importante, non só por mor da extensión da liña de batalla, senón tamén pola superficie do país, inmensamente máis ampla, sobre a que se espallou a batalla alternativamente. É unha ilusión vulgar pensar que Bélxica é a vítima principal da guerra; eu creo que se poderá demostrar que, tendo en conta as mortes, perdas de propiedade e cargas da débeda futura, Bélxica fixo un sacrificio relativamente menor ca tódolos demais belixerantes, agás os Estados Unidos. Dos aliados, os sufrimentos e as perdas de Serbia foron proporcionalmente maiores e, despois dela, segue Francia, que en todo o esencial foi tan vítima da ambición alemá coma Bélxica, e mesmo a súa entrada na guerra foi tan inevitable coma a dela. Francia, ó meu xuízo, a pesares da súa política na Conferencia de Paz, debida, en gran parte, ós seus sufrimentos, merece a nosa xenerosidade.

A posición especial que ocupa Bélxica no espírito popular é debida, naturalmente, ó feito de que en 1914 o seu sacrificio foi, con moito, o maior de tódolos aliados. Pero despois de 1914 xogou un papel menos importante. Consecuentemente, cara a finais de 1918 os seus sacrificios relativos, ademais dos sufrimentos da invasión, que non se poden medir en diñeiro, quedaron por debaixo, e en certos aspectos nin sequera foron tan grandes coma, por exemplo, os de Australia. E non digo isto con ánimo de eludir as obrigacións que nos fixeron contraer con Bélxica os homes de Estado responsables, en diferentes datas. Gran Bretaña non pode pretender para sí ningún pago de Alemaña até que estean plenamente satisfeitas as xustas reclamacións de Bélxica. Pero iso non é razón dabondo para que nin eles nin nós deixemos de dicir a verdade sobre a súa contía.

Aínda que as reclamacións francesas son inmensamente maiores, tamén aquí houbo esaxeración, segundo indicaron,

mesmamente, os estatísticos competentes de Francia. O inimigo non ocupou dun xeito efectivo máis dun 10% da superficie total de Francia, e dentro da zona de verdadeira devastación non quedaba abranguido máis do 4%. Das 60 cidades francesas que teñen máis de 35.000 habitantes, só foron destruídas dúas: Reims (115.178) e Saint-Quentin (55.571); outras tres foron ocupadas: Lille, Roubaix e Douai, que sufriron pillaxe de maquinaria e doutras propiedades, pero non foron prexudicadas substancialmente en ningunha outra cousa. Amiens, Calais, Dunkerque e Boulogne, sufriron danos menores a causa do bombardeo aéreo; pero o valor de Calais e Boulogne debe ser aumentado polas obras de varias clases feitas para uso do exército inglés.

O *Anuario Estatístico de Francia* de 1917 valora a propiedade total construída de Francia en 2.380 millóns de libras⁸⁴. O cálculo, admitido con xeneralidade en Francia, de 800 millóns de libras pola destrución da propiedade edificada é, pois, notoriamente esaxerado⁸⁵. A cifra de 120 millóns de libras ós prezos anteriores á guerra, ou sexa, 250 millóns de libras de agora, achégase moito máis á cifra exacta. Os cálculos do valor da terra de Francia (á parte das construcións) varían desde 2.480 a 3.116 millóns de libras. Así que resulta esaxerado estimar o dano neste punto en máis de 100 millóns. O capital en granxas agrícolas de toda Francia, non está calculado, polas mesmas autoridades francesas, en máis de 420 millóns de libras⁸⁶. Restan as perdas en mobiliario e maquinaria, as causadas nas minas de carbón e no sistema de transportes e outros moitos secundarios. Pero esas perdas, aínda que sexan graves, sobre unha parte pequena de Francia, non se poden avaliar en centos de millóns de libras esterlinas. Nunha palabra: será moi difícil formular unha conta

⁸⁴ Outros cálculos varían entre 2.420 e 2.680 millóns de libras. (Véxase Stamp, *loc. cit.*)

⁸⁵ Así o indicou, clara e valentemente, Charles Gide en *L'Emancipation* de febreiro de 1919.

⁸⁶ Para detalles sobre estas cifras, véxase Stamp, *loc. cit.*

que pase de 500 millóns de libras polo dano *físico e material* ocasionado nas comarcas ocupadas e devastadas do norte de Francia⁸⁷. Confirma o meu cálculo a opinión de M. René Pupin, autor do máis amplo e científico cálculo da riqueza de Francia antes da guerra⁸⁸, que puiden coñecer despois de dispoñer das miñas propias cifras. Esta autoridade estima as perdas materiais das rexións invadidas entre 400 e 600 millóns de libras⁸⁹, extremos entre os que están as miñas cifras.

⁸⁷ Incluso se fixase a extensión do dano material, sería excesivamente difícil poñerlle un prezo, que dependería, en gran parte, do período en que comenzara a restauración, e mesmo dos métodos adoptados para facela. Sería imposible reparar o dano nun ano ou en dous, a ningún prezo; o mesmo intento de facelo en proporción excesiva, en relación coa cantidade de traballo e materiais dispoñibles, podería forzar os prezos a nivel descoñecido. Eu penso que debemos aceptar un custo de traballo e materiais, aproximadamente, igual ó usual no conxunto do mundo. Sen embargo, tamén podemos afirmar con seguridade que a restauración literal non se logrará nunca; realmente, sería moi custoso facer iso. Moitas das cidades eran vellas e insás, e moitos pobos miserables; sería estúpido reconstruír o mesmo tipo de construcións nos mesmos sitios. E no que fai á terra, o máis prudente será, alomenos nalgúns casos, deixar a ermo durante algúns anos grandes partes. Debería computarse unha suma alzada en diñeiro que representara o valor dos danos materiais, deixando que Francia a gastara na maneira que considerase máis prudente, atendendo ó seu enriquecemento económico total. Xa se escoitaron en Francia as primeiras suxestións sobre este aspecto do tema. Un debate longo e sen resultado ocupou á Cámara durante a primavera de 1919, tratando sobre se os habitantes da comarca devastada que recibiran compensación debían de estar obrigados ou non a gastala en restaurar a propiedade no seu estado previo, tal cal, ou se podían ter a liberdade para empregala como quixeran. Evidentemente, habería moito que dicir en ámbolos dous casos; no primeiro, resultaría moi duro e incerto, para os propietarios, non poder fiar en recobrar o uso efectivo da súa propiedade, ó mellor durante anos, e, poren, tampouco ter liberdade para establecerse en calquera outra parte; pero, por outra banda, se esas persoas tiveran permiso para coller a súa indemnización e marchar para calquera outra parte, a rexión norte de Francia non se arrinxaría nunca. Malia iso, eu creo que o método razoable é ser flexible, e deixar que as causas económicas sigan o seu propio rego.

⁸⁸ *La richesse de la France devant la guerre*, 1916.

⁸⁹ *Revue Bleue*, 3 de febreiro de 1919. Hai aquí unha valiosa selección de cálculos e opinións francesas, formando o capítulo 4º da *Liquidation financière de la guerre*, por H. Charriaut e R. Hacault. A magnitude xeral do meu cálculo confirmábase pola extensión das reparacións xa feitas, segundo se amosou nun discurso pronunciado por M. Tardieu o 10 de outubro de 1919, no que dixo: «O 16 de setembro último, de 2.246 kilómetros de vía férrea destruída, foran reparados 2.106; de 1.075 kilómetros de canal, 700; de 1.160 construcións, tales coma pontes e túneles, que foran fundidos, 588 xa foran reconstruídos; de 559.000 casas derruídas polo bombardeo, estaban reconstruídas 60.000, e de 1.800.000 hectáreas de terra inutilizada pola batalla, estaban de novo en cultivo 400.000, a metade das cales estaban dipostas para a sementeira. Finalmente, foran arrincados máis de 10.000.000 de metros de arame de espiño».

Porén, M. Dubois, falando en nome da Comisión de Orzamentos da Cámara, deu a cifra de 2.600 millóns de libras «como mínimo», sen contar «impostos de guerra, perdas no mar, estradas ou en monumentos públicos»; e M. Loucheur, ministro de Reconstrución Industrial, afirmaba ante o Senado, o 17 de febreiro de 1919, que a reconstitución das rexións devastadas custaría 3.000 millóns de libras: máis do dobre do que calculara M. Pupin que era a riqueza toda dos seus habitantes. Pero é que naquela ocasión M. Loucheur participaba con notoriedade na defensa das reclamacións de Francia ante a Conferencia de Paz, e, como a outros, parecíalle que a verdade estrita non acaía coas arelas patrióticas⁹⁰.

As cifras discutidas até agora non constitúen, porén, a totalidade das reclamacións francesas. Restan, en particular, impostos e requisas nas áreas ocupadas e as perdas da mariña mercante francesa no mar, a causa dos ataques dos cruceiros e submarinos alemáns. Pode que 200 millóns de libras abondasen para cubrir estas reclamacións; pero para estarmos seguros de todo, queremos, aínda que sexa arbitrario, engadirlle á reclamación francesa outros 300 millóns, chegando así a un total de 800.

As afirmacións de M. Dubois e de M. Loucheur foron feitas no comezo da primavera de 1919. O discurso de M. Klotz, ante a Cámara francesa, foi pronunciado seis meses despois, o 5 de setembro de 1919, polo que aínda tiña menos escusa. Nel, o ministro francés de Facenda calculou a reclamación total de Francia, por danos á propiedade (presumíndose que ían incluídas as perdas no mar, etc., pero á parte de pensións e concesións), en 3.360 millóns de libras, ou sexa, máis de seis veces o que eu calculei. Aínda cando se demostrara que a miña cifra era errada, a de M. Klotz non se podería xustificar nunca. Tan grave fora o engano feito polos seus ministros ó pobo francés,

⁹⁰ Algúns dos seus cálculos inclúen o pago de danos, continxentes e inmateriais, así como o dano material directo.

que en canto se faga a luz, que ha de ser pronto, tanto sobre o que fai ás súas reclamacións coma á capacidade de Alemaña para satisfacelas, as repercusións caerán sobre alguén máis alto que M. Klotz, podéndolle afectar incluso ó Goberno e mesmo á sociedade que el defende.

As reclamacións británicas sobre as bases presentes deberían limitarse practicamente ás perdas por mar: perdas de navíos e de cargas. As reclamacións basearíanse, naturalmente, no dano á propiedade civil causado polos *raids* aéreos e polos bombardeos desde o mar; pero en relación ás cifras que agora estamos a tratar, o valor en diñeiro que implican é insignificante. Con 5 millóns de libras podería atenderse a todas. Con 10 millóns, máis que seguro.

Os barcos mercantes ingleses fundidos polo inimigo, excluindo os de pesca, foron 2.479, cunha capacidade total de carga de 7.759.000 toneladas⁹¹. Hai lugar para considerables diverxencias de opinión encol da fixación da cifra concreta a esixir como custo de reparación; o ratio de 30 libras por tonelada bruta —que co rápido aumento da construción de barcos pódese volver pronto demasiado alto, pero que tamén pode ser remprazado por outro que sinalen autoridades máis competentes⁹²— supón unha reclamación total de 230 millóns de libras. A isto haberá que engadirlle a perda dos cargamentos, cuxo valor é, case por completo, cuestión de apreciación: un cálculo de 40 libras por tonelada perdida pode considerarse un ratio moi aproximado, e equivale a 310 millóns de libras, resultando, pois, en conxunto, 540.

Engadindo a isto outros 30 millóns de libras para responder polos *raids* aéreos, bombardeos, reclamacións de cidadáns

⁹¹ Unha gran parte delas perdéronse en servizo dos aliados; non se debe duplicar, pois, incluíndoas nas súas reclamacións e nas nosas.

⁹² O feito de que non se faga unha concesión separada para os 675 navíos de pesca fundidos, de 71.765 toneladas brutas, nin para os 1.885 barcos (8.007.967 toneladas brutas) estragados ou prexudicados, aínda que non fundidos, pode compensarse co que resulte excesivo na cifra para o custo de indemnización.

internados e outras diversas partidas de tódalas clases, que será dabondo, a reclamación total de Gran Bretaña quedará establecida en 570 millóns de libras. Pode resultar sorprendente que a nosa reclamación se achegue tanto á de Francia e exceda á de Bélxica. Pero, mídase pola perda pecuniaria ou pola real, o dano causado á nosa mariña mercante foi enorme.

Restan as reclamacións de Italia, Serbia e Romanía por causa da invasión, e a de outros países como, por exemplo, Grecia, polas perdas no mar⁹³. Acepto que, a efectos da argumentación presente, se dirixan estas reclamacións contra Alemaña, aínda que os danos non foran causados directamente por ela, senón polos seus aliados; pero advirto que non se pensou en incluír ningunha reclamación deste cariz a favor de Rusia⁹⁴.

As perdas de Italia pola invasión e no mar non poden ser moi grandes. Unha cifra de 50 a 100 millóns de libras será dabondo para compensalas. As perdas de Serbia, aínda que desde un punto de vista humano foran as maiores de todas⁹⁵, non se poden medir *pecuniariamente* en cifras moi grandes, a causa do seu escaso desenvolvemento económico. O doutor Stamp, na revista citada, refrefese ó cálculo do estatístico italiano Marroi,

⁹³ As perdas da mariña mercante grega foron elevadísimas, como consecuencia dos maiores perigos no Mediterráneo; pero producíronse, en gran parte, en servizo doutros aliados que xa as pagaron, directa ou indirectamente. As que se produciron en servizo dos seus propios nacionais de seguro que non foron tan considerables.

⁹⁴ Hai unha salvidade no Tratado de Paz sobre esta cuestión: «As potencias aliadas e asociadas reservan formalmente a Rusia o dereito a obter de Alemaña a restitución e reparación baseadas nos principios do presente Tratado» (Artigo 116).

⁹⁵ O doutor Diouritch, en «Economic and Statistical Survey of the Southern Slav Nations» (*Journal of Royal Statistical Society*, maio, 1919), anota algunhas cifras extraordinarias referidas á perda de vidas: «Segundo os datos oficiais, o número de caídos no campo de batalla ou mortos en cativeiro até a última ofensiva serbia, ascendía a 320.000, que eran a metade da poboación masculina de Serbia de entre dezaseis e sesenta anos. Ademais, as autoridades médicas serbias calculan que, entre a poboación civil, arredor de 300.000 persoas morreron de tifus, e que as perdas entre a poboación internada nos campos inimigos podería ter sido de arredor de 50.000 personas. Durante as dúas retiradas serbias e as de Albania, as perdas entre nenos e mozos estímense en 200.000. De remate, durante os máis de tres anos de ocupación, as perdas en vidas, causadas polas deficiencias alimentarias e a carencia de cuidados médicos, estímense en 250.000 persoas». En conxunto, pois, Diouritch calcula que as perdas de vidas excederon o millón de persoas, ou sexa, máis da terceira parte da poboación da vella Serbia.

que estima a riqueza nacional de Serbia en 480 millóns de libras, que son 105 libras por cabeza⁹⁶, e que a maior parte dela é terra que non sufriu dano permanente⁹⁷. En vista de datos tan inadecuados para calcular non outra cousa que a *magnitude xeral* das reclamacións lexítimas deste grupo de países, prefiro non facer máis que unha suposición e calcular en 250 millóns de libras a cifra total para todo o grupo.

Así, pois, finalmente, chegamos ó que segue

	Millóns de libras
Bélxica	⁹⁸ 500
Francia	800
Gran Bretaña	570
Outros aliados	250
TOTAL	2.120

Non ha de facer falla dicirlle ó lector que hai moita imaxinación no anterior, e que especialmente a cifra de Francia será criticada. Pero teño certa confianza en que a *magnitude xeral*, aínda que se fixera con cifras diferentes, non é absurdamente errada. Isto pode expresarse afirmando que a reclamación contra Alemaña, calculada con atención á interpretación dos compromisos anteriores ó armisticio contraídos polas potencias aliadas, non discutida, seguramente pasará de 1.600 sen chegar a 3.000 millóns de libras.

⁹⁶ *Come si calcola e a quanto ammonta la ricchezza d'Italia e delle altre principali nazioni*, publicado en 1919.

⁹⁷ Extensas reclamacións presentadas polas autoridades serbias inclúen partidas hipotéticas de danos indirectos e non materiais; pero, aínda que foran reais, non son admisibles na fórmula presente.

⁹⁸ Aceptando que, no seu caso, 250 millóns de libras están incluídos nos gastos xerais da guerra, sacados dos préstamos que lle fixeron a Bélxica os seus aliados.

Esta é a totalidade da reclamación que temos dereito a presentarlle ó inimigo. Por razóns que despois se completarán, creo que tería sido un acto sabio e xusto pedirlle ó Goberno alemán, nas negociacións de paz, que aceptara una suma de 2.000 millóns como arranxo definitivo, sen entrar en detalles. Iso tería proporcionado unha solución inmediata e precisa, esixindo de Alemaña unha cifra que, con certa tolerancia, non lle había de ser imposible de pagar. Esa cantidade tería podido ser repartida entre os aliados conforme ás súas necesidades e gardando un principio xeral de equidade. Pero o asunto non se arranxou atendendo a razóns coma estas.

A Conferencia e as condicións do Tratado

Non creo que na data do armisticio as autoridades responsables nos países aliados agardaran ningunha outra indemnización de Alemaña que o pago das reparacións polo dano material directo que se producira a resultas da invasión do territorio aliado e da campaña submarina. Naquel intre existían dúbidas serias sobre se Alemaña aceptaría as nosas condicións, que noutros aspectos eran inevitablemente moi severas, e teríase considerado un acto impolítico arriscarse a que continuara a guerra por esixir un pago en diñeiro que a opinión aliada entón nin esperaba, e que, probablemente, non se podía asegurar en ningún caso. Eu creo que os franceses non aceptaron nunca de todo este punto de vista; pero certamente si que era a actitude británica, e nese ambiente habían de trazarse as condicións precedentes do armisticio.

Un mes despois, o ambiente mudou por completo. Descubríramos o desesperada que era a situación alemá, e que algúns, aínda que non todos, xa o tiñan previsto, aínda que ningún o quixera recoñecer. Era evidente que poderíamos ter asegurado a rendición incondicional se quixéramos. Pero había outro factor novo na situación que tiña unha maior

importancia local. O xefe do Goberno inglés percibiu que a conclusión das hostilidades podía traer consigo de contado a creba do bloque político no que descansaba o seu ascendente persoal, e que as dificultades interiores que acompañarían á desmobilización, a volta da industria desde as condicións de guerra ás de paz, a situación financeira e as restricións psicolóxicas xerais do espírito dos homes, proporcionarían ós seus inimigos armas poderosas, se lles daba tempo a prepararse. En consecuencia, a mellor probabilidade para consolidar o seu poder, persoal e exercido coma tal, independentemente de partidos e principios, até un punto desusado na política inglesa, debía centrarse, xa que logo, en activar a hostilidade antes de que os prestixios da vitoria se derrubaran, intentando asentar sobre as paixóns do momento os alicerces dun poder que sobrevivira ás inevitables reaccións do futuro inmediato. Por isto, a pouco do armisticio, o vencedor popular, no cumio da súa influencia e da súa autoridade, decretou unha elección xeral. Naquel momento, todo o mundo considerouno un acto de inmoralidade política. Tódalas consideracións de interese público reclamaban un aprazamento para dar tempo a que se foran definindo os principios da nova era e o país tivera ante si algo máis concreto sobre o que poder pronunciarse e instruír os seus novos representantes. Pero as arelas da ambición personal determinaron outra cousa.

Durante algún tempo todo foi ben. Pero antes de que a campaña estivera moi avanzada, os candidatos do Goberno atopáronse acosados pola falta dunha aspiración efectiva. O Gabinete de Guerra estaba pedindo unha ampliación do mandato por ter gañado a guerra. Pero, en parte, porque os novos principios aínda non estiveran definidos e, en parte, por mor do difícil equilibrio dunha coalición, a política futura do primeiro ministro ficou esvaída en silencio e vaguedades. Parecía, pois, que a mesma campaña se encalmaba. Polo que logo se puido

ver, non parece que a coalición chegara a estar en verdadeiro perigo; pero os xefes atórdanse facilmente. Os asesores máis neuróticos do primeiro ministro dixéronlle que non estaba a salvo de sorpresas perigosas, e o primeiro ministro escoitou-nos. Os xefes de partido pedían aínda máis brío e o primeiro ministro buscouno.

Aceptando que a volta do primeiro ministro ó poder era o esencial, o demais era consecuencia natural. Daquela, en certos sectores corría o ruxerruxe de que o Goberno non dera garantías suficientes, de xeito que «non habería perdón para os hunos». Prestábaselle moita atención a Mr. Hughes, porque pedía unha grande indemnización⁹⁹, e Lord Northcliffe prestaba unha poderosa axuda a esa causa. E niso creu ver o primeiro ministro que dun só tiro podía matar dous paxaros; adoptanto el a política de Mr. Hughes e Lord Northcliffe podía, a un tempo, facer calar a tan poderosos críticos e proporcionar os seus directores de partido unha bandeira eficaz para afogar as críticas que tamén agromaban noutros sectores.

O curso das eleccións xerais de 1918 é a historia exemplar, triste e dramática da debilidade esencial de quen non toma os seus propios e sinceros pulos como guía, senón os efluvios pesados da atmosfera que momentaneamente o arrodea. Os instintos naturais do primeiro ministro eran naquel momento, como acostuman a selo, rectos e razoables. El non pensaba en capturar ó káiser, nin na razón nin na posibilidade dunha grande indemnización. O 22 de novembro, con Mr. Bonar Law, lanzou un manifesto electoral. Non contén alusión ningunha nin a unha cousa nin á outra; pero falando máis ben do desarme

⁹⁹ Debe dicirse en honra de Mr. Hughes, que desde o comezo foi consciente da transcendencia das negociacións previas ó armisticio sobre o noso dereito a pedir unha indemnización por tódolos gastos de guerra, protestando porque entráramos neses compromisos e sostendo nidiamente que non tivera parte ningunha neles, e que non se podía, pois, considerar obrigado por eles. A súa indignación puido ser debida, en parte, ó feito de que Australia, por non ter sido devastada, non tiña recoñecido o dereito a ningunha reclamación, segundo a interpretación restritiva dos nosos.

e da Sociedade de Nacións, tiraba a conclusión de que «a nosa primeira tarefa debía ser concluír unha paz xusta e duradeira, asentando así os alicerces dunha nova Europa e evitando toda outra guerra ulterior». No seu discurso en Wolverhampton, na véspera da disolución (24 de novembro), non hai nin sequera unha palabra sobre reparación ou indemnización. Ó día seguinte, en Glasgow, Mr. Bonar Law non prometeu nada. «Imos á Conferencia —dixo— como calquera dos aliados, e non podeades esperar que un membro do Goberno, sexa o que sexa o que pense, sinale en público, antes de ir a esa Conferencia, a liña que vai seguir a respecto de calquera cuestión concreta». Pero poucos días despois, en Newcastle (29 de novembro), o primeiro ministro, nunha actuación enardecida, dixo: «Cando Alemaña venceu a Francia, fíxolle pagar. Ese é o principio que ela mesma estableceu. Non hai dúbida ningunha sobre iso, así que debemos proceder facendo que Alemaña pague os custos da guerra até onde poida facelo». Porén, envolvía esta declaración de principios en moitas «salvidades», atentando ás dificultades prácticas do caso: «Designamos un valioso comité de técnicos, no que están representados tódolos matices de opción, para que estude esta cuestión con moito coidado e nos aconselle. Non hai dúbida sobre a xustiza da demanda; debe pagar todo o que poida. Pero non lle imos permitir facelo de maneira que se arruine a nosa industria». Neste punto, o primeiro ministro aspiraba a amosar unha gran severidade, sen alimentar esperanzas excesivas de lograr diñeiro de primeiras, nin comprometerse a seguir unha liña determinada na Conferencia. Rumoreábase que unha alta autoridade da City afirmara publicamente que Alemaña podía pagar, seguramente, 20.000 millóns de libras, e mesmo que non tería inconveniente en acreditarlle unha cifra dúas veces maior. Os funcionarios do Tesouro, segundo indicou Lloyd George, tiñan un criterio diferente, e podía, pois, escudarse na gran diferenza de oposicións existente entre os seus conselleiros e considerar a capacidade

exacta de Alemaña para pagar como unha cuestión aberta, en cuxa solución faría todo o posible a favor dos intereses do seu país. No que fai ós compromisos que adquiríramos baixo os *Catorce Puntos*, non dicía nada.

O 30 de novembro, Mr. Barnes, membro do Gabinete de Guerra, no que se supoñía que representaba ó Partido Laborista, berrou desde a tribuna: «Estou porque se colgue ó káiser».

O 6 de decembro, o primeiro ministro lanzou unha declaración política e de propósitos, na que, acentuando significativamente a palabra *européos*, dixo que «tódolos aliados europeos aceptaron o principio de que as potencias centrais tiñan que pagar o custo da guerra segundo a súa capacidade llelo permitira».

Pero non faltaba máis dunha semana para o día da votación, e aínda non dixerá abondo para satisfacer os apetitos do momento. O 8 de decembro, o *Times*, proporcionando, como de costume, un manto de ostensible e aparente decoro á incontinencia dos seus compañeiros, declarou nun artigo de fondo, titulado «Hay que facerlle pagar a Alemaña», que «o espírito público aínda está desconcertado polas diversas afirmacións do primeiro ministro. Existe a sospeita —engadía— de que actúan sobre el certas influencias para deixar libres ós alemáns pouco a pouco, (aínda que) non debe haber máis norma posible para determinar a súa capacidade para pagar que o interese dos aliados». «O candidato que se ocupa dos problemas do día —escribía o seu correspondente político—, que adopta a frase de Mr. Barnes de colgar ó káiser, e que insiste en que Alemaña pague os gastos da guerra, é o que arrastra ó seu auditorio e o que dá as notas a que este responde mellor».

O 9 de decembro, en Queen's Hall, o primeiro ministro esquivou o tema. Pero, de alí en diante, a orxía de ideas e palabras aumentou de hora en hora. Sir Eric Geddes proporcionou o espectáculo máis gravoso no Guildhall de Cambridge. Nun discurso anterior, e nun momento de inxenuidade pouco meditada, formulara as súas dúbidas sobre a posibilidade de

sacarlle a Alemaña todo o gasto da guerra. O tal discurso foi obxecto de serias censuras, e el pensou que tiña que refacer a súa reputación. «Sacaremos dela todo o que se lle poida sacar, machucando o limón, e algo máis», berraba o penitente; «machucarei nela até que oiades renxerlle as tripas». Toda a súa política consistía en tomar calquera anaco de propiedade dos alemáns nos países neutrais e aliados, e todo o seu ouro, e a prata, e as xoias, o contido dos museos de pinturas e mesmo das bibliotecas, para vendelo en beneficio dos aliados. «Eu quixera despozar a Alemaña —bramaba— tal e como ela despoizou a Bélxica».

O 11 de decembro, o primeiro ministro capitulou. O seu manifesto final dos *Seis Puntos*, lanzado aquel día ó corpo electoral, ofrece unha comparación lamentable co seu programa de tres semanas antes. Cópioo literalmente:

1. Procesamento do káiser.
2. Castigo dos responsables de brutalidades.
3. Pago completo de indemnizacións por Alemaña.
4. Inglaterra para os ingleses, social e industrialmente.
5. Rehabilitación dos prexudicados na guerra.
6. Un país máis feliz para todos.

Velaí unha boa materia para os cínicos. Tres semanas na plataforma electoral arrastraran ós poderosos gobernantes de Inglaterra, aqueles que un pouco antes falaban con nobreza do desarme e da Sociedade de Nacións, dunha paz xusta e duradeira que asentara os alicerces dunha nova Europa, a esta mesturanza de aridez e paixóns, de prexuízos e falsidades.

En efecto, a mesma tarde, o primeiro ministro, en Bristol, abandonou as súas anteriores reservas e sentou catro principios directivos para a súa política de indemnización, dos que estes tres son os principais:

1. Temos un dereito absoluto para reclamar o custo total da guerra.
2. Temos a intención de reclamar o custo total da guerra.

3. Un comité nomeado polo gabinete cre que se pode facer iso¹⁰⁰.

Catro días despois foi votar.

O primeiro ministro non dixo nunca que el creía que Alemaña podía pagar todo o gasto da guerra. Pero o programa concretoise na boca dos seus partidarios. Ó elector corrente facíasele crer que era posible obrigar a Alemaña a pagar a maior parte, se non a totalidade do custo da guerra. Dese xeito compraciábase, tanto ós que temeran que os gastos da guerra podían implicar problemas futuros de orde práctica, coma ós que aínda tiñan o sentimento perturbado polos horrores. Votar a favor do candidato da coalición significaba crucificar ó anticristo e endosarlle a Alemaña a débeda nacional británica.

Resultou ser unha combinación irresistible, e unha vez máis, foi certo o instinto político de Mr. George. Non había candidato que se puidese opoñer a ese programa, e ningún o fixo.

O vello partido radical, por non ter nada comparable que ofrecer ó corpo electoral, foi varrido¹⁰¹. Naceu unha nova Cámara dos Comúns, a maioría de cuxos membros se comprometeran a moito máis do que fixera o primeiro ministro coas súas cautas promesas. Pouco despois da súa chegada a Westminster, pregunteille a un amigo conservador, que coñecera Cámaras anteriores, que pensaba desta. «É unha partida de homes de cara irta —dixo—, que aparentan ter fuxido moi ben da guerra».

Este era o ambiente no que o primeiro ministro estaba metido cando saíu cara a París, e estas as dificultades nas que el mesmo se metera. Comprometérase e comprometera ó seu

¹⁰⁰ O custo total da guerra estimouse en máis de 24.000 millóns de libras. Isto significa un pago anual de xuros (á parte do fondo de indemnización) de 1.200 millóns de libras. Podía ningún comité técnico informar de que Alemaña podía pagar esa cantidade?

¹⁰¹ Desgraciadamente, non se lanzou coas súas bandeiras despregadas moi gloriosamente. Por unha ou outra razón, os seus xefes gardaron un silencio que foi decisivo. En que distinta estima os tería agora o país se sufriran a derrota protestando con firmeza contra a fraude, as andrómenas e a deshonra de todo aquel proceder!

Goberno, a formular esixencias contra un inimigo impotente, en desacordo cos solemnes compromisos contraídos por nós mesmos, e que por fiar neles o inimigo depuxera as armas. Hai poucos episodios na historia que a posteridade teña menos motivos para perdoar: unha guerra emprendida en defensa da santidad dos compromisos internacionais, remataba coa infracción, por parte dun dos campións vitoriosos, do máis sagrado deses compromisos¹⁰².

Prescindindo doutros aspectos do asunto, creo que a campaña para asegurar o pago total do custo da guerra por parte de Alemaña era un dos actos máis graves e de maior torpeza política de que nunca teñan sido responsables os nosos gobernantes. Que porvir máis distinto podería ter esperado Europa se Mr. Lloyd George ou Mr. Wilson comprenderan que o problema máis grave de tódolos que reclamaban a súa atención non era político nin territorial, senón financeiro e económico, e que o perigo do futuro non estaba nas fronteiras nin na soberanía, senón no alimento, no carbón e no transporte? Ningún deles lle prestou a atención debida a estes problemas, en ningún momento da Conferencia. Pero, en calquera caso, o ambiente favorable a un estudo prudente e razoable disipouse, sen esperanza, por mor das intervencións da delegación británica na cuestión das indemnizacións. As esperanzas que fixera nacer o primeiro ministro, non só o obrigaron a defender unha formulación económica inxusta e irrealizable para o tratado con Alemaña, senón que o poñían, dunha banda, de acordo co presidente, e doutra, con intereses, en competencia, de Francia e Bélxica. Canto máis claro parecía que era pouco o que se podía esperar de Alemaña, tamén era necesario poñer en xogo a ambi-

¹⁰² Escribín estas palabras logo da máis penosa reflexión. A falta case completa de rexeitamento dos estadistas directores de Inglaterra, induce a pensar que un debeu de cometer algún erro. Pero creo que coñezo tódolos feitos, e non son quen de descubrir ese erro. En calquera caso, expuxen os compromisos máis notorios no capítulo 4º e ó comezo deste, de maneira que o lector tamén pode formar o seu xuízo.

ción patriótica e o *sagrado egoísmo*, e quitarlle o óso a Francia, cuxas reclamacións eran máis xustas, e as súas necesidades maiores; ou a Bélxica, cuxas esperanzas eran ben fundadas. Porén, os problemas financeiros, que estaban a piques de poñer a proba a Europa, non tiñan solución compatible coa ambición. Só a xenerosidade podía curala.

Si; para sobrevivir a esas perturbacións, Europa necesitaba tanta magnanimidade de parte dos Estados Unidos coma a que ela mesma debería practicar. Ós aliados, enardecidos por teren despojado a Alemaña e mesmo uns ós outros, non lles valerá con pedir auxilio ós Estados Unidos, para que poña a flote os Estados europeos, incluída Alemaña.

As perspectivas financeiras de Europa agora serían moito mellores se na elección xeral de decembro de 1918 se debatera en termos de prudente xenerosidade no canto de estúpida avidez. Eu creo que antes da conferencia principal ou moi ó comezo das súas reunións aínda podería ter sido momento acaído para que os representantes de Gran Bretaña, cos de Estados Unidos, entraran a fondo no tratamento da situación económica e financeira, e os primeiros terían que ter sido autorizados para facer proposicións completas sobre estas liñas xerais:

1. Que tódalas débedas internacionais foran canceladas inmediatamente.
2. Que se establecera en 2.000 millóns de libras a cantidade total que había de ter que pagar Alemaña.
3. Que Gran Bretaña renunciara a toda esixencia de recibir nada desa suma, e que todo aquilo a que demostrase ter dereito se puxera a disposición da Conferencia, co propósito de axudar á Facenda dos novos Estados que se ían establecer.
4. Que co obxecto de darlle valor inmediatamente a algunhas bases de crédito, se garantizara, por tódolos interesados no Tratado, unha parte proporcionada das obrigacións

además, representando a suma que ela tivera que acabar pagando.

5. Que ás potencias que tiveran sido inimigas se lles permitira, con miras á súa restauración económica, emitir unha suma moderada de bonos que levaran unha garantía semellante.

Estas proposicións implicaban unha apelación á xenerosidade dos Estados Unidos. Pero era inevitable e, tendo en conta que os seus sacrificios financeiros foran moito menores, tamén era unha petición que se lles podía facer con nobreza. E tamén era realizable. Nada ten de quixotesco ou utópico. E terían servido para abrir unha perspectiva de estabilidade e de reconstrución financeira en Europa.

Quede unha ulterior elaboración destas ideas para o capítulo 7, e volvamos a París.

Xa mencionei os entorpecementos con que chegou alí Mr. Lloyd George. A posición dos ministros de Facenda dos outros países aliados aínda era peor. Ó fin, nós, en Gran Bretaña, non baseamos as nosas propostas de arranxo financeiro en ningunha expectativa de indemnización. Ingresos desa orixe terían moito de ganga, e prescindindo de posteriores desenvolvementos esperabamos, desde logo, equilibrar o noso orzamento por métodos máis normais. Pero non era ese o caso de Francia nin o de Italia. Os seus orzamentos da paz non pretendían o equilibrio, nin querían establecelo sen unha revisión extensa da política actual. En realidade, a situación era, e segue sendo, case desesperada. Estes países barruntaban a creba nacional, que non podía eludirse máis que alimentando a esperanza de recibir grandes ingresos procedentes das pagas do inimigo. E por iso, en canto se admitiu que era practicamente imposible obrigar a Alemaña a pagar os gastos das dúas partes, e que non era realizable descargar tódalas responsabilidades sobre o inimigo, a posición dos ministros de Facenda de Francia e Italia fíxose insostible.

Así é que calquera consideración científica sobre a capacidade de pago de Alemaña foi rexeitada desde o principio. As esperanzas que as esixencias da política fixeran alentar, estaban tan alonxadas da verdade, que non había lugar para apenas ningunha leve alteración das cifras, sendo preciso, para negalas, ignorar completamente a realidade. A mentira resultante foi fundamental. E sobre unha base de semellante falsidade foi imposible cimentar ningunha política financeira construtiva e realizable. Por esta razón, entre outras, era necesaria unha política financeira de desprendemento. A situación financeira de Francia e Italia era tan mala que non era posible que atenderan a razóns sobre o asunto da indemnización alemá, de non ser que se lle puidera ofrecer algunha alternativa para atender os seus males¹⁰³. Os representantes dos Estados Unidos cometeron, ó meu modo de ver, unha gran falta por non teren dispostas propostas construtivas que ofrecer a unha Europa dolorida e adoecida.

Paga a pena sinalar, de paso, estoutro elemento da situación: a oposición existente entre a política esmagante de M. Clemenceau e as necesidades financeiras de M. Klotz. O propósito de Clemenceau era debilitar e destruír a Alemaña por tódolos medios posibles, e eu incluso chego a crer que menosprezou sempre a indemnización porque tiña a intención de non deixar a Alemaña en situación de poder realizar unha actividade comercial moi grande. E non se molestou en tentar comprender nada a respecto da indemnización, nin sobre as dificultades financeiras machucantes do pobre M. Klotz. Se ós financeiros lles facía graza incluír no tratado algunhas esixencias gravosas, non pasaba nada; o que non se debía permitir era

¹⁰³ Na conversación cos franceses, persoas particulares e alleas ás consideracións políticas, este aspecto parecía claro. Podíase persuadilos de que os cálculos que usaban, no que facía á cantidade que se lle podía reclamar a Alemaña, eran completamente fantásticos. Porén, ó final volvían ó punto de partida. «Pero Alemaña ten que pagar, porque se non, que lle vai a suceder a Francia?»

que a satisfacción desas esixencias se mesturase coa das propias dunha paz cartaxinesa. A combinación da política *realista* de M. Clemenceau, que levaba a conclusións ilusorias, coa de aparencias de M. Klotz, fundada en consecuencias moi reais, introducía no tratado unha ringleira completa de decisións incompatibles entre si, ademais de imposibilidades prácticas inherentes ás propostas referidas ás reparacións.

Non podó describir aquí a controversia sen finalidade nin as intrigas entre os mesmos aliados que, ó fin, despois dalgúns meses, tivo cumio na presentación a Alemaña do capítulo de reparacións na súa forma definitiva. Terá habido poucas negociacións na historia tan retorcidas, tan miserables e tan substancialmente pouco satisfactorias para tódalas partes. Dubido que ningún dos que tomaron parte naquel debate poidan volver a vista atrás sen sentir vergoña. Contentareime con analizar os elementos do compromiso final, que coñece todo o mundo.

O punto principal que había que resolver era, naturalmente, o das partidas cuxo cargo podía esixírselle a Alemaña. O compromiso electoral de Mr. Lloyd George para pedir que os aliados tiveran dereito a esixir a Alemaña o pago do gasto total da guerra foi, desde o principio, notoriamente insostible; ou máis ben, para ser máis imparcial, non había forza, por grande que fora, capaz de persuadir ó presidente da compatibilidade desta demanda cos compromisos que precederon ó armisticio. O acordo real, ó que se chegou finalmente, lese como segue nos parágrafos do Tratado, tal e como se lle dou a coñecer ó mundo.

O artigo 231 di:

Os Gobiernos aliados e asociados afirman, e Alemaña acepta, a responsabilidade de Alemaña e dos seus aliados por ter causado tódalas perdas e danos a que os Gobiernos aliados e asociados, e os seus nacionais estiveron sometidos como consecuencia da guerra imposta pola agresión de Alemaña e dos seus aliados.

Este é un artigo ben elaborado e coidadosamente trazado, porque o presidente podía entendela como recoñecemento da parte de responsabilidade moral de Alemaña por ter provocado a guerra, ó tempo que o primeiro ministro podía explicalo como o recoñecemento da responsabilidade *financeira* polos gastos xerais da guerra.

O artigo 232 di:

Os Gobiernos aliados e asociados recoñecen que os acordos de Alemaña non son abondo para facer unha reparación completa de todas aquelas perdas e danos, tendo en conta a diminución permanente de tales recursos, que ha de resultar doutras disposicións do presente Tratado.

O presidente podía quedar tranquilo pensando que isto non era máis que a afirmación dun feito indubidable, e que recoñecer que Alemaña *non pode* pagar certa reclamación non implica que non estea obrigada a pagala; pero o primeiro ministro, á súa vez, podía alegar que no texto acentuábase ante o lector a presunción da responsabilidade teórica de Alemaña, afirmada no artigo precedente.

O artigo 232 continúa:

Os Gobiernos aliados e asociados esixen, porén, e Alemaña comprométese a *que ela recompensará todos los danos causados á poboación civil das potencias aliadas e asociadas e a súa propiedade*, durante o período de belixerancia de cada unha delas, como potencia aliada ou asociada contra Alemaña por tal agresión, por terra, mar e aire, e en xeral todo dano, segundo o define o anexo 1º adxunto¹⁰⁴.

As palabras en cursiva, que son practicamente unha cita textual das condicións anteriores ó armisticio, satisfán os escrúpulos do

¹⁰⁴ Un parágrafo máis adiante esixe os gastos de guerra de Bélxica, «de acordo cos compromisos de Alemaña, xa outorgados, para completar a restauración de Bélxica».

presidente, mentres que as palabras engadidas —«e en xeral todo dano, segundo se define no anexo 1º adxunto»— ofrécenlle ó primeiro ministro unha probabilidade no anexo 1º.

Porén, de tódalas formas, todo isto non é máis que unha cuestión de palabras, de habilidades redactoras, que non fan mal a ninguén e que, probablemente, parecen, de momento, moito máis importantes do que o serán máis adiante, desde agora até o día do xuízo.

Volvamos, para o substancial, ó anexo 1º.

Unha gran parte do anexo 1º está plenamente conforme coas condicións anteriores ó armisticio, ou, en calquera caso, non as estende máis alá do que é razoable. O parágrafo primeiro esixe compensación polo prexuízo causado polo dano ás persoas civís, ou, en caso de morte, ás que dependían delas, como consecuencia directa dos actos de guerra; o parágrafo 2º, por actos de crueldade, violencia ou malos tratos cometidos polo inimigo con vítimas civís; o parágrafo 3º, por actos do inimigo prexudiciais para a saúde, ou para a capacidade de traballar, ou mesmo para a honra dos civís, en territorio ocupado ou invadido; o parágrafo 8º, polos traballos forzados esixidos polo inimigo ós civís; o parágrafo 9º, por dano causado á propiedade, «con excepción das obras ou materiais navais ou militares», como consecuencia directa das hostilidades, e o parágrafo 10º, por multas e exaccións impostas polo inimigo sobre a poboación civil. Todas estas esixencias son xustas e conformes cos dereitos dos aliados.

O parágrafo 4º, que reclama «polo dano causado por toda especie de malos tratos ós prisioneiros de guerra», é máis dubidoso nos seus estritos termos; pero pode estar xustificado pola Convención da Haya, e supón unha cantidade pequena.

Os parágrafos 5º, 6º e 7º encerran un asunto de significado inmensamente maior. Establecen unha reclamación polo total das indemnizacións de separación e similares outorgadas durante a guerra polos Gobernos aliados ás familias das persoas mobilizadas, e pola suma das pensións e compensacións por dano ou morte dos combatentes, pagadeiras por eses Gobernos

agora e en diante. Como veremos logo, isto engádelle á conta, financeiramente, unha cantidade moi grande, unhas dúas veces maior que tódalas demais reclamacións xuntas.

O lector apercibirase pronto da plausible argumentación que se pode facer a favor da inclusión destas partidas do dano, aínda que non fora máis que pola súa fasquía sentimental. Ante todo, pode facer notar, desde o punto de vista da xustiza en xeral, o monstruoso que é que unha muller á que lle destruíron a casa teña dereito a reclamarlle ó inimigo, pero outra que perdera o seu home no campo de batalla non; ou que un labrego que perdera a súa granxa poida reclamar, pero que unha muller que perdera o seu marido non. De feito, o caso para incluír pensións e indemnizacións de separación depende, en gran medida, de explotar o carácter realmente *arbitrario* do criterio sentado nas condicións previas ó armisticio. De tódalas perdas causadas pola guerra, algunhas pesan máis gravemente sobre os individuos, e outras máis ben sobre a comunidade. Pero, mediante as compensacións outorgadas polo Goberno, moitas das primeiras vólvense, de feito, coma as segundas. O criterio máis lóxico para unha reclamación limitada, quedando por debaixo do gasto total da guerra, tería sido fixala por mor dos actos do inimigo contrarios ós compromisos internacionais e ás prácticas de guerra recoñecidas. Pero tamén tería sido moi difícil de aplicar, e inxustamente desfavorable para os intereses franceses, en comparanza cos de Bélxica (cuxa neutralidade garantizara Alemaña), e de Gran Bretaña (a vítima principal dos actos ilícitos dos submarinos). En calquera caso, as devanditas chamadas ó sentimento e á nobreza son vas, porque para quen as recibe non hai diferenza entre unha indemnización de separación ou unha pensión, nin entre que o Estado que lla paga reciba a compensación segundo un título ou outro; que o Estado cobre unha indemnización ou perciba unha compensación por gastos xerais da guerra, ó contribuínte tanto lle ten. Pero a consideración principal é que era demasiado tarde para pensar se as condicións previas ó armisticio eran perfectamente sensatas e lóxicas, ou se se debían corrixir; a única cuestión a dilucidar

era se estas condicións non estaban, de feito, limitadas ós tipos de dano directo ós civís e a súa propiedade, que se precisan nos parágrafos 1º, 2º, 3º, 8º, 9º e 10º do anexo 1º. Se as palabras teñen algún senso, ou os compromisos algunha forza, non temos máis dereito a reclamar polos gastos de guerra do Estado, que xurden das pensións e indemnizacións de separación, que por calquera outros gastos xerais da guerra. E quen é capaz de defender polo miúdo que temos dereito a pedir estes derradeiros?

O que realmente ocorreu foi que se produciu un compromiso entre as promesas do primeiro ministro ó corpo electoral británico, para reclamar os gastos totais da guerra, e o compromiso contrario que os aliados acadaran con Alemaña no armisticio. O primeiro ministro podía alegar que aínda que el non lograra asegurar o pago de tódolos gastos enteiros da guerra, si que asegurara, alomenos, unha contribución importante para eles, que sempre condicionara as súas promesas á capacidade de pago de Alemaña, e que a conta, tal e como ía quedando, sobrepasaba esa capacidade, segundo os cálculos das autoridades menos esaxeradas. O presidente, pola súa parte, buscara unha fórmula que non era unha violación de fe demasiado clara e que lle evitaba un problema cos seus asociados nunha materia na que toda apelación ó sentimento e á paixón se volvía contra el, no caso de que foran causa de controversia popular. Tendo en conta os compromisos electorais do primeiro ministro, o presidente non podía albergar esperanza ningunha en lograr que os desatendera plenamente sen unha pelexa pública, e o grito polas pensións fora unha bandeira decisivamente popular en tódolos países. Unha vez máis, o primeiro ministro amosábase coma un político táctico de calidade superior.

Entre as liñas do Tratado, aínda se pode percibir outro punto de gran dificultade. Non fixa unha cantidade concreta para a responsabilidade de Alemaña. E este punto en particular foi obxecto da crítica xeral, pois que é tan inconveniente para Alemaña coma para os mesmos aliados que ela non saiba o que ten que pagar, nin eles o que teñen que recibir.

O método que se propón no Tratado de ir chegando ó final nun período de varios meses pola acumulación de centos de miles de reclamacións individuais, por danos da terra, nos edificios, nas granxas, construcións e gandos, é evidentemente impracticable; e o procedemento razoable debería ter sido, para ambas partes, un entendemento para chegar a unha suma redonda sen entrar en detalles. Se esta suma redonda estivera precisada no Tratado, o arranxo teríase feito sobre unha base moito máis parecida a unha de orde mercantil.

Pero isto era imposible por dúas razóns. Fixéranse dúas clases distintas de afirmacións falsas: unha, a respecto da capacidade de Alemaña para pagar; outra, sobre a contía das xustas reclamacións dos aliados, no que fai ás áreas devastadas. O establecemento de cada unha destas cifras presentaba un dilema. Unha que fixara a capacidade de Alemaña para pagar e que non sobrepasara excesivamente os cálculos das autoridades máis sinceras e mellor informadas, ben seguro que había de quedar desesperadamente lonxe das esperanzas populares, tanto en Inglaterra coma en Francia. E por outro lado, unha cifra precisa, definitiva, para o dano producido, que non frustrara as esperanzas formadas en Francia e en Bélxica, podería ter sido imposible sostela na discusión¹⁰⁵, e tería quedado ó descuberto ante a crítica prexudicial dos alemáns, dos que se pensaba que eran o suficientemente prudentes como para acumularen probas considerables sobre a extensión dos seus propios danos.

Xa que logo, para os políticos era un bo procedemento o de non empezar mencionando cifras concretas; e desta necesidade procede, en gran parte, a complicación do capítulo das reparacións.

Non obstante, o lector pode ter interese en coñecer o meu cálculo de reclamación que, de feito, pódese deducir do anexo

¹⁰⁵ Había que facerlle fronte á discusión dos aliados e tamén á do inimigo, porque, en vista dos limitados recursos deste, os aliados podían ter incluso máis interese que el en asegurar que ningún deles fixaba unha reclamación excesiva.

1º do capítulo de reclamacións. Na primeira sección deste capítulo xa calculei as reclamacións, que non son as de pensións e indemnizacións por separación, estimándoas en 3.000 millóns de libras (para tomar a cota superior do meu cálculo). Así, reclamacións por pensións e indemnizacións por separación, atendendo ó dito nese anexo 1º, non se poden basear no que actualmente lle costan ós Governos esas compensacións, senón nas escalas vixentes en Francia na data en que entrou en vigor o tratado. Desta maneira, evitaremos avaliar a vida dun norteamericano ou dun inglés por enriba da dun francés ou dun italiano. A proporción francesa para as pensións e *indemnizacións* é unha proporción intermedia, non tan alta coma a americana ou a inglesa, pero superior á italiana, á belga ou á serbia. Os únicos datos esixidos para o cálculo son as taxacións francesas vixentes agora e o número de habitantes mobilizados e de baixas en cada clase dos distintos exércitos aliados. Ningunha destas cifras pode ser exacta; pero coñecemos con certa aproximación o nivel xeral das pensións e o que supoñen as baixas sufridas, como para permitir un cálculo que non se separe moito do que había de ser de xustiza. Os meus cálculos, no que fai á suma que hai que engadir se se inclúen as pensións e indemnizacións, son como segue:

	Millóns de libras
Imperio Británico	1.400
Francia	¹⁰⁶ 2.400
Italia	500
Outros aliados, incluso EEUU	700
TOTAL	5.000

¹⁰⁶ M. Klotz calculou as reclamacións francesas dentro deste capítulo en 3.000 millóns de libras (1.300 para indemnizacións, 60 para pensións e 2 para viúvas). Se esta cifra é correcta, as outras tamén poderían sê-lo.

Teño moita máis confianza na exactitude aproximada da cifra total¹⁰⁷ que na súa división entre os distintos reclamantes. Observará o lector que, en calquera caso, a suma de pensións e indemnizacións aumenta enormemente a reclamación total, elevándoa realmente a case o dobre. Engadindo esta cifra ó cálculo feito nos outros capítulos, teremos unha reclamación total contra Alemaña de 8.000 millóns de libras¹⁰⁸. Eu creo que esta cifra é bastante elevada, e que o resultado actualizado incluso pode ser algo inferior¹⁰⁹.

Na seguinte sección deste capítulo examínanse as relacións entre esta cifra e a capacidade de pago de Alemaña. Aquí só é necesario lembrarlle ó lector estes outros aspectos particulares do Tratado, que falan por si mesmos:

1º) Da contía total da reclamación, fora a que fora, antes do 1 de maio de 1921 terán que aboarse 1.000 millóns de libras. Máis adiante discutiremos a posibilidade deste pago. Pero o mesmo Tratado prevé certas diminucións. En primeiro lugar, esa suma comprende os gastos dos exércitos de ocupación desde o armisticio (carga grande en orde á súa magnitude, de 2.000 millóns de libras, que, segundo outro artigo do Tratado —o número 249— pesa sobre Alemaña)¹¹⁰. Pero, ademais, os

¹⁰⁷ Quero dicir que pretendo que a cifra total ofrezca exactitude dentro dunha marxe do 25% de erro.

¹⁰⁸ No seu escrito do 5 de setembro de 1919, dirixido á Cámara francesa, M. Klotz calculara a reclamación total dos aliados contra Alemaña, segundo o tratado, en 15.000 millóns de libras, que xerarían intereses até 1921, e que sería pagada logo en 34 anualidades de 1.000 millóns de libras, aproximadamente, cada unha, das que Francia recibiría ó ano uns 550 millóns de libras. O efecto xeral de que Francia recibiría semellante pago resultou, parece ser, moi alentador para o país todo, o que se reflectiu, inmediatamente, na Bolsa e no mundo dos negocios. Porén, se Francia acepta estas afirmacións sen cuestionamento, é que non pode haber porvir financeiro e económico para ela; non ha de estar lonxe unha catástrofe por desilusión.

¹⁰⁹ Como materia de xuízo subxectivo, calcúlolle a esa cifra unha marxe de exactitude do 10% polo baixo e do 20% polo alto; é dicir, que o resultado estará entre 6.400 e 8.800 millóns de libras.

¹¹⁰ Segundo o tratado, Alemaña tamén está obrigada a pagar, ademais das indemnizacións por separacións, tódolos gastos dos exércitos de ocupación desque se firme a paz e durante os quince anos seguintes á ocupación. Até onde chega o texto do tratado, non hai nada que limite o número deses exércitos, e Francia, xa que logo, pode, acuartelando todo

aprovisionamentos de alimentos e de materias primas que, a xuízo dos Gobernos e principais potencias aliadas e asociadas, sexan necesarios para poñer a Alemaña en condicións de facerlle fronte ás súas obrigacións por reparacións, tamén poden, coa aprobación dos devanditos Gobernos, pagarse á conta daquela cifra¹¹¹. Esta é unha especificación de grande importancia. A cláusula, tal e como está redactada, permite ós ministros de Facenda dos países aliados soste ante os seus electores a esperanza de percibir grandes pagos nun prazo próximo, mentres que, ó mesmo tempo, dálle á Comisión de Reparacións a facultade discrecional, que a forza dos feitos ha de obrigar a exercitar, para devolverlle a Alemaña o que se requira para a súa supervivencia económica. Este poder discrecional volve menos prexudicial do que podería ter sido doutro xeito, a demanda dun pago inmediato de 1.000 millóns de libras; pero de ningún xeito o converte en inofensivo. En primeiro lugar, segundo eu conclúo na sección inmediata deste capítulo, esa suma non se poderá ter disposta no período indicado, aínda que fora devolta unha gran parte dela a Alemaña para cubrir as súas importacións. En segundo lugar, a Comisión de Reparacións só pode exercer a súa facultade discrecional facéndose cargo efectivamente de todo o comercio exterior alemán, co cambio que del se derive, o que excedería por completo a dotación prevista. Se a Comisión de Reparacións fai algún intento de administrar a recadación

o seu exército na área ocupada, eludir a carga dos seus contribuíntes, botándoa sobre os de Alemaña, aínda que semellante política correría non tanto á conta de Alemaña, que en hipótese xa está pagando pola reparación até o límite da súa capacidade, senón dos aliados de Francia, que recibirían tanto menos pola súa propia reparación. Publicouse un documento branco [c), m), d) 240] no que se insire unha declaración dos Gobernos dos Estados Unidos, Gran Bretaña e Francia, comprometéndose a limitar a suma pagadeira anualmente por Alemaña para conter o custo da ocupación en 12 millóns de libras, «tan pronto como as potencias aliadas e asociadas *interesadas* se convezan de que as condicións do desarme por parte de Alemaña están satisfactoriamente cumpridas». A palabra que puxen en cursiva é algo significativa: as tres potencias, se o consideran necesario, resérvanse para si a conveniencia de modificar ese acordo en calquera momento.

¹¹¹ Artigo 235. A forza deste artigo está algo robustecida polo 251, en virtude do que tamén se poden acordar concesións para outros pagos, así como para alimentos e materias primas.

deses 1.000 millóns de libras e autoriza a devolución dunha parte deles a Alemaña, o comercio da Europa central sería estrangulado pola regulamentación burocrática na súa forma máis ineficaz.

2º) Ademais do primeiro pago en metálico ou en especie de 1.000 millóns de libras, Alemaña está obrigada a entregar bonos ó portador nunha cantidade superior a 2.000 millóns de libras, ou, no caso de que os pagos en metálico ou especie, feitos antes do 1 de maio de 1921, prazo valedeiro para a reparación, non acadaran 1.000 millóns, por razón de deducións permitidas, unha suma que faga subir o pago total por parte de Alemaña, en moeda, especie e bonos ó portador, a unha cifra total de 3.000 millóns de libras¹¹². Estes bonos ó portador teñen un xuro do 2,5% ó ano, de 1921 a 1925, e do 5%, máis o 1% por amortización, en adiante. Supoñendo, xa que logo, que Alemaña non sexa capaz de proporcionar ningún excedente apreciable para as reparacións antes de 1921, terá que atopar unha suma de 75 millóns de libras anualmente desde 1921 até 1925, e de 180 millóns ó ano en adiante¹¹³.

3º) Tan pronto como a Comisión de Reparacións estea vencida de que Alemaña pode facer algo máis ca iso, emitiranse 2.000 millóns de libras en bonos ó portador, ó 5%; a proporción por amortización será fixada *a posteriori* pola Comisión. Isto fará ascender o pago anual a 280 millóns de libras, sen permitir descargo ningún.

4º) A responsabilidade de Alemaña, porén, non se limita a 5.000 millóns de libras, e a Comisión de Reparacións, segundo o anexo 1º, poderá pedir novas emisións de bonos ó portador até que fora cuberta a responsabilidade total do inimigo. Sobre a

¹¹² Tal é o efecto do parágrafo 12 c) do anexo 2º do capítulo de reparacións, deixando a un lado algunha das súas complicacións menores. O tratado fixa os pagos en marcos-ouro, que se converten na proporción de 20 marcos por libra.

¹¹³ Se, *per impossibile*, Alemaña pagara 500 millóns en moeda ou en especie en 1921, os seus pagos anuais serían de 62.500.000 libras de 1921 a 1925, e de 150.000.000 en adiante.

base do meu cálculo de 8.000 millóns de libras para a responsabilidade total, que probablemente sexa criticado, máis ben por demasiado baixo que por excesivo, a diferenza será de 3.000 millóns de libras. Se o xuro fora do 5%, o pago anual elevaríase a 430 millóns de libras, sen gastos de amortización.

5º) Pero isto aínda non é todo. Hai unha disposición ulterior de significación devastadora. Os bonos que representan pagos por máis de 3.000 millóns de libras non se emitirán até que a Comisión estea segura de que Alemaña pode facer fronte ó pago de xuros, sen que iso signifique que os xuros sexan perdoados mentres tanto. Desde o 1 de maio de 1921 cargárase a Alemaña o xuro na parte da súa débeda orixinaria que non tivera sido cuberta polo pago en moeda ou en especie ou pola admisión de bonos, como dixen¹¹⁴, e «o xuro será do 5%, de non ser que a Comisión estime, en adiante, que as circunstancias xustifiquen unha variación». É dicir, que o capital da débeda aumentaría todo o tempo a xuro composto. O efecto desta disposición, no que fai ó aumento da carga é, na suposición de que Alemaña non poida pagar grandes sumas ó comezo, enorme. Un capital ó 5% de xuro composto dóbrase en quince anos. E no suposto de que Alemaña non poida pagar máis de 150 millóns de libras anualmente até 1936 (isto é, o 5% de xuro sobre 3.000 millóns de libras), os 5.000 millóns sobre o que queda diferido o xuro, elevaríanse a 10.000, cun xuro anual de 500 millóns. É dicir, que aínda que Alemaña pagara 150 millóns anuais até 1936, chegados a esa data aínda nos debería máis da metade do que nos debe agora (13.000 millóns, en vez de 8.000). Desde 1936 en adiante terá que pagarnos 650 millóns de libras ó ano só para satisfacer os xuros. Ó final de cada ano do que pagara

¹¹⁴ Parágrafo 16 do anexo 2º do capítulo de reparacións. Hai tamén unha disposición escura, segundo a que o xuro pode cargarse «sobre sumas que procedan do dano material desde o 11 de novembro de 1918 até o 1 de maio de 1921». Isto parece diferenciar o dano á propiedade do dano á persoa en favor do primeiro. Non afecta ás pensións nin ás indemnizacións, o custo das cales é capitalizado como na data de entrada en vigor do tratado.

menos desa cifra, deberá máis do que debía ó comezo. E se ha de descargarse do capital en trinta anos a partir de 1936, isto é, en corenta e oito anos a partir do armisticio, terá que pagar anualmente 130 millóns máis, en total 780 millóns¹¹⁵.

Ó meu xuízo, é tan certo coma calquera cousa poida selo, e por razóns que explicarei deseguido, que Alemaña non pode pagar, nin remotamente, esa suma. Xa que logo, mentres que o tratado non se modifique, Alemaña resulta comprometida a entregar ós aliados, a perpetuidade, todo o seu excedente produtivo.

6º) Por iso, este caso non é o motivo máis cativo de por que se lle tiveron que dar á Comisión de Reparacións poderes discrecionais para variar a contía do xuro e retrasar, e incluso cancelar, a débeda do capital. En primeiro lugar, algúns deses poderes só poden exercerse se existe unanimidade na Comisión ou entre os Gobernos representados nela¹¹⁶. Pero tamén, o que pode que sexa aínda máis importante, será *obriga* da Comisión de Reparacións, até que se acorde, por unanimidade, un cambio de grande alcance na política que o Tratado representa, sacar de Alemaña, ano tras ano, a maior suma que sexa posible lograr. Hai unha gran diferenza entre fixar unha suma precisa que, aínda que fora grande, estivera dentro da capacidade de pago de Alemaña, retendo incluso algo para ela mesma, e fixar outra moi superior á súa capacidade de pago, co que queda sometida á discreción dunha comisión estranxeira, que actúa con aquel obxectivo de maximizar o pago anual, segundo llo permitan as circunstancias. O primeiro, aínda deixa un lixeiro aliciente para o espírito de empresa: a enerxía e a esperanza. O outro, é un

¹¹⁵ No suposto, que ningún sostén, e que aínda os máis optimistas temen que non sexa posible, de que Alemaña poida pagar toda a carga por intereses e capital *desde o principio*, o pago anual ascenderá a 480 millóns de libras.

¹¹⁶ No parágrafo 13 do anexo 2º requírese a unanimidade: 1º, para pospoñer máis alá de 1930 os pagos debidos entre 1921 e 1926, e 2º, para pospoñer por máis de tres anos os pagos debidos despois de 1926. Ademais, segundo o artigo 234, a Comisión non pode cancelar ningunha parte da débeda sen a estricta autorización de *tódolos* Gobernos representados nela.

desposuimento, ano por ano a perpetuidade, e por moi hábil e discretamente que a operación se leve a feito, co miramento de alomenos non matar ó paciente, representará unha política que, se fose realmente sostida e deliberadamente practicada, o xuízo dos homes pronto terían que sentenciala coma un dos actos máis aldraxantes dun vencedor cruel na historia civilizada.

O Tratado concédelle á Comisión de Reparacións outras funcións e facultades de alta importancia, pero destas hei de tratar máis acadamente nunha sección á parte.

Capacidade de Alemaña para pagar

Alemaña debe satisfacer a suma que se comprometeu a pagar, en tres formas:

1. Riqueza inmediatamente transferible en ouro, barcos e valores estranxeiros.
2. Valor da propiedade en territorios cedidos ou sometidos polo armisticio.
3. Pago anual, repartido en varios anos, parte en metálico e parte en especie, tales coma produtos do carbón, potasa e tintes.

Non figuran entre estes: a inmediata restitución da propiedade collida en territorio ocupado polo inimigo como, por exemplo, ouro ruso, valores belgas e franceses, gando, maquinaria e obras de arte. E en canto que os bens collidos poidan ser identificados e restaurados, han de ser, precisamente, devoltos ós seus lexítimos propietarios, sen incluílos no total da reparación xeral. Así está expresamente disposto no artigo 238 do Tratado.

Riqueza inmediatamente transferible

a) *Ouro*

Deducido o que hai que lle devolver a Rusia, a cantidade de ouro, segundo o informe do Reichsbank de 30 de novembro de 1918, ascendía a 115.417.900 libras. Esta suma era moito

maior da que figuraba no informe do Reichsbank anterior á guerra, do 23 de xullo de 1914, no que se ofrecía a suma de 67.800.000 libras; o aumento parece deberse a unha campaña realizada en Alemaña, durante a guerra, para que se entregara ó Reichsbank non só o ouro cuñado, senón tamén tódolos adornos de ouro de calquera clase que foran. Sen dúbida, habían de existir aínda tesouros privados; pero, dados os grandes esforzos realizados, non é probable que nin o Goberno alemán nin os aliados sexan capaces de descubrilos. Pode aceptarse a suma, pois, como unha representación aproximada do máximo total que o Goberno alemán sería capaz de sacarlle ó seu pobo.

Ademais do ouro, no Reichsbank tamén había un millón de libras en prata. Sen embargo, debe haber unha suma moito maior en circulación, porque o que tiña en caixa o Reichsbank o 31 de decembro de 1917 eran 9.100.000 libras, e non baixou de aproximadamente seis millóns até finais de outubro de 1918, cando empezou a circulación interior de toda clase de moedas¹¹⁷. Podemos, pois, aceptar un total de 125 millóns de libras de ouro e prata na data do armisticio.

Pero estas reservas xa non están intactas. Durante o longo período transcurrido entre o armisticio e a paz, os aliados tiveron que facilitar o aprovisionamento de Alemaña desde o estranxeiro. A situación política de Alemaña naquel momento e a seria ameaza do espartaquismo fixeron preciso ese paso, en interese dos mesmos aliados, se desexaban que seguira habendo en Alemaña un Goberno estable con quen tratar. A cuestión de como habería que pagar eses aprovisionamentos presentaba as máis graves dificultades. Celebráronse unha serie de conferencias en Tréveris, Spa, Bruselas, e despois en Château Vilette

¹¹⁷ Debido á alta prima que ten a prata cuñada alemá, como resultado combinado da depreciación do marco e da apreciación da mesma prata, é moi pouco probable que sexa posible sacar semellante cantidade dos petos da xente; pero podería pasar ós poucos a fronteira por actuación dos especuladores particulares, e así, indirectamente, beneficiar ó cambio alemán en conxunto.

e en Versalles, entre os representantes dos aliados e os de Alemaña, con obxecto de atopar algún sistema acaído de pago o menos prexudicial posible para os futuros pagos por reparacións. Os representantes alemáns sostiveron, desde o comezo, que o esgotamento financeiro do seu país era daquela tan absoluto que o único remedio posible sería un préstamo temporal dos aliados. Pero os aliados moi dificilmente poderían admitir tal cousa, precisamente no momento en que estaban preparando as peticións para que Alemaña pagara de inmediato sumas inmensamente maiores; pero, á parte diso, a aspiración alemá non podía ser aceptada coma estritamente xusta, en tanto que o seu ouro non estivera cuñado e non foran negociados os seus valores estranxeiros. En calquera caso, estaba fóra de cuestión crer que, na primavera de 1919, a opinión pública dos países aliados puidera tolerar a concesión dun crédito importante a Alemaña. Por outra parte, os aliados, naturalmente, rexeitaban gastar no aprovisionamento de Alemaña o ouro que parecía ser unha das poucas fontes claras e certas para as reparacións. Consumiuse moito tempo na exploración de tódalas alternativas posibles, pero, por fin, resultou evidente que, aínda cando as exportacións alemás e os valores estranxeiros vendibles estiveran calculadas nun valor abondo, non se podían liquidar a tempo, e que o esgotamento financeiro de Alemaña era tan completo que non se podería utilizar dun xeito inmediato ningunha cantidade que pagara a pena, a non ser o ouro do Reichsbank. Xa que logo, durante os seis primeiros meses de 1919, transferiuse por parte de Alemaña ós aliados (principalmente a Estados Unidos e Gran Bretaña), para o pago de alimentos, unha suma en ouro, sacada do Reichsbank, que excede os 50 millóns de libras.

Pero iso non era todo. Aínda que Alemaña aceptara, segundo a primeira prolongación do armisticio, non exportar ouro sen o permiso dos aliados, este permiso non podía negárselle sempre. O Reichsbank tiña débedas cos países neutrais veciños, ás que non podía facer fronte máis que en ouro. A creba do Reichsbank

por non facer fronte a esas responsabilidades provocaría unha depreciación do cambio tan prexudicial para o crédito de Alemaña que tería repercutido, obviamente, nas posibilidades futuras da reparación. Xa que logo, nalgúns casos o Consello Económico dos aliados tivo que lle outorgar ó Reichsbank permiso para exportar ouro.

O resultado neto destas diferentes medidas foi que se reduciu a reserva de ouro do Reichsbank en máis da metade, descendendo as cifras de 115 a 55 millóns de libras a setembro de 1919. Sería posible, conforme ó Tratado, tomar o total desta última cifra para fins das reparacións. Porén, tal e como é, ascende a menos do 4% da emisión do Reichsbank, e o efecto moral da súa confiscación total podería temerse (tendo en conta o gran volume de marcos en billetes que había no estranxeiro) que destruíra o valor de cambio do marco case de todo. Podería tomarse para algún fin especial unha suma de cinco, dez ou até vinte millóns de libras; pero podemos supoñer que a Comisión de Reparacións consideraría imprudente, tendo en conta a realización das súas futuras esperanzas de asegurar o cobro e arruinar o sistema de circulación alemán, especialmente porque os Gobernos francés e belga, posuidores dun gran volume de marcos en billetes, que antes circulaban nos territorios ocupados ou cedidos, han de ter un grande interese en soste algún valor de cambio para o marco, completamente á parte dos propósitos de reparación.

Polo tanto, de aquí pode deducirse que non será posible dispoñer de ningunha suma, digna de mención, en forma de ouro ou prata, para o pago inicial dos 1.000 millóns de libras que se deberá de facer en 1921.

b) Barcos

Alemaña comprometérase, como xa temos visto, a entregarlles ós aliados virtualmente a totalidade da súa mariña mercante. En realidade, unha parte considerable xa estaba en mans

dos aliados antes da conclusión da paz, porque estaba detida nos seus portos ou por causa da transferencia provisional de tonelaxe, establecida no convenio de Bruxelas, para o aprovisionamento de produtos alimenticios¹¹⁸. Estimando a tonelaxe dos barcos alemáns que debían ser collidos, segundo o Tratado, en catro millóns de toneladas brutas, e que o valor promedio por tonelada en 30 libras, o valor total que supoñía en diñeiro é de 120 millóns de libras¹¹⁹.

c) Valores estranxeiros

Antes de que o Goberno alemán fixera o censo dos valores estranxeiros, en setembro de 1916¹²⁰, sen chegar a facer públicos os seus resultados, nunca se publicara en Alemaña ningún informe oficial sobre ese tipo de inversións, e os varios cálculos non oficiais están, confesadamente, baseados en informacións insuficientes, como a admisión de valores estranxeiros nas bolsas alemás, ingresos de dereitos de Timbre, ingresos consulares, etc. Os cálculos máis coñecidos feitos polos alemáns, danse na seguinte táboa:

¹¹⁸ Os aliados aprovisionaron de alimentos a Alemaña durante o armisticio, coa condición de que se transferira provisionalmente a maior parte da mariña mercante, o que se levaría a efecto co obxecto de embarcar produtos alimenticios para Europa en xeral, e para Alemaña en particular. A negativa de Alemaña produciu aprazamentos longos e perigosos no subministro de alimentos; pero despois das conferencias abortadas de Tréveris e de Spa (16 de xaneiro, 14 e 16 de febreiro e 4 e 5 de marzo de 1919) veu o Acordo de Bruxelas (14 de marzo de 1919). A falta de vontade dos alemáns para chegar a unha conclusión débese, principalmente, á da garantía dos aliados de que, efectivamente, recibirían alimentos se entregaban os barcos; pero supoñéndolles a estes unha razoable boa fe (aínda que a súa conduta a respecto dalgunhas outras cláusulas do armisticio, certamente, non fora impecable, dándolle ó inimigo algunhas razóns fundadas para a desconfianza), a súa demanda non era impropia; porque, sen os barcos alemáns, o transporte de alimentos tería sido ben difícil, se non imposible, e entregados os barcos alemáns ou os seus equivalentes, resultaban, certamente, todos eles ocupados en transportar alimentos á mesma Alemaña. Até o 30 de xuño de 1919, 176 barcos alemáns, de 1.025.388 toneladas brutas, foran empregados polos aliados, de acordo co Acordo de Bruxelas.

¹¹⁹ A suma da tonelaxe transferida pode ser superior, e o valor por tonelada inferior. O valor total, porén, en calquera caso, estaría entre 100 e 150 millóns de libras.

¹²⁰ Este censo fíxose de acordo co Decreto de 23 de agosto de 1916. O 22 de marzo de 1917, o Goberno alemán adquiriu o control completo sobre a utilización dos valores estranxeiros en posesión de alemáns, e en maio de 1917 empezou a exercitar eses poderes para a mobilización de certos valores suecos, daneses e suízos.

		Millóns de libras
1892	Schmoller	500
1892	Christians	650
1893-1894	Koch	600
1905	V. Halle	(a) 800
1913	Helfferich	(b) 1.000
1914	Pistorius	1.250
1914	Ballod	1.250
1919	Hans David	(c) 1.050
(a) Máis 500 millóns de libras para outras inversións que non sexan valores.		
(b) Inversións netas, vale dicir, segundo dedución para a propiedade estranxeira en Alemaña. Este tamén pode ser o caso dalgúns outros cálculos.		
(c) Este cálculo, ofrecido en <i>Weltwirtschaftszeitung</i> , o 13 de xuño de 1919, é un cálculo das inversións alemás no estranxeiro ó estalar a guerra.		

Isto demostra a conformidade das autoridades alemás sobre que as súas inversións netas no estranxeiro eran de máis de 1.250 millóns de libras. Tomo esa cifra como base do meu propio cálculo, aínda que creo que é esaxerada; a de 1.000 millóns probablemente sexa máis exacta.

As deducións deste total faranse segundo as seguintes catro divisións:

1ª) As inversións nos países aliados e en Estados Unidos, que por si sós xa constitúen unha parte considerable do mundo, foron secuestradas polos fiduciarios públicos, custodios da propiedade inimiga e funcionarios semellantes, e non se poden ter en conta para as reparacións, a non ser que excederan as diferentes débedas privadas. No plan que rexe as débedas inimigas, sinalado no capítulo 4, o primeiro cargo contra estes fondos son as reclamacións privadas dos aliados contra os súbditos

alemáns. Non é probable, a non ser nos Estados Unidos, que haxa ningún excedente apreciable para ningún outro propósito.

2ª) Os máis importantes campos de inversión de Alemaña no estranxeiro antes da guerra non estaban, coma os nosos, ó outro lado dos mares, senón en Rusia, Austria-Hungría, Turquía, Romanía e Bulgaria. Unha gran parte deles perderan case todo o seu valor, alomenos polo momento, especialmente os de Rusia e Austria-Hungría. Se se toma como proba o seu valor actual no mercado, ningún deses valores sería vendible agora senón en cifras nominais, e, a non ser que os aliados estean preparados para quedar con eles en moito menos do seu valor nominal de mercado, e gardalos para rehabilitalos no futuro, non son ningunha fonte importante de ingresos.

3ª) Aínda que Alemaña non estaba nas mesmas circunstancias que nós para facer inversións no estranxeiro durante a guerra, na medida das súas posibilidades, fíxoas. Crese que antes de que os Estados Unidos entraran en guerra, Alemaña vendeu unha parte do mellor das súas inversións en valores americanos; pero os cálculos máis comúns destas vendas (chegou a mencionarse unha cifra de 60 millóns) probablemente sexan esaxerados. Porén, durante a guerra, e particularmente no seu último período, cando o seu cambio estaba debilitado e o seu crédito nos países veciños neutrais moi baixo, dispuxo a venda de tódolos valores que Holanda, Suíza e Escandinavia puideran mercar ou aceptar. É certo que en xuño de 1919 as súas inversións nestes países estaban reducidas a cifras insignificantes, que eran sobrevaloradas, e moito, polas débedas que tiñan neles. Alemaña vendera ben certos valores de ultramar, como as cédulas arxentinas, para os que puido atopar mercado.

É certo que desde o armisticio saíu de Alemaña unha gran parte dos valores estranxeiros que aínda quedaban en mans de particulares. Iso é sumamente difícil de impedir. As inversións alemás no estranxeiro figuran, por regra xeral, como valores ó portador, e non están rexistradas. Pasan facilmente ó estranxeiro polos numerosos pasos fronteirizos terrestres de

Alemaña. E é certo que desde algúns meses antes da conclusión da paz non se lle permitía ós seus posuidores quedar con elas, se os Gobernos aliados descubrían algún modo de arrebatarlhas. Estes factores combináronse para darlle pulo ó inxenio humano, e os esforzos para poñerlle couro eficazmente a esa fuxida, tanto dos Gobernos aliados coma do alemán, parece que foron completamente inútiles.

Dadas todas estas consideracións, será un milagre se queda algo para as reparacións. Os territorios dos aliados e dos Estados Unidos, os dos propios aliados de Alemaña e os dos países neutrais limítrofes con Alemaña, forman, entre todos, practicamente a totalidade do mundo civilizado; e como temos visto, non podemos esperar moito para a reparación dos valores de ningún deles. Non quedan, de certo, países de importancia para as inversións, de non ser os de América do Sur.

Para expresar en números a significación destas deducións necesítase moito máxín. Ofrézolle ó lector o mellor cálculo que puiden facer, logo de compulsar o asunto á luz de cifras apreciáveis e doutros datos acaídos.

Calculei as deducións, segundo a epígrafe 1, en 300 millóns de libras, dos que, despois de ter pagadas as débedas privadas e algunhas outras obrigacións, poden quedar dispoñibles 100.

No que fai ó 2º, segundo o censo aceptado polo ministro de Facenda austríaco o 31 de decembro de 1912, o valor nominal dos valores austro-húngaros en poder dos alemáns era de 197.300.000 libras. As inversións alemás en Rusia, anteriores á guerra, á parte dos valores do Goberno, calculáranse en 95 millóns de libras, o que está moi debaixo do que se podía esperar, e, en 1906, Sartorius von Waltershausen calculaba que as inversións alemás en valores do Goberno ruso eran de 150 millóns de libras. Isto dá un total de 245 millóns de libras, que, até certo punto, está confirmado pola cifra de 200 millóns dada en 1911 polo doutor Ischchanian, como cálculo deliberadamente modesto. Un cálculo romanés, publicado no momento en que Romanía entrou na guerra, valorou as inversións alemás

neste país en catro ou catro millóns e medio de libras, dos que, de 2.800.000 a 3.200.000 estaban en valores do Goberno. Unha asociación para a defensa dos intereses franceses en Turquía, segundo referiu *Le Temps* o 8 de setembro de 1919, calculou a suma total do capital alemán invertido en Turquía en, aproximadamente, 59 millóns de libras, das que, segundo o último informe do Consello de Posuidores de Bonos Estranxeiros, 32.500.000 libras tiñanas os nacionais alemáns en débeda exterior turca. Non teño ningún cálculo sobre as inversións alemás en Bulgaria. Aventúrome a estimar en 500 millóns de libras o total para este grupo de países.

Calculo as vendas e os peñoramentos de valores durante a guerra (epígrafe 3ª) entre 100 e 150 millóns de libras, comprendendo practicamente todo o que Alemaña tiña en valores escandinavos, holandeses e suízos, unha parte dos suramericanos e outra dos norteamericanos, vendidos antes da entrada dos Estados Unidos na guerra.

Sobre as deducións exactas derivadas do capítulo 4, non hai, naturalmente, cifras precisas. Durante os últimos meses, a prensa europea estivo chea de historias sensacionalistas encol dos recursos adoptados. Pero se calculamos o importe dos valores que xa saíron de Alemaña e dos que se agocharon dentro dela, de maneira tal que non poden ser descubertos nin polos procedementos máis inquisitoriais e poderosos, en 100 millóns de libras, non é fácil que nos excedamos.

Segundo estas diversas partidas, habería que deducir, das dispoñibilidades de Alemaña, en cifra redonda, uns mil millóns, quedando, pois, un total, teoricamente avaliabile, de 250 millóns¹²¹.

A algúns lectores pareceralles unha cifra baixa; pero lembrense que só quere representar o remanente dos valores *vendibles*, cos que o Goberno alemán se pode facer para fins

¹²¹ Non deducín os valores que sexan propiedade dos alsaciáns, loreneses e de outros que deixaron de ser cidadáns alemáns.

públicos. Ó meu xuízo é excesiva, e aplicándolle ó problema un método diferente, aínda me sae outra cifra máis baixa. Deixando a un lado os valores confiscados polos aliados e as inversións en Austria, Rusia, etc., que masa de valores especificados por países e empresas pode ter aínda Alemaña que ascenda a 250 millóns de libras? Non podoo responder á pregunta. Ten algúns valores do Goberno chinés, que non foron confiscados; pode que outros poucos xaponeses, e valores algo máis importantes en propiedades suramericanas de primeira clase. Pero xa quedan poucas empresas deste tipo en mans alemás, e o seu valor mídese por unha ou, como máximo, dúas ducias de millóns, non por cincuentenas nin centos. Ó meu xuízo, quen ofrecera 100 millóns en metálico polo remanente que Alemaña teña de valores de ultramar, sería un temerario. Se a Comisión de Reparacións acadara esta cifra tan baixa, é probable que teña que gardar, durante algúns anos, os bens que colla, sen intentar dispoñer deles no momento actual.

Temos, pois, unha cifra de 100 a 250 millóns de libras coma achega máxima de Alemaña en valores estranxeiros.

Xa que logo, a súa riqueza inmediatamente transferible componse de:

- Ouro e prata: 60 millóns de libras.
- Barcos: 120 millóns de libras.
- Valores estranxeiros: de 100 a 250 millóns de libras.

Non se pode, en realidade, tomar ningunha porción considerable de ouro e prata sen producir sobre o sistema monetario consecuencias prexudiciais para os intereses dos aliados. A achegada Comisión de Reparacións pode agardar lograr de todas esas fontes, no seu conxunto, para maio de 1921, entre 250 e 350 millóns de libras, como moito¹²².

¹²² Ó facer todos estes cálculos teño a conciencia de que o temor de esaxerar en contra do tratado me leva a dar cifras superiores ás do meu propio xuízo. Hai unha gran diferenza entre poñer no papel cálculos fantásticos sobre os recursos de Alemaña e sacarlle contribucións en metálico. Eu non creo que a Comisión de Reparacións logre entregas efectivas en maio de 1921, nin sequera coma as máis baixas das dúas cifras ofrecidas.

Propiedade dos territorios cedidos ou entregados polo armisticio

Conforme coa redacción do Tratado, non se aboarán a Alemaña créditos importantes para facer fronte ás reparacións polas súas propiedades danadas en territorio cedido.

A propiedade *privada*, na maior parte do territorio cedido, utilízase para descargar a débeda de particulares alemáns, a favor de cidadáns aliados, e só o excedente, se o hai, se poderá aplicar ás reparacións. O valor deses bens en Polonia e outros Estados novos pagaráselles directamente ós propietarios.

A propiedade do *Goberno* en Alsacia-Lorena, no territorio cedido a Bélxica, e nas antigas colonias alemás, transferidas a un mandatario, debe ser confiscada sen aboarlle nada. As construcións, bosques e outras propiedades do Estado, que pertencían ó antigo Reino de Polonia, tamén se entregarán sen seren aboadas. Quedan, xa que logo, propiedades do Goberno que non sexan as devanditas, entregadas a Polonia; propiedades do Goberno en Schleswig, entregadas a Dinamarca¹²³; o valor dos xacementos de carbón do Sarre, o valor das escuadras fluviais, etc., que han de ser entregadas de acordo co capítulo de portos, canais e ferrocarrís, e o valor dos cables submarinos alemáns transferidos segundo o anexo 7º do capítulo de reparacións.

Diga o que diga o Tratado, a Comisión de Reparacións non logrará ningún pago de Polonia. Creo que os campos carboníferos do Sarre se valoraron entre 15 e 20 millóns de libras. E que probablemente sexa excesivo calcular en 30 millóns de libras a totalidade das partidas citadas, prescindindo do excedente relativo á propiedade privada.

¹²³ O Tratado (art. 114) non aclara até que punto o Goberno danés esta obrigado a facerlle pagos á Comisión de Reparacións, a respecto da súa adquisición do Schleswig. Poden, por exemplo, arranxarse para certas compensacións, tales coma o valor dos billetes de marco en poder dos habitantes dos territorios cedidos. En calquera caso, a cantidade de diñeiro que isto representa é moi pequena. O Goberno danés está facendo un empréstito de 6.600.000 libras para adquirir a parte de Schleswig de débeda alemá para mercar propiedades públicas alemás con que auxiliar á poboación do Schleswig e para resolver a cuestión da circulación.

Resta o valor material entregado de acordo co armisticio. O artigo 250 dispón que a Comisión de Reparacións aboará no crédito de Alemaña o importe do material móbil entregado por causa do armisticio, así coma o de entregas específicas e, en xeral, o de calquera outro que a propia Comisión de Reparacións considere que non ten valor militar. O material móbil (150.000 vagóns e 5.000 locomotoras) é o único que ten valor de verdade. Probablemente se fai un cálculo xeneroso ó cifrar en 50 millóns de libras todas estas entregas por causa do armisticio.

Neste enunciado, pois, temos que engadirlle 80 millóns de libras á nosa cifra de 250 a 350 do anterior. Esta cifra non é coma a anterior unha cantidade de numerario capaz de dar satisfacción á situación financeira dos aliados, senón tan só unha conta de crédito entre eles e Alemaña.

O total de 330 a 430 millóns de libras que agora se acada non é, sen embargo, aplicable ás reparacións. O primeiro cargo que pesa sobre del, de acordo co artigo 251 do Tratado, é o custo dos exércitos de ocupación, tanto durante o armisticio coma despois da conclusión da paz. O total destes gastos até 1921 non pode calcularse até que se coñeza a marcha da retirada, pois ela reducirá o custo mensual desde máis de 20 millóns, que é o que se fixou durante a primeira parte de 1919, a un millón, que será a cifra máis probable. Eu calculo, contra todo, que o total pode ser de aproximadamente 200 millóns de libras, quedándonos, xa que logo, entre 100 e 200 millóns.

Á parte diso e das exportacións de mercadorías e dos pagos en especie, segundo o Tratado, anteriores a maio de 1921 (que aínda non tomei en conta), os aliados alimentaron a esperanza de Alemaña de permitirlle recibir fondos para mercar as provisións necesarias e as materias primas que ó seu xuízo lle foran imprescindibles. Agora non é posible formar un xuízo exacto nin do valor en diñeiro das mercadorías que Alemaña precisará mercar no estranxeiro para restablecer a súa vida económica, nin do grao de liberalidade con que os aliados poidan exercer esta facultade. Se os seus *stocks* de materias primas e de ali-

mentos tiveran que ser restablecidos até preto sequera do seu nivel normal, cara a maio de 1921, pode que Alemaña necesitase unha potencia adquisitiva no estranxeiro de entre 100 e 200 millóns de libras, alomenos, ademais do valor das súas exportacións correntes. Aínda que non é probable que se lle facilite semellante cousa, atrévome a afirmar, como asunto fóra de toda opinión razoable, que a condición social e económica de Alemaña non poderá, probablemente, tolerar un excedente das exportacións sobre as importacións durante o período anterior a maio de 1921, e que, para poñela en condicións de pagar as importacións indispensables para a súa existencia, terá que devolvérselle o valor de tódolos gastos en especie, cos que ten que prover ós aliados, de acordo co Tratado, en forma de carbón, tintes, madeiras e outros materiais¹²⁴.

A Comisión de Reparacións non pode, pois, agardar ningún aumento doutra orixe sobre os 100 a 200 millóns de libras que lle aboamos, hipoteticamente, mediante a realización da riqueza inmediatamente transferible a Alemaña, o cálculo dos créditos que se lle deben á propia Alemaña, segundo o Tratado, e mais o pago do gasto dos exércitos de ocupación. Como Bélxica xa asegurou nun convenio privado con Francia, Estados Unidos e Gran Bretaña, por fóra do Tratado, atenderá as súas reclamacións cos primeiros cen millóns dispoñibles para reparacións, o resultado de todo iso é que Bélxica *posiblemente* poida recibir os seus 100 millóns de libras cara a maio de 1921; pero ningún dos outros aliados poderá asegurar para esa data ningunha contribución salientable. En calquera caso, sería moi imprudente que os ministros de Facenda fixeran plans con outra hipótese.

Pagos anuais distribuídos en varios anos

É evidente que a capacidade de Alemaña para pagar un tributo anual ó estranxeiro se viu diminuída pola perda case

¹²⁴ Aquí, unha vez máis, a miña opinión persoal chegaría moito máis lonxe, e dubido da posibilidade de que as importacións alemás foran iguais ás exportacións durante ese tempo; pero o que se consigna no texto é abondo ós efectos do meu argumento.

total das súas colonias, das súas relacións ultramariñas, da súa mariña mercante e das súas propiedades no mesmo estranxeiro; pola cesión do 10% do seu territorio e da súa poboación; a dun tercio do seu carbón e tres cuartos do seu mineral de ferro; pola morte de dous millóns de homes na mellor idade da súa vida; pola fame que o seu pobo pasou durante catro anos; pola carga dunha gran débeda de guerra; pola depreciación do seu circulante a unha sétima parte do seu valor; pola separación dos seus aliados e dos seus territorios; pola revolución interior e o bolxevismo fronteirizo; e pola creba, inconmensurable, do vigor e das esperanzas logo de catro anos dunha guerra esgotadora e unha derrota final.

Todo pode parecer evidente e, porén, a maior parte dos cálculos dunha grande indemnización a conta de Alemaña dependen da suposición de que aínda está en condicións de realizar no futuro un comercio se cadra maior do que fixera no pasado.

Pois que o obxectivo é lograr unha cifra, non é de grande interese que o pago se faga en moeda (ou sexa, de cambio estranxeiro) ou, parcialmente, en especie (carbón, tintes, madeiras, etc.), tal e como prevén o Tratado. En calquera caso, Alemaña non ha de poder pagar se non é grazas á exportación de determinadas mercadorías, e o procedemento para aplicar o valor destas exportacións á conta de reparacións só é, relativamente, cuestión de detalle.

Perderíamonos en meras hipóteses se non volveramos, dalgún xeito, ós primeiros principios, e sempre que fora posible, ás estatísticas existentes. É certo que Alemaña só pode facer un pago anual, durante unha serie de anos, diminuíndo as súas importacións e aumentando as exportacións, é dicir, aumentando o balance ó seu favor, que é o que ten eficacia para efectuar pagos no estranxeiro. A longo prazo Alemaña non pode pagar en mercadorías, nin en mercadorías soamente, xa fora proporcionándolles directamente ós aliados, xa vendéndolles ós neutrais, pasándolles logo os créditos correspondentes ós aliados. A base máis sólida para calcular até que punto se pode

seguir este procedemento fica nunha análise dos produtos do seu comercio de antes da guerra. Só sobre a base desa análise, complementada por algúns datos xerais referidos á capacidade produtora total de riqueza do país, se pode establecer un suposto racional sobre o grao máximo a que poden chegar as exportacións de Alemaña para superar as súas importacións.

No ano 1913, as importacións de Alemaña ascendían a 538 millóns de libras, e as súas exportacións a 505, excluindo o comercio de tránsito e mais o de metais preciosos. É dicir, que as importacións excedían ás exportacións nuns 33 millóns de libras. Sen embargo, calculado o termo medio dos cinco anos que acaban en 1913, resulta que as súas importacións exceden ás exportacións nunha cantidade moito maior, que rondaría os 74 millóns de libras. Séguese, xa que logo, que a totalidade do excedente de preguerra de Alemaña, destinado a novas inversións no estranxeiro, procedía do xuro dos valores estranxeiros existentes e das ganancias dos seus barcos, bancos no estranxeiro, etc. Como agora se lle van quitar as súas propiedades no estranxeiro e a súa mariña mercante, e como os seus bancos no estranxeiro e algunhas outras diversas fontes de ingreso foron destruídas, resulta que, sobre a base das exportacións e importacións de preguerra, Alemaña, lonxe de ter un excedente co que facere fronte ó pago ó estranxeiro, estará a piques de non ser quen de sosterse a si mesma. A súa primeira tarefa, polo tanto, debe ser lograr o equilibrio entre consumo e produción para cubrir ese déficit. Todo aforro no uso de mercadorías importadas e todo estímulo a prol da exportación serían de grande utilidade para as reparacións.

Dous terzos da importación de Alemaña e do comercio de exportación están enumerados baixo epígrafes separados nas seguintes táboas. As consideracións aplicables ás partidas enumeradas pódense aplicar, máis ou menos, tamén ó terzo restante, que se compón de mercadorías de menor importancia.

EXPORTACIÓNS ALEMÁS en 1913	Valor en millóns de libras	% sobre o total de export.
Mercadorías de ferro (incluíndo folladelata, etc.)	66,13	13,2
Máquinas e pezas (incluíndo automóbiles)	37,55	7,5
Carbón, coque e briquetas	35,34	7,0
Partidas de lá (incluíndo lá en bruto, lá tratada e vestidos)	29,40	5,9
Partidas de algodón (incluíndo algodón en bruto, fíos e análogos)	28,15	5,6
Cereais, etc. (incluíndo centeo, avea, trigo e lúpulo)	21,18	4,1
Coiro e artigos de coiro	15,47	3,0
Azucres	13,20	2,6
Papel, etc.	13,10	2,6
Peles	11,75	2,2
Artigos de electricidade (instalacións, máquinas, lámpadas, cables)	10,88	2,2
Artigos de seda	10,10	2,0
Tintes	9,76	1,9
Artigos de cobre	6,50	1,3
Xoguetes	5,15	1,0
Caucho e obxectos de caucho	4,27	0,9
Libros, mapas, música	3,71	0,8
Potasa	3,18	0,6
Cristal	3,14	0,6
Cloruro de potasio	2,91	0,6
Pianos, órganos, pezas soltas	2,77	0,6
Cinc en bruto	2,74	0,5
Porcelana	2,53	0,5
Obxectos diversos	165,92	32,8
TOTAL	504,83	100,0

IMPORTACIÓNS ALEMÁS 1913	Valor en millóns de libras	% sobre o total de Import.
MATERIAS PRIMAS	190,38	35,3
Algodón	30,35	5,6
Coiros e peles	24,86	4,6
Lá	23,67	4,4
Cobre	16,75	3,1
Carbón	13,66	2,5
Madeira	11,60	2,2
Mineral de ferro	11,35	2,1
Peles	9,35	1,7
Liño e sementes de liño	9,33	1,7
Salitre	8,55	1,6
Seda	7,90	1,5
Caucho	7,30	1,4
Iute	4,70	0,9
Petróleo	3,49	0,7
Estaño	2,91	0,5
Creta fosfórica	2,32	0,4
Aceite lubricante	2,29	0,4
MATERIAS ALIMENTICIAS, TABACO, ETC.	151,86	28,3
Cereais (trigo, cebada, centeo, arroz, millo, avea, trevo)	65,51	12,2
Graos oleaxinosos e tortas (incluído aceite de palma, cacao, etc.)	20,53	3,8
Gando grande e años	14,62	2,8
Café	10,95	2,0
Ovos	9,70	1,8
Tabaco	6,70	1,2
Manteiga	5,93	1,1
Cabalos	5,81	1,1
Froitas	3,65	0,7

IMPORTACIÓNS ALEMÁS 1913	Valor en millóns de libras	% sobre o total de Import.
Pescado	2,99	0,6
Caza	2,80	0,5
Viño	2,67	0,5
PRODUTOS MANUFACTURADOS	21,00	3,9
Fío de algodón e xéneros de algodón	9,41	1,8
Fío de lá e xéneros de lá	7,57	1,4
Máquinas	4,02	0,7
OBXECTOS DIVERSOS	175,28	32,5
TOTAL	538,52	100,0

Estas táboas amosan que as exportacións máis importantes consistían en:

1. Mercadorías de ferro, incluíndo folladelata en planchas (13,2%).
2. Maquinaria, etc. (7,5%).
3. Carbón, coque e briquetas (7,0%).
4. Artigos de lá, incluíndo lá en bruto e lá tratada (5,9%).
5. Artigos de algodón, incluíndo fío de algodón, algodón cocido e algodón en bruto (5,6%).

Estas cinco partidas suman o 39,2% da exportación total. Pódese observar que todas estas mercadorías son dunha especie sobre a que antes da guerra a competencia entre Alemaña e o Reino Unido era moi forte. Xa que logo, se o volume destas exportacións con destino a ultramar ou a Europa aumenta moito, o efecto sobre o comercio británico de exportación será proporcionalmente grave.

No que fai ás mercadorías de algodón e lá, o aumento dese comercio de exportación depende dun aumento previo da importación de materias primas, porque Alemaña nin produce algodón nin apenas lá. Estes comercios, pois, non se poderán expandir a non ser que se lle dean facilidades a Alemaña para realizar as exportacións de materias primas (o que só se poderá

facér, á súa vez, a expensas dos aliados), por enriba do seu consumo de preguerra, e aínda así, o aumento efectivo non será o valor total das exportacións, senón somentes a diferenza entre o das exportacións manufacturadas e o das materias primas importadas.

Polo que atende ás outras tres categorías, ou sexa, maquinaria, artigos de ferro e carbón, quitóuselle a Alemaña a capacidade de aumentar as súas exportacións por causa das cesións de territorio a Polonia, Alta Silesia e Alsacia-Lorena. Como xa queda dito, estes distritos representan preto dun terzo da produción de carbón de Alemaña. Pero tamén proporcionaban non menos dos tres cuartos do seu consumo de mineral de ferro, o 38% do dos altos fornos e 0 9,5% do das fundicións de ferro e aceiro. A non ser, pois, que Alsacia-Lorena e mais a Alta Silesia enviaran o seu mineral de ferro directamente a Alemaña, para ser transformado (aumento das importacións para o que, por outra parte, non poderían atopar pago), lonxe de ser posible un aumento no comercio de exportación, vai ser inevitable a súa diminución¹²⁵.

Veñen deseguido os cereais, artigos de coiro, azucre, papel, peles, artigos eléctricos, de seda e tintes. Os cereais non son unha exportación neta e están máis que contrapesados coa súa importación. No que fai ó azucre, preto do 90% das exportacións da Alemaña de preguerra ían para o Reino Unido¹²⁶. Un aumento neste comercio podía estimularse mediante a concesión dalgunha preferencia ó azucre alemán no Reino Unido, ou por un convenio no que se aceptara tomalo como parte do pago pola indemnización, nos mesmos termos en que se propuxo para o carbón, os tintes, etc.

¹²⁵ Calculouse que a cesión de territorio a Francia, ademais da perda da Alta Silesia, pode reducir a produción anual de lingotes de aceiro de Alemaña con respecto á de preguerra de 20 a 14 millóns de toneladas, e aumentar a de Francia de 5 a 11.

¹²⁶ As exportacións de azucre de Alemaña en 1913 ascendían a 1.110.073 toneladas, por un valor de 13.094.300 libras, das que 838.583 toneladas ían para o Reino Unido, por un valor de 9.150.800 libras. Estas cifras, porén, superaban ás normais, pois o termo medio das exportacións nos cinco anos anteriores a 1913 foron aproximadamente de 10 millóns de libras.

As exportacións de papel tamén poden ser susceptibles dun aumento. Os artigos de coiro, as peles e as sedas xa dependen das importacións correspondentes doutra partida da conta. Polos artigos de seda hai moita competencia entre Alemaña, Francia e Italia. As restantes partidas son en si mesmas moi pequenas. E eu ón suxerir que a indemnización se podía pagar, en gran parte, en potasa e cousas así; pero a potasa, antes da guerra, representaba o 0,6% do comercio alemán de exportación, cun valor total de non máis de tres millóns de libras. Por outra banda, téndose asegurado Francia un xacemento de potasa no territorio que se lle restituíu, de seguro que non habería de ver ben que se estimularan as exportacións alemás dela.

O exame da lista das importacións amosa que o 63,6% delas son de materiais en bruto e alimentos. As partidas principais da primeira clase, isto é, algodón, lá, cobre, coiro, mineral de ferro, peles, seda, caucho e estaño, non se poden reducir moito sen repercutir sobre o comercio de exportación, e mesmo terán que aumentar se este tamén ten que facelo. As importacións de alimentos, isto é, de trigo, cebada, café, ovos, arroz, millo e outros semellantes, presentan un problema diferente. Non é probable que, á parte de certos artigos de luxo, o consumo de alimentos das clases traballadoras antes da guerra excedera o que se requirira para a súa máxima produtividade; en realidade, probablemente fora menor. Calquera diminución importante nas importacións de alimentos ben seguro que repercutiría na produtividade da poboación industrial e, xa que logo, no volume da sobreexportación que están obrigados a producir. Non se pode pensar no aumento da produtividade da industria alemá se os obreiros están alimentados deficientemente. Pero iso non é igualmente certo no que fai á cebada, o café, os ovos e o tabaco; se fora posible afortalar un réxime no que ningún alemán bebera cerveza, nin café, nin fumara tabaco, podería lograrse un aforro importante. Doutro xeito, haberá pouco lugar para ningún aforro apreciable.

A análise seguinte das exportacións e das importacións alemás, atendendo ó seu destino mais á súa orixe, tamén é

significativa. Dela despréndese que do que exportou Alemaña en 1913, o 18% ía para o Imperio Británico; o 17% a Francia, Italia e Bélxica; o 10% a Rusia e Romanía, e o 7% ós Estados Unidos. É dicir, que máis da metade das exportacións alemás tiñan o seu mercado nos países da Entente. Do resto, o 12% ía para Austria, Hungría, Turquía e Bulgaria, e o restante 35% a outras partes. Por conseguinte, a non ser que os aliados estivesen dispostos a fomentar a exportación de produtos alemás, só terá lugar un aumento importante do seu volume total por acaparamento dos mercados neutrais.

COMERCIO EXTERIOR DE ALEMAÑA EN 1913				
	Destino das exportacións alemás		Orixe das importacións alemás	
	Millóns de libras	%	Millóns de libras	%
Gran Bretaña	71,91	14,2	43,80	8,1
Indias inglesas	7,53	1,5	27,04	5,0
Egipto	2,17	0,4	5,92	1,1
Canadá	3,02	0,6	3,20	0,6
Australia	4,42	0,9	14,80	2,8
África do Sur	2,34	0,5	3,48	0,6
Total Imperio Británico	91,39	18,1	98,24	18,2
Francia	39,49	7,8	29,21	5,4
Bélxica	27,55	5,5	17,23	3,2
Italia	19,67	3,9	15,88	3,0
Estados Unidos	35,66	7,1	85,56	15,9
Rusia	44,00	8,7	71,23	13,2
Romanía	7,00	1,4	3,99	0,7
Austria-Hungría	55,24	10,9	41,36	7,7
Turquía	4,92	1,0	3,68	0,7
Bulgaria	1,51	0,3	0,40	----
Outros países	178,04	35,3	171,74	32,0
TOTAL	504,47	100,0	538,52	100,0

A análise ofrece algunhas indicacións sobre a posible magnitude da modificación máxima do excedente de exportación de Alemaña baixo as condicións que prevalecerán despois da paz.

Nos seguintes supostos:

1. Que nós non favorezamos especialmente a Alemaña no seu aprovisionamento de certas materias primas, coma o algodón e a lá (cuxa produción mundial está limitada).
2. Que Francia, tendo asegurados os depósitos de mineral de ferro, faga un intento serio para asegurar tamén os altos fornos e o comercio de aceiro.
3. Que Alemaña non reciba estímulo nin auxilio para poder competir cos aliados nos mercados de ferro e outros produtos en ultramar.
4. Que non se lle dea preferencia importante ás mercadorías alemás no Imperio Británico.

E agora, volvamos outra vez sobre as partidas principais:

1. Artigos de ferro. En vista da perda de recursos de Alemaña, parece imposible un aumento neto da exportación, sendo probable mesmamente unha gran diminución.
2. Maquinaria. É posible algún aumento.
3. Carbón e coque. O valor da exportación neta de Alemaña antes da guerra era de 22 millóns de libras; os aliados acordaron que polo de agora o máximo posible de exportación sexa de 20 millóns de toneladas, cun aumento problemático (e incluso imposible) a 40 millóns de toneladas nalgún momento futuro. Aínda sobre a base dos 20 millóns de toneladas acordados, non haberá aumento virtual do valor das exportacións calculado a prezos de preguerra¹²⁷; mentres que, se o total é exacto, debe haber unha diminución de moito valor na exportación de artigos

¹²⁷ A adaptación precisa dos prezos que se require nas partidas desta conta farase en bloque logo.

manufacturados que requiran carbón para a súa produción.

4. Artigos de lá. É imposible un aumento en ter lá en bruto: é segura unha diminución.
5. Artigos de algodón. Sonlle aplicables as mesmas consideracións que á lá.
6. Cereais. Nunca houbo nin nunca pode haber unha exportación neta.
7. Artigos de coiro. Sonlle aplicables as mesmas consideracións que á lá.

Co dito xa queda esgotada preto da metade das exportacións de Alemaña de antes da guerra, e non hai ningunha outra mercancía que representara entón nin sequera o 3% máis do total. Con que mercancía vai pagar? Con tintes? O seu valor total en 1913 era de 10 millóns de libras. Con xoguetes? Con potasa? As exportacións en 1913 foron de tres millóns de libras. E aínda se se puideran sinalar certas mercadorías, en que mercados se venderían? Lembremos que estamos a falar de mercadorías polo seu valor, non de decenas, senón de centenaes de millóns anuais. Polo que fai ás importacións, pódese agardar bastante máis. Baixando o nivel de vida, pode ser posible unha redución apreciable do gasto en artigos importados. Pero, como xa temos visto, moitas partidas importantes non se poderán reducir sen repercusión sobre o volume das exportacións.

Cheguemos nas nosas suposicións todo o lonxe que poidamos, sen tropezar no absurdo, e supoñamos que, despois de certo tempo, Alemaña sexa capaz, malia a redución dos seus recursos, das súas facilidades, dos seus medios e da súa potencia produtiva, de aumentar as súas exportacións e diminuír as súas importacións até o punto de mellorar a súa balanza comercial en 100 millóns de libras anuais, segundo prezos de preguerra. Tal arranxo tería que utilizalo primeiro para liquidar a balanza comercial adversa, que nos cinco anos anteriores á guerra era, en promedio, de 74 millóns de libras; pero imos

supoñer que, con esa concesión, aínda lle quedase un saldo comercial favorable de 50 millóns de libras ó ano. Doblándoo, para darlle cabida ó aumento de prezos de preguerra, teremos unha cifra de 100 millóns de libras. Tendo en conta os factores políticos, sociais e humanos, así coma os estritamente económicos, dubido de que sexa posible obrigar a Alemaña a pagar anualmente esa suma durante un período de trinta anos; aínda que non sexa un absurdo aseguralo ou agardalo.

Esa cifra, que permita un 5% de xuro e outro 1% para a devolución do capital, representa unha suma que ten un valor actual de 1.700 millóns de libras¹²⁸. Chego, xa que logo, á conclusión derradeira de que, admitindo tódolos procedementos de pago, riqueza inmediatamente transferible, propiedade cedida e tributo anual, 2.000 millóns de libras é a cifra máxima exacta da capacidade que Alemaña ten para pagar. Non ffo en que, dadas tódalas circunstancias actuais, poida pagar tanto. Os que estimen que esta é unha cifra moi baixa, teñan en conta a seguinte comparación: a riqueza de Francia en 1871 estimouse en pouco menos da metade da de Alemaña en 1913; á parte dos cambios no valor da moeda, unha indemnización de Alemaña de 500 millóns de libras sería aproximadamente comparable á suma pagada por Francia en 1871; e como o peso efectivo dunha indemnización aumenta en maior proporción que o aumento da súa contía, o pago de 2.000 millóns de libras por Alemaña tería consecuencias moito máis prexudiciais que o pago dos 200 millóns de libras pagados por Francia en 1871.

Non hai máis que un capítulo no que vexo posible aumentar a cifra acadada, seguindo a argumentación exposta: que a man de obra alemá se levara ós territorios devastados, adicándoa á reconstrución. Teño oído que está sobre o tapete un plan deste cariz. A contribución adicional que se podería lograr así

¹²⁸ Se a totalidade do fondo de amortización se reduce e o pago anual continúa durante un maior número de anos, o valor presente —tan poderosa é a operación do xuro composto—, non pode aumentar máis.

depende do número de traballadores que o Goberno alemán puidera mobilizar para isto, e tamén do tempo en que os cidadáns belgas e franceses tiveran que toleralos entre eles. En calquera caso, parece moi difícil empregar na presente obra de reconstrución, aínda que fose durante un tempo limitado, o traballo importado, que ten un valor actual que excede os 250 millóns de libras; e aínda así, na práctica, non achegaría un aumento neto da contribución anual que se podería obter por outros medios.

Unha capacidade de pago de 8.000 millóns de libras, e nin sequera unha de 5.000, non estaría dentro das posibilidades razoables. Os que cren que Alemaña pode facer un pago anual de centos de millóns de libras esterlinas son os que deben dicir en que mercadorías concretas cren que se podería facer ese pago, e mesmo en que mercados se han de vender. Mentres que non o especifiquen nin sexan quen de dar algún argumento tanxible a prol das súas conclusións, non merecen ser cridos¹²⁹.

¹²⁹ Un pago de 100 millóns de libras ó ano e a perpetuidade, tomando un xuro, coma antes, do 5%, aumentará o valor presente só a 2.000 millóns.

Como exemplo do descoñecemento do público en asuntos económicos, merece ser anotada a seguinte carta de sir Sidney Low ó *Times* do 3 de decembro de 1918: «Vin cálculos autorizados que valoran o conxunto dos recursos minerais e químicos de Alemaña en 250.000 millóns de libras esterlinas, ou aínda en máis; e dise que só as minas da conca do Ruhr valen máis de 45.000 millóns de libras. É certo que, en calquera caso, o valor do capital deses produtos naturais é moito maior que a débeda total da guerra de tódolos Estados aliados. Por que non se lles quita ós seus propietarios presentes algunha proporción desa riqueza, durante un período suficiente, para llela dar ós pobos que Alemaña asaltou e prexudicou? Os Gobernos aliados podían, en xustiza, requirir a Alemaña para que lles ceda a explotación das minas e depósitos de mineral que rendan de 100 a 200 millóns anuais durante os próximos trinta, corenta ou cincuenta anos. Por ese medio poderíamos lograr compensación abondo de Alemaña sen estimular indebidamente as súas fábricas e o seu comercio de exportación en detrimento noso». Non queda claro por que, se Alemaña ten unha riqueza que pasa de 250.000 millóns de libras esterlinas, se contenta sir Sidney Low coa insignificante suma de 100 a 200 millóns anuais. Pero a súa carta é unha admirable *reductio ad absurdum* de certo modo de pensar. Mentres que un sistema de cálculo que aprecia o valor das minas de carbón enterradas nas entrañas da terra o mesmo que se estiveran nun cubo, que eleva unha renda anual de 1.000 libras durante novecentos noventa e nove anos a 999.000 millóns de libras, e que aprecia un campo segundo o valor de tódolos seus froitos, como se xa estiveran maduros, tamén ten os seus inconvenientes. Se os recursos totais de Alemaña valen 250.000 millóns de libras, aqueles que teña que repartir por mor da cesión de Alsacia-Lorena e da Alta Silesia, abondarán de sobra para pagar os gastos da guerra e das reparacións, todo xunto. De feito, o valor presente no mercado de tódalas

Eu poño só tres condicións, ningunha das cales afecta á forza do meu argumento para os efectos prácticos inmediatos:

1. Se os aliados fomentasen o comercio e a industria de Alemaña durante un período de cinco ou dez anos, proporcionándolle grandes préstamos e abondosos barcos, alimentos e materias primas durante ese período, lle abriran os mercados e lle adicaran deliberadamente tódolos seus recursos e boa vontade a facer leda a maior nación industrial de Europa, e pode incluso que do mundo, probablemente poderían lograr dela unha suma notoriamente maior, porque Alemaña é capaz dunha produtividade moi grande.

2. Ó calcular en diñeiro, eu parto de que non se produce alteración do poder adquisitivo da nosa unidade de valor. Se o valor do ouro tivera que baixar á metade ou á décima parte do seu valor presente, a carga verdadeira dun pago estipulado en ouro reduciríase proporcionalmente. Se un soberano de ouro chegara a valer o que vale agora un chelín, daquela, naturalmente, Alemaña podería pagar, contada en soberanos de ouro, unha suma moito maior da que eu dixen.

3. Supoño que non haberá alteración notable no rendemento outorgado pola natureza e a materia ó traballo do home. Non é imposible que os progresos da ciencia poñan ó noso alcance métodos e prácticas grazas ós que o nivel de vida se eleve inmensamente, e que un volume dado de produtos represente tan só unha parte do esforzo humano que hoxe representa. Neste caso, tódalas clases de capacidade variarán en tódolos lugares. Pero o feito de que todo estea dentro do posible non é escusa para falar coma parvos.

É certo que en 1870 non había home ningún que puidera predicir a capacidade de Alemaña en 1910. Non podemos

minas de Alemaña está calculado en 300 millóns de libras, é dicir, un pouco máis da milésima parte do que calcula sir Sidney Low.

pensar en legislar para varias xeracións. Os cambios seculares na condición económica e mesmo a suxeición inexcusable da previsión humana ó erro pódennos conducir, coa mesma probabilidade, á equivocación, nunha dirección ou noutra. Nós, como homes razoables, non podemos facer nada mellor que apoiar a nosa política na evidencia e adaptala a un prazo de cinco ou de dez anos, que é o que podemos supoñer que pode acadar a nosa previsión; e non erraremos se prescindimos de supostos extremos da experiencia humana e de cambios revolucionarios na natureza ou das relacións do home con ela. O feito de non ter coñecemento exacto da capacidade de Alemaña para pagar durante un longo período de anos non é xustificación (aínda que xa oín dicir que si que o é) para afirmar que pode pagar 10 mil millóns de libras.

Como é que puido crer o mundo as mentiras dos políticos? Se se necesitara unha explicación, eu atribúo esa especial credulidade, en parte alomenos, ás seguintes influencias.

En primeiro lugar, os enormes gastos da guerra, a inflación dos prezos e a depreciación da circulación monetaria conducindo a unha completa inestabilidade da unidade do valor, fixéronnos perder todo o senso do número e da magnitude en asuntos de Facenda. Os que nós cremos que eran límites do posible excedéronse tan enormemente, e os que fundaban os seus cálculos sobre o pasado equivocáronse con tanta frecuencia, que agora a xente está disposta a crer todo o que se lle diga, e canto máis grande sexa unha cifra, máis facilmente a acepta.

Pero tamén os que afondan máis na materia se equivocan algunhas veces. Estes poden apoiar as súas conclusións no excedente total da produción anual de Alemaña como distinto do seu excedente de exportación. Helfferich calculou que o aumento anual da riqueza en 1913 foi de entre 400 e 425 millóns de libras (excluindo o aumento do valor da moeda, da terra e mais da propiedade). Antes da guerra, Alemaña gastou de 50 a 100 millóns en armamento que pode agora aforrar. Por

consequinte, por que non lles habería de poder pagar ós aliados unha suma anual de 500 millóns de libras? Isto é colocar a argumentación pura na súa forma máis forte e máis aceptable.

Pero hai dous erros nela. O primeiro, que os aforros anuais de Alemaña, despois do que sufriu tanto na guerra coma na paz, estarán moi por debaixo do que eran antes, e se se lle van quitando ano a ano, nunca no futuro poderá volver a acadar o nivel previo. As perdas de Alsacia-Lorena, de Polonia e da Alta Silesia non se poden valorar, a efectos do exceso de produtividade, en menos de 50 millóns de libras ó ano. Suponse que Alemaña logrou dos seus barcos e relacións no estranxeiro, que xa se lle quitaron, unha ganancia anual duns 100 millóns de libras. O seu aforro en armamentos está, con moito, contrapezado pola carga anual das pensións, valoradas en 250 millóns de libras¹³⁰, que representa unha perda real de capacidade produtiva. E aínda deixando de lado a carga da débeda interior, que ascende a 240 millóns de marcos, por ser unha cuestión de distribución interior máis ben que de produtividade, aínda teríamos que contar coa débeda exterior contraída por Alemaña durante a guerra, co esgotamento do seu *stock* de materias primas, coa diminución do *stock* vivente, coa produtividade descendente do seu solo por falta de abonos e de traballo e coa diminución da súa riqueza por falta de conservación e renovación durante un período de alomenos cinco anos. Alemaña non é tan rica coma era antes da guerra, e a diminución dos seus aforros futuros por estes motivos, á parte dos factores devanditos, non se pode calcular en menos do 10%, e isto é, 40 millóns de libras ó ano.

Estes factores reduciron xa o excedente anual de Alemaña, como tope dos seus pagos anuais, a menos de 100 millóns de

¹³⁰ A conversión á par de 5.000 millóns de marcos sobrepasa, por causa de depreciación do propio marco, a carga monetaria do pago actual das pensións; pero non sobrepasa, con toda probabilidade, a perda real de produtividade nacional como resultados das baixas causadas pola guerra.

libras, que obtivéramos partindo doutras bases. E se se replica que non lle concedemos nada para compensar o descenso do nivel de vida e do seu propio benestar, cousa que se lle pode negar con razón a un inimigo derrotado¹³¹, aínda habería outro engano fundamental no xeito de calcular. Un excedente anual aplicable a inversións interiores só pode converterse nun excedente aplicable á exportación cun cambio radical na base do traballo realizado. O traballo pode ser aplicable e eficaz para os servizos domésticos en Alemaña pero non atopar saída para o comercio exterior. E volvemos ó mesmo problema que se nos presentou no exame do comercio de exportación: en que comercio de exportación atopará o traballo alemán unha saída considerablemente aumentada? Non se pode levar o traballo por novos camiños máis ca con perdas de produtividade e cun gran gasto de capital. O excedente anual que o comercio anual pode producir para lograr melloras importantes no interior non é medida, nin teórica nin practicamente, do tributo anual que pode pagar no estranxeiro.

A comisión de reparacións

Este é un organismo tan notable e, se funciona, pode exercer tanta influencia na vida de Europa, que as súas atribucións merecen exame á parte.

Non hai precedentes para a indemnización imposta a Alemaña polo presente Tratado; as exaccións monetarias que formaban parte dos convenios que seguiron ás guerras anteriores, son diferentes en dous aspectos fundamentais: neles,

¹³¹ Neste punto non podemos deixar de ter en conta que o descenso do nivel de vida actúa de dúas maneiras sobre o excedente de produtividade dun país. Ademais, non temos experiencia sobre a psicoloxía dunha raza branca baixo condicións próximas á servidume. Sen embargo, suponse xeralmente que se se priva ó home de todo o excedente da súa produción, quítaselle a súa eficiencia, e a súa actividade diminúe. O empresario e o inventor non seguirán; o comerciante e o tendeiro non aforrarán; o traballador non aguantará se os froitos do seu traballo non son para os seus fillos, para a súa vellez, nin para o seu orgullo e posición, senón para o goce dun conquistador estranxeiro.

a suma que se reclamaba sempre era determinada, unha cantidade total fixa de diñeiro, e mentres que o vencido cumpría coas esixencias anuais do tributo, non era necesaria ningunha outra intervención.

Pero por razóns xa dilucidadas no caso presente, as exaccións aínda non están determinadas, e cando se fixe a cantidade resultará superior ó que se pode pagar en moeda, e mesmo a todo o que se poida pagar por calquera medio. Era necesario, pois, crear un organismo coa encomenda de formular a conta das reclamacións, establecer a forma do seu pago e conceder as rebaixas e prazos necesarios. Non había máis remedio que colocar a ese tal organismo en condicións de lograr a maior cantidade posible ano por ano, dándolle poderes abondo sobre a vida económica interior dos países inimigos, que, en adiante, terán que ser tratados como Estados en creba, debendo de ser administrados por e para beneficio dos acredores. De feito, os poderes e funcións da Comisión de Reparacións sobardan os necesarios para todo isto, até o punto de que quedou establecida como árbitro resolutivo en numerosos asuntos económicos e financeiros que era conveniente non ultimar no mesmo tratado¹³².

Os poderes e a constitución da Comisión de Reparacións están establecidos fundamentalmente nos artigos 233 a 241 e anexo 2º do capítulo de reparacións do Tratado con Alemaña. Pero a mesma Comisión ha de exercer autoridade sobre Austria e Bulgaria, e, posiblemente, tamén sobre Hungría e Turquía, cando se faga a paz con eses outros países. Hai, pois, artigos

¹³² No decurso dos tratos e aprazamentos da Conferencia había moitas cuestións nas que, para chegar a algunha conclusión, foi necesario deixar unha marxe de vaguidade e incertidume. Todo o sistema de Conferencia tendeu cara a iso: o Consello dos Catro necesitaba non tanto unha solución de arranxo coma un Tratado. Nas cuestións políticas e territoriais a tendencia era deixalas ó arbitrio resolutivo da Sociedade de Nacións; pero nas cuestións económicas e financeiras, a decisión final, xeralmente, deixóuselle á Comisión de Reparacións, malia ser un organismo executivo composto de partes interesadas.

semellantes, *mutatis mutandis*, no tratado con Austria¹³³ e mais no tratado con Bulgaria¹³⁴.

Os principais aliados están representados, cada un deles, por un delegado-xefe. Os delegados dos Estados Unidos, Gran Bretaña, Francia e Italia participan en tódalas actuacións; o delegado de Bélxica, en todas menos aquelas ás que asisten os de Xapón ou do Estado Serbo-Croata-Eslovaco; o delegado do Xapón participa en tódolos debates que afecten ás cuestións marítimas ou especificamente xaponesas; e o delegado do Estado Serbo-Croata-Eslovaco pode intervir nas cuestións que se refiran a Austria, Hungría ou Bulgaria. Os demais aliados estarán representados por delegados cando as súas reclamacións e intereses respectivos estean sendo tratados, aínda que sen dereito a voto.

En xeral, a Comisión decide, por maioría, excepto nos casos especiais nos que se require unanimidade, entre os que están, por exemplo, a cancelación de débeda alemá, a prórroga dos prazos ou a venda dos bonos de débeda alemá. A Comisión ten plena autoridade executiva. Pode organizar un comité executivo e delegar autoridade nos seus funcionarios. E tanto ela coma eles gozan de privilexios diplomáticos e os seus soldos estarán pagados por Alemaña, aínda que non terá nada que dicir na súa designación. A Comisión, ademais, para cumprir acoidadamente as súas numerosas funcións, terá que establecer unha ampla organización burocrática políglota, cuxo cuartel xeral estará

¹³³ A cantidade que ha de pagar Austria por reparacións queda á absoluta discreción da Comisión, sen que se mencione no Tratado cifra ningunha. As cuestións de Austria han de ser tratadas por una sección especial da Comisión que non terá máis poderes que os que delegue nela a Comisión principal.

¹³⁴ Bulgaria terá que pagar unha indemnización de 90 millóns de libras en prazos semestrais que empezan a contar o 1 de xullo de 1920. Estas cantidades serán recollidas, a nome da Comisión de Reparacións, por unha comisión interaliada de control, con sede en Sofía. En certos aspectos, a comisión interaliada para Bulgaria parece que ten poderes e autoridade independentes dos da Comisión de Reparacións; pero ten que actuar como axente desta última, estando autorizada só a facerlle advertencias en asuntos como, por exemplo, a redución dos prazos semestrais.

en París e que tomará nas súas mans o destino económico de Europa central.

As súas funcións principais serán as seguintes:

1. A Comisión determinará a cifra exacta da reclamación contra as potencias inimigas mediante un exame detallado das reclamacións de cada un dos aliados, segundo o anexo Iº do capítulo de reparacións. Esta tarefa debe estar rematada en maio de 1921. Daráselles ó Goberno alemán e mais ós aliados de Alemaña a oportuna «ocasión de seren oídos, aínda que non para tomar parte nas decisións da Comisión». É dicir, que a Comisión obrará como xuíz e parte ó mesmo tempo.

2. Determinadas as reclamacións, establecerá unha táboa de pagos para cubrir o total, con xuros, dentro dos vindeiros trinta anos. De cando en vez, co obxecto de modificar esta táboa se fora necesario e posible, «tomará en consideración os recursos e a capacidade de pago de Alemaña [...], dándolles os seus representantes audiencia para seren oídos». E «ó calcular periodicamente a capacidade de pago de Alemaña, a Comisión examinará o seu sistema de impostos; primeiro, co fin de que as cantidades que Alemaña estea obrigada a pagar pesen sobre tódalas súas rendas con prioridade a outras destinadas ó pago de calquera empréstito interior, e en segundo lugar, para ter a seguridade de que, en xeral, o plan alemán de impostos sexa proporcionalmente tan gravoso coma o de calquera outra das potencias representadas na Comisión».

3. Até maio de 1921, co obxecto de garantir o pago de 1.000 millóns de libras, a Comisión terá facultades para pedir a entrega de calquera parte de bens alemáns, onde queira que estean; é dicir, «Alemaña pagará nos prazos e na forma, en ouro, mercadorías, barcos, valores ou de calquera outra maneira, que poida establecer a Comisión de Reparacións».

4. A Comisión decidirá que dereitos e intereses de nacionais alemáns, en empresas de utilidade pública que funcionen en Rusia, China, Turquía, Austria-Hungría e Bulgaria, ou en cal-

quera outro territorio que pertencera anteriormente a Alemaña ou os seus aliados, han de ser expropiados e transferidos á mesma Comisión; fixará o valor dos intereses así transferidos e repartirá o resto.

5. A Comisión determinará que parte dos recursos que así se xunten deban serlle devoltos a Alemaña para que poida soste con suficiencia a súa organización económica, e sexa capaz de seguir aboando no futuro os pagos por reparacións¹³⁵.

6. A Comisión, sen apelación nin arbitraxe, fixará o valor da propiedade e dos dereitos cedidos polo armisticio e polo Tratado: material móbil, mariña mercante, escuadrillas fluviais, gandos, minas do Sarre, os bens en territorio cedido polo que se concede crédito, e outros.

7. A Comisión determinará as contías e valores (dentro de certos límites taxados) das entregas en especie que Alemaña teña que facer ano a ano, segundo os anexos do capítulo de reparacións.

8. A Comisión velará pola restitución por Alemaña da propiedade que poida ser identificada.

9. A Comisión recibirá, administrará e distribuirá tódolos pagos feitos por Alemaña en diñeiro ou en especie. Tamén emitirá e negociará os bonos de débeda alemá.

10. A Comisión asignará a parte da débeda pública de preguerra que teña que ser adxudicada ós territorios cedidos do Schleswig, Polonia, Dantzig e Alta Silesia. A Comisión distribuirá tamén a débeda pública do antigo Imperio austro-húngaro entre as súas partes constituíntes.

11. A Comisión liquidará o banco austrohúngaro, e vixiará a supresión e substitución do sistema monetario do último Imperio austrohúngaro.

¹³⁵ Segundo o Tratado, esta é a función de calquera organismo designado polos Gobiernos aliados e asociados, e non necesariamente nin só da Comisión de Reparacións. É presumible que non se establecerá ningún que teña esta encomenda en exclusiva.

12. A Comisión informará se, ó seu xuízo, Alemaña non cumprira as súas obrigas, e aconsellará os métodos para facerllas cumprir.

13. En xeral, a Comisión, actuando mediante organismos subordinados, realizará as mesmas xestións para Austria e Bulgaria que para Alemaña, e tamén é de presumir que o faga para Hungría e Turquía¹³⁶.

Tamén se lle encomendaron á Comisión outros varios deberes relativamente secundarios. Pero a enumeración anterior abonda para amosar o fin e significado da súa autoridade. Autoridade que, por outra parte, se agranda por mor de que as esixencias do Tratado, xeralmente, exceden a capacidade de pago de Alemaña, e, xa que logo, as cláusulas en que se lle recoñece á Comisión a competencia de realizar reducións, se ela mesma considera que o reclaman as circunstancias económicas de Alemaña convértena, en moitos casos, no verdadeiro árbitro da vida económica do país, pois non só ten que investigar cal é a súa capacidade xeral para pagar e decidir, alomenos durante os primeiros anos, sobre as súas necesidades de importación de produtos alimenticios e materias primas, senón que tamén está autorizada a exercer presión sobre o sistema impositivo alemán (anexo II, parágrafo 12b)¹³⁷ e sobre os gastos de Alemaña, co obxectivo de garantir que os pagos para a reclamación foran o gravame preferente sobre tódolos recursos do país; e ten que decidir, para iso, sobre a súa vida económica, sobre as demandas de maquinaria, gandos, etc., e sobre as entregas de carbón.

Polo artigo 240 do Tratado, Alemaña recoñece expresamente á Comisión e ós seus poderes, «que pode ser constituída

¹³⁶ Na data en que se escribía este libro aínda non se estableceran tratados con estes países. É posible que de Turquía se ocupe unha comisión separada.

¹³⁷ Esta paréceme que é, certamente, a situación, se é que o parágrafo ese significa algo, malia a seguinte escusa de tales intentos na resposta dos aliados: «O parágrafo 12b) do anexo II non lle dá poderes á Comisión para establecer ou forzar impostos nin para dispoñer do orzamento alemán».

polos Gobernos aliados e asociados», e acepta de maneira irrevocable a posesión e o exercicio que ela faga do poder que se lle outorga no presente Tratado. Comprométese a proporcionarlle á Comisión toda a información que lle pida. E, de remate, no artigo 241, tamén «se compromete a aceptar, promulgar e manter en vixencia calquera lei, orde ou decreto que sexan necesarios para darlles completa efectividade a todas estas decisións».

Os comentarios que sobre isto fixo a delegación alemá en Versalles non era ningunha esaxeración:

Deste xeito aniquíflase a democracia alemá no preciso momento en que o pobo alemán estaba a piques de organizala, logo dunha dura loita, e aniquíflana os mesmos que durante a guerra non se cansaron de proclamar que arelaban dárnola [...]. Alemaña xa non será endexamais un pobo nin un Estado, senón só unha empresa comercial posta polos seus acredores en mans dun recadador, sen concederlle sequer a oportunidade de amosar a vontade de cumprir as súas obrigas espontaneamente. Esa Comisión, que vai ter o seu cuartel permanente fóra de Alemaña, si que vai ter sobre ela dereitos incomparablemente maiores dos que nunca tivera o emperador; o pobo alemán, baixo este réxime, quedará, por décadas, privado de tódolos dereitos, e de maneira máis ampla que calquera outro pobo en tempos do absolutismo, tamén de toda independencia de acción, de calquera aspiración individual de progreso económico, e incluso de progreso moral.

Na súa resposta a estas observacións, os aliados negáronse a recoñecer que tiveran fundamento.

As observacións da delegación alemá —dixeron— ofrecen unha opinión tan deformada e inexacta desta Comisión que custa traballo crer que examinaran, serena e coidadosamente, as cláusulas do Tratado. Non se trata dunha máquina de opresión nin dun

medio para intervir na soberanía alemá. Non ten forzas ás súas ordes, non ten poderes executivos dentro do territorio de Alemaña, non pode, como se suxire, dirixir nin controlar o ensino nin outros sistemas da vida da nación. A súa misión é establecer o que se ten que pagar; asegurarse de que Alemaña pode pagalo e, no caso de que non o faga, alertar ás potencias das que é delegada. Se Alemaña fora quen de lograr o diñeiro necesario por procedementos propios, a Comisión non lle pode ordenar que o faga doutro xeito; se Alemaña ofrece o pago en especie, a Comisión pode aceptalo; pero, agás cando o determina o Tratado, a Comisión non pode esixilo.

Esta non é unha exposición candorosa da finalidade dos poderes da Comisión de Reparacións, como se pode ver comparando os seus termos co resumo devandito, ou co mesmo Tratado. Así, por exemplo, a afirmación de que a Comisión «non ten forzas ás súas ordes» é un pouco difícil de xustificar tendo en conta o que di o artigo 430 do Tratado:

No caso de que, xa sexa durante a ocupación ou logo de rematar os quince anos sinalados, a Comisión de Reclamacións entenda que Alemaña se nega a cumprir todas ou parte das súas obrigas... todos ou parte dos territorios especificados no artigo 429 serán reocupados inmediatamente polas potencias aliadas e asociadas.

A confirmación de se Alemaña cumpriu os seus compromisos ou se lle é posible facelo, queda, como se observará, non ó arbitrio da Sociedade de Nacións, senón ó da propia Comisión de Reparacións; e unha determinación negativa da Comisión será seguida inmediatamente do uso da forza armada. Ademais, a minusvaloración dos poderes da Comisión, intentada naquela resposta aliada, débese, en gran parte, á presunción de que Alemaña poida «obter o diñeiro requirido polos seus propios procedementos», caso no que sería certo, ó fin, que moitos

deses poderes da Comisión carecerían de efectos prácticos; así, resultaría evidente que unha das principais razóns para crear a Comisión fora a suposición de que Alemaña non sería capaz de soportar a carga que se lle impuña.

Cóntase que, tendo oído o pobo de Viena cuxa cidade estaba a piques de ser visitada por unha sección da Comisión de Reparacións, depositou no evento as súas esperanzas. Era notorio que un organismo financeiro non podía tomar nada deles, porque nada tiñan; xa que logo, tal organismo, ó visitalos, non podía ter máis intención que a de asistilos e socorrelos. Os vieneses dicían isto, aínda que sospeitaban o contrario. Quizais tiveran razón. A Comisión de Reparacións debería de identificarse cos problemas de Europa asumindo unha responsabilidade proporcionada ós seus poderes. Podía, pois, chegar para desempeñar unha función moi diferente á que lle sinalaron algúns dos seus autores. Asimilado á Sociedade de Nacións, órgano de xustiza e non de intereses, quen sabe se, mudando de espírito e de obxecto, a Comisión de Reparacións aínda se podería converter, non en instrumento de opresión e rapina, senón nun consello económico de Europa, cuxo fin sexa a restauración da vida e mais da felicidade, incluso nos países inimigos?

As contrapropostas alemás

As contrapropostas alemás foron algo escuras e realmente insinceras. Debe recordarse que aquelas cláusulas do capítulo de reparacións que tratan da emisión de bonos por Alemaña, fixeran pensar á opinión pública que a indemnización estaba fixada en 5.000 millóns, ou, en calquera caso, nesa cifra como mínimo. A delegación alemá, en consecuencia, tratou de formular a súa réplica sobre a base desa cifra, supoñendo, ó parecer, que aquela opinión pública nos países aliados non se daría por satisfeita con menos; mais como non estaban realmente

preparados para ofrecerem unha cifra tan alta, fixeron traballar o seu maxín para procurar unha fórmula que puidera *parecer* equivalente, aínda que en realidade fose máis modesta. E a que propuxeron era clara para calquera que a lera con coidado e coñecera os feitos, aínda que resultaba difícil de crer que os seus autores confiáran en enganar con ela ós negociadores aliados. A táctica alemá partía do suposto de que estes estaban tan ansiosos coma eles mesmos de chegar a un arranxo que tivera algunha virtualidade práctica, e que, ademais, en vista das dificultades que eles mesmos buscaran coas promesas que lles fixeran ós seus propios pobos, incluso poderían estar dispostos a aceptar algunha cativa concesión na redacción do Tratado. Pero tal e como estaban as cousas neste momento, non puideron sacar proveito de tanta sutileza; teríalles ido mellor ofrecendo un cálculo xusto e sincero do que crían que representaban as súas responsabilidades e mais a súa capacidade de pagar.

A oferta alemá sobre a *aparente* cifra de 5.000 millóns de libras consistía no seguinte:

– En primeiro lugar, estaba condicionada nas concesións do Tratado asegurando que «Alemaña conservaría a integridade territorial correspondente á convención do armisticio¹³⁸; que conservaría as súas posesións coloniais e mais a súa mariña mercante, incluída a de gran tonelaxe; que tanto dentro do seu propio territorio coma no resto do mundo gozaría da mesma liberdade de acción que calquera outro pobo; que toda a lexislación de guerra sería anulada dunha vez, e que tódalas interвенcións que durante a guerra houbera sobre os seus dereitos económicos e contra a propiedade privada alemá, etc., serían tratados segundo o principio de reciprocidade». Isto é, ben se ve, unha oferta condicional, abandonada na maior parte do resto do tratado.

¹³⁸ Significara o que significara.

– En segundo lugar, dicían, as reclamacións non excederán dun máximo de 5.000 millóns de libras, dos que 1.000 entregaranse o 1 de maio de 1926; ningunha parte desa cantidade comportará xuros mentres estea pendente de pago¹³⁹.

– En terceiro lugar, deduciranse da cifra total, (entre outras cousas): a) o valor de tódalas entregas feitas segundo o armisticio, incluíndo o material militar (por exemplo, a escuadra alemá); b) o valor de tódolos ferrocarrís e da propiedade do Estado alemán nos territorios cedidos; c) a parte equivalente da débeda pública alemá de tódolos territorios cedidos (incluíndo a débeda de guerra), e nos pagos de reparacións que eses territorios tiveran que soportar de seguiren formando parte de Alemaña, e d) o valor da cesión das reclamacións de Alemaña por sumas prestadas por ela ós seus aliados durante a guerra¹⁴⁰.

Os créditos que terían que deducirse, segundo os apartados a), b), c) e d) poderían exceder ós concedidos no actual Tratado, segundo cálculos aproximados, en arredor de 2.000 millóns (aínda que a suma que se conceda en razón do apartado d) é difícil de valorar).

Así que, da oferta *aparente* alemá de 5.000 millóns de libras, hai que deducir, en primeiro lugar, 2.000 para compensacións, que o Tratado non autoriza, e logo, partir o resto pola metade, para calcular o valor actual dun pago diferido ó que non se lle poderían cargar xuros. Isto reduce a proposición a uns 1.500 millóns de libras, en vez dos 8.000 que, segundo o meu propio cálculo, establece o Tratado.

Esta oferta era en si mesma moi importante; é verdade que desatou críticas xerais en Alemaña, aínda que, á vista da condición que implicaba o abandono da maior parte do resto

¹³⁹ Supoñendo que o capital se pagara de xeito continuo por un período de trinta e tres anos, iso ten por efecto dividir a carga comparada cos pagos esixidos sobre a base do 5% de interese sobre o capital pendente.

¹⁴⁰ Deixo de salientar outros detalles da oferta alemá, porque estes parécenme os esenciais.

do Tratado, non se podía considerar unha oferta seria¹⁴¹. Pero á delegación alemá teríalle ido moito mellor dicindo clara e menos equivocadamente até onde se sentía capaz de chegar.

Na réplica final dos aliados a esta contraproposta hai unha disposición importante, á que até o de agora non lle prestei atención, pero da que temos que tratar neste punto. Falando en xeral, no capítulo de reparacións, tal e como se redactou orixinalmente, non se estableceron concesións; pero os aliados recoñeceron os inconvenientes da indeterminación da carga de Alemaña, e propuxeron un método polo que a reclamación total definitiva podía establecerse nunha data anterior ó 1 de maio de 1921. Prometeron, pois, que en calquera momento, dentro dos catro meses despois da firma do Tratado (isto é, antes de finais de outubro de 1919), Alemaña quedaría en liberdade para facer unha oferta dunha cifra total para o arranxo de toda a súa responsabilidade, segundo a definía o Tratado, e dentro dos dous meses seguintes (isto é, antes de finais de 1919), os aliados «respostarían, da maneira en que lles fora posible, a calquera das proposicións que se tiveran feito».

Esta oferta está sometida a tres condicións: «Primeira, as autoridades alemás conferenciarán cos representantes das potencias directamente interesadas, antes de facer tales proposicións. Segunda, tales ofertas deberán ser precisas e claras, non ambiguas. Terceira, deben aceptar as categorías e cláusulas da reparación como asuntos xa cerrados, fóra de discusión».

A oferta, tal e como se fixo, non parece que teña en conta o asunto da capacidade de pago de Alemaña. Só se refire á fixación da conta total de reclamacións tal e como está precisada no Tratado, xa fora, por exemplo, de 7.000, 8.000 ou 10.000 millóns de libras. «As preguntas —engade a réplica dos aliados— son simples cuestións de feito, isto é, do montante das

¹⁴¹ Por esta razón, non é estritamente comparable co cálculo que fixen na sección anterior deste mesmo capítulo sobre a capacidade de pago de Alemaña, que ten como base a situación de Alemaña cando o resto do Tratado entre en vigor.

responsabilidades, mais non susceptibles de seren tratadas nesta forma».

Se as negociacións prometidas van realmente por este camiño, non é probable que sexan frutíferas. Non será máis fácil chegar a unha cifra acordada antes de finais de 1919 do que o era no momento da Conferencia; e non mellorará a posición financeira de Alemaña saber de certo que é responsable dunha cantidade enorme. Estas negociacións, iso si, ofrecerán unha oportunidade para reabrir toda a cuestión dos pagos por reparacións, aínda que non se poida esperar que, alomenos nunha data próxima, mude abondo o estado de ánimo da opinión pública nos países aliados¹⁴².

Non podó deixar este tema como se a maneira acaída de tratalo dependera por completo ou dos nosos propios compromisos ou de feitos económicos. A política orientada a reducir a Alemaña á servidume por unha xeración, de envilecer a vida de millóns de seres humanos e de privar a toda unha nación de felicidade, sería odiosa e detestable, aínda que fora posible, aínda que nos enriquecera a nós, aínda que non sementara a decadencia da vida civilizada en Europa. Algúns predicana en nome da xustiza. Nos grandes acontecementos da historia do home, no desenvolvemento do destino complexo das nacións, a inxustiza non é tan elemental. E se o fora, as nacións non están autorizadas, nin pola relixión nin pola moral natural, a castigar ós fillos dos seus inimigos polos crimes dos seus pais ou xefes.

6. Europa despois do Tratado

Este capítulo vai ser o do pesimismo. O Tratado non inclúe ningunha disposición para lograr a rehabilitación económica de Europa; nada para colocar ós imperios centrais, derrotados, entre os veciños; nada para darlles estabilidade ós novos

¹⁴² Debido ós aprazamentos forzados polos aliados antes de ratificar o Tratado, a Comisión de Reparacións aínda estaba sen constituir a finais de outubro de 1919. Que eu saiba, por iso, non se fixera nada para facer efectiva a oferta anterior. Pode ser que, porén, á vista das circunstancias, se ampliaran os prazos.

Estados de Europa; nada para erguer a Rusia. Tampouco promove en forma ningunha a solidariedade económica entre os mesmos aliados. En París non se acadou ningún arranxo para restaurar a desorganizada Facenda de Francia e Italia, nin para facer concordar os sistemas do Vello e do Novo Mundo.

O Consello dos Catro non lle prestou atención ningunha a estes problemas por estar preocupado con outros: Clemenceau, con afogar economicamente ó seu inimigo; Lloyd George, con facer algo e levar para a casa algo que durase unha semana; o presidente, con non facer nada que non fose xusto e recto. É un feito sorprendente que, tendo diante dos ollos o problema fundamental dunha Europa famenta e desfeita, fora precisamente esta a única cuestión sobre a que foi imposible espertar o interese dos Catro. As reparacións eran a súa única incursión no eido económico, e resolvérona como un problema de teoloxía, de política, de táctica electoral, desde tódolos puntos de vista, excepto o do porvir económico dos Estados cuxos destinos tiñan nas mans.

Pero deixemos, a partir deste punto, París, a Conferencia e o Tratado, para considerar sequera brevemente a situación económica de Europa tal e como a crearon a guerra e a paz; e non intentarei, de aquí en diante, distinguir entre os froitos inevitables da guerra e as desgrazas evitables da paz.

Falo, sinxelamente, dos feitos esenciais da situación tal e como os vexo. Europa é o ámbito demográfico máis denso que se formou na historia do mundo. E esta poboación está acostumada a un tipo de vida relativamente elevado que aínda espera mellar e non empeorar en moitos aspectos. Comparada con outros continentes, Europa non se vale por si mesma; especialmente, en alimentos. A poboación, por outra parte, non está distribuída con igualdade, senón que unha gran parte se acumula nun número relativamente cativo de centros industriais moi densos. E esta xente tiña asegurada a súa vida, antes da guerra, sen gran marxe de excedente, mediante unha organización delicada

e considerablemente complicada, cuxas bases eran o carbón, o ferro, os transportes e unha provisión ininterrompida de alimentos e materias primas importados desde outros continentes. A destrución desta organización, interrompendo a corrente de aprovisionamentos, privan a unha parte grande desa poboación dos seus medios de vida.

E non pode emigrar. Necesitaríanse anos para transportalos por mar, aínda que, sen ser o caso, houbera países dispostos a acollelos. O perigo que nos acosa, xa que logo, é o do descenso rápido do nivel de vida das poboacións europeas, até chegar a significar fame (punto ó que xa se chegou en Rusia e está a piques de se chegar en Austria). Pero os homes non sempre morren con tranquilidade. Porque a fame, que leva a algúns ó letargo e á desesperación inerte, a outros temperamentos empúrraos ó desacougo nervioso do histerismo e mesmo á desesperación. E estes, na súa miseria, poden acabar por trastornar os restos da organización e fundir toda a civilización, desesperados por intentar satisfacer as súas necesidades apremiantes. Ese é o perigo contra o que teremos que agrupar tódolos recursos, o noso valor e mais o noso idealismo.

O 13 de maio de 1919, o conde Brockdorff-Rantzau dirixiu á Conferencia das potencias aliadas e asociadas o informe da comisión económica alemá encargada de estudar o efecto causado polas condicións da paz sobre a situación da poboación:

No decurso das dúas últimas xeracións —informaban— Alemaña transformouse de Estado agrícola a Estado industrial. Mentres foi un Estado agrícola, puido alimentar a 40 millóns de habitantes. Como Estado industrial pode asegurar os medios de subsistencia para unha poboación de 77 millóns; e en 1913, a importación de produtos alimenticios ascendía, en cifras redondas, a 12 millóns de toneladas. Antes da guerra, 15 millóns de persoas atendían a súa existencia mediante o comercio exterior, a navegación e o uso directo ou indirecto de materias primas estranxeiras.

Despois de reproducir as principais disposicións do Tratado de Paz, o informe continúa:

Despois desta diminución dos seus produtos, despois da depresión económica resultante por causa da perda das súas colonias, da súa frota mercante e das súas inversións no estranxeiro, Alemaña non estará en situación de importar a cantidade necesaria de materias primas. Unha parte enorme da industria alemá quedará condenada, pois, á súa inevitable destrución. A necesidade de importar produtos alimenticios aumentará considerablemente, ó mesmo tempo que diminuirá grandemente a posibilidade de cubrir esa necesidade. Xa que logo, moi en breve, Alemaña non será quen de darlle pan e traballo ós seus numerosos millóns de habitantes, que quedarán imposibilitados de buscar a vida coa navegación ou o comercio. Estas persoas poderían emigrar; pero iso é materialmente imposible, porque moitos países, e os máis importantes, non aceptarán inmigración alemá. Executar as condicións da paz implicaría, pois, a perda de varios millóns de persoas en Alemaña. Catástrofe que non ha de tardar moito en ocorrer, pois que a saúde da poboación xa se debilitou durante a guerra por mor do bloqueo e durante o armisticio por causa da agravación do bloqueo mesmo e mais da fame. Ningún auxilio, por grande que fora, nin longo, podería impedir esas mortes en masa. Non sabemos, e en realidade dubidamos —remata o informe, se os delegados das potencias aliadas e asociadas son conscientes das consecuencias inevitables de que Alemaña, Estado industrial, densamente poboado, intimamente vencegado ó sistema económico mundial, e baixo a necesidade de importar grandes cantidades de materias primas e alimentos, se atopara empurrado repentinamente a retornar a un momento da súa evolución correspondente á situación económica e demográfica de hai medio século. Aqueles que firman este Tratado firmarían a sentenza de morte de moitos millóns de alemáns, homes, mulleres e nenos.

Non son coñecedor de ningunha resposta acaída a estas palabras que reflicten un problema fundamental, ante o que as cuestións dos axustes territoriais e o equilibrio das potencias europeas son insignificantes. Algunhas das catástrofes da historia, desas que retrasaron o progreso humano, foron consecuencia da desaparición repentina, xa fora por causa natural ou humana, de condicións temporais favorables para o crecemento da poboación máis alá do que se podía supoñer antes de que existiran.

Os caracteres que expresan a situación naquel momento pódense agrupar en tres epígrafes: 1º, o fundamento futuro da produtividade interior europea; 2º, a ruína do transporte e mais do cambio, que servían para garantir o fluxo de produtos cando e onde máis se necesitaban, e 3º, a incapacidade de Europa para adquirir provisións en ultramar.

O decrecemento da produtividade non se pode calcular facilmente e pode ser obxecto de esaxeracións. Pero a súa evidencia *prima facie* é abafadora, como ben introducira entre as advertencias, ben pensadas, Mr. Hoover. Tiña múltiples causas: a desorde interior violenta e prolongada en Rusia e Hungría; a formación de Gobernos novos e inexpertos para reanudaren relacións económicas en Polonia e Checoslovaquia, por exemplo; a diminución, en todo o continente, da man de obra dispoñible a causa das perdas da guerra e de que se prolongase a mobilización; o descenso da produtividade por mor da carencia continuada de alimentación da poboación nos imperios centrais; o esgotamento do solo por falta de abonado no decurso da guerra; a tensión entre a clase obreira producida polos seus problemas fundamentais de cada día. Pero, sobre todo, segundo Mr. Hoover, «hai unha gran diminución das forzas, reflexo do esgotamento físico de grandes sectores da poboación, producido polas privacións e pola canseira espiritual e física da guerra». Moitas persoas están, por unha ou por outra razón, sen colocación. Segundo Mr. Hoover, un estudo das oficinas de coloca-

ción de Europa de xullo de 1919 amosaba que 15 millóns de familias estaban recibindo subvencións por non teren emprego ningún, e pagábaselles, principalmente, mediante a inflación constante da circulación monetaria. En Alemaña hai que engadir o desalento que, tanto entre os traballadores coma entre os empresarios, produce a idea de que se se cumpren literalmente ós termos da reparación, todo o que sexan quen de producir por enriba do mínimo indispensable para sobrevivir seralles arrebatado durante anos.

Os datos exactos que posuímos non engaden moito máis á descrición xeral da depresión. Pero lembrareille ó lector un ou dous. A produción europea de carbón estímase que se reduciu nun 30%, e do carbón dependen a maior parte das industrias de Europa e todo o seu sistema de transportes. Iso por unha parte; por outra, antes da guerra Alemaña producía o 85% do alimento total que consumían os seus habitantes, pero agora, o rendemento do seu solo reduciuse nun 40% e a calidade efectiva do seu *stock* vivo nun 55%¹⁴³. De entre os países europeos que antes tiñan un excedente grande de exportación, Rusia, tanto por mor da deficiencia do sistema de transportes coma polo da diminución da súa produción, pode chegar a morrer de fame. Hungría, ademais doutras perturbacións, foi saqueada polos romaneses inmediatamente despois da recollida da colleita; quedou sen nada. Austria xa tiña a súa de 1919 consumida de todo antes de que rematara o ano. As cifras poden parecer demasiado abafantes para seren cribles; se non foran tan absolutamente malas, poderíamos fiar máis nelas.

Pero, aínda que se poida lograr carbón e apañar gran, a ruína do sistema de ferrocarrís europeos impide o seu transporte; e aínda que se puideran fabricar as mercadorías, a creba do sistema europeo de circulación impide a súa venda. Xa describín

¹⁴³ *Report* sobre as condicións da alimentación en Alemaña do profesor Startlinge (Cmd. 280).

as perdas ocasionadas pola guerra e mais polas entregas, ordenadas no armisticio, para o sistema de transportes. Pero aínda así, a situación de Alemaña, tendo en conta a súa potencia de reposición industrial, pode que non sexa tan grave coma a de algúns dos seus veciños. En Rusia (da que temos información pouco precisa), parece que é desesperada a situación a respecto do material móbil, que é, ademais, un dos factores principais da súa desorde económica; e en Polonia, Romanía e mais Hungría, a situación disque non é moito mellor. E é o caso que a vida industrial moderna depende esencialmente da facilidade dos transportes, e a poboación que xa chegou a asegurar a súa vida por eses medios xa non pode seguir vivindo sen eles. O desastre da circulación monetaria e a desconfianza no seu valor adquisitivo son agravantes deses males que deberán de discutirse con máis detalle cando falemos sobre o comercio estranxeiro.

Cal é, pois, a nosa visión de Europa? Unha poboación rural que pode sobrevivir co froito da súa propia produción agrícola, pero que non produce o excedente de costume para soste as cidades, e privada tamén (como consecuencia da falta de materiais importados, e, xa que logo, de variedade e cantidade de mercadorías para vender nas cidades) dos incentivos ó uso para cambiar alimentos por outros artigos; unha poboación industrial que non pode preservar as súas forzas por non ter alimento, incapaz de gañar a vida por falta de materiais, e incapaz de compensar con importacións do exterior a carencia de produtividade do interior. Porén, conforme Mr. Hoover, «un cálculo aproximado permitiría ver que Europa ten 100 millóns de habitantes máis dos que pode manter sen importacións, e que teñen que vivir só do que producen e exportan».

O problema da posta en marcha de novo da circulación de produción e cambio no comercio exterior lévame a unha digresión necesaria sobre a situación da circulación monetaria en Europa.

Dise que Lenin ten declarado que o mellor medio para destruír o capitalismo é o de viciar a circulación. Cun proceso

continuado de inflación, os Gobernos poden confiscar, secreta e disimuladamente, unha parte importante da riqueza dos seus cidadáns. Desa maneira, non só confiscan, senón que o fan arbitrariamente; e aínda que o procedemento arruíne a moitos, momentaneamente enriquece a algúns. Esa redistribución arbitraria a favor dos ricos atenta non só contra a seguridade, senón tamén contra a confianza na equitativa distribución da riqueza. Os favorecidos por este sistema con máis do que merecen e incluso por enriba das súas esperanzas e desexos, vólvense especuladores, odiados pola burguesía, empobrecida pola inflación, non menos que o proletariado. Na medida en que a inflación siga e o valor da moeda teña grandes fluctuacións de mes a mes, tódalas relacións permanentes entre debedores e acredores, que constitúen un pilar fundamental do capitalismo, desordenáanse de maneira tan extrema que acaban por non ter senso, e o procedemento para facer diñeiro vira en simple xogo e lotería.

Lenin, pois, certamente, tiña razón. Non hai medio máis sutil nin máis seguro de trastornar as bases da sociedade capitalista que o de envilecer o valor da moeda. O procedemento aliña tódalas forzas ocultas das leis económicas do lado da destrución, e faino de maneira tal que nin sequera un só home entre un millón sería quen de notalo.

Nos últimos momentos da guerra, tódolos Gobernos belixerantes, xa fora por necesidade ou por incompetencia, realizaron o que calquera bolxevique faría con intención. Aínda agora, coa guerra xa rematada, moitos deles, por debilidade, seguen coas mesmas corruptelas. Pero ademais, os Gobernos de Europa, moitos deles tan temerarios coma débiles, tratan de dirixir a indignación popular contra os especuladores, agochando a culpa dos seus procedementos viciosos. Os especuladores son, falando en termos xerais, unha clase de capitalistas negociantes, é dicir, un elemento activo e construtivo en calquera sociedade capitalista que, nun período de rápida subida dos prezos, non poden por menos que sacarlle proveito, queiran ou non. Se

os precios soben continuamente, calquera negociante que mercara para ter un *stock*, ou que posúa materiais ou propiedades, inevitablemente ten que gañar. Xa que logo, dirixindo o odio contra ese grupo, os Gobernos europeos avanza polo camiño fatal que o espírito sutil de Lenin tiña marcado. Os especuladores son a consecuencia mais non a causa dos prezos altos. Combinando o odio popular contra os especuladores co golpe que se lle deu á seguridade social coa perturbación violenta e arbitraria dos contratos e o equilibrio establecido da riqueza, resultado inevitable da inflación, eses Gobernos están facendo imposible a continuación da orde social e económica do século XIX. Pero non teñen un plan para reempazala.

Estamos, pois, en Europa, ante un espectáculo de extraordinaria debilidade de parte da gran clase capitalista que xurdiu dos triunfos industriais do século XIX e que hai uns poucos anos aínda parecía o noso todopoderoso amo. O terror e a covardía persoal dos seus individuos son agora tan grandes; a confianza que tiñan no seu papel na sociedade e na necesidade que ela tiña deles está tan minguada, que son vítimas fáciles da intimidación. Non ocorría isto en Inglaterra hai vintecinco anos, como non ocorre agora nos Estados Unidos. Daquela, os capitalistas crían en si mesmos, no seu valor para a sociedade, no seu dereito á existencia continuada, en pleno goce da súa riqueza e cun exercicio ilimitado do seu poder. Agora tremen ante calquera insulto; chamádeos xermanófilos, financeiros internacionais ou especuladores, e daranvos calquera cousa que lle pidades con tal de que non faledes deles con tanta dureza. Déixanse arruinar e botanse a perder por aqueles a quen instrumentalizaron: os Gobernos feitos á súa medida e a prensa da que son propietarios. Quizais sexa certo que toda clase social perece sempre pola súa propia man. Nun mundo tan complexo como a Europa occidental, a Vontade Inmanente pode executar os seus fins con máis insidia e traer a revolución dun xeito fatal, igual da man dun Klotz que dun George, que mediante os intelectualismos, demasiado crueis e conscientes para nós, dos sanguinarios filósofos rusos.

A inflación dos sistemas de circulación monetaria de Europa estendeuse extraordinariamente. Os diversos Gobernos belixerantes, incapaces ou demasiado tímidos, ou excesivamente pouco previsores para asegurárense, por préstamos ou impostos, os recursos que necesitaban, imprimiron billetes para facer o balance. En Rusia e en Austria-Hungría ese procedemento chegou a tal punto que, para os efectos do comercio exterior, a moeda perdeu practicamente todo o seu valor. Un marco polaco pódese mercar por penique e medio, e a coroa austríaca, por menos dun penique; pero non se poden vender por nada. O marco alemán vale menos de dous peniques. Na maior parte dos outros países da Europa oriental e do sudeste, a situación efectiva é case igual de mala. A moeda de Italia baixou a un pouco máis da metade do seu valor nominal, malia estar aínda suxeita a certo grao de regulación; a moeda francesa ten un mercado inseguro, e mesmo diminuíu gravemente o valor da libra esterlina, e o seu porvir é incerto. Pero mentres que esas moedas teñen no estranxeiro un valor precario, no interior non perderon nunca de todo, nin sequera en Rusia, o seu valor adquisitivo. Hai un sentimento de confianza na moeda legal do Estado tan fundamente arraigado nos cidadáns de tódolos países, que non poden deixar de crer que algún día esa moeda recobrará alomenos unha parte do seu primitivo valor. Pensan que o valor é inherente á moeda como tal. E non comprenden que a riqueza real que esa moeda estaba representando se disipou dunha vez para sempre. Este sentimento sostense polas diversas regulamentacións con que os Gobernos tratan de controlar os prezos interiores, para reservar algún poder adquisitivo á súa moeda legal. Así, a forza da lei preserva unha certa parte do poder adquisitivo sobre algunhas mercadorías, e a forza do sentimento e mais o costume manteñen, especialmente entre a xente do campo, a vontade de acumular papel que, en realidade, carece de valor.

Porén, a conservación dun valor ficticio da moeda por forza de lei, posta de manifesto na regulación dos prezos, contén en

si mesma o xerme dunha decadencia económica definitiva e esgota de contado as fontes dos últimos recursos. Se un home está na obriga de cambiar o froito do seu traballo por un papel que, como pronto ha de experimentar, non poderá utilizar para mercar o que necesita a un prezo axeitado ó que el mesmo recibiu polos seus produtos, gardará os seus produtos para si, dará-llelos ós amigos e veciños como regalos, ou traballará menos na súa produción. O sistema de facer obrigatorio o cambio de mercadorías por algo que non ten un valor real, non só reduce a produción, senón que acaba por levar á ruína e á ineficacia do tráfico. Pero se un Goberno se abstén de reglamentar e deixa que as cousas sigan o seu curso, as mercadorías máis necesarias iranse encarecendo até que só estean ó alcance dos ricos, a depreciación da moeda será notoria e a fraude non se lle poderá seguir agochando ó público.

O efecto sobre o comercio exterior da regulamentación dos prezos e mais da persecución do especulador como remedios contra a inflación é máis que malo. Ocorra o que ocorra no interior, no estranxeiro a moeda acada de contado o seu valor real, co resultado de que os prezos dentro e fóra do país perden toda a súa relación normal. O prezo das mercadorías importadas, cando se opera co tipo de cambio corrente, resulta estar moi por enriba do prezo local, até o punto de que moitas mercadorías necesarias deixarán de importarse e terán que pasar a ser proporcionadas polo Goberno, que ó revendelas a un prezo máis baixo do que paga por elas, irase fundindo na insolvencia. O aprovisionamento de pan, agora case universal en toda Europa, é o exemplo máis expresivo deste fenómeno.

As nacións de Europa divídense en dous grupos segundo o modo en que nelas se poña de manifesto o que é un mal en tódalas partes: unhas, aquelas cuxas relacións internacionais quedaron cortadas polo bloqueo, e outras, aquelas cuxas importacións foron pagadas cos recursos dos seus aliados. Alemaña é un exemplo entre as primeiras, e Francia e Italia, entre as segundas.

A circulación de billetes de Alemaña é unhas dez veces¹⁴⁴ agora do que era antes da guerra. O valor do marco, en ouro, é unha oitava parte do seu valor daquela. Como os prezos do mundo, en ouro, son máis do duplo do que eran, resultará que os prezos en marcos, dentro de Alemaña, deberían ser entre dezaseis e vinte veces máis elevados do que eran antes da guerra, mesmo en comparanza cos prezos que operan fóra de Alemaña¹⁴⁵. Pero non é así. Malia a gran subida dos prezos en Alemaña, probablemente non acadasen aínda, en termo medio, un nivel cinco veces maior que o primitivo, alomenos para as mercadorías principais; e é imposible que suban máis, a non ser que se produza unha combinación simultánea e non pouco violenta co nivel dos salarios monetarios. A mala combinación existente atenta de dúas formas contra a recuperación do comercio de importación, que é a premisa esencial da reconstrución económica do país. En primeiro lugar, as mercadorías importadas están por enriba do poder adquisitivo da gran masa da poboación¹⁴⁶, e a corrente das importacións, que se agardaba que se recuperase ó levantarse o bloqueo, non foi, de feito, comercialmente posible¹⁴⁷. En segundo lugar, tanto para un comerciante coma para un fabricante, é aventurado mercar con crédito estranxeiro material polo que, unha vez importado ou fabricado, recibirá moeda en marcos de valor completamente incerto e acaso irrealizable. Este último obstáculo para o rexurdimento do comercio acostuma a pasar inadvertido, pero pide algunha atención. Arestora, é imposible dicir canto valerá o

¹⁴⁴ Algo máis se se inclúe o *Darlehenskassenscheine*.

¹⁴⁵ Así mesmo, en Austria os prezos deben estar entre vinte e trinta veces sobre o seu nivel anterior.

¹⁴⁶ Unha das dificultades máis notorias e sintomáticas que se lles presentaron ás autoridades aliadas, na súa administración dos territorios ocupados de Alemaña durante o armisticio, xurdiu do feito de que, aínda cando traían alimentos do país, os habitantes non podían pagalos nin sequera ó prezo de custo.

¹⁴⁷ Teoricamente, o nivel, indebidamente baixo, dos prezos interiores débelle dar pulo ás exportacións, mellorándose así a si mesmo. Pero en Alemaña, e máis aínda en Polonia e Austria, hai pouco ou nada que exportar, e ten que haber importación antes de que poida haber exportación.

marco, en moeda estranxeira, de aquí a tres ou a seis meses, ou a un ano, e o mercado de cambios non pode cotizar sen confianza. Pode ocorrer, pois, que un comerciante alemán ó que se lle ofrezca agora un crédito a curto prazo en libras ou en dólares, pensando en preservar a súa reputación e crédito futuro, dubide en aceptalo. Quedaría endebedado nesas moedas, pero vendería os seus produtos en marcos, e os seus medios, chegado o momento de devolver o que debe, poderían chegar a ser moi problemáticos. Os negocios, así, perden o seu carácter xenuíno, reducidos a non máis que unha especulación cos tipos de cambio, cuxas flutuacións chegan a facer desaparecer as ganancias comerciais normais.

Hai, xa que logo, tres obstáculos distintos que se apoñen á volta da actividade comercial: a discordancia entre os prezos interiores e os internacionais; a falta de crédito individual no estranxeiro para mercar as materias primas necesarias para asegurar a actuación do capital e para restablecer o intercambio, e un sistema de circulación monetaria desordenado, que volve arriscadas ou imposibles as operacións de crédito, deixando a un lado os riscos ordinarios do comercio.

A circulación fiduciaria de Francia acada agora un grao seis veces maior que antes da guerra. O valor do cambio, pagado en ouro, en troques, é un pouco menos de dous terzos do seu valor primitivo; é dicir, que o valor do franco non descendeu en proporción ó aumento do volume da circulación fiduciaria¹⁴⁸. Esta situación de Francia, aparentemente superior, débese ó feito de que até hai pouco unha gran parte das súas importacións non estaban pagas, senón só cubertas por préstamos dos Gobernos da Gran Bretaña e dos Estados Unidos. Iso fixo posible que se establecera unha falta de equilibrio entre as exportacións e as

¹⁴⁸ Admitindo que, por mor da diminución do valor do ouro, o valor de cambio do franco sexa un 40% do que era, en vez do 60% do que é, aproximadamente, se o descenso fora proporcionado ó aumento en volume da circulación.

importacións que aínda persiste, gravemente, malia ir diminuíndo gradualmente o auxilio exterior. A economía interna de Francia e o nivel dos seus prezos en relación coa circulación de billetes e os cambios estranxeiros, agora está baseada nun excedente de importación sobre exportación que non é posible que continúe. Porén, é difícil de prever como restablecer o equilibrio de non ser cunha diminución do consumo, que aínda que só sexa temporal, provocará un gran descontento¹⁴⁹.

A situación de Italia non é moi diferente. Alí a circulación en billetes é cinco ou seis veces maior do que era antes da guerra, e o valor en cambio da libra en ouro é a metade do antigo valor. Así, a relación do cambio co volume da circulación de billetes chegou moito máis lonxe en Italia ca en Francia. Por outra parte, os ingresos *invisibles* de Italia, polas remesas dos emigrantes e os gastos dos turistas, principalmente, diminuíron moi considerablemente; o fundimento de Austria representou a perda dun mercado importante, e a súa especial dependencia dos barcos estranxeiros e da importación de materias primas de toda clase deixárona particularmente sometida ó prexuício causado polo aumento mundial dos prezos. Por todas esas razóns,

¹⁴⁹ O lonxe que está Francia do equilibrio co cambio internacional pódese ver nesta táboa:

Media Mensual	Importacións	Exportacións	Excedente de importación
	1.000 libras	1.000 libras	1.000 libras
1913	28.071	22.934	5.137
1914	21.341	16.229	5.112
1918	66.383	13.811	52.572
1919 (I-III)	77.428	13.334	64.094
1919 (IV-VI)	84.282	16.779	67.503
1919 (VII)	93.513	24.735	68.778

Estas cifras convertéronse nun modo aproximado á par; pero está compensado polo feito de que o comercio en 1918 e 1919 foi avaliado ós tipos de 1917. As importacións francesas non poden continuar en cifras que nin tan sequera se acheguen a estas, e a aparencia de prosperidade baseada en tal estado dos negocios é enganosa.

a súa situación é grave, e o seu exceso de importación, síntoma dun estado tan grave coma o de Francia¹⁵⁰.

A inflación existente e o desequilibrio do comercio internacional están agravados, tanto en Francia coma en Italia, pola desgrazada situación financeira dos seus Governos.

En Francia, o fracaso no establecemento de impostos é notorio. Antes da guerra, os orzamentos totais de Francia e Inglaterra e o imposto medio proporcional por cabeza eran máis ou menos iguais; pero en Francia non se fixo ningún esforzo importante por cubrir o aumento de gastos. «O aumento de impostos en Gran Bretaña durante a guerra, segundo se calculou, foi de 95 a 265 francos por cabeza; en Francia só foi de 90 a 103». Os impostos votados en Francia para o ano financeiro que acabou o 30 de xuño de 1919 cubren menos da metade do gasto calculado como normal para a posguerra. O orzamento normal para os anos vindeiros non se pode calcular en menos de 880 millóns de libras, e incluso pode exceder esa cifra; pero para o ano fiscal 1919-1920 os ingresos procedentes de impostos aínda se estima que non han de chegar nin sequera á metade desa suma. O ministro francés de Facenda non ten plan nin política para facerlle fronte ó grandioso déficit consecuente, agás que se teña por tal a esperanza en que Alemaña pague cantidades equivalentes, cousa que os funcionarios franceses saben que non ten fundamento. Mentres tanto, vaise salvando

¹⁵⁰ As cifras de Italia son as seguintes:

Media Mensual	Importacións	Exportacións	Excedente de importación
	1.000 libras	1.000 libras	1.000 libras
1913	12.152	8.372	3.780
1914	9.744	7.368	2.376
1918	47.005	8.278	38.727
1919 (I-III)	45.848	7.617	38.231
1919 (IV-VI)	66.207	13.850	52.357
1919 (VII-VIII)	44.707	16.903	27.804

a situación con vendas de material de guerra e dos excedentes dos *stocks* americanos, e nin sequera se vacila en facerlle fronte ó déficit aumentando aínda máis a emisión de billetes do Banco de Francia¹⁵¹.

A situación financeira de Italia pode que sexa un chisco mellor que a de Francia. A Facenda italiana, durante a guerra, foi máis emprendedora que a francesa, e fixo ben máis esforzos por establecer impostos e pagar o custo da guerra. Porén, o señor Nitti, primeiro ministro, en carta dirixida ó corpo electoral na véspera das eleccións xerais de outubro de 1919, coidou necesario facer pública a seguinte e desesperada análise da situación:

1. O gasto do Estado é tres veces maior que os seus ingresos.
2. Tódalas empresas industriais do Estado, incluíndo ferrocarrís, telégrafos e teléfonos, teñen perdas. E malia que o público merca o pan a un prezo alto, nisto tamén perde o Goberno uns 1.000 millóns ó ano.
3. As exportacións que saen agora do país están avaliadas na cuarta ou quinta parte das importacións que entran do exterior.
4. A débeda nacional aumenta aproximadamente en 1.000 millóns de libras ó mes.
5. O gasto militar mensual aínda é maior que o gasto militar do primeiro ano da guerra.

Pero se esta é a situación financeira de Francia e Italia, a do resto dos países belixerantes de Europa aínda é moito máis desesperada. En Alemaña, o gasto total do imperio, Estados federados e cidades, para 1919-1920, calcúlase en 25.000 millóns de marcos, dos que, cos impostos anteriormente existentes, só se recadan 10.000 millóns. E iso sen conceder nada para o pago de indemnización. En Rusia, Polonia, Hungría ou Austria pódese

¹⁵¹ Nas dúas últimas memorias do Banco de Francia que teño diante ó escribir (2 e 9 de outubro de 1919), os aumentos da emisión semanal de billetes subían a 18.750.000 e 18.825.000 libras, respectivamente.

considerar que non existe nada que seriamente mereza o nome de orzamento¹⁵².

Xa que logo, o devandito perigo da inflación non é só un produto da guerra que a paz poida remediar, senón un fenómeno persistente cuxo fin non se albisca.

Todas estas influencias combínanse non só para impedir que Europa inicie pronto unha corrente de exportacións abondo grande para pagar as mercadorías que necesita importar, senón tamén para quitarlle o crédito necesario para lograr o capital que require o restablecemento do cambio; arredando a economía do seu equilibrio máis que achegándoa a el, favorecendo a continuación das circunstancias presentes, en lugar de curarse delas. Estamos diante dunha Europa improdutiva, sen traballo e desorganizada, ensarillada en querelas intestinas e polo odio internacional, en liortas, morrendo de fame, roubando e mentindo. Que garantías haberá de poder facer unha descrición dela con cores menos sombríos?

Presteille pouca atención neste libro a Rusia, Hungría e Austria¹⁵³. Alí as miserias da vida e a desintegración da sociedade son demasiado notorias para precisaren análise; e estes países xa están sufrindo na actualidade todo o que para o resto de Europa pode que aínda sexan só predicións. E, ademais, abranguen un vasto territorio e unha gran poboación, e son un

¹⁵² O 3 de outubro de 1919, M. Vilinsky fixo unha declaración financeira ante a Dieta polaca. Calculou o gasto para os nove meses seguintes en máis do dobre do que fora para os nove meses pasados. E aínda que no primeiro período os ingresos chegaran a ser dunha quinta parte dos gastos, estimaba que no seguinte non pasarían de ser a oitava. O correspondente do *Times* en Varsovia dicía que «en xeral, o ton de M. Vilinsky era optimista, e mesmo parecía satisfacer ó auditorio».

¹⁵³ As condicións do Tratado de Paz impostas á República austríaca non teñen en conta o feito real da situación desesperada daquel Estado. O *Arbeiter Zeitung*, de Viena, do 4 de xuño de 1919, comentábo así: «Nunca o espírito dun Tratado traicionara tan brutalmente as intencións que se dicía que o guiaban [...] como é o caso neste no que toda decisión está permeada de rudeza e de falta de piedade, no que non se atopa ningún alento de simpatía humana, que aldraxa todo o que xunta ó home co home, que é un crime contra a humanidade mesma, contra o pobo doente e torturado». Coñezo en detalle o tratado con Austria, e estiven presente cando se redactaron algunhas das súas condicións; non son quen de negar a xustiza desta protesta.

exemplo patente do moito que pode chegar a sufrir o home e do baixo que pode chegar a caer a sociedade. Sobre todo, para nós, son o sinal de como na catástrofe derradeira a enfermidade do corpo se volve enfermidade do espírito.

As privacións económicas actúan lentamente, e mentres que os homes as pedecen con paciencia, o resto do mundo preocúpase pouco. A eficacia física e a resistencia contra o mal diminúen con lentitude¹⁵⁴; pero a vida corre como pode, até que por fin chegá ó límite da resistencia humana, e os consellos da desesperación e da demencia levantan ós doentes do letargo que precede á crise. Entón, o home sacódese e desátanse as ligaduras do hábito. O poder das ideas é soberano e atende

¹⁵⁴ Durante os meses pasados, os informes sobre as condicións sanitarias nos imperios centrais eran de tal carácter que a imaxinación entrístécese e un case peca de sentimentalismo ó falar deles. Pero a súa veracidade xeral non está cuestionada, e recollo só tres referencias para que o lector non as arrede do seu espírito: «Nos últimos anos da guerra, só en Austria morreron, alomenos, 35.000 individuos de tuberculose; só en Viena, 12.000. Hoxe atopámonos cun número de 350.000 a 400.000 individuos que son tratados como tuberculosos [...] De resultas da mala nutrición está medrando unha xeración sen sangue, sen músculos, sen articulacións e sen cerebro» (*Neue Freie Presse*, 31 de maio de 1919). A comisión de médicos nomeada polas facultades de Medicina de Holanda, Suecia e Noruega, para examinar a situación en Alemaña, informou na prensa sueca, en abril de 1919, como segue: «A tuberculose, especialmente nos nenos, está aumentando de maneira desoladora, e é, falando en xeral, maligna. Así mesmo, o raquitismo agrávase e esténdese. É imposible facer nada contra estas enfermidades; non hai leite para os tuberculosos, nin aceite de fígado de bacallau para os raquíticos [...] A tuberculose está presentando aspectos inusitados que até agora só eran coñecidos como casos excepcionais. Todo o corpo é atacado ó mesmo tempo, e nesta modalidade a enfermidade é practicamente incurable. [...] A tuberculose agora case sempre é fatal entre os adultos. É a causa do 90% das hospitalizacións. Non se pode facer nada contra ela, por mor da falta de alimentos. Preséntase nas formas máis terribles, tales coma a tuberculose glandular, que se converte en purulenta». O que segue está dito por un escritor na *Vosische Zeitung* do 5 de xuño de 1919, que acompañou á Misión Hoover ó Erzgebirge: «Visitei amplas bisbarrias nas que o 90% dos nenos estaban raquíticos, e os de tres anos case non eran quen de andar [...]. Acompañádeme a unha escola no Erzgebirge. Creeredes que se trata dunha escola de párvulos para os máis cativos. Pero non; son nenos de sete e de oito anos, coa cara terrosa, con ollos inmensos e tristes, pero arrodeados pola sombra da fronte sobresaínte do raquitismo; os brazos pequenos non son senón pellelo e ósos, e sobre as súas pernas, tortas, con articulacións deslocadas, levan un ventre inflado co edema da fame [...]. «Vedes ese neno? —diciá o doutor—, consome unha cantidade enorme de pan, mais non o fortalece; vin que o pan que lle daban agochábao debaixo do colchón; tiña tan arraigado o temor á fame, que facía acopio en vez de comelo: un instinto animal exacerbado, no que o medo á fame é peor que o padecemento mesmo dela». Sen embargo, hai moitas persoas, polo visto, que opinan que é xusto que eses seres paguen un tributo, durante corenta ou cincuenta anos, para compensar ó contribuínte inglés.

calquera sinal de esperanza, de ilusión ou mesmo de vinganza que lle chega polo aire. Mentres escribo, parece que prenden as lapas do bolxevismo ruso e que os pobos da Europa central e oriental fican atrapados nun embotamento aterrador. A última colleita cúbrea das privacións máis duras. Pero o inverno logo vén. E a xente non ten nada por que esperar. Haberá pouco combustible para moderar os seus rigores e confortar os corpos cansos das poboacións urbanas.

Pero, quen pode dicir até onde se pode sufrir ou que camiño tomarán os homes para lograr, por fin, ceibarse das súas desgrazas?

7. Os remedios

Nos grandes asuntos é difícil lograr unha visión exacta. Critiquei os traballos de París e pinteí con cores escuras as condicións e o porvir de Europa. Este é un aspecto da situación que eu penso que é o verdadeiro. Pero cando os fenómenos son tan complexos, os prognósticos nunca poden sinalar nunha única dirección; pódese incorrer no erro de esperar consecuencias demasiado lixeiras e inevitables de causas que pode que non *todas* sexan aplicables ó problema. A mesma escuridade do porvir hanos facer dubidar da súa exactitude; a nosa imaxinación, frecuentemente, está máis atordada que estimulada por un relato demasiado lóbrego, e o noso espírito arrédase daquilo que considera «demasiado malo para ser certo». Pero antes de que o lector se deixe influír demasiado por estas reflexións naturais, e antes de que eu, como tento de facer neste capítulo, lle presente remedios e melloras, tendencias máis felices, deixemos que restableza o equilibrio do seu pensamento evocando o contraste entre Inglaterra e Rusia, das que, se unha pode afortalar demasiado o seu optimismo, a outra ha de lembrarlle que existe a ameaza de catástrofes e que a sociedade moderna non ten inmunidade para os males máis graves.

Xeralmente, nos capítulos deste libro, non tiven presentes nin a situación nin os problemas específicos de Inglaterra. «Europa», no meu relato, debe entenderse, polo común, coa exclusión das illas británicas. Inglaterra pasa por un estado de transición, e os seus problemas económicos son graves. Pode que esteamos en vésperas de cambios profundos na súa estrutura social e industrial. Algúns de nós até é posible que nos felicitemos diante de semellante perspectiva; pero outros deplorarana.

A índole dese cambio, sen embargo, é diferente da do que está pendurado sobre Europa. Así, por exemplo, non percibo nin a máis leve posibilidade de que se produza en Inglaterra unha catástrofe, nin albisco alí probabilidade ningunha dun alzamento social. A guerra empobreceunos, pero non gravemente; creo que a riqueza real do país en 1919 é, cando menos, igual á de 1900. A nosa balanza comercial é adversa, pero non tanto como para que o seu restablecemento implique desorde ningún da nosa vida económica¹⁵⁵. O noso déficit orzamentario é grande, aínda que non superior ó que unha política hábil, firme e prudente pode someter a control. A redución das horas de traballo pode que incidira algo na diminución da nosa produción, pero tampouco ha de ser demasiado esperar que iso sexa tran-

¹⁵⁵ As cifras para o Reino Unido son as seguintes:

Media mensual	Importacións netas	Exportacións	Excedente de importación
	1.000 libras	1.000 libras	1.000 libras
1913	54.930	43.770	11.160
1914	50.097	35.893	14.204
I-III 1919	109.578	49.122	60.456
IV-VI 1919	111.403	62.463	48.940
VII-IX 1919	135.927	68.863	67.064

Pero este excedente non é, en ningún caso, tan grave como parece, porque co alto prezo das fronteiras da mariña mercante, as diversas exportacións *invisibles* do Reino Unido pode que sexan maiores do que eran antes da guerra, e poden dar un termo medio de alomenos 45 millóns de libras ó mes.

sitorio e, desde logo, ninguén que coñeza o obreiro inglés pode poñer en dúbida que, se lle convén e se as condicións de vida lle permiten vivir con agrado e ledicia razoables, producirá, polo menos, tanto nunha xornada laboral curta coma producía antes nunha máis longa.

A guerra puxo de relevo os problemas máis serios para Inglaterra; pero eran problemas que tiñan o fundamento nas súas orixes. As forzas do século XIX xa realizaran a súa misión; agora estaban esgotadas. Os motivos económicos e os ideais daquela xeración xa non nos satisfán; temos que abrir un novo camiño, padecer outra vez o desacougo e, en definitiva, as dores dun novo parto industrial. Ese é un elemento. O outro é aquel do que xa tratei no capítulo 2: o aumento do custo real da alimentación e da produción que provén da natureza ó tempo que se produce un extraordinario aumento da poboación no mundo, tendencia que ha de ser prexudicial, especialmente para os países máis industrializados e que dependan en maior medida das importacións alimentarias.

Pero estes son problemas eternos dos que ningunha época está libre. E son dun tipo completamente distinto do de aqueles que poden aflixir ós pobos da Europa central. Os lectores que teñan presentes no seu espírito as condicións de Inglaterra coas que estean máis familiarizados, e aínda máis os que vivan en América ou no seu arredor inmediato, se se senten predispostos ó optimismo, deben volver a ollada cara a Rusia, Turquía, Hungría ou Austria, onde son actualidade os males físicos máis terribles que o home é capaz de sufrir: fame, frío, enfermidades, guerra, crime e anarquía; alí poden coñecer a importancia das desgrazas para as que temos a obriga de procurar remedio, se é que o hai.

Que se pode facer? As suxestións que fago neste capítulo pódennlle parecer inadecuadas ó lector. Agora xa non podemos facer nada para reparar a oportunidade que se perdeu en París durante os seis meses que seguiron ó armisticio; as grandes

privacións e perigos para a sociedade xa son inevitables. O único que podemos tentar é, na medida das nosas posibilidades, volver a dirixir as tendencias económicas fundamentais que presiden os acontecementos do momento cara ó rexurdimento da prosperidade e ó restablecemento da orde, en vez de sumírmonos aínda máis no fondo da desgracia.

Ante todo, debemos liberarnos da atmosfera e dos procedementos de París. Os que dirixiron a Conferencia poden ceder diante dos antollos da opinión popular; pero non nos han de sacar nunca das nosas inquiredanzas. É difícil supoñer que o Consello dos Catro poida desandar os seus pasos, nin aínda que quixera.

A substitución dos Gobernos existentes en Europa é, pois, un paso preliminar case indispensable.

Propóñolles, xa que logo, ós que cren que a Paz de Versalles non pode durar, a discusión dun programa cos seguintes puntos:

1. A revisión do Tratado.
2. O arranxo das débedas entre os aliados.
3. Un empréstito internacional e a reforma da circulación monetaria.
4. As relacións de Europa central con Rusia.

A revisión do Tratado

Dispoñemos dalgún medio constitucional para modificar o Tratado? O presidente Wilson e mais o xeneral Smuts, que coidan que por ter garantido o compromiso da Sociedade de Nacións están compensados moitos dos males do Tratado, sinalaron que debemos pensar na mesma Sociedade para lograr a evolución gradual dunha vida máis tolerable para Europa.

Hai arranxos territoriais —escribía o xeneral Smuts, na súa declaración ó firmar o Tratado de Paz—, que han de precisar revisión. Hai garantías establecidas que todos esperamos que acaben por resultar despro-

porcionadas a respecto do novo temperamento pacífico e mesmo da situación inerte dos nosos antigos inimigos. Establécense castigos sobre a maior parte dos que, cando se aquede a paixón, preferiremos pasar a esponxa do esquecemento. Estipuláronse indemnizacións que non se poderán executar sen lle causar grave dano ó rexurdimento industrial de Europa, e que, por interese de todos, haberá que ir facendo máis tolerables e moderadas. [...] Eu aínda fío en que a Sociedade de Nacións sexa o medio para ceibar a Europa da ruína ocasionada por esta guerra.

O presidente Wilson, cando presentou o Tratado, a comezos de xullo de 1919, dicía:

Sen a Sociedade [...] a inspección continuada sobre a obra das reparacións que Alemaña se comprometeu a realizar durante a próxima xeración ha de fracasar por completo¹⁵⁶, e serían impracticables a reavaliación e mesmo a revisión dos acordos administrativos e restricións que prescribe o Tratado; pero recoñecendo que non poderían ser vantaxosas nin xustas de todo se se manteñen en vigor moito tempo.

Podemos, pois, abrigar a esperanza de poder garantir, a través da Sociedade, os beneficios que os seus principais facedores nos animan a esperar dela? A resposta está no artigo 19 do compromiso: «A Asemblea pode, de cando en vez, aconsellar que os membros da Sociedade volvan a examinar os tratados que se volvan inaplicables e a considerar de novo as circunstancias internacionais, cuxa continuación puidera prexudicar a paz do mundo».

Pero o artigo 5 dispón que «agás nos casos en que neste compromiso ou nos termos do presente Tratado se dispuxera expre-

¹⁵⁶ O presidente Wilson equivocouse ó suxerir que a vixilancia dos pagos de reparación lle fora encomendada á Sociedade de Nacións. Como teño dito no capítulo 5, aínda que se invoque á Sociedade para a execución da maior parte das disposicións económicas e territoriais do tratado, non é correcto facelo para as reparacións, pois neste asunto todo lle compete á Comisión de Reparacións sen que se precise ningunha apelación á Sociedade de Nacións.

samente doutro xeito, as decisións da Asemblea do Consello esixirán a conformidade de tódolos membros da Sociedade representados na súa xuntanza». Non reduce estouta disposición a que, cando se trate dun novo exame de calquera dos termos do Tratado de Paz, a Sociedade non sexa senón un corpo sen máis utilidade que a de perder o tempo? Se tódalas partes que interviñeron no Tratado teñen a opinión unánime de que este precisa ser alterado nun punto esencial, non se necesita unha Sociedade nin un compromiso para facelo. Aínda cando a Asemblea da Sociedade lograse un acordo unánime, non podería facer máis que aconsellar a tal revisión ós membros a que afecte.

Pero a Sociedade actuará, segundo din os seus defensores, a través da súa influencia sobre a opinión pública mundial, e o modo de pensar da maioría ha de pesar decisivamente na práctica, malia que non tivera valor constitucional. Preguemos para que así sexa. Pero a mesma Sociedade, en mans dos adestrados diplomáticos europeos, tamén se pode converter nun instrumento sen igual para obstruír e aprazar. A revisión dos tratados confíase, primeiramente, non ó Consello, que se xunta con frecuencia, senón á Asemblea, que o fai máis raramente, e que chegará a ser, como debe saber calquera que teña experiencia nas grandes conferencias interaliadas, unha xuntanza deliberante e políglota na que fracasarán as resolucións máis importantes e os mellores acordos se se formulan de maneira contraria ó *statu quo*. Hai, é certo, dúas manchas desastrosas no compromiso: no artigo 5, que prescribe a unanimidade, e o tan criticado artigo 10, segundo o que «os membros da Sociedade comprométense a respectar e conservar contra as agresións exteriores a integridade territorial e a independencia política de tódolos membros da Sociedade». Estes dous artigos converxen, en certo xeito, para destruír o concepto da Sociedade como instrumento de progreso e para dotala, desde o principio, dunha inclinación, case fatal, a prol do *statu quo*. Eses son os artigos que gañaron para a Sociedade algúns dos seus orixinais con-

trarios, que agora esperan facer dela outra Santa Alianza para perpetuar a ruína económica dos seus inimigos e o equilibrio das potencias no seu propio interese.

Pero do mesmo xeito que sería errado e bobo agochármonos a nós mesmos, en interese do «ideal», as dificultades positivas da revisión dos tratados, non hai razón ningunha para desprezar a Sociedade, que, se o mundo tivera siso, aínda podería ser transformada nun poderoso instrumento de paz, e que nos artigos 11 a 17¹⁵⁷, achegou unha mellora grande e de proveito. Estou conforme, xa que logo, en que os nosos primeiros esforzos para a revisión do Tratado deben facerse ó través da Sociedade, antes que por ningunha outra canle, coa esperanza de que, a forza da opinión xeral, e se fora precisa, da presión e dos pulos financeiros, abundarían para impedir que unha minoría teimosa exercera o seu dereito de veto. Temos que fiar nos novos Gobernos, cuxa formación anuncio próxima nos principais países aliados, para que dean probas de sabedoría máis fonda e de magnanimidade máis grande que os seus predecesores.

Nos capítulos 4 e 5 temos visto que hai moitos puntos particulares nos que o Tratado é criticable. Non pretendo entrar agora en detalles nin de propoñer de inmediato a revisión do Tratado, cláusula por cláusula. Limítome a sinalar tres grandes cambios necesarios para a vida económica de Europa, referidos ás reparacións, ó carbón, ó ferro e mais ós aranceis de aduanas.

Reparacións

Se a suma reclamada por causa de reparacións é menor que aquela á que os aliados teñen dereito, segundo unha correcta interpretación dos seus compromisos, é inútil especificar as

¹⁵⁷ Estes artigos, que establecen salvagardas contra a ruptura de hostilidades entre membros da Sociedade, e tamén entre membros e non membros, é a máis sólida obra do convenio. Positivamente, dificultan unha guerra coma a de 1914 entre as grandes potencias organizadas. É unha recomendación da Sociedade a tódolos homes.

partidas ou argumentar sobre a súa composición. Xa que logo, proponho a seguinte solución:

1. A suma do pago que ten que facer Alemaña por causa de reparacións e custo dos exercicios de ocupación, fixarase en 2.000 millóns de libras.

2. A entrega da mariña mercante e dos cables submarinos, segundo o Tratado; do material de guerra, segundo o armisticio; das propiedades do Estado en territorio cedido, das reclamacións contra eses territorios, no que fai á débeda pública, e das reclamacións de Alemaña contra os seus antigos aliados, estimaranse totalmente nunha suma de 500 millóns de libras, renunciando a avaliada partida por partida.

3. O saldo de 1.500 millóns de libras non renderá xuros, e ha de ser pagado por Alemaña en trinta prazos anuais de 50 millóns de libras cada un, empezando en 1923.

4. A Comisión de Reparacións disolverase e, se lle quedaran algúns deberes que cumprir, transferiraos a unha dependencia da Sociedade de Nacións, na que ha de haber representantes de Alemaña e dos Estados neutrais.

5. Permitiráselle a Alemaña que entregue os prazos anuais na maneira en que lle conveña; debendo de presentarse ante a Sociedade de Nacións calquera queixa relacionada co incumprimento das súas obrigas. Isto é, en adiante non se expropiarán bens privados alemáns no estranxeiro, agás que sexa necesario atender ás obrigacións privadas alemás derivadas de liquidacións desa propiedade e dos custodios da propiedade inimiga nos países aliados e nos Estados Unidos, e en particular, será derogado o artigo 260 (que dispón a expropiación dos intereses alemáns en empresas de utilidade pública).

6. Non se fará intento ningún de lograr pagos de reparación de Austria.

Carbón e ferro

1. As opcións dos aliados sobre o carbón, establecidas no anexo 5º, serán abandonadas; pero manterase a obrigación de

Alemaña de compensar a Francia pola perda de carbón causada pola destrución das súas minas. É dicir, que Alemaña comprométese

a entregar anualmente a Francia, durante non máis de dez anos, unha cantidade de carbón equivalente á diferenza entre a produción anual anterior á guerra das súas minas do norte e do Paso de Calais, destruídas por mor da guerra, e a produción das minas do mesmo territorio durante eses dez anos, sen exceder de 20 millóns de toneladas ó ano durante os cinco primeiros, nin de 8 en cada un dos cinco seguintes.

Esta obrigación acabaría, porén, no caso de que se lle quitaran a Alemaña, no arranxo final que siga ó plebiscito, os distritos carboníferos da Alta Silesia.

2. Manterase o arranxo referente ó Sarre, agás en que, dunha parte, non se acreditara o valor das minas de Alemaña, e doutra, se lle devolverán as minas e o territorio, sen pago, incondicionalmente, logo de dez anos. Pero isto será condicional, dependendo da entrada de Francia no acordo, segundo o que, durante o mesmo período, proporcionara a Alemaña, procedente de Lorena, alomenos o 50% do mineral de ferro que xa ía de Lorena a Alemaña antes da guerra, a cambio dun compromiso por parte de Alemaña de prover a Lorena cunha cantidade de carbón igual á cantidade total que antes ía de Alemaña a Lorena, despois de ter en conta a produción do Sarre.

3. Tamén se soste a o arranxo establecido para a Alta Silesia. É dicir, que se realizará un plebiscito, e ó chegar a unha solución definitiva, «as partes aliadas e asociadas han de ter en conta os desexos dos habitantes, amosados na votación, así coma as circunstancias xeográficas e económicas da localidade». Pero os aliados poderán declarar se, ó seu ver, as «circunstancias económicas» reclaman a agregación dos distritos de carbón a Alemaña, agás que a vontade dos habitantes fora decididamente contraria.

4. A Comisión do Carbón, xa establecida polos aliados, converterase nunha secuela da Sociedade de Nacións, e ampliarase para darlles cabida a representantes de Alemaña e doutros Estados de Europa central e oriental, dos neutrais do Norte e de Suíza. Só terá competencia consultiva, pero tamén entenderá sobre a distribución dos aprovisionamentos de carbón de Alemaña, Polonia e das partes constitutivas do antigo Imperio austrohúngaro, e mais do excedente exportable de Inglaterra. Tódolos Estados representados na Comisión comprometeranse a proporcionarlle información completa e a deixarse guiar polo seu consello, alomenos até onde llo permitan a súa soberanía e os seus intereses vitais.

Aranceis

Baixo o auspicio da Sociedade de Nacións, establecerase unha unión de librecambio entre os países que se comprometan a non establecer aranceis proteccionistas¹⁵⁸ contra os produtos dos demais membros da unión. Alemaña, Polonia, os novos Estados que antigamente formaban Austria-Hungría e o Imperio turco, e mais os Estados mandatarios, serán obrigados a adherirse a esta unión durante dez anos, pasados os cales poderían optar libremente por permaneceren adheridos ou non. A adhesión dos demais Estados será voluntaria desde o principio; pero en calquera caso, sería de esperar que o Reino Unido sexa un membro orixinario.

Ó fixar os pagos por reparacións, atendendo á capacidade de Alemaña para pagar, reavivaremos a esperanza e o espírito

¹⁵⁸ Sería difícil definir así un arancel proteccionista que permitira: a) a prohibición total de certas importacións, b) a imposición de aranceis suntuarios ou de renda sobre mercadorías non producidas no país, c) a imposición de aranceis que non excederan en máis do 5% ós dereitos equivalentes sobre mercadorías semellantes ás producidas no interior, e d) dereitos de exportación. Ademais, poderían permitirse excepcións especiais por maioría de votos dos países que entraran na unión. Os dereitos que xa existiran durante os cinco anos anteriores á entrada dun país na unión, poderíase permitir que desapareceran gradualmente, por prazos iguais, distribuídos nos cinco anos seguintes ó seu ingreso.

de empresa dentro do seu territorio, evitaremos os razoamentos envolventes e os motivos de presións inconvenientes e imposibles de cumprir que houbera nas cláusulas do Tratado, e volveremos innecesarios os poderes intolerables da Comisión de Reparacións. Coa moderación das cláusulas referentes, directa ou indirectamente, ó carbón, e co cambio de mineral de ferro, favoreceremos a continuidade da vida industrial de Alemaña, poñendo freo ó descenso da produtividade que derivaría do conflito entre as fronteiras políticas e a localización natural das industrias do ferro e mais do aceiro.

Mediante a unión librecambista proposta, podería recuperarse parte da perda de organización e eficacia económica que se producirá, de non ser por mor das innumerables novas fronteiras políticas creadas entre os Estados nacionalistas, avaros, cobizosos, inmaduros e economicamente deficientes. As fronteiras económicas eran tolerables, mentres uns poucos grandes imperios abranguían un territorio inmenso; pero non o serán unha vez que os imperios de Alemaña, Austria-Hungría, Rusia e Turquía se teñan dividido entre vinte soberanías independentes. Unha unión librecambista que comprenda toda Europa central, oriental e sudoriental, Siberia, Turquía e, como eu espero, o Reino Unido, Exipto e a India, pode facer tanto pola paz e a prosperidade do mundo coma a mesma Sociedade de Nacións. Sería de esperar que Bélxica, Holanda, Escandinavia e Suíza se adheriran prontamente a ela. E sería desexable, polos seus amigos, que Francia e Italia tamén atopasen unha maneira de se adheriren.

Supoño que algúns críticos han de obxectar que semellante arranxo podería conducir, en certa maneira, á realización dos antigos soños alemáns da *Mitteleuropa*. Podería haber nese temor algo de verdade se os demais países foran tan babecos como para ficar fóra da unión e deixarlle a Alemaña tódalas súas vantaxes; pero un sistema económico no que calquera ten a ocasión de pertencer a el e que non lle concede ningún privilexio especial a ninguén, está a salvo das obxeccións dun plan imperialista

privilexiado e afecto a exclusións e preferencias. A nosa actitude ante esas críticas débese basear na nosa actitude moral e mesmo sentimental a prol do porvir das relacións internacionais e da paz no mundo. Se o que nos propoñemos é que, alomenos durante unha xeración, Alemaña non poida adquirir nin sequera unha prosperidade mediana; se cremos que tódolos nosos actuais aliados son anxos puros e tódolos nosos inimigos, alemáns, austríacos, húngaros e os demais son fillos do demo; se arelamos, ano tras ano, ver a Alemaña empobrecida e os seus fillos morrer de fame e enfermidade, arrodeada de inimigos, entón rexeitemos tódalas proposicións deste capítulo, e particularmente as que lle poidan axudar a Alemaña a recuperar alomenos unha parte da súa antiga prosperidade material, e a atopar medios de vida para a poboación industrial das súas cidades. Pero se esa maneira de considerar as nacións e as relacións dunhas con outras fora adoptada polas democracias de Europa occidental e respaldada financeiramente polos Estados Unidos, daquela, que o Ceo nos salve a todos! Se aspiramos deliberadamente ó empobrecemento de Europa central, non dubido en predicir que non ha de tardar a vinganza. Non haberá nada que poida retrasar moito tempo a guerra civil, a última, entre as forzas da reacción e as convulsións desesperadas da revolución, ante cuxos horrores parecerán insignificantes os da última guerra alemá, e que destruírá, calquera que fora o vencedor, a civilización e o progreso da nosa xeración. Aínda que os resultados nos defrauden, non é que debemos basear as nosas accións en esperanzas de algo mellor e crer que a prosperidade e a felicidade dun país xeran as dos outros, que a solidariedade do home non é unha ficción, e que as nacións aínda poden tratarse unhas a outras coma semellantes?

As modificacións que veño de propoñer poderían contribuír a poñer ás poboacións industriais de Europa en condicións de seguir gañando a vida. Pero non abundan. En particular, Francia resultaría perdedora, en teoría (e só en teoría, porque nunca chegaría a conseguir o cumprimento efectivo das súas actuais reclamacións), e habería que buscarlle, por outro sitio, saída ás

súas dificultades. Procedo, pois, a facer proposicións: primeiro, para a regulación das reclamacións entre América e os aliados, e segundo, para proporcionar un crédito suficiente para permitirlle a Europa volver a crear o seu *stock* de capital circulante.

O arranxo das débedas entre os aliados

Ó propoñer modificar as cláusulas de reparacións, só as considere en relación con Alemaña. Pero, honradamente, é necesario que unha redución tan grande vaia acompañada dun reaxuste da súa proporcionalidade entre os aliados. Os ofrecementos feitos polos nosos homes de Estado desde tódalas plataformas durante a guerra, e mesmo outras consideracións, esixen, certamente, que os territorios prexudicados pola invasión do inimigo teñan prioridade para recibir a súa compensación. Como este foi un dos obxectivos polos que decíamos loitar, nunca incluímos o de recuperar as pensións entre os nosos fins de guerra. Xa que logo, propoño que nos amosemos sinceros e dignos de confianza para que, obrando así, Gran Bretaña abandone as súas reclamacións de pago en metálico en favor de Bélxica, Serbia e Francia. Por isto, a totalidade dos pagos que faga Alemaña deberá de estar suxeita a considerar como preferente a obrigaición de reparar o dano material causado ós países e provincias que padeceran a invasión do inimigo; e eu creo que a cantidade de 1.500 millóns de libras esterlinas será abondo para cubrir completamente o custo actual da restauración. Ademais, só mediante a preterición absoluta das súas reclamacións de compensación en metálico, Gran Bretaña poderá pedir con autoridade a revisión do Tratado e poñer a súa honra a salvo de calquera incumprimento de palabra, cousa na que ten responsabilidades principais, por mor da política en que comprometeu os seus representantes na elección xeral de 1918.

Solventando deste xeito o problema das reparacións, poderanse levar adiante con mellores agoiros e máis esperanza de

éxito as outras proposicións financeiras, cada unha das cales implica unha chamada á xenerosidade dos Estados Unidos.

A primeira pretende a cancelación total da débeda entre os aliados (é dicir, entre os Gobernos dos países aliados e asociados), contraída con propósitos de guerra. Teño esta proposición, que xa foi presentada noutros lugares, por absolutamente esencial para a prosperidade futura do mundo. Sería un acto de alta previsión política para o Reino Unido e para os Estados Unidos, xa que estas dúas potencias son as que están máis principalmente obrigadas a adoptala. As cantidades de diñeiro (en millóns de libras) que supón indícanse na seguinte táboa¹⁵⁹:

Préstamos consentidos	Polos Estados Unidos	Polo Reino Unido	Por Francia	Total
Ó Reino Unido	842	-----	-----	842
A Francia	550	508	-----	1.058
A Italia	325	467	35	827
A Rusia	38	¹⁶⁰ 568	160	766
A Bélxica	80	¹⁶¹ 98	90	268
A Serbia e Iugoslavia	20	¹⁶² 20	20	60
Ós outros aliados	35	79	50	164
Total	1.890	1.740	355	3.995

¹⁵⁹ As cifras desta táboa están calculadas parcialmente, e probablemente non sexan completamente exactas en detalle, pero son abondo aproximadas para os propósitos do presente argumento. As cifras británicas están tomadas do *Libro Blanco* do 23 de outubro de 1919 (Cmd. 377). En calquera arranxo efectivo necesítanse modificacións en conexión con certos préstamos de ouro, ou por outras razóns. No que segue, só me ocupo do principio xeral. As cantidades adiantadas polos Estados Unidos e Francia, que están en dólares e en francos, calculáronse aproximadamente á par. O total exclúe os empréstitos logrados polo Reino Unido no mercado dos Estados Unidos e o que tamén logrou Francia tanto no mesmo mercado coma no do Reino Unido, ou tomados do Banco de Inglaterra.

¹⁶⁰ Non inclúe o xuro da débeda contraída despois da Revolución Bolxevique.

¹⁶¹ Os anticipos que se lle fixeron a este país non teñen xuros.

¹⁶² O total dos préstamos concedidos polos Estados Unidos ascende agora a 2.000 millóns de libras; pero faltánnos os últimos detalles.

Deste xeito, o volume total da débeda interaliada, supoñendo que os empréstitos dun deles non estean cubertos polos feitos a outro, rolda aproximadamente os 4.000 millóns de libras. Os Estados Unidos non fixeron outra cousa que prestar. O Reino Unido prestou unhas dúas veces máis do que pediu. Francia pediu prestado tres veces máis do que prestou. E os outros aliados son só debedores.

Se toda esa débeda interaliada se condonara mutuamente, o resultado neto en papel (isto é, supoñendo que tódolos empréstitos sexan aceptables) implicaría para os Estados Unidos unha perda de arredor de 2.000 millóns de libras; para o Reino Unido outra de alomenos 900; Francia sairía gañando uns 700 millóns, e Italia non menos de 800. Pero pode que estas cifras esaxeren a perda do Reino Unido e diminúan a ganancia de Francia, porque unha gran parte dos empréstitos feitos por estes dous países fóronlle feitos a Rusia, e non poden, por moito que se esforce a imaxinación, darse por válidos. Se se estimase que os préstamos feitos polo Reino Unido ós seus aliados valen o 50% do seu valor orixinario (suposición arbitraria, pero conveniente, que o chanceler do Exchequer aceptou en máis dunha ocasión como tan boa coma calquera outra, para o propósito de lograr un balance nacional aproximado), a operación non implicaría para el nin perda nin ganancia ningunha.

Pero calquera que fora o resultado neto, calculado en papel, o alivio do desacougo producido por unha liquidación dese tipo sería moi grande. Esta proposición pide, pois, xenerosidade por parte dos Estados Unidos.

Falando cun coñecemento íntimo das relacións que houbo durante a guerra entre os Tesouros británico, americano e dos outros aliados, creo que este sería un acto de xenerosidade que Europa pode pedir, con tal de que ela, pola súa parte, exprese honradamente o propósito de non continuar coa guerra, econó-

mica ou de calquera outra clase, e de levar a cabo a reconstrución económica de todo o continente.

Os sacrificios financeiros dos Estados Unidos serían, en proporción coa súa riqueza, inmensamente menores ca os dos Estados europeos. E isto non podía ter sido doutra maneira. Era unha disputa europea na que o Goberno dos Estados Unidos non sería capaz de xustificar diante dos seus cidadáns o gasto de toda a súa forza nacional, como fixeron os europeos. Logo de que os Estados entraron en guerra, o seu auxilio foi ilimitado e espléndido, e sen el os aliados endexamais poderían ter gañado a guerra¹⁶³, prescindido incluso da importancia da chegada das tropas americanas. Europa, xa que logo, non pode esquecer nunca o carácter extraordinario da axuda que lle foi ofrecida durante os primeiros seis meses de 1919, pola intervención de Mr. Hoover e mais da comisión americana de auxilios. Nunca houbo obra máis nobre de desinterese e boa vontade, nin levada a fin con máis tenacidade, sinceridade e habilidade, nin menos agradecemento, pedido nin dado. Os ingratos Gobernos de Europa débenlle á habilidade política e á información de Mr. Hoover e do seu grupo de traballo moito máis do que foron quen de apreciar até agora, e que probablemente non chegarán a apreciar de todo nunca. A comisión americana de auxilios, e non só ela, si que apreciou a situación en que estaba Europa durante aqueles meses, na súa verdadeira perspectiva, e sentiu cara a ela todo o que os homes poden chegar a sentir. Foron os seus esforzos, a súa enerxía e os recursos americanos postos á súa disposición polo presidente, ás veces incluso contra a

¹⁶³ A historia financeira dos seis meses que van de finais do verán de 1916 até a entrada dos Estados Unidos na guerra, en abril de 1917, está por escribir. Son moi poucas as persoas —fóra da media ducia de funcionarios do Tesouro Británico, que viviron en contacto diario cos inmensos desacougos e as imposibles esixencias financeiras daqueles días— que se poden facer cargo da firmeza e do valor que foron necesarios, e do desesperado que tería sido seguir adiante sen o auxilio do Tesouro dos Estados Unidos. Os problemas financeiros desde abril de 1917 en diante foron dunha clase completamente diferente da dos meses diferentes.

obstrución dos propios europeos, non só o que evitou unha cantidade inmensa de padecemento humano, senón que salvaron á organización europea da ruína xeral¹⁶⁴.

Pero ó falar como falamos do auxilio financeiro americano, tacitamente damos por suposto, e creo que América tamén o fixo cando deu o diñeiro, que non se trataba dunha inversión de cartos. Se Europa tivera que pagar os 2.000 millóns de libras do auxilio financeiro que recibiu dos Estados Unidos, cun xuro composto ó 5%, a cousa mudaría completamente de carácter. Se os anticipos de América foran a considerarse así, o seu sempre relativo sacrificio financeiro tería sido realmente moi leve.

As controversias sobre os sacrificios respectivos de cada quen son estériles e moi necias, porque non hai razón no mundo para que tiveran que ser iguais, habendo como hai tantas consideracións moi pertinentes e completamente diferentes para cada caso. Os dous ou tres feitos que expoño de seguido pódense alegar, non para suxerir un argumento que obrigue ós americanos, senón só para demostrar que, desde o seu propio e egoísta punto de vista, un inglés non tenta escusar o sacrificio debido que lle corresponde ó seu país ó suxerir esta proposición:

1. As cantidades que o Tesouro británico tomou prestadas do Tesouro americano, despois de que este entrara na guerra, compensáronse, aproximadamente, coas que Inglaterra lle prestou ós outros aliados durante o mesmo período (é dicir, prescindindo das prestadas antes de que os Estados Unidos entraran na guerra), de onde resulta que case toda a débeda de Inglaterra cos Estados Unidos foi contraída, non pola súa propia conta, senón para poder auxiliar os seus outros aliados, que, por razóns

¹⁶⁴ Mr. Hoover foi o único home que saíu da proba de París cunha reputación realizada. Esta complexa personalidade, co seu aire habitual de titán canso (ou, coma outros dirían, de loitador esgotado), cos seus ollos permanentemente fixos sobre a verdade e os feitos esenciais da situación europea, achegoulles ós consellos de París, cando tomou parte neles, ese sopro de realidade, de coñecemento, de magnanimidade e de desinterese que, se tamén os houbera noutros, haberían de ternos proporcionado unha boa paz.

diferentes, non estaban en situación de acudir directamente ós auxilios dos Estados Unidos¹⁶⁵.

2. O Reino Unido vendeu, aproximadamente, 1.000 millóns de libras esterlinas dos seus valores estranxeiros, e, por engadido, contraeu unha débeda exterior que sobe a uns 1.200 millóns de libras. Estados Unidos, lonxe de vender, mercou máis de 1.000 millóns de libras, e non adquiriu efectivamente ningunha débeda exterior.

3. A poboación do Reino Unido é, aproximadamente, a metade da dos Estados Unidos; a súa renda, máis ou menos, é unha terceira parte, e a súa riqueza acumulada, entre a metade e a terceira parte. A capacidade financeira do Reino Unido pódese calcular, xa que logo, nunhas dúas quintas partes da dos Estados Unidos. Estas cifras permítennos facer a seguinte comparación: sen contar os préstamos a cada un dos aliados (no suposto, xusto, de que eses préstamos teñan que ser devoltos), os gastos de guerra do Reino Unido foron unhas tres veces maiores que os dos Estados Unidos, ou sexa, en proporción á súa capacidade, entre sete e oito veces maiores.

Dilucidado este punto coa maior brevidade posible, volto ós problemas máis amplos das futuras relacións entre os que tomaron parte na última guerra, polos que deben ser valoradas principalmente as presentes proposicións.

Fracasado o arranxo que agora se propón, a guerra acabaría cunha trama de gravosos tributos pagadeiros entre uns aliados e os outros. A suma total que representen excederá, probablemente, á que se ha de poder lograr do inimigo, de maneira que a guerra virá a rematar co resultado intolerable de que os aliados se paguen indemnizacións uns a outros, en vez de recibilas do inimigo.

¹⁶⁵ Aínda despois de que os Estados Unidos entraran na guerra, todo o gasto de Rusia nos Estados Unidos, así coma a totalidade dos seus outros gastos no estranxeiro, tiveron que ser pagados polo Tesouro británico.

Por esa razón, a cuestión das débedas interaliadas está estreitamente vinculada ó intenso sentimento popular dos aliados europeos sobre o asunto das indemnizacións, sentimento que está baseado non nun cálculo razoable do que realmente pode pagar Alemaña, senón na apreciación ben fundada da situación financeira insoportable en que eles mesmos se han de atopar se Alemaña non paga.

Tomemos a Italia como exemplo extremo. Se se pode esperar razoablemente que Italia pague 800 millóns de libras, seguramente Alemaña debería de pagar unha cifra inmensamente maior. Ou se se decide, como así é, que Austria pode pagar pouco menos que nada, non será unha conclusión inadmisíbel que Italia poida ser cargada cun tributo esmagante, mentres que Austria se libra? Ou, para dicilo doutro xeito, como se poderá esperar que Italia acepte o pago desa gran suma vendo que Checoslovaquia paga pouco ou nada? No outro extremo da escala está o Reino Unido. Aquí a situación financeira é diferente, e pedirnos que paguemos 800 millóns de libras é unha proposición distinta ca pedirlo a Italia. Pero o sentimento é case o mesmo. Se nós temos que darnos por satisfeitos sen lograr plena compensación de Alemaña, canto de amargas han de ser as protestas contra o pago de calquera cantidade que sexa a Estados Unidos! Nós, poderase dicir, temos que contentarnos cunha reclamación contra os Estados en creba de Alemaña, Francia, Italia e Rusia, mentres que os Estados Unidos aseguraron unha primeira hipoteca sobre nós. O caso de Francia é, polo menos, igual de abafante. Apenas pode lograr de Alemaña o pago completo pola destrución causada no seu propio país. Francia, vencedora, tenlles que pagar ós seus amigos e aliados catro veces máis que a indemnización que pagou en 1870, derrotada, a Alemaña. A man de Bismarck foi suave, comparada coa dun aliado ou asociado. Un arranxo da débeda interaliada é, pois, un indispensable asunto preliminar para que os pobos dos países aliados poidan facerlle fronte, co corazón

libre de demencia e desesperación, á verdade fatal sobre as posibilidades de indemnización por parte do inimigo.

Sería unha esaxeración dicir que os aliados europeos non poden pagar o capital e os xuros que deben. Pero obrígalos a facelo é impoñerlles, de certo, unha carga esmagante. É de esperar, pois, que se fagan intentos consistentes para escudir o pago, intentos que han de ser fonte de roces internacionais e de malquerenzas durante moitos anos. Unha nación debedora non ama o seu acredor, é van esperar sentimentos de boa vontade por parte de Francia, Italia e Rusia cara a ese país ou cara a América, se o seu desenvolvemento futuro fora entorpecido durante moitos anos por mor dun tributo anual que houbese que pagar. Habían de sentir o incentivo de procurar amigos noutras partes, e mesmo unha ruptura das relacións pacíficas no futuro podería ter a gran vantaxe de escapar do pago das débedas exteriores. Se, en troques, estas débedas foran perdoadas, habería estímulos para a solidariedade e a amizade verdadeira entre as nacións asociadas.

A existencia de débedas da Gran Guerra é unha ameaza para a estabilidade financeira de todos. Non ha de haber país europeo no que o repudio da débeda non chegue pronto a ser un problema político importante. No caso da débeda interior, porén, están interesadas as partes por ámbolos lados, e é cuestión de distribución interior da riqueza. Pero iso non ocorre coas débedas exteriores, e as nacións acreedoras pódense atopar moi en breve con que o sostemento dun tipo especial de Goberno ou dunha organización económica determinada nos países debedores sería prexudicial para os seus intereses. Os compromisos das alianzas ou das ligas non son nada comparados cos das débedas de diñeiro.

A consideración que, ó fin, ha de influír na actitude do lector en canto a esta proposición, debe depender, porén, da súa opinión sobre que lugar futuro que han de ocupar no progreso do mundo as grandes obrigacións en papel que herdamos da

guerra financeira, tanto no interior coma no exterior. A guerra acabou con que cada un lle debe inmensas cantidades de cartos ós demais. Alemaña débelle unha gran cantidade ós aliados; os aliados débelle outra gran suma a Gran Bretaña, e Gran Bretaña débelle outra ós Estados Unidos. Ós que teñan préstamos de guerra de cada país, o Estado débelle outra gran cantidade, e ó Estado, á súa vez, débelle unha gran suma estes e mais os demais contribuíntes. A situación, en conxunto, é, no máis alto grao, artificiosa, falsa e humillante. Endexamais sere-mos capaces de movernos, agás que ceibemos os nosos membros destas ligaduras de papel. Unha cacharela xeral é unha necesidade tan grande, que se non facemos dela un asunto ordenado e sereno, no que non se cometa ningunha inxustiza grave con ninguén, acabará por converterse nunha conflagración que pode destruír outras moitas cousas. No que fai á débeda interior, son un dos que pensan que o imposto xeral para a extinción da débeda é un requisito previo esencial para sanear a Facenda de tódolos países belixerantes. Pero manter as grandes débedas entre os Gobernos ten en si mesmo perigos especiais.

Antes da metade do século XIX, ningún país lle debía grandes cantidades a unha nación estranxeira, agás os tributos que se arrancaban pola forza coa ocupación momentánea e temporal por príncipes ausentes, baixo as formas do feudalismo. É certo que a necesidade que tivo o capitalismo europeo de atopar unha saída no Novo Mundo fixo que, durante os pasados cincuenta anos, aínda que a unha escala máis modesta, países como Arxentina chegaron a deber anualmente unha cantidade importante a nacións como Inglaterra. Pero o sistema é fráxil, e sobreviviu só porque a súa carga sobre os países debedores nunca resultara opresiva, pois estaba representada por partidas activas e ligada co sistema xeral de propiedade, e porque as cantidades emprestadas tampouco eran desmesuradamente grandes en relación coas que aínda se esperaba tomar en préstamo. Os banqueiros están familiarizados con este sistema, e

considérano parte necesaria da orde social permanente. Xa que logo, están dispostos a crer, por analoxía con el, que un sistema semellante entre os Gobernos, aínda que fora nunha escala moito máis ampla e definitivamente opresiva, non representada por un activo real e aínda menos intimamente asociada co réximen de propiedade, é natural, razoable e conforme coa natureza humana.

Non confío nesta visión do mundo. Nin penso que dentro dela o capitalismo, malia gozar de moitas simpatías locais, poida estar seguro de poder xogar un papel real no proceso cotián da produción, nin de darlle seguridade á actual organización da sociedade. Pero sexa como sexa, quererán os pobos descontentos de Europa, durante a xeración vindeira, poñer orde nas súas vidas de xeito que unha parte apreciable da produción diaria se adique a facer un pago ó estranxeiro, cuxa razón (sexa entre Europa e América ou entre Alemaña e o resto de Europa) non deriva directamente da súa idea da xustiza ou do deber?

Dun lado, Europa debe depender, ó remate, do seu propio traballo diario e non da xenerosidade de América. Pero, do outro, non pode aforrar para que o froito do seu traballo diario poida ir a ningunha outra parte. Nunha palabra: non creo que ningún deses tributos se siga pagando máis que, en todo caso, moi poucos anos. Nin encaixan na natureza humana, nin son acordes co espírito dos tempos.

Se esta maneira de pensar ten algunha forza, a utilidade e mais a xenerosidade coincidirán, e a política que mellor e máis inmediateamente promova a amizade entre as nacións non contrariará os intereses permanentes do benfeitor¹⁶⁶.

¹⁶⁶ Dise que o Tesouro dos Estados Unidos estaba conforme con capitalizar, é dicir, engadir á cantidade principal os xuros que lle debían polos empréstitos concedidos ós Gobernos aliados durante os próximos tres anos. Presumo que o Goberno británico probablemente faga o mesmo. Se as débedas han de ser definitivamente pagadas, esta acumulación das obrigas a xuro composto empeora progresivamente a situación. Pero este arranxo discretamente ofrecido polo Tesouro dos Estados Unidos proporciona un intervalo acáido

Un empréstito internacional

Paso a falar dunha segunda proposta financeira. As esixencias de Europa son urxentes. A esperanza de quedar liberada do pago a Inglaterra e a América de xuros abafantes durante a vida das dúas xeracións vindeiras (e de recibir de Alemaña algunha axuda anual para o custo da restauración) aliviará a súa grave ansiedade no futuro. Pero non poderá remediar os males do inmediato presente: o exceso das importacións sobre as exportacións, o cambio adverso e a desordenada circulación monetaria. Será moi difícil que a produción europea rexurda sen algunha medida temporal de auxilio exterior. Son, pois, partidario dun empréstito internacional dalgún xeito, tal e como defenderon en moitos sitios en Francia, Alemaña e Inglaterra, e tamén nos Estados Unidos. De calquera maneira que se reparta a responsabilidade definitiva para o pago, a carga de proporcionar os recursos inmediatos debe caer inevitablemente e en maior parte sobre os Estados Unidos.

As principais obxeccións a tódalas variedades desta clase de proxectos maxino que son as seguintes: Estados Unidos non está polo labor de mesturarse no futuro (á vista das recentes experiencias) nos asuntos de Europa, e en todo caso, polo momento non pensa destinar máis capital á exportación en grande escala. Non hai garantía de que Europa destine o auxilio financeiro ó uso debido, nin de que non o malgaste, volvendo a estar de aquí a dous ou tres anos en tan mala situación como está agora; M. Klotz empregará o diñeiro en retrasar un pouco máis o día de subir os impostos; Italia e Iugoslavia pelexarán entre elas; Polonia adicaráo a representar entre os seus veciños o papel militar que lle asignou Francia; as clases gobernantes de Romanía repartiranse o botín. Nunha palabra: América retrasaría o aumento do seu propio capital e elevaría o custo

para poder considerar con calma todo o problema, á luz da situación de posguerra, tal e como pronto se ha de poder ver.

da súa propia vida para que Europa poida continuar durante outros dous anos coas prácticas, a política e os homes dos últimos nove meses. E no que fai ó auxilio a Alemaña, é razoable e tolerable que os aliados europeos, téndolle quitado a Alemaña até o último resto do seu capital activo, contra os argumentos e demandas dos representantes financeiros americanos en París, poidan volverse cara ós Estados Unidos para lle pedir fondos cos que recompoñer abondo á vítima para que a expoliación volva a empezar dentro de un ou dous anos?

Non hai resposta para estas obxeccións tal e como están agora as cousas. Se eu tivera algunha influencia no Tesouro dos Estados Unidos, non lle prestaría nin sequera un penique ós actuais Governos de Europa. Non merecen que se lles confíen recursos que adicaría a seguir cunha política en contra da que, malia o fracaso do presidente en afirmar a forza e os ideais do pobo dos Estados Unidos, os partidos republicano e demócrata están seguramente unidos. Pero, como debemos pregar que sexa, se a alma dos pobos europeos se arreda este inverno dos ídolos que sobreviviron á guerra que os creou, e substitúen nos seus corazóns o odio e o nacionalismo que agora os posúen con ideas e esperanzas de felicidade e solidariedade na familia europea, entón a piedade natural e o amor filial hanlle dar pulo ó pobo americano para deixar de lado tódolos pequenos obstáculos do proveito particular, e para completar a obra que encetaron salvando a Europa da tiranía da forza organizada, salvándoa de si mesma. E aínda que a conversión non se realízase plenamente e só algúns partidos de cada un dos países europeos adoptasen unha política de reconciliación, América aínda pode sinalar o camiño e soste o partido da paz mediante un plan e unha condición coas que prestarlle axuda para o labor da renovación da vida.

A inclinación que, segundo se nos di, ten agora máis forza no espírito dos Estados Unidos, que é a de desentenderse do tumulto, da complicación, da violencia, do gasto e, sobre de

todo, da incompreensión dos problemas europeos, compréndese facilmente. Ninguén pode sentir tan intensamente coma o autor até canto é natural responder á tolemia e á carencia de sentido real dos homes europeos cun: «Apodrece, pois, na túa maldade; nós continuamos o noso camiño»:

Lonxe de Europa, das súas esperanzas murchas,
dos seus campos de carnicería e do seu aire envele-
nado¹⁶⁷.

Pero se América recapacita un momento sobre o que Europa significou para ela e o que aínda pode significar; sobre o que Europa, nai da arte e mais do coñecemento, malia todo, é e aínda ha de seguir sendo, non rexeitarán eses consellos de indiferenza e de illamento, e se interesará polos que poden ser problemas decisivos para o progreso e a civilización de toda a humanidade?

Supoñendo, pois, aínda que non sexa máis que para manter as nosas esperanzas, que América estea disposta a contribuír á reconstrución das forzas sás de Europa, e que non queira, logo de ter destruído ó inimigo, deixarnos abandonados ás nosas desgrazas, que forma adoptará a súa axuda?

Non me propoño entrar en detalles; pero as liñas xerais de tódolos proxectos de empréstito internacional son as mesmas. Os países en situación de prestar asistencia, os neutrais, o Reino Unido, e para a maior parte da cantidade requirida, os Estados Unidos, deben proporcionar créditos de adquisición para o estranxeiro a tódolos países belixerantes da Europa continental, tanto aliados coma inimigos. A suma total requirida pode que non sexa tan grande coma se supón. Nun primeiro momento xa se pode facer moito, se cadra, cun capital de 200 millóns de libras. Esta cantidade, aínda que estea establecido un precedente distinto para a cancelación da débeda de guerra

¹⁶⁷ Son versos dun libro de William Wordsworth, *A excursión (The Excursion)*. [N. do T.].

interaliada, pode prestarse e ser tomada a préstamo coa intención inequívoca de ser devolta integramente.

Con este fin á vista, poderíase acadar a maior seguridade para o empréstito, e as medidas para a súa devolución definitiva serían o máis completas que sexa posible. E, sobre de todo, colocaríase, tanto para o pago do interese coma para a devolución do capital, diante de tódalas reclamacións por reparación, de toda a débeda de guerra interaliada, de tódolos préstamos de guerra anteriores e de toda clase de débedas de Goberno de calquera outra especie. Ós países que tiveran dereito a pagos por reparacións e que tomaran este préstamo esixiríaseelles que comprometeran todos eses pagos ó novo empréstito. E tódolos Estados que tomaran o préstamo serían requiridos para cobrar os seus impostos de aduanas a base de ouro, comprometendo eses ingresos ó servizo do empréstito.

Os gastos feitos co diñeiro do empréstito estarían suxeitos a unha inspección xeral, aínda que non detallada, dos países acredores.

Se, ademais deste empréstito para a adquisición de alimentos e materiais, se establecera un fondo de garantía que ascendera a unha suma igual, isto é, a outros 200 millóns de libras (dos que, probablemente, non sería preciso lograr en metálico máis que unha parte), con aportacións de tódolos membros da Sociedade de Nacións, segundo os seus medios, sería posible dar base con el a unha reorganización xeral da circulación monetaria.

Desa maneira, podíase prover a Europa dunha cantidade mínima de recursos líquidos necesarios para revivir as súas esperanzas, para anovar a súa organización económica e para poñer a súa gran riqueza intrínseca en condicións de funcionar en beneficio dos seus traballadores. Neste momento non ten obxecto trazar estes plans con máis detalle. É necesario un gran cambio na opinión pública antes de que as propostas deste capítulo poidan entrar no ámbito da política práctica, e

temos que agardar o devalar dos acontecementos con toda a paciencia posible.

As relacións da Europa Central con Rusia

Falei pouco de Rusia neste libro. O carácter xeral da situación non require abondar, e dos detalles non sabemos case nada auténtico. Pero nunha discusión arredor de como se pode restablecer a situación económica de Europa hai un ou dous aspectos da cuestión rusa que son de vital importancia.

Desde o punto de vista militar, algúns sectores temen unha reunión definitiva das forzas de Rusia e de Alemaña. Sería moito máis probable que iso tivera lugar no caso de que os movementos reaccionarios triunfaran nun dos dous países; pero non se pode pensar na unidade efectiva de propósitos entre Lenin e o actual Goberno, esencialmente burgués, de Alemaña. Por outra banda, o mesmo pobo, que teme esa unión, teme aínda máis o éxito do bolxevismo e, porén, hai que recoñecer que as únicas forzas eficaces para evitalo son, dentro de Rusia, os reaccionarios, e fóra de Rusia, as forzas organizadas de orde e autoridade de Alemaña. Así, os que avogan por intervir en Rusia, xa fora directa ou indirectamente, están en perpetua contradición consigo mesmos. Non saben o que necesitan; ou, máis ben, necesitan aquilo que non son quen de ver que é contradictorio. Esta é unha das razóns polas que a súa política é tan inconstante e tan excesivamente fútil.

O mesmo conflito de propósitos aparece na actitude do consello dos aliados en París a respecto do actual Goberno de Alemaña. Unha vitoria do espartaquismo en Alemaña podería moi ben ser o preludio da revolución en tódalas partes; renovaríase as forzas do bolxevismo en Rusia e precipitaría a temida unión de Alemaña e Rusia; poría certamente fin a tódalas esperanzas que se fundaron sobre as cláusulas financeiras e económicas do Tratado de Paz. Pero París non ama a Espartaco.

E doutra banda, unha vitoria da reacción en Alemaña sería vista en todo o mundo como unha ameaza á seguridade de Europa, que poría en perigo os froitos da vitoria e as bases da paz. Ademais, o establecemento dun novo poder militar no leste, co seu foco espiritual en Brandeburgo, atraendo cara a si tódolos talentos e aventureiros militares, a tódolos que botan de menos ós emperadores e que odian a democracia, de toda a Europa oriental, central e do sureste; un poder que sería xeograficamente inaccesible para as forzas militares dos aliados, podería moi ben fundar, alomenos, segundo os temores dos tímidos, unha nova dominación napoleónica que xurdira, coma o Fénix, das cinzas do militarismo cosmopolita. Así é que París tampouco ama a Brandeburgo. O argumento apunta, pois, a conservar aquelas forzas moderadas e de orde que, con algunha sorpresa no mundo, aínda se amañan para manterse sobre a roca do temperamento alemán. Pero o actual Goberno de Alemaña loita a prol da unidade alemá, pode que máis que por ningunha outra cousa; a firma do Tratado de Paz foi, sobre de todo, o prezo que moitos alemáns creron que pagaba a pena pagar pola unidade, que foi todo o que lles quedou do ano 1870. Xa que logo, París, con algunhas esperanzas de desintegración sobre o Rin, aínda non apagadas, non se pode resistir a ningunha ocasión de insultar e de indignarse, a ningunha ocasión de rebaixar o prestixio e de debilitar a influencia dun Goberno con cuxa estabilidade continuada están ligados, porén, tódolos intereses conservadores de Europa.

O mesmo dilema afecta ó porvir de Polonia, no papel que Francia lle ten asignado. Ten que ser forte, católica, militarista e fiel, a consorte, ou alomenos a favorita, da Francia vitoriosa, próspera e magnífica, entre as cinzas de Rusia e a ruína de Alemaña. Romanía, con tal de que poida ser persuadida de gardar as aparencias un pouco máis, comparte a mesma concepción. Pero a non ser que os seus grandes veciños sexan prósperos e estean tranquilos, Polonia é unha imposibilidade

económica sen máis industria que os programas xudeus. E cando Polonia atope que a política sedutora de Francia é unha pura fanfurrinada, e que nela non hai diñeiro nin gloria, caerá o máis pronto posible nos brazos de calquera outro.

Polo tanto, os cálculos da diplomacia non nos levan a ningunha parte. Os soños caducos e as intrigas infantís en Rusia, en Polonia e noutras partes son agora o enredo favorito deses ingleses e franceses que buscan a excitación nas súas formas menos inocentes e que pensan, ou alomenos obran, coma se a política exterior pertencera ó xénero do melodrama barato.

Volvamos, pois, a algo máis sólido. O Goberno alemán anunciou (o 30 de outubro de 1919) a súa adhesión continuada a unha política de non intervención nos asuntos interiores de Rusia, «non só por principios, senón porque cre que esta política tamén está xustificada desde un punto de vista práctico». Supoñamos que ó fin adoptamos tamén o mesmo punto de vista, se non en principio, alomenos desde unha perspectiva práctica, cales serán daquela os factores económicos fundamentais das futuras relacións da Europa central coa oriental?

Antes da guerra, a Europa occidental e a central sacaban de Rusia unha parte importante dos seus cereais importados. Sen Rusia, os países importadores terían que reducirse. Desde 1914, a perda dos aprovisionamentos rusos contrarrestouse parcialmente sacándoos das reservas, e en parte polas grandes colleitas de Norteamérica traídas por Mr. Hoover con prezos garantizados por el mesmo; pero na maior parte, polos aforros no consumo e polas privacións. Despois de 1920, a necesidade de aprovisionamentos rusos será aínda meirande que antes da guerra, porque os prezos garantidos en Norteamérica terán sufrido intermitencias, o aumento normal da poboación, comparado co de 1914, consumirá a demanda interior, e o solo de Europa aínda non terá recuperada a súa produtividade. Se o comercio con Rusia non se retoma, o trigo en 1920-1921 (a non ser que as colleitas sexan especialmente abondosas) será escaso e moi

caro. O bloqueo de Rusia ultimamente proclamado polos aliados é, xa que logo, unha medida estúpida e de imprecisión; non estamos bloqueando a Rusia, senón a nós mesmos.

O proceso de resurrección do comercio ruso de exportación terá que ser forzosamente lento. A actual produtividade do campesiño ruso parece que non é abondo para lograr un excedente para a exportación sobre a escala de preguerra. As razóns para iso son moitas; pero nelas figuran a insuficiencia dos útiles e accesorios da agricultura e a ausencia de aliciente para a produción, provocada pola falta, nas cidades, de mercadorías que os campesiños poidan adquirir a cambio dos seus produtos. Finalmente, tamén pola desorganización do sistema de transportes, que perturba ou imposibilita a concentración dos excedentes locais nos grandes centros de distribución.

Non vexo medios posibles de reparar esa perda de produtividade dentro dun período razoable de tempo, a non ser que fora mediante a actuación do espírito de empresa e de organización alemáns. Empezar esta tarefa é imposible, xeograficamente, e por moitas outras razóns, para os ingleses, franceses e americanos; non temos nin alicientes nin medios para realizar a obra en suficiente escala. Alemaña, en troques, ten a experiencia, o estímulo, e en gran medida os materiais, para prover ó paisano ruso as mercadorías de que estivo privado durante os últimos cinco anos, para reorganizar o negocio dos transportes e do almacenamento, para traer así ó mundo, en vantaxe común, as provisións de que agora está tan desastrosamente privado. Está no noso propio interese percipitar o día en que os axentes e os organizadores alemáns estean en situación de poñer en marcha en cada aldea rusa os impulsos das causas económicas normais. Este é un proceso completamente independente da autoridade gobernante en Rusia; pero podemos predicir, seguramente con algunha certidume, que, resulte ou non resulte permanentemente aplicable ó temperamento ruso a forma de comunismo representada polo Goberno dos Soviets, a resurrección do

comercio, das comodidades da vida e das forzas económicas ordinarias, non é probable que promova as manifestacións extremas desas doutrinas de violencia e tiranía que son fillas da guerra e da desesperación.

Non nos limitemos, pois, na nosa política de Rusia, a aplaudir e imitar a política de non intervención que anunciou o Goberno de Alemaña, senón que, desistindo do bloqueo, que é prexudicial para os nosos intereses permanentes, e mesmo ilegal, animemos e axudemos a Alemaña a volver a ocupar o seu posto en Europa como creadora e organizadora de riqueza para os seus veciños do leste e do sur.

Hai moitas persoas nas que estas proposicións suscitarán unha enérxica oposición. Eu pídolles que chegen co pensamento até as consecuencias de entregárense a eses prexuízos. Se nos opoñemos en detalle a tódolos medios polos que Alemaña e Rusia poidan recuperar o seu benestar material, porque sentimos un odio nacional, de raza ou político contra os seus habitantes ou os seus Gobernos, debemos estar preparados para facerlles fronte ás consecuencias deses sentimentos porque, aínda cando non houbera solidariedade moral entre as razas emparentadas de Europa, habería unha solidariedade económica que non podemos desprezar. Aínda agora, os mercados do mundo constitúense nun só. Se non lle permitimos a Alemaña que cambie os produtos con Rusia para que se poida alimentar, terá que competir inevitablemente connosco polos produtos do Novo Mundo. Canto máis éxito teñamos en romper as relacións económicas entre Alemaña e Rusia, máis deprimiremos o nivel da nosa propia economía e aumentaremos a gravidade dos nosos propios problemas domésticos. Isto, poñendo o problema no seu nivel máis baixo. Hai outros argumentos, que non poden ignorar os máis obtusos, contra unha política que espalla e fomenta a ruína económica dos grandes países.

Vexo poucos indicios de acontecementos dramáticos próximos en ningures. Pode haber motíns e revolucións; pero, no

presente, non parece que vaian ter unha significación fundamental. Contra a tiranía política e a inxustiza, a revolución é unha arma. Pero que esperanzas lles pode ofrecer a revolución ós que padecen privacións económicas que non son producidas polas inxustizas da distribución, senón que son xerais? A única salvagarda contra a revolución na Europa central está positivamente no feito de que, nin sequera ó espírito dos homes que están desesperados, lle ofrece a revolución perspectivas ningunhas de mellora. Pode, pois, abrirse ante nós un proceso longo e silencioso de extenuación e de empobrecemento continuado e lento das condicións de vida e benestar. Se deixamos que siga a creba e a ruína de Europa, á larga hanos de afectar a todos, pero non, se cadra, dun xeito violento nin inmediato.

Isto ten unha vantaxe. Aínda podemos ter tempo para meditar sobre os nosos pasos e ollar o mundo con ollos novos. Os acontecementos encárganse do porvir inmediato de Europa, e o seu destino próximo xa non está nas mans de ningún home. Os sucesos do ano entrante non han de ser trazados polos actos deliberados dos estadistas, senón polas correntes descoñecidas que de cotío flúen por debaixo da superficie da historia política, das que ninguén acostuma a predicir as consecuencias. Só dunha maneira poderemos influír sobre esas correntes: poñendo en movemento aquelas forzas educadoras e espirituais que mudan a opinión. Os medios deben de ser a afirmación da verdade, o descubrimento da ilusión, a disipación do odio, o ensanchamento e a educación do corazón e do espírito dos homes.

Neste outono de 1919 no que eu escribo, estamos na estación morta do noso destino. A reacción dos esforzos, os temores e os padecementos dos pasados cinco anos chegaron ó seu máximo. A nosa facultade para sentir e tratar doutras cuestións que non sexan as inmediatas do noso propio benestar material, eclipsouse temporalmente. Os maiores acontecementos, fóra da nosa

experiencia directa, e as máis temerosas predicións non nos poden conmoer.

O terror sobrevive en cada corazón humano ós males que devorou: os máis soberbios temen a todo o que quixeran non crer que é verdade: a hipocrisía e o uso fan dos seus espíritos templos de varios cultos, xa extinguidos; non se atreven a idear o ben para a condición humana, e, porén, non saben que non se atreven.

O bo precisa forza para chorar bágoas estériles.

O poderoso precisa bondade: a peor das súas necesidades.

O sabio precisa amor; e os que aman sabedoría; e así tódalas cousas mellores están confundidas co mal.

Moitos son fortes e ricos, e queren ser xustos; pero viven entre os seus doentes semellantes como se ningún sentira: non saben o que fan¹⁶⁸.

Temos sufrido unha conmoción que supera toda resistencia, e necesitamos acougo. Nunca, durante a vida dos homes que agora existen, alumeou tan feble o elemento universal na alma do home. Por estas razóns, aínda non falou a verdadeira voz da nova xeración, nin se formou aínda a opinión silenciosa. Á creación da opinión xeral do porvir adico este libro.

¹⁶⁸ Trátase dun fragmento do libro *Prometeus Unbound (Prometeo liberado)* de Percy Bysshe Schelley. [N. do T.].

la opia ei
cia. v De
ionitas inf

A marca tipográfica desta colección procede da viñeta utilizada por Gonzalo Rodríguez de la Pasera no deseño do *Missale Auriense*, un dos primeiros libros impresos en Galicia, realizado en Monterrei en 1493.

